O cadro 2.13b revela unha redución no número de sociedades que amplían capital en Galicia, pasando de 1.157 en 2022 a 1.061 en 2023. En contraste, en España, o número de sociedades que amplían capital aumentou de 29.036 en 2022 a 29.427 en 2023. Isto representa unha caída do 8,3% en Galicia fronte a un aumento do 1,3% en España. O capital total ampliado en Galicia tamén descendeu de 426.871 miles de euros en 2022 a 356.999 miles de euros en 2023. Pola contra, o capital total ampliado en España incrementou de 19.726.722 miles de euros en 2022 a 21.471.602 miles de euros en 2023. O importe medio de capital ampliado en Galicia é significativamente inferior ao importe medio en España (336.474 euros fronte a 729.656 euros, respectivamente). Os datos do capital ampliado medio (**GRÁFICO 2.17**) revelan unha fenda persistente entre Galicia e España no importe medio de capital ampliado polas sociedades mercantís. En 2023, o importe medio de capital ampliado en Galicia é do 46% do importe medio a nivel estatal, unha lixeira mellora respecto ao 54% observado en 2022. Esta tendencia indica unha redución na fenda entre Galicia e a media estatal, pero aínda amosa unha diferenza considerable.

CADRO 2.13B. SOCIEDADES MERCANTÍS QUE AMPLÍAN CAPITAL. GALICIA/ESPAÑA. 2017-2023

		Nº de sociedades	Capital total ampliado
2017	Galicia	1.321	721.357
	España	31.010	38.040.739
2018	Galicia	1.344	991.367
	España	31.241	26.425.252
2019	Galicia	1.338	796.015
	España	30.469	24.797.361
2020	Galicia	1.074	646.784
	España	25.209	19.372.543
2021	Galicia	1.199	513.324
	España	29.227	27.302.236
2022	Galicia	1.157	426.871
	España	29.036	19.726.722
2023	**Galicia**	**1.061**	**356.999**
	España	**29.427**	**21.471.602**

Os datos son provisionais dende xaneiro de 2022.
Elaboración propia a partir de datos do INE.

GRÁFICO 2.17. % CAPITAL AMPLIADO MEDIO. GALICIA/ESPAÑA. 2015-2023



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

A análise dos datos do cadro 2.14 amosa que a disolución voluntaria é a razón principal para a disolución de sociedades mercantís tanto en Galicia coma en España. Para 2023, a nivel nacional, as porcentaxes son 82,2% (voluntarias), 9,9% (por fusión) e 7,9% (outras). En Galicia, estas porcentaxes son do 86,2% (voluntarias), 5,5% (por fusión) e 8,3% (outras). A tendencia xeral nos últimos anos reflicte unha predominancia das disolucións voluntarias en ambos os contextos, con valores que se manteñen altos. En termos de variacións anuais, Galicia mostra unha maior proporción de disolucións voluntarias en comparación con España, reflectindo unha menor incidencia de factores externos como fusións ou outras causas de disolución.

En comparación co ano anterior, Galicia experimentou unha redución no total de sociedades disoltas (de 1.510 en 2022 a 1.311 en 2023) na liña do acontecido en contexto estatal (de 26.238 en 2022 a 24.772 en 2023), o que pode indicar unha certa estabilización no tecido empresarial despois do impacto da pandemia.


CADRO 2.14. SOCIEDADES MERCANTÍS DISOLTAS.
GALICIA/ESPAÑA. 2017-2023

		Sociedades disoltas			
		Total	Voluntaria	Por fusión	Outras
2017	Galicia	1.431	1.163	89	179
	España	21.587	16.633	2.270	2.684
2018	Galicia	1.440	1.180	82	178
	España	22.387	17.115	2.471	2.801
2019	Galicia	1.479	1.171	132	176
	España	23.310	17.597	3.287	2.426
2020	Galicia	1.304	1.065	89	150
	España	20.274	15.335	2.899	2.040
2021	Galicia	1.609	1.313	96	200
	España	23.808	18.601	2.631	2.576
2022	Galicia	1.510	1.264	86	160
	España	26.238	20.753	2.983	2.502
2023	**Galicia**	**1.311**	**1.130**	**72**	**109**
	España	**24.772**	**20.360**	**2.447**	**1.965**

Os datos son provisionais dende xaneiro de 2022.
Elaboración propia a partir de datos do INE.
Fonte: INE.

O índice de rotación (GRÁFICO 2.18) compara a evolución das sociedades disoltas e constituídas, indicando cantas sociedades se constitúen por cada cen sociedades disoltas. En 2023, este índice redúcese lixeiramente para a media estatal, pasando dun 0,26 en 2022 a aproximadamente un 0,23 en 2023, e algo máis para Galicia, que pasa dun 0,40 en 2022 a un 0,33 en 2023. Esta diminución pon de manifesto unha leve desaceleración na creación de novas sociedades en relación ás disolucións tanto en Galicia coma no conxunto de España.

GRÁFICO 2.18. ÍNDICE DE ROTACIÓN.
GALICIA/ESPAÑA. 2017-2023



Elaboración propia con datos do DIRCE (INE).

Para completar esta imaxe xeral da demografía empresarial galega en 2023, apórtanse datos da Estatística do procedemento concursal e de Rexistradores de España (cadro 2.15). En 2023, aumenta o número de debedores concursados en Galicia (45,4%), incluso en maior proporción do aumento experimentado en media estatal (43,3%). Este aumento está principalmente impulsado polo incremento nos concursos de persoas físicas, que pasaron de 371 en 2022 a 563 en 2023. O perfil de empresa concursada é similar a de anos precedentes: concursos voluntarios, ordinarios e que afectan prioritariamente a empresas de responsabilidade limitada (cadro 2.16). O número de sociedades limitadas concursadas tamén aumentou lixeiramente, mantendo a tendencia observada en anos anteriores.

CADRO 2.15. DEBEDORES CONCURSADOS.
GALICIA/ESPAÑA. 2008-2023

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Galicia	185	345	340	452	559	552	473	331	308	298	265	345	398	462	540	**785**
España	2.902	5.922	5.962	6.863	9.071	9.937	7.280	5.746	5.253	5.753	6.398	7.772	8.662	12.037	14.424	**20.666**

Fonte: Rexistradores de España, Estatísticas concursais.


CADRO 2.16. DEBEDORES CONCURSADOS. DESAGREGACIÓN EN DISTINTAS VARIABLES.
GALICIA. 2012-2023

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Por natureza xurídica												
- Persoas físicas	77	29	41	52	58	69	81	116	217	277	371	**563**
- Empresas	482	523	432	279	250	229	184	229	181	185	169	**222**
Sociedades limitadas	414	449	365	246	207	204	165	207	164	172	162	**206**
Sociedades anónimas	61	62	52	27	24	16	14	16	12	10	6	**9**
Outras	7	12	15	6	19	9	5	6	5	3	1	**7**
Por tipo de concurso												
- Por vontade	522	512	432	307	287	269	250	306	372	290	313	**753**
- Necesario	37	40	41	24	21	29	15	39	26	5	32	**7**
- Consecutivo	-	-	-	-	-	-	-	-	-	167	165	**25**
Por clase de procedemento												
- Ordinario	65	89	49	56	25	39	15	15	9	2	47	**213**

Fonte: Rexistradores de España, Estatísticas concursais.


O **GRÁFICO 2.19** amosa a tipoloxía de sociedades en concurso en 2023. En 2023, houbo un notable incremento das persoas físicas en concurso, alcanzando 563 casos, seguido das sociedades limitadas con 206. Ademais, as sociedades anónimas e outras formas xurídicas tamén experimentaron un aumento, aínda que en menor medida. O ámbito de entidades concursadas correspóndese coas características xerais da demografía empresarial galega (**GRÁFICO 2.20**), correspondéndose na súa meirande parte con empresas nas provincias atlánticas. A Coruña e Pontevedra concentran a maior parte dos concursos, cun 43% e 34% respectivamente. Lugo e Ourense representan o 17% e o 6%, respectivamente. Esta distribución reproduce a xa comentada preponderancia das provincias atlánticas no contexto dos concursos de acredores en Galicia.

GRÁFICO 2.19. TIPOLOXÍA DE SOCIEDADES EN CONCURSO DE ACREDORES.
GALICIA. 2017-2023



Fonte: Elaboración propia con datos de Rexistradores de España, Estatísticas concursais.

GRÁFICO 2.20. SOCIEDADES EN CONCURSO DE ACREDORES POR PROVINCIAS. GALICIA. 2023



Fonte: Elaboración propia con datos de Rexistradores de España, Estatísticas concursais.


De xeito similar, a meirande parte dos concursos ten lugar en empresas pequenas tanto en número de persoas empregadas (entre 1 e 9) coma en facturación anual (menos de 2 millóns de euros), e no sector servizos (cadro 2.17). O número de concursos aumenta especialmente en empresas de servizos e industria (GRÁFICO 2.21). En 2023, o número de concursos en Galicia incrementouse significativamente en empresas con 1-9 empregados, alcanzando un total de 97 casos. Ademais, o volume de negocio de menos de 2 millóns de euros representou 163 concursos. En canto ao sector, os servizos rexistraron 134 concursos, mentres que a industria contabilizou 39 casos (cadro 2.17). Todos estes aumentos reflicten unha tendencia crecente nos concursos en Galicia en 2023 en comparación con 2022. O maior aumento produciuse no sector servizos cun 34%, seguido polo sector industria cun 30%, as empresas con 1-9 empregados cun 24,36%, e o volume de negocio menos de 2 millóns cun 18,98%.

CADRO 2.17. EMPRESAS CONCURSADAS POR TRAMOS DE PERSOAL ASALARIADO, VOLUME DE NEGOCIO E ACTIVIDADE ECONÓMICA PRINCIPAL. GALICIA. 2018-2023

	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Total empresas	204	251	228	185	169	**222**
Por tramos de persoal asalariado						
- 0	34	29	47	34	33	**34**
- 1-9	108	145	132	78	78	**97**
- 10-49	42	52	28	42	32	**43**
- 50-99	3	5	10	3	2	**3**
- Máis de 100	5	4	2	0	2	**3**
- Sen clasificar	12	16	9	28	22	**42**
Por volume de negocio(*)						
- Menos de 2	151	179	189	153	137	**163**
- 2-5	10	17	13	4	7	**15**
- 5-10	7	8	2	0	3	**2**
- Máis de 10	4	4	7	0	0	**0**
- Sen clasificar	32	43	17	28	22	**42**
Por actividade económica principal						
- Agricultura e pesca	2	4	2	7	1	**7**
- Industria	34	46	30	48	30	**39**
- Enerxía	0	1	1	0	2	**1**
- Construción	44	41	42	30	36	**41**
- Servizos	112	143	144	100	100	**134**
- Sen clasificar	12	16	9	0	0	**0**

(*) En millón de euros.
Fonte: Rexistradores de España, Estatísticas concursais.

GRÁFICO 2.21. SOCIEDADES EN CONCURSO DE ACREDORES POR SECTOR. GALICIA. 2017-2023



Fonte: Elaboración propia con datos de Rexistradores de España, Estatísticas concursais.

O volume de procedementos concursais aumenta en case todos os tipos de empresas con independencia da súa antigüidade (cadro 2.18). En particular, destacan os aumentos nas empresas de 5 a 8 anos cun 63,33%, seguidas polas de 9 a 12 anos cun 47,62%, e as de 0 a 4 anos cun 23,08%.

CADRO 2.18. NO PROCEDEMENTOS CONCURSAIS POR IDADE DAS SOCIEDADES. GALICIA. 2012-2023

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
De 0 a 4 anos	49	47	44	41	26	31	31	55	54	24	39	**48**
De 5 a 8 anos	122	113	96	40	57	28	37	48	48	43	30	**49**
De 9 a 12 anos	87	80	77	70	56	35	37	30	28	29	21	**31**
De 13 a 16 anos	59	87	53	47	31	41	25	37	21	18	16	**17**
De 17 a 19 anos	49	55	47	25	22	25	13	14	17	13	15	**17**
20 o máis anos	125	141	117	76	66	67	57	66	56	58	48	**60**
Sen clasificar	10	9	13	5	7	10	4	1	4	0	0	**0**

Fonte: Rexistradores de España, Estatísticas concursais.

2.3. ANÁLISE DE ENQUISAS INDUSTRIAIS

A continuación inclúense datos dos tres sectores principais de actividade (industria, comercio e servizos) procedentes das respectivas enquisas estruturais elaboradas polo INE.

2.3.1. Estatística estrutural de empresas do sector industrial

Esta estatística elabórase para coñecer as características estruturais e económicas das empresas do sector industrial, a súa estrutura de emprego e o investimento. Inclúe as industrias extractivas e manufacturas, as actividades de subministración de enerxía e auga e saneamento. A cifra de negocios do sector en Galicia en 2022 acada 58,8 millóns de € (cadro 2.19). A achega da comunidade galega ao total do sector industrial en España é neste ano dun 6,4% O persoal ocupado no sector sería de 144.270 persoas, cunha participación no total da ocupación do sector a nivel estatal do 6,2%. O investimento en activos materiais acada o 5,8% en 2022. Estes datos sitúan á comunidade galega no sexto lugar nas achegas ao total estatal da cifra de negocios e o persoal ocupado do sector industrial, mentres que se sitúa no sétimo lugar no relacionado co investimento en activos materiais. Galicia mantén a súa posición relativa no conxunto do sector industrial español respecto ao ano anterior.

CADRO 2.19. CIFRA DE NEGOCIOS NO SECTOR INDUSTRIA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

	Cifra de negocios		Persoal ocupado		Inversión en activos materiais	
	Miles de €	% sobre total	Media anual	% sobre total	Miles de €	% sobre total
Andalucía	113.054.943	12,3	248.248	10,7	3.431.698	11,5
Aragón	41.530.034	4,5	105.432	4,5	1.305.239	4,4
Asturias	22.579.447	2,5	46.164	2,0	476.615	1,6
Baleares	7.118.207	0,8	27.690	1,2	197.108	0,7
Canarias	10.444.846	1,1	39.671	1,7	475.906	1,6
Cantabria	12.107.006	1,3	31.875	1,4	352.192	1,2
Castela e León	51.061.174	5,6	137.970	5,9	2.099.361	7,0
Castela-A Mancha	40.634.791	4,4	108.668	4,7	1.507.284	5,0
Cataluña	187.990.839	20,5	494.087	21,2	6.139.101	20,5
C. Valenciana	97.123.356	10,6	298.995	12,8	3.219.473	10,8
Estremadura	11.084.179	1,2	31.911	1,4	635.977	2,1
Galicia	**58.811.716**	**6,4**	**144.270**	**6,2**	**1.736.652**	**5,8**
Madrid	114.070.769	12,5	234.238	10,1	3.974.857	13,3
Murcia	37.123.914	4,1	87.387	3,8	999.585	3,3
Navarra	28.164.041	3,1	76.174	3,3	881.232	2,9
País Vasco	75.646.798	8,3	187.352	8,0	2.103.888	7,0
A Rioxa	7.258.397	0,8	25.905	1,1	354.374	1,2
Ceuta	209.139	0,0	902	0,0	7.928	0,0
Melilla	175.581	0,0	481	0,0	10.247	0,0
España	**916.189.177**	**100,0**	**2.327.420**	**100,0**	**29.908.717**	**100,0**

Elaboración propia con datos do INE, Enquisa estrutural de empresas do sector industrial.


Os datos non introducen variacións significativas na estrutura desagregada por comunidades autónomas do sector industrial en España, confirmando un marco de estabilidade na última década (cadro 2.20). Así, Cataluña mantense como a comunidade autónoma cunha achega máis salientable ao conxunto do sector industrial, cunha achega do 20,5% da cifra de negocios. A continuación, Madrid, Andalucía e a Comunidade Valenciana presentan achegas superiores ao 10%, seguidas do País Vasco (8,3%) e a comunidade galega (6,4%). As cifras permiten distinguir distintos grupos de comunidades autónomas en función das diferentes achegas (GRÁFICO 2.22). Estes grupos son idénticos aos salientados en informes precedentes, manténdose estable a relativa concentración da facturación do sector industrial neste período en torno a Cataluña, Madrid, Andalucía, Comunidade Valenciana e o País Vasco (GRÁFICO 2.23).

CADRO 2.20. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA CIFRA DE NEGOCIOS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2009-2022

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Andalucía	10,6	11,2	11,8	12,7	12,5	12,2	11,3	11,4	12,2	12,0	11,9	11,0	11,9	**12,3**
Aragón	4,4	4,7	4,6	4,2	4,4	4,3	4,5	4,5	4,6	4,7	4,8	5,2	4,8	**4,5**
Asturias	2,5	2,5	2,3	2,4	2,4	2,4	2,3	2,2	2,2	2,2	2,1	2,0	2,4	**2,5**
Baleares	0,8	0,8	0,4	0,7	0,6	0,7	0,7	0,7	0,8	0,7	0,7	0,7	0,7	**0,8**
Canarias	1,5	1,4	1,1	1,6	1,4	1,2	1,1	1,0	1,1	1,1	1,1	1,1	1,1	**1,1**
Cantabria	1,4	1,4	1,5	1,4	1,3	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4	**1,3**
Castela e León	6,5	6,3	6,7	6,4	6,3	6,2	6,4	6,6	6,3	6,1	6,0	6,1	5,9	**5,6**
Castela-A Mancha	4,7	4,4	4,7	5,0	4,8	4,4	4,0	3,9	4,2	4,2	4,3	4,4	4,4	**4,4**
Cataluña	23,5	24,0	23,6	22,2	22,4	22,3	22,7	22,8	22,5	22,4	22,3	22,1	21,7	**20,5**
C. Valenciana	9,6	9,8	10,3	9,4	9,7	10,1	10,6	10,6	10,6	10,4	10,6	10,8	10,5	**10,6**
Estremadura	1,1	1,1	0,9	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,3	1,3	1,2	1,3	1,3	**1,2**
Galicia	**6,7**	**6,3**	**6,5**	**6,0**	**6,5**	**6,3**	**6,3**	**6,3**	**6,5**	**6,6**	**6,4**	**6,6**	**6,5**	**6,4**
Madrid	10,9	9,3	7,6	10,5	9,8	9,7	10,3	10,4	9,9	10,4	10,7	11,1	12,1	**12,5**
Murcia	2,7	2,9	3,0	3,5	3,7	3,8	3,5	3,3	3,4	3,5	3,5	3,5	3,6	**4,1**
Navarra	3,0	3,2	3,6	2,8	2,9	3,0	3,2	3,3	3,1	3,1	3,3	3,4	3,1	**3,1**
País Vasco	9,0	9,6	10,3	9,1	9,1	10,0	9,6	9,2	9,2	9,0	8,8	8,4	7,9	**8,3**
A Rioxa	1,0	1,1	1,1	1,0	1,0	0,9	0,9	1,0	0,9	0,9	0,9	0,9	0,8	**0,8**
España	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.
A partir de 2018 inclúese un cambio de metodoloxía.


GRÁFICO 2.22. PARTICIPACIÓN DE CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA NA CIFRA DE NEGOCIOS DO SECTOR INDUSTRIAL. 2022



Fonte: Elaboración propia con datos de Rexistradores de España, Estatísticas concursais.

Do mesmo xeito, as achegas da comunidade galega no total de persoas ocupadas no sector industrial nos últimos anos presentan un comportamento estable, cunha porcentaxe lixeiramente decrecente dende 2021 a 2022, pasando do 6,4% ao 6,2% (cadro 2.21). A cifra de negocios mantense tamén nun nivel estable, arredor do 6,4% en 2022, cunha leve diminución respecto ao 6,5% do ano anterior. Estes datos amosan unha tendencia xeral de estabilidade nas principais variables da industria en Galicia en relación co conxunto do Estado, mantendo unha contribución significativa sen cambios bruscos ao longo do tempo.

GRÁFICO 2.23. PARTICIPACIÓN NA CIFRA DE NEGOCIOS SECTOR INDUSTRIAL. POR CC.AA. 2009-2022



Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.

CADRO 2.21. EVOLUCIÓN DA PORCENTAXE DE GALICIA NO ESTADO NAS PRINCIPAIS VARIABLES DA INDUSTRIA. 2001-2022

	Persoas ocupadas	Cifra de negocios
2001	6,0	5,8
2002	6,2	6,2
2003	6,2	6,1
2004	6,1	6,0
2005	6,3	6,0
2006	6,5	6,2
2007	6,7	6,6
2008	6,9	6,7
2009	6,9	6,7
2010	6,8	6,7
2011	6,9	6,7
2012	6,7	6,0
2013	6,8	6,5
2014	6,6	6,3
2015	6,4	6,3
2016	6,4	6,3
2017	6,3	6,5
2018	6,4	6,6
2019	6,3	6,4
2020	6,4	6,6
2021	6,4	6,5
2022	**6,2**	**6,4**

Elaboración propia.
Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector industrial.
A partir de 2018 inclúese un cambio de metodoloxía.

2.3.2. Estatística estrutural de empresas do sector comercio

O cadro 2.22 resume os principais indicadores estruturais do sector para 2022. O sector comercial en Galicia acada unha facturación próxima aos 57,1 mil millóns de €, un incremento do 8,8% respecto ao ano anterior. Os soldos e salarios no sector aumentan un 5,5%, namentres o número de locais comerciais aumenta nun 0,7%. O investimento en activos materiais aumenta nun 11,8%.

De xeito similar ao comentado para o sector industrial, as achegas ao sector comercial están relativamente concentradas entre Madrid, Cataluña, Andalucía e Valencia. En 2022 a comunidade galega achega o 6,5% dos locais comerciais, contribúe cun 5,7% á cifra de negocios, soporta o 5,1% dos soldos e salarios do sector, emprega o 5,4% do persoal empregado e realiza o 5,2% dos investimentos materiais no sector comercial. En termos relativos, o maior

aumento obsérvase no investimento en activos materiais, cunha suba do 11,8%, seguido pola cifra de negocios (8,8%), os soldos e salarios (5,5%) e, finalmente, o número de locais comerciais, que experimenta un incremento máis modesto do 0,7%. Estes datos amosan unha tendencia positiva e de crecemento no sector comercial galego, con especial énfase no aumento do investimento en infraestrutura.

CADRO 2.22. MAGNITUDES NO SECTOR COMERCIAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

	Locais (núm.)	Cifra negocios	Soldos e salarios	Investimento en activos materiais	Persoal ocupado
Andalucía	169.619	125.348.630	8.386.694	1.810.606	523.510
Aragón	22.185	27.203.012	1.662.704	279.422	81.059
Asturias	17.296	14.140.257	1.045.337	167.144	57.423
Baleares	21.903	18.269.383	1.445.014	292.130	75.290
Canarias	39.765	34.642.734	2.563.453	1.027.255	151.320
Cantabria	8.214	7.836.811	590.669	68.312	32.094
Castela e León	46.306	38.669.056	2.287.873	494.126	131.749
Castela-A Mancha	39.492	30.059.449	1.835.315	469.034	108.875
Cataluña	154.344	192.740.566	14.411.143	2.110.285	576.371
C. Valenciana	104.878	97.549.965	7.172.887	1.432.100	378.229
Estremadura	23.885	12.907.806	811.389	158.162	58.261
Galicia	**58.295**	**57.115.609**	**3.322.527**	**630.165**	**170.060**
Madrid	109.491	260.911.938	13.608.165	1.950.647	484.272
Murcia	30.805	30.251.286	2.038.066	447.849	124.807
Navarra	9.564	13.228.743	791.311	129.778	34.615
País Vasco	31.683	43.068.585	2.910.987	556.743	113.129
A Rioxa	3.604	4.530.810	371.347	49.073	17.091
Ceuta	504	737.011	65.173	19.030	3.167
Melilla	1.234	545.324	43.497	4.337	3.480
España	**893.068**	**1.009.756.975**	**65.363.552**	**12.096.194**	**3.124.802**

Elaboración propia con datos do INE, Enquisa estrutural de empresas do sector comercial.

As variacións experimentadas polas empresas do sector comercial galego en 2022 (cadro 2.23) amosan que Galicia obtén un mellor resultado que a media nacional en locais comerciais, investimento en activos materiais. Porén, as porcentaxes son menores en cifra de negocios, soldos e salarios e persoal ocupado. Estes datos indican que, aínda que Galicia presenta un comportamento positivo nalgúns aspectos, como o incremento dos locais comerciais e o investimento en activos materiais, aínda hai áreas onde se pode mellorar en comparación coa media nacional, especialmente en cifra de negocios, soldos e salarios, e persoal ocupado.

CADRO 2.23. VARIACIÓN INTERANUAL NO SECTOR COMERCIAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022-2021

	Locais (núm.)	Cifra negocios	Soldos e salarios	Investimento en activos materiais	Persoal ocupado
Andalucía	1,7%	14,7%	7,8%	-4,9%	2,8%
Aragón	-1,3%	25,7%	5,8%	-7,0%	2,1%
Asturias	-5,4%	17,9%	8,4%	14,1%	-1,1%
Baleares	0,8%	29,5%	16,6%	40,1%	7,4%
Canarias	7,1%	21,0%	12,9%	116,6%	5,6%
Cantabria	1,8%	10,3%	8,6%	-28,1%	1,5%
Castela e León	0,7%	19,5%	8,0%	-5,1%	1,3%
Castela-A Mancha	-0,7%	15,6%	8,3%	14,5%	1,5%
Cataluña	-0,2%	16,5%	7,2%	-2,1%	1,5%
C. Valenciana	-2,4%	17,2%	8,3%	-6,8%	1,6%
Estremadura	4,9%	9,2%	7,6%	-15,4%	0,1%
Galicia	**0,7%**	**8,8%**	**5,5%**	**11,8%**	**0,3%**
Madrid	-2,8%	14,4%	5,2%	-9,2%	0,7%
Murcia	4,7%	10,4%	4,4%	-16,7%	2,9%
Navarra	-1,6%	19,2%	13,3%	-3,2%	-3,1%
País Vasco	-4,9%	14,8%	10,2%	15,7%	-7,4%
A Rioxa	-23,2%	4,9%	9,9%	-29,6%	-2,0%
Ceuta	-32,0%	-3,2%	17,3%	-43,5%	0,3%
Melilla	27,5%	-25,4%	-6,2%	-81,0%	9,0%
España	**-0,2%**	**15,5%**	**7,5%**	**1,4%**	**1,4%**

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

O cadro 2.24 presenta a desagregación desta produción comercializada galega en 2022. A achega máis elevada correspóndese co comercio por xunto e intermediarios de comercio, excepto vehículos de motor e motocicletas cun 30% do número de locais, un 63% na cifra de negocios, un 52% no investimento en activos materiais e un 31% en persoal ocupado. Pola súa banda, o comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor e motocicletas, representa o 59% dos locais, o 30% da cifra de negocios, o 39% do investimento en activos materiais e o 58% do persoal ocupado. O sector de venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas ocupa un 11% do número de locais, un 7% na cifra de negocios, un 8% no investimento en activos materiais e un 11% no persoal ocupado. A venda de vehículos de motor é a actividade predominante dentro deste grupo con 2.377.592 miles de € en cifra de negocios e 5.611 persoas ocupadas.

CADRO 2.24. VALOR DA PRODUCIÓN COMERCIALIZADA, POR GRANDES AGRUPACIÓNS. GALICIA. 2022

		Numero de locais	Cifra de negocios	Investimento en activos materiais	Persoal ocupado
45	**Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas**	**6.407**	**4.023.816**	**52.410**	**18.792**
451	Venda de vehículos de motor	1.376	2.377.592	25.519	5.611
452	Mantemento e reparación de vehículos de motor	3.672	865.585	18.212	9.210
453	Comercio de repostos e accesorios de vehículos de motor	1.132	688.472	7.993	3.334
454	Venda, mantemento e reparación de motocicletas e os seus repostos e accesorios	227	92.167	686	637
46	**Comercio por xunto e intermediarios do comercio, excepto vehículos de motor e motocicletas**	**17.267**	**36.090.727**	**328.930**	**52.586**
461	Intermediarios de comercio	3.915	321.215	9.667	4.238
462	Comercio por xunto de materias primas agrarias e de animais vivos	977	982.957	10.591	2.578
463	Comercio por xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	4.099	11.155.647	107.652	16.637
464	Comercio por xunto de artigos de uso doméstico	3.030	12.533.180	103.010	11.087
465	Comercio por xunto de equipos para as tecnoloxías da información e das comunicacións en establecimentos especializados	302	493.143	4.972	2.023
466	Comercio por xunto doutra maquinaria, equipos e subministracións	1.582	1.521.903	19.761	5.527
467	Outro comercio por xunto especializado	2.976	8.989.929	73.263	10.095
469	Comercio por xunto non especializado	387	92.753	13	400
47	**Comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor e motocicletas**	**34.621**	**17.001.066**	**248.825**	**98.683**
471	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	3.129	6.093.396	135.306	32.507
472	Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	6.128	1.153.464	9.517	11.836
473	Comercio polo miúdo de combustible para a automoción en establecementos especializados	794	1.955.103	14.106	3.815
474	Comercio polo miúdo de equipos para as tecnoloxías da información e das comunicacións en establecimentos especializados	1.020	308.004	5.298	2.459
475	Comercio polo miúdo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	5.637	1.677.934	25.442	11.218
476	Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	2.288	490.893	7.266	4.310
477	Comercio polo miúdo doutros artigos en establecimientos especializados	12.119	4.471.357	46.415	28.233
478	Comercio polo miúdo en postos de venda e en "mercadillos"	2.594	101.661	600	2.486
479	Comercio polo miúdo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en "mercadillos"	912	749.255	4.875	1.819

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector comercial.

2.3.3. Estatística estrutural de empresas do sector servizos

A estatística estrutural do sector servizos inclúe actividades variadas, como transporte e almacenamento, hostalaría, información e comunicacións, actividades científico-técnicas, administrativas, de entretemento, reparacións e outras actividades englobadas no sector terciario ou de servizos.

Ao igual que no caso doutros sectores, as achegas do sector servizos están concentradas en Cataluña, Madrid, Andalucía e Valencia (cadro 2.25). En 2022 Galicia acada a súa maior achega en canto ao número de locais destinados a servizos (5,9% dos totais), seguido polo persoal ocupado no sector, 4,6%. No que atinxe á cifra de negocios, supón unha achega do 3,6% do total estatal; soporta o 3,7% dos soldos e salarios do sector en España e achega o 2,9% do investimento en activos materiais. O cadro 2.26 recolle a variación na cifra de negocios e persoal entre 2021 y 2022. Estes datos de 2022 recollen un importante incremento respecto a 2021. En xeral, as variacións producidas na comunidade galega sitúanse no mesmo marco de comportamento que o acontecido neste período en España, agás no investimento en activos materiais (GRÁFICO 2.24). Destaca especialmente o aumento no número de locais destinados a servizos en Galicia, que foi do 59%, fronte ao 46% da media estatal. Tamén é salientable o incremento do persoal ocupado, cun 40% en Galicia fronte ao 33% en España.

CADRO 2.25. CIFRA DE NEGOCIOS NO SECTOR SERVIZOS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022

	Locais (núm.)	Cifra negocios	Soldos e salarios	Investimento en activos materiais	Persoal ocupado
Andalucía	365.389	71.055.425	18.401.706	3.660.697	1.181.832
Aragón	61.558	13.348.347	3.515.498	906.716	200.215
Asturias	49.205	8.538.998	2.258.986	452.752	147.016
Baleares	73.799	27.969.834	5.397.344	1.985.144	263.007
Canarias	111.084	29.578.666	6.567.449	1.587.976	406.100
Cantabria	27.432	5.087.581	1.318.508	224.036	84.361
Castela e León	100.245	17.655.463	4.788.048	844.530	319.370
Castela-A Mancha	78.587	13.586.962	3.345.948	719.046	227.447
Cataluña	449.352	139.688.367	34.801.609	8.015.024	1.607.187
C. Valenciana	253.398	58.327.414	13.260.060	3.810.257	795.812
Estremadura	39.434	5.500.256	1.426.178	459.463	117.604
Galicia	**138.250**	**26.118.223**	**6.125.634**	**1.330.796**	**384.921**
Madrid	416.625	239.061.325	48.645.003	18.661.301	1.893.853
Murcia	61.932	13.639.616	3.194.321	744.291	216.461
Navarra	25.363	6.737.253	1.942.386	255.645	92.798
País Vasco	76.921	30.364.907	8.240.121	2.008.126	348.021
A Rioxa	11.548	2.848.977	692.220	109.922	42.387
Ceuta	2.162	6.838.906	117.133	17.525	7.468
Melilla	2.283	1.386.032	122.847	5.545	8.405
España	**2.344.569**	**717.332.552**	**164.160.997**	**45.798.790**	**8.344.263**


Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

CADRO 2.26. VARIACIÓN NA CIFRA DE NEGOCIOS E PERSOAL OCUPADO NO SECTOR SERVIZOS. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021-2022

	Cifra de negocios				Persoal ocupado			
	2021		2022		2021		2022	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
España	**587.941.499**	**100,0%**	**717.332.552**	**100,0%**	**5.895.704**	**100%**	**8.344.263**	**100%**
Andalucía	58.456.982	9,9%	71.055.425	9,9%	798.481	13,5%	1.181.832	14,2%
Aragón	11.641.693	2,0%	13.348.347	1,9%	144.055	2,4%	200.215	2,4%
Asturias	7.386.815	1,3%	8.538.998	1,2%	100.283	1,7%	147.016	1,8%
Baleares	16.958.720	2,9%	27.969.834	3,9%	171.053	2,9%	263.007	3,2%
Canarias	20.791.471	3,5%	29.578.666	4,1%	292.933	5,0%	406.100	4,9%
Cantabria	4.291.411	0,7%	5.087.581	0,7%	58.859	1,0%	84.361	1,0%
Castela e León	15.470.591	2,6%	17.655.463	2,5%	218.814	3,7%	319.370	3,8%
Castela-A Mancha	11.720.351	2,0%	13.586.962	1,9%	159.541	2,7%	227.447	2,7%
Cataluña	115.704.979	19,7%	139.688.367	19,5%	1.137.291	19,3%	1.607.187	19,3%
Valencia	47.424.420	8,1%	58.327.414	8,1%	549.589	9,3%	795.812	9,5%
Estremadura	4.774.134	0,8%	5.500.256	0,8%	76.607	1,3%	117.604	1,4%
Galicia	**22.565.799**	**3,8%**	**26.118.223**	**3,6%**	**267.927**	**4,5%**	**384.921**	**4,6%**
Madrid	200.094.941	34,0%	239.061.325	33,3%	1.397.531	23,7%	1.893.853	22,7%
Murcia	11.660.777	2,0%	13.639.616	1,9%	145.799	2,5%	216.461	2,6%
Navarra	5.969.924	1,0%	6.737.253	0,9%	66.118	1,1%	92.798	1,1%
País Vasco	25.708.613	4,4%	30.364.907	4,2%	267.515	4,5%	348.021	4,2%
A Rioxa	2.469.257	0,4%	2.848.977	0,4%	30.810	0,5%	42.387	0,5%

Elaboración propia con datos do INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

GRÁFICO 2.24. VARIACIÓNS SECTOR SERVIZOS. ESPAÑA/GALICIA. 2021-2022



Fonte: INE, Estatística estrutural de empresas do sector servizos.

De xeito semellante a anos anteriores, o subsector de transporte e almacenamento en Galicia presenta a contribución máis importante á cifra total de negocios e investimento en activos materiais ao longo de 2022 (cadro 2.27). A diferenza do que acontece no conxunto de España, en Galicia tamén supón a maior participación en soldos e salarios (29,7% fronte á media estatal do 19,9%). Os locais destinados a actividades profesionais científicas e técnicas en Galicia, pola súa banda, inclúen o maior número de locais (19,8%). Por outra banda, a participación relativa do transporte e almacenamento en Galicia en relación ao persoal (13,1%) é lixeiramente superior á que ten en media estatal (11,5%).

CADRO 2.27. CIFRA DE NEGOCIOS NO SECTOR SERVIZOS. GRUPOS PRINCIPAIS. GALICIA/ESPAÑA. 2022

		Total	Transporte e almacenamento	Hostalaría	Información comunicacións	Actividades inmobiliarias	Profesionais científicas e técnicas	Administrativas e de servizos auxiliares
España	Número de locais	2.344.569	259.494	348.754	92.098	234.305	486.989	257.941
	Cifra de negocios	717.332.552	142.981.768	91.547.474	104.919.114	38.446.543	118.076.425	93.335.656
	Soldos e salarios	164.160.997	22.905.071	22.283.943	23.452.091	4.630.439	29.986.518	27.581.334
	Investimento en activos materiales	45.798.790	9.082.995	4.444.109	5.000.196	11.833.452	3.107.994	7.996.152
	Persoal ocupado	8.344.263	956.517	1.607.560	619.454	281.635	1.151.892	1.618.575
Galicia	Número de locais	138.250	15.474	22.268	3.763	8.651	27.331	19.830
	Cifra de negocios	26.118.223	7.744.487	3.422.219	2.937.145	986.327	3.671.014	3.012.571
	Soldos e salarios	6.125.634	1.140.143	777.607	655.116	77.133	989.243	1.065.061
	Investimento en activos materiales	1.330.796	299.842	154.297	439.889	71.824	124.648	99.222
	Persoal ocupado	384.921	50.443	73.743	21.880	7.626	52.225	70.303

Fonte: INE, Enquisa estrutural do sector servizos.

Neste eido do sector servizos, en Galicia cómpre prestar especial atención aos datos relacionados co sector do turismo, que toman como referencia as enquisas realizadas mensualmente polo INE: a Enquisa de ocupación hoteleira; a Enquisa de ocupación en cámpings; a Enquisa de ocupación en apartamentos turísticos; e a Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural. Os datos fornecidos nestas enquisas permiten extraer os datos referidos a Galicia, que son publicados anualmente polo IGE.

Os datos (cadro 2.28) reflicten que o número de establecementos hoteleiros rexistrados en Galicia en 2023 respecto a 2022 aumentan nun 4,2%, e as prazas nestes aloxamentos nun 4,9%. Os maiores incrementos rexístranse nas provincias da Coruña e Pontevedra (**GRÁFICO 2.25**), que son tamén as que teñen un maior número de locais destinados ao turismo. Ademais, é importante destacar que o número de establecementos de turismo rural tamén amosou un crecemento significativo. En 2023, as prazas en establecementos de turismo rural en Galicia aumentaron de forma notable, especialmente na provincia de Lugo, que rexistrou un aumento do 7,2% en comparación co ano anterior. Este incremento reflicte unha recuperación sostida do sector turístico galego tras os anos de pandemia, mostrando un interese crecente tanto en aloxamentos hoteleiros coma en turismo rural. A Coruña e Pontevedra son as provincias con maior número de establecementos hoteleiros e prazas de turismo rural, o que reflicte a súa importancia turística dentro da comunidade galega. A Coruña lidera tanto en establecementos hoteleiros (605) coma en prazas (25.099), mentres que Lugo, aínda que con menos establecementos (285), presenta un notable número de prazas (8.897), especialmente no sector do turismo rural, confirmando a súa relevancia neste ámbito.


CADRO 2.28 EN PÁXINA SEGUINTE >

CADRO 2.28. ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS E DE TURISMO RURAL ESTIMADOS. 2016-2023

		Establecementos hoteleiros		Establec. de turismo rural	
		Establecementos	Prazas	Establecementos	Prazas
GALICIA	2016	1.512	61.617	495	6.258
	2017	1.497	61.398	472	5.968
	2018	1.418	59.247	478	6.083
	2019	1.417	59.736	451	5.803
	2020	975	40.178	323	4.161
	2021	979	40.274	297	3.827
	2022	1.385	57.637	396	5.216
	2023	**1.442**	**60.441**	**378**	**5.018**
A CORUÑA	2016	627	25.220	145	1.777
	2017	629	25.284	138	1.673
	2018	597	24.459	139	1.724
	2019	575	24.275	126	1.610
	2020	397	16.583	87	1.135
	2021	398	16.633	80	1.050
	2022	583	23.838	102	1.363
	2023	**605**	**25.099**	**103**	**1.342**
LUGO	2016	294	9.193	132	1.736
	2017	300	9.136	130	1.731
	2018	275	8.562	127	1.677
	2019	283	8.858	118	1.538
	2020	185	5.810	84	1.088
	2021	186	5.826	77	998
	2022	262	8.296	103	1.390
	2023	**285**	**8.897**	**99**	**1.363**
OURENSE	2016	187	6.251	69	899
	2017	174	6.043	69	879
	2018	169	5.956	72	950
	2019	165	5.959	74	950
	2020	120	4.332	57	746
	2021	120	4.338	52	682
	2022	154	5.686	66	880
	2023	**155**	**5.679**	**61**	**838**
PONTEVEDRA	2016	404	20.953	149	1.846
	2017	394	20.935	135	1.685
	2018	377	20.270	140	1.732
	2019	394	20.644	133	1.705
	2020	273	13.453	95	1.192
	2021	275	13.477	88	1.097
	2022	386	19.818	125	1.584
	2023	**398**	**20.766**	**116**	**1.475**

Datos en medias anuais
Fonte: INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.

GRÁFICO 2.25. DISTRIBUCIÓN DE ESTABLECEMENTOS E PRAZAS. POR PROVINCIAS. 2023



Fonte: IGE.

Tomando como indicador o número de noites que os turistas pasan en cada localización, Terras de Santiago é o principal atractivo turístico en 2023, seguido pola Ría de Arousa, Ría de Vigo e Baixo Miño e A Coruña e as Mariñas (cadro 2.29). En particular, o número de noites en Terras de Santiago ascendeu a 2.255.298, o que representa un incremento significativo con respecto ao ano anterior. Tamén destaca a Ría de Arousa con 2.231.673 noites, e a Ría de Vigo e Baixo Miño con 1.891.806 noites. Estas rexións continúan a ser destinos turísticos populares, reflectindo o seu atractivo sostido ao longo dos anos. Ademais, obsérvase un aumento notable nas noites pasadas en destinos como a Costa da Morte, que acadou 481.460 noites, e a Mariña Lucense con 522.316 noites.


A orixe do turismo segue a ser maioritariamente externo aínda que con diferenzas en función do destino (GRÁFICO 2.26). A maior parte dos turistas que visitan Galicia proceden de fóra da comunidade, especialmente en áreas como Verín-Viana e Terras de Santiago. En contraste, destinos como a Mariña Lucense e Ferrolterra presentan unha proporción máis equilibrada de turistas internos e externos.

CADRO 2.29. DESTINOS TURÍSTICOS EN GALICIA. NOITES. 2013-2023

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
A Coruña e As Mariñas	1.140.541	1.124.959	1.180.999	1.226.618	1.348.705	1.336.614	1.444.820	652.141	1.019.750	1.312.071	**1.394.439**
Ancares - Courel	59.525	82.668	99.616	73.295	95.166	71.008	82.256	27.472	65.327	82.349	**113.090**
Celanova - Limia	58.190	55.398	58.279	63.261	60.316	65.894	66.366	29.635	41.380	54.987	**58.546**
Costa da Morte	204.780	315.746	318.506	333.874	385.843	297.574	321.406	197.722	341.713	433.715	**481.460**
Deza - Tabeirós	94.434	69.494	87.019	102.693	132.757	121.286	120.319	42.534	70.980	101.581	**106.872**
Ferrolterra	360.569	358.860	389.915	409.176	416.648	432.062	429.802	247.597	411.874	473.651	**500.705**
Lugo e a Terra Chá	485.130	482.825	519.388	566.865	567.721	556.381	644.288	215.722	403.159	585.966	**623.279**
Manzaneda - Trevinca	49.426	65.098	66.736	82.447	70.345	78.779	76.050	35.849	50.227	43.869	**47.271**
Mariña Lucense	298.590	310.305	354.905	381.855	405.094	410.224	451.850	197.933	392.778	483.914	**522.316**
O Ribeiro	72.348	83.274	103.370	121.524	126.634	120.021	134.260	51.780	83.382	121.760	**131.526**
Ría de Arousa	1.529.381	1.635.697	1.793.622	1.971.593	2.189.999	2.025.978	2.074.216	976.451	1.641.911	2.079.698	**2.231.673**
Ría de Muros e Noia	94.269	96.176	97.623	123.520	117.926	128.068	137.520	90.341	115.687	139.263	**138.368**
Ría de Vigo e Baixo Miño	1.009.989	1.045.233	1.164.987	1.438.765	1.517.408	1.552.168	1.597.844	779.148	1.296.760	1.731.126	**1.891.806**
Ría e Terras de Pontevedra	556.740	498.968	528.427	563.100	621.892	634.581	719.317	341.659	551.604	721.025	**704.509**
Ribeira Sacra	217.547	266.734	293.233	331.259	330.943	319.501	304.283	131.492	280.185	324.670	**344.365**
Terras de Ourense e Allariz	261.769	271.527	296.440	324.404	328.980	334.145	375.144	174.423	248.619	368.125	**381.378**
Terras de Santiago	1.485.335	1.658.823	1.794.456	1.888.868	1.881.072	1.744.279	1.864.043	545.346	1.311.370	2.124.130	**2.255.298**
Verín - Viana	70.567	64.772	58.059	61.596	71.087	67.310	56.931	44.060	50.934	52.652	**66.100**

Elaboración IGE a partir de datos INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.


GRÁFICO 2.26. ORIXE DO TURISMO EN GALICIA. 2023



Fonte: IGE.

Así mesmo, rexístrase un elevado crecemento do número total de viaxeiros e noites de estancia en Galicia, particularmente no caso de turistas procedentes de fóra de España. No GRÁFICO 2.27 obsérvase un aumento continuo dos viaxeiros nacionais desde 2021, alcanzando aproximadamente 7 millóns de noites en 2023. Ademais, o turismo estranxeiro tamén mostra unha recuperación significativa, con máis de 2,5 millóns de noites en 2023, fronte ás cifras moito menores de 2020 e 2021. Estes incrementos reflicten un crecemento sostido no sector turístico galego, tanto a nivel nacional coma internacional.

GRÁFICO 2.27. TURISMO EN GALICIA. 2017-2023



Fonte: IGE.


O que non varía é a preferencia dos turistas polos establecementos hoteleiros, mentres que os establecementos de turismo rural son a opción menos demandada (cadro 2.30). En 2023, os establecementos hoteleiros rexistraron 3,4 millóns de viaxeiros nacionais que pasaron preto de 7 millóns de noites, mentres que os turistas estranxeiros rexistraron 1,5 millóns de viaxeiros con 2,6 millóns de noites, mostrando un incremento notable en comparación con anos anteriores. Pola contra, o turismo rural, aínda que tamén experimenta un aumento, mantense como a opción con menos afluencia, con pouco máis de 150.000 viaxeiros nacionais e preto de 62.000 estranxeiros que acumulan 304.529 e 91.071 noites, respectivamente. Finalmente, compre indicar que o número medio de noites por viaxeiro en 2023 é practicamente o mesmo que en 2022 (GRÁFICO 2.28). En 2023, a estancia media por orixe da persoa en Galicia mostra que os turistas nacionais teñen unha media de estancia superior en comparación cos turistas estranxeiros. A media de estancia para turistas nacionais foi de 2,03 noites, mentres que para turistas estranxeiros foi de 1,67 noites. Esta tendencia de maior duración da estancia dos turistas nacionais en comparación cos estranxeiros mantense constante ao longo dos anos analizados.

CADRO 2.30. PERSOAS VIAXEIRAS E NOITES EN ESTABLECEMENTOS POR PROCEDENCIA. GALICIA. 2016-2023

		España		Estranxeiro	
		Viaxeiros/as	Noites	Viaxeiros/as	Noites
2016	Hoteleiros	3.104.208	6.321.254	1.221.242	1.930.627
	Campamentos turisticos	196.913	794.999	75.597	168.640
	Apartamentos turísticos	101.119	367.540	24.445	66.387
	Turismo rural	153.520	317.509	60.145	110.033
2017	Hoteleiros	3.196.479	6.703.144	1.299.176	2.104.782
	Campamentos turisticos	191.432	767.609	73.262	162.951
	Apartamentos turísticos	109.091	389.047	34.684	91.966
	Turismo rural	159.163	340.059	57.355	108.981
2018	Hoteleiros	3.067.816	6.502.470	1.138.863	1.991.480
	Campamentos turisticos	187.607	766.248	73.273	177.320
	Apartamentos turísticos	105.354	373.029	27.341	67.209
	Turismo rural	156.000	311.386	63.285	106.726
2019	Hoteleiros	3.208.122	6.806.778	1.261.446	2.203.919
	Campamentos turisticos	192.765	817.492	78.329	182.595
	Apartamentos turísticos	120.337	441.192	26.076	70.110
	Turismo rural	148.154	297.002	70.938	111.213
2020	Hoteleiros	1.462.445	3.082.552	193.805	430.700
	Campamentos turisticos	159.528	629.601	13.582	36.182
	Apartamentos turísticos	81.615	318.164	7.169	36.797
	Turismo rural	71.776	170.550	5.583	11.356
2021	Hoteleiros	1.465.931	3.094.958	194.157	431.337
	Campamentos turisticos	167.934	669.655	13.850	38.064
	Apartamentos turísticos	80.208	316.488	6.961	36.323
	Turismo rural	73.168	174.493	5.489	11.029
2022	Hoteleiros	3.404.919	6.942.128	1.287.205	2.151.314
	Campamentos turisticos	230.457	921.889	83.985	181.156
	Apartamentos turísticos	176.246	555.824	35.483	99.520
	Turismo rural	147.660	299.154	61.727	91.032
2023	Hoteleiros	**3.424.297**	**6.950.072**	**1.563.693**	**2.573.582**
	Campamentos turisticos	**232.377**	**935.220**	**95.818**	**211.202**
	Apartamentos turísticos	**177.203**	**551.420**	**38.387**	**105.636**
	Turismo rural	**150.513**	**304.529**	**61.711**	**91.071**

Elaboración IGE a partir de datos INE, Enquisa de ocupación hoteleira e Enquisa de ocupación de aloxamentos de turismo rural.

GRÁFICO 2.28. ESTANCIA MEDIA POR ORIXE DA PERSOA.
2017-2023



Fonte: IGE.

2.3.4. Indicadores conxunturais: índice de cifra de negocios, da produción e de prezos

O índice da cifra de negocios na industria (ICN) é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da demanda das ramas industriais, excluíndo a construción, sobre a base dunha enquisa mensual entre máis de 12.000 establecementos industriais distribuídos por todo o territorio estatal.


En 2023 este índice redúcese en 21,3 puntos porcentuais na comunidade galega (cadro 2.31). Como pode observarse, Canarias rexistrou o maior incremento cun 15%, seguido por Baleares cun 11% e A Rioxa cun 8%. Pola contra, Murcia experimentou a maior caída cun -39,5%, seguida de Estremadura cun -25,5% e Asturias cun -24,5%. En Galicia, a diminución do 21,3% sitúase entre as caídas máis significativas, similar a Andalucía cun -21,7% e Cantabria cun -21,2%. En comparación coa media estatal, que foi dun -15,3%, Galicia sufriu unha contracción máis pronunciada na súa cifra de negocios na industria (GRÁFICO 2.29).

CADRO 2.31. INDICE DE NEGOCIOS NA INDUSTRIA.
POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2019-2023

	Indice					Variación			
	2019	2020	2021	2022	2023	19-20	20-21	21-22	22-23
Andalucía	111,6	94,6	120,1	150,4	117,8	-15,2%	26,9%	25,3%	-21,7%
Aragón	115,2	105,5	116,4	136,7	114,2	-8,4%	10,3%	17,4%	-16,5%
Asturias	113,8	91,7	119,6	143,7	108,5	-19,4%	30,3%	20,2%	-24,5%
Baleares	105,7	82,9	89,2	112,3	124,6	-21,6%	7,7%	25,9%	11,0%
Canarias	101,6	84,0	93,7	113,6	130,1	-17,4%	11,6%	21,2%	14,5%
Cantabria	110,4	96,1	116,3	139,3	109,8	-12,9%	21,1%	19,8%	-21,2%
Castela e León	102,7	94,0	105,1	122,9	120,7	-8,4%	11,7%	17,0%	-1,8%
Castela-A Mancha	114,9	102,4	116,1	140,5	132,1	-10,9%	13,4%	21,0%	-6,0%
Cataluña	112,4	98,7	115,8	134,0	116,7	-12,2%	17,2%	15,8%	-12,9%
C. Valenciana	112,8	105,3	115,7	144,1	117,1	-6,7%	10,0%	24,5%	-18,7%
Estremadura	119,0	114,7	133,7	164,9	122,7	-3,6%	16,6%	23,3%	-25,5%
Galicia	**119,8**	**112,9**	**128,9**	**147,3**	**115,9**	**-5,8%**	**14,2%**	**14,3%**	**-21,3%**
Madrid	109,9	95,4	106,5	125,3	121,1	-13,2%	11,6%	17,7%	-3,4%
Murcia	134,6	114,6	141,7	201,0	121,7	-14,9%	23,6%	41,9%	-39,5%
Navarra	122,1	106,8	121,4	146,0	123,3	-12,5%	13,6%	20,3%	-15,6%
País Vasco	115,5	97,0	114,7	144,1	126,0	-16,0%	18,2%	25,7%	-12,6%
A Rioxa	103,2	92,1	95,6	106,4	114,4	-10,8%	3,8%	11,3%	7,5%
España	**113,6**	**100,3**	**116,5**	**140,7**	**119,2**	**-11,7%**	**16,2%**	**20,7%**	**-15,3%**

En procentaxe anual (media anual).
Fonte: INE, Índice de cifra de negocios na industria (ICN).

GRÁFICO 2.29. VARIACIÓN DO ICN.
POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022-2023



Fonte: INE, Enquisa industrial de empresas e Estatística estrutural de empresas do sector servizos.


Un segundo indicador conxuntural a considerar é o índice de produción industrial (IPI), que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais (sen incluír a construción) eliminando a influencia dos prezos. En 2023 a nivel nacional o descenso foi do 4,2%, pero en Galicia recóllese un descenso do 5,3% (cadro 2.32). As comunidades con maiores descensos no IPI son Murcia (-19 %), Navarra (-14%) e Cantabria (-14%). Pola contra, as Illas Baleares (+22%) e Canarias (+20%) presentan os incrementos máis significativos (GRÁFICO 2.30).

CADRO 2.32. VARIACIÓN DO ÍNDICE XERAL DE PRODUCIÓN INDUSTRIAL(*).
POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2019-2023

	Índice					Variación			
	2019	2020	2021	2022	2023	19-20	20-21	21-22	22-23
Andalucía	102,6	90,5	95,0	99,1	99,8	-11,8%	5,0%	4,3%	0,7%
Aragón	107,1	98,2	101,5	106,7	107,1	-8,3%	3,4%	5,1%	0,4%
Asturias	102,9	88,6	102,7	102,2	92,1	-13,9%	15,9%	-0,5%	-9,9%
Baleares	91,0	72,0	80,0	90,9	111,0	-20,9%	11,2%	13,5%	22,1%
Canarias	96,4	86,3	88,7	92,6	111,0	-10,4%	2,7%	4,5%	19,9%
Cantabria	112,7	102,3	113,1	111,6	95,7	-9,3%	10,6%	-1,3%	-14,2%
Castela e León	97,7	88,8	93,4	90,8	99,6	-9,1%	5,2%	-2,8%	9,7%
Castela-A Mancha	104,1	95,4	100,6	105,6	105,1	-8,4%	5,4%	5,0%	-0,5%
Cataluña	106,4	96,5	104,5	105,1	100,0	-9,3%	8,3%	0,6%	-4,8%
C. Valenciana	106,4	100,3	107,4	109,9	99,5	-5,8%	7,1%	2,3%	-9,4%
Estremadura	101,2	98,9	105,4	107,4	106,0	-2,3%	6,6%	1,9%	-1,3%
Galicia	**105,1**	**96,1**	**104,1**	**102,7**	**97,3**	**-8,5%**	**8,3%**	**-1,4%**	**-5,3%**
Madrid	108,9	101,7	107,2	113,2	109,2	-6,6%	5,4%	5,6%	-3,5%
Murcia	116,3	113,6	116,3	118,3	96,0	-2,3%	2,4%	1,7%	-18,8%
Navarra	113,6	100,7	111,2	114,8	98,3	-11,4%	10,4%	3,2%	-14,3%
País Vasco	108,4	93,1	101,9	106,3	100,6	-14,1%	9,4%	4,3%	-5,3%
A Rioxa	91,7	80,6	84,9	86,8	94,9	-12,0%	5,3%	2,3%	9,3%
España	**105,9**	**96,2**	**103,0**	**105,5**	**101,1**	**-9,2%**	**7,1%**	**2,4%**	**-4,2%**

(*) En media anual.
Fonte: INE, índice de produción industrial (IPI).

GRÁFICO 2.30. VARIACIÓN DO IPI.
POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2022-2023



Fonte: Elaboración propia con datos do INE, índice de produción industrial (IPI).


Ademais, analizando a estrutura do IPI en Galicia en comparación coa media estatal, obsérvase que o valor do índice na comunidade galega é superior á media estatal só en bens de consumo duradeiro. Resulta inferior en bens de consumo, bens de consumo non duradeiro, bens de equipo, bens intermedios e enerxía (cadro 2.33). En particular, os datos mostran que a maior caída en Galicia prodúcese nos bens de consumo duradeiro (-38,7%), seguido polos bens de consumo non duradeiro (-26,3%) e os bens intermedios (-24,1%). Pola contra, destaca o aumento no índice de produción para a enerxía (+34,9%) e os bens de equipo (+10,7%) (GRÁFICO 2.31).

CADRO 2.33. ESTRUTURA IPI(*).
GALICIA/ESPAÑA. 2019-2023

	2019		2020		2021		2022		2023	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Bens de consumo	103,5	119,0	96,2	107,1	103,6	130,2	107,2	132,7	**101,0**	**96,7**
Bens de consumo duradeiro	103,4	136,0	89,4	112,5	105,5	180,9	108,4	202,4	**105,6**	**124,1**
Bens de consumo non duradeiro	103,5	118,1	96,8	106,8	103,4	127,5	107,1	129,0	**100,6**	**95,0**
Bens de equipo	113,1	103,5	95,6	94,2	101,8	93,4	107,7	96,5	**111,5**	**106,8**
Bens intermedios	107,8	117,1	99,3	108,8	109,2	118,1	107,0	112,1	**94,4**	**85,0**
Enerxía	99,0	83,0	92,7	76,4	95,1	78,6	99,1	73,6	**100,5**	**99,3**

(*) En media anual.
Fonte: INE, índice de produción industrial (IPI).

GRÁFICO 2.31. VARIACIÓN DO IPI.
GALICIA. 2022-2023



Fonte: Elaboración propia con datos do INE, índice de produción industrial (IPI).

2.4. INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN (I+D+I)

Este apartado do informe analiza a evolución do gasto en investigación científica na comunidade galega, incluíndo unha perspectiva comparada co resto das comunidades autónomas. A base de referencia para a obtención de datos obxecto de análise son os datos da Estatística sobre as actividades en investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D), que miden os recursos económicos e humanos destinados a investigación por todos os sectores económicos (empresas, administracións, ensino superior e institucións privadas sen ánimo de lucro).

2012	29.441	19.551	9.890	30.687	20.365	10.322	1.246	814	432
2013	30.709	18.970	11.739	27.876	18.608	9.268	-2.833	-362	-2.471
2014	30.154	19.862	10.292	27.875	17.498	10.377	-2.279	-2.364	85
2015	30.707	19.993	10.714	29.933	17.839	12.094	-774	-2.154	1.380
2016	29.532	18.745	10.787	32.557	16.821	15.736	3.025	-1.924	4.949
2017	30.249	18.380	11.869	36.932	17.854	19.078	6.683	-526	7.209
2018	30.366	19.198	11.168	42.757	18.574	24.183	12.391	-624	13.015
2019	28.853	19.778	9.075	46.600	19.668	26.932	17.747	-110	17.857
2020	21.001	14.862	6.139	35.617	21.070	14.547	14.616	6.208	8.408
2021	26.702	18.180	8.522	41.150	21.431	19.719	14.448	3.251	11.197
2022	**32.697**	**19.283**	**13.414**	**59.948**	**20.667**	**39.281**	**27.251**	**1.384**	**25.867**

(*) A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.
Fonte: INE, Estatística de variacións residenciais. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros porporcionados polo INE.

4.2. RESUMO DAS PRINCIPAIS VARIABLES LABORAIS

Os datos do cadro 4.13 amosan os catro compoñentes en que adoita dividirse a poboación de 16 e máis anos, segundo a súa situación en 2001 e entre o período 2011-2023.

- En 2023, a poboación activa en Galicia sitúase en 1.250.000 persoas, mostrando un lixeiro aumento do 0,8% respecto a 2022. Porén, en comparación con 2011, houbo unha diminución do 5,1%, equivalente a 67.000 persoas menos activas.

- A poboación ocupada amosou unha tendencia de crecemento dende 2015, acadando en 2023 os 1.129.000 empregos. Este aumento é significativo, cun crecemento do 2,3% respecto ao ano anterior (2022).

- O número de persoas en paro estimadas pola EPA en 2023 é de 121.000, o que representa unha redución do 11,3% en comparación con 2022.

- A poboación inactiva en 2023 é de 1.109.000 persoas, mostrando unha lixeira diminución en comparación cos anos anteriores.

Polo tanto, os datos de 2023 amosan unha tendencia positiva no mercado laboral de Galicia. A poboación ocupada medrou por riba da activa (2,3% e 0,8%, respectivamente), mentres que o desemprego diminuíu notablemente. Aínda que a poboación activa experimentou unha diminución a longo prazo dende 2011, os recentes incrementos na ocupación e as reducións no paro suxiren unha mellora nas condicións laborais.

CADRO 4.13. POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS, POR ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2001/2011-2023

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Poboación activa	1.159	1.317	1.318	1.291	1.274	1.261	1.256	1.248	1.244	1.241	1.221	1.229	1.241	1.250
Poboación ocupada	1.031	1.089	1.047	1.006	998	1.017	1.041	1.053	1.078	1.095	1.074	1.087	1.104	1.129
Poboación parada	128	227	271	285	276	243	215	196	166	146	147	142	137	121
Poboación inactiva	1.171	1.087	1.078	1.091	1.095	1.098	1.094	1.094	1.091	1.094	1.118	1.116	1.109	1.109

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: INE. EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

A análise feita pódese inserir nun marco territorial estatal e europeo. O cadro 4.14 posibilita este exercicio para o período 2015-2023. No conxunto da UE27, Eurostat estima que a poboación activa subiu dende o cuarto trimestre de 2015 ata o mesmo de 2023 en 11,6 millóns de persoas (5,6%); e no conxunto de España aumentou en 1,5 millóns de persoas (un 6,8% máis). Para o total da UE27, Eurostat estima que a poboación ocupada aumentou nese mesmo período en máis de 18,6 millóns de persoas, en España fíxoo en máis de 3,4 millóns. En Galicia o aumento da ocupación foi de 111.300 persoas.

A poboación desempregada na UE27 baixou en más de 7,2 millóns de persoas no período sinalado; en España o descenso foi de 1,9 millóns. En Galicia o descenso foi de 122.000 persoas. Da comparación da evolución das taxas de crecemento entre 2022 e 2023 poden sinalarse os seguintes puntos:

- En 2023, a poboación activa en Galicia medrou o 0,8% respecto a 2022. Este incremento é menor en comparación co crecemento de España (3,2%) e lixeiramente inferior á media da UE27 (0,9%).
- O incremento da poboación ocupada en Galicia é positivo (2,3%) e superior á media da UE27 (1,0%). Porén, é inferior ao rexistrado en media estatal (4,5%).
- En 2023, o número de persoas desempregadas en Galicia reduciuse un 11,3% respecto a 2022. En España, a redución foi do 5,4%, mentres que na UE27 houbo un lixeiro aumento do 0,2%.

No seu conxunto, o mercado de traballo en Galicia mellorou no período 2015-2023. A poboación ocupada aumentou e o desemprego reduciuse de forma notable. Aínda que o crecemento da poboación activa é máis modesto que o rexistrado en España e a UE27, a redución do desemprego en Galicia entre 2022 e 2023 foi máis pronunciada.

CADRO 4.14. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO. GALICIA, ESPAÑA E UE. 2015-2023

	2015			2016			2017		
	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27
Poboación activa	1.261	22.710	207.361	1.256	22.572	208.088	1.248	22.569	208.745
Poboación ocupada	1.017	17.906	186.968	1.041	18.327	188.807	1.053	18.807	192.246
Poboación desempregada	243	4.812	20.470	215	4.252	18.647	196	3.770	16.589
	2018			**2019**			**2020**		
	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27
Poboación activa	1.244	22.653	208.948	1.241	23.159	208.525	1.221	23.064	205.938
Poboación ocupada	1.078	19.333	193.991	1.095	19.967	194.343	1.074	19.344	190.303
Poboación desempregada	166	3.329	15.042	146	3.192	14.279	147	3.720	15.734
	2021			**2022**			**2023**		
	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27
Poboación activa	1.229	23.289	214.484	1.241	23.488	216.899	1.250	24.251	218.920
Poboación ocupada	1.087	20.185	200.501	1.104	20.464	203.659	1.129	21.390	205.659
Poboación desempregada	142	3.104	13.983	137	3.024	13.240	121	2.861	13.261

Datos en miles.
Datos do cuarto trimestre de cada ano. Fonte: INE (EPA) e Eurostat.

4.3. POBOACIÓN ACTIVA E TAXA DE ACTIVIDADE

4.3.1. Poboación activa

O cadro 4.15 resume o comportamento en valor absoluto, porcentaxe e variacións da poboación activa por CC.AA. para o período 2015-2023:

- A poboación activa galega no cuarto trimestre de 2023 totalizou 1.254.000 persoas, 18.000 máis que no mesmo período do ano anterior.

▪ A participación de Galicia na poboación activa de España en 2023 e do 5,2%, baixando lixeiramente respecto a 2022, cun 5,3%.

▪ Na desagregación rexional a poboación activa subiu en dezaseis CC.AA e cidades autónomas, e fíxoo con especial intensidade, respecto do ano anterior, en Canarias (4,6%), Cataluña (4,5%), Madrid (2,9%) e Comunidade Valenciana (2,7%). En Galicia o aumento da poboación activa (1,4%) foi inferior a media nacional (2,5%).

No seu conxunto, o ano 2023 amosa unha tendencia xeral de crecemento da poboación activa en España, con aumentos notables en varias comunidades autónomas. Galicia tamén rexistrou un incremento, aínda que por debaixo da media nacional, reflectindo un contexto de recuperación moderada no mercado laboral galego.

CADRO 4.15. POBOACIÓN ACTIVA POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2015-2023

	Miles									Distribución porcentual								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	4.018	3.966	3.932	3.925	3.960	3.990	4.072	4.026	4.116	17,6	17,4	17,3	17,2	17,1	17,3	17,5	17,1	17,1
Aragón	642	649	638	649	656	649	647	645	661	2,8	2,9	2,8	2,8	2,8	2,8	2,8	2,7	2,7
Asturias	471	461	455	448	451	445	441	446	452	2,1	2,0	2,0	2,0	1,9	1,9	1,9	1,9	1,9
Baleares	604	594	596	624	633	634	631	641	656	2,6	2,6	2,6	2,7	2,7	2,7	2,7	2,7	2,7
Canarias	1.110	1.100	1.118	1.142	1.158	1.107	1.157	1.160	1.213	4,9	4,8	4,9	5,0	5,0	4,8	5,0	4,9	5,0
Cantabria	275	277	275	268	276	269	274	272	277	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,1
Castela e León	1.145	1.142	1.119	1.116	1.131	1.105	1.103	1.113	1.116	5,0	5,0	4,9	4,9	4,9	4,8	4,7	4,7	4,6
Castela-A Mancha	989	989	996	990	988	995	1.003	1.020	1.018	4,3	4,3	4,4	4,3	4,3	4,3	4,3	4,3	4,2
Cataluña	3.771	3.761	3.795	3.843	3.884	3.879	3.894	3.906	4.083	16,5	16,5	16,7	16,8	16,8	16,8	16,7	16,6	17,0
C. Valenciana	2.426	2.441	2.446	2.407	2.453	2.432	2.472	2.566	2.634	10,6	10,7	10,7	10,5	10,6	10,5	10,6	10,9	10,9
Estremadura	501	499	493	496	498	491	489	493	496	2,2	2,2	2,2	2,2	2,1	2,1	2,1	2,1	2,1
Galicia	**1.255**	**1.254**	**1.238**	**1.237**	**1.242**	**1.224**	**1.226**	**1.236**	**1.254**	**5,5**	**5,5**	**5,4**	**5,4**	**5,4**	**5,3**	**5,3**	**5,3**	**5,2**
Madrid	3.409	3.350	3.394	3.432	3.527	3.548	3.533	3.608	3.715	14,9	14,7	14,9	15,0	15,2	15,4	15,2	15,4	15,4
Murcia	701	702	708	718	729	726	749	755	761	3,1	3,1	3,1	3,1	3,1	3,1	3,2	3,2	3,2
Navarra	306	308	310	317	316	315	320	326	328	1,3	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4
País Vasco	1.027	1.028	1.024	1.029	1.027	1.022	1.045	1.039	1.064	4,5	4,5	4,5	4,5	4,4	4,4	4,5	4,4	4,4
A Rioxa	154	152	153	155	156	157	158	159	158	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7
Ceuta	36	36	37	37	39	37	37	42	39	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Melilla	35	37	38	39	37	41	40	37	38	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
España	**22.874**	**22.746**	**22.765**	**22.869**	**23.159**	**23.064**	**23.289**	**23.488**	**24.077**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

	Variación anual																	
	Miles									%								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	44,1	-52,1	-33,4	-7,6	35,3	30,4	81,3	-45,5	90,3	1,1	-1,3	-0,8	-0,2	0,9	0,8	2,0	-1,1	2,2
Aragón	-2,2	6,6	-10,3	10,7	7,4	-7,2	-1,8	-2,8	16,1	-0,3	1,0	-1,6	1,7	1,1	-1,1	-0,3	-0,4	2,5
Asturias	-10,4	-10,2	-6,0	-6,7	3,0	-6,5	-4,2	4,9	6,7	-2,1	-2,2	-1,3	-1,5	0,7	-1,4	-0,9	1,1	1,5
Baleares	1,4	-10,8	2,0	28,7	8,6	0,9	-2,8	9,8	15,0	0,2	-1,8	0,3	4,8	1,4	0,1	-0,4	1,6	2,3
Canarias	-3,2	-10,1	18,0	23,3	16,1	-51,2	50,6	2,7	53,4	-0,3	-0,9	1,6	2,1	1,4	-4,4	4,6	0,2	4,6
Cantabria	-4,1	1,9	-1,9	-7,1	8,0	-6,4	4,7	-1,7	4,4	-1,5	0,7	-0,7	-2,6	3,0	-2,3	1,7	-0,6	1,6
Castela e León	-10,4	-3,3	-22,8	-3,3	14,7	-25,7	-2,4	10,1	3,4	-0,9	-0,3	-2,0	-0,3	1,3	-2,3	-0,2	0,9	0,3
Castela-A Mancha	-15,3	0,6	6,4	-5,6	-2,2	7,1	8,4	16,3	-1,3	-1,5	0,1	0,6	-0,6	-0,2	0,7	0,8	1,6	-0,1
Cataluña	-33,7	-9,4	34,3	47,1	41,4	-5,4	15,1	12,6	176,7	-0,9	-0,2	0,9	1,2	1,1	-0,1	0,4	0,3	4,5
C. Valenciana	-37,1	15,2	4,6	-39,1	46,4	-21,2	39,7	94,1	68,1	-1,5	0,6	0,2	-1,6	1,9	-0,9	1,6	3,8	2,7
Estremadura	0,2	-1,2	-6,1	2,3	2,3	-6,7	-1,8	3,5	2,8	0,0	-0,2	-1,2	0,5	0,5	-1,3	-0,4	0,7	0,6
Galicia	**-19,2**	**-1,4**	**-15,9**	**-0,9**	**4,7**	**-18,2**	**2,9**	**9,5**	**17,8**	**-1,5**	**-0,1**	**-1,3**	**-0,1**	**0,4**	**-1,5**	**0,2**	**0,8**	**1,4**
Madrid	49,4	-58,6	43,6	38,3	95,1	20,6	-14,4	75,1	106,3	1,5	-1,7	1,3	1,1	2,8	0,6	-0,4	2,1	2,9
Murcia	-2,9	0,8	6,3	10,0	10,9	-3,4	22,7	6,0	6,5	-0,4	0,1	0,9	1,4	1,5	-0,5	3,1	0,8	0,9
Navarra	0,4	2,5	1,9	6,4	-0,3	-1,1	4,5	6,3	2,5	0,1	0,8	0,6	2,1	-0,1	-0,3	1,4	2,0	0,8
País Vasco	3,3	0,9	-4,1	5,1	-2,7	-4,7	23,2	-5,8	25,1	0,3	0,1	-0,4	0,5	-0,3	-0,5	2,3	-0,6	2,4
A Rioxa	-3,4	-1,4	0,5	1,9	1,3	1,2	0,3	1,4	-1,3	-2,2	-0,9	0,3	1,2	0,8	0,8	0,2	0,9	-0,8
Ceuta	1,1	-0,3	1,4	-0,8	2,1	-1,7	-0,2	5,3	-3,2	2,9	-0,8	3,9	-2,1	5,8	-4,4	-0,5	14,4	-7,6
Melilla	-1,9	2,6	0,8	1,0	-2,3	4,4	-0,9	-2,9	0,4	-5,2	7,5	2,2	2,6	-5,9	12,0	-2,2	-7,2	1,1
España	**-44,1**	**-127,8**	**19,1**	**103,8**	**290,0**	**-94,7**	**224,7**	**199,0**	**589,6**	**-0,2**	**-0,6**	**0,1**	**0,5**	**1,3**	**-0,4**	**1,0**	**0,9**	**2,5**

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano.

4.3.2. Taxa de actividade

O cadro 4.16 recolle os valores do cuarto trimestre da taxa de actividade da poboación de 16 a 64 anos nas distintas CC.AA. e cidades autónomas entre 2015 e 2023. Cómpre indicar que a Enquisa de poboación activa (EPA) xa incorpora na súas estimacións dende o primeiro trimestre de 2021 ao cuarto trimestre de 2023, as cifras do Censo de Poboación e Vivendas de 2021. Este cambio de base poboacional consiste en incorporar e actualizar as series de poboación en vivendas derivadas do Censo de Poboación e Vivendas de 2021, na das que se viñan aplicando ata o momento, baseadas no censo de 2011. Isto provocou a revisión dos factores de elevación da enquisa, obtidos a partir das citadas poboacións, dende o primeiro trimestre de 2021. En consecuencias, as cifras derivadas da EPA non coinciden coas publicadas outros anos neste informe. Nesta nova edición utilízanse as cifras recalculadas polo INE.

- En Galicia foi do 52,9% en 2023, 0,4 puntos máis que en 2022 e 5,9 puntos porcentuais por baixo da taxa estatal (58,5%). A taxa media estatal en 2023 aumentou en 0,43 puntos respecto de 2022.

- A taxa de actividade baixou en Ceuta, A Rioxa, Castela e León, Murcia, Navarra e Castela-A Mancha. En Galicia experimentou unha suba do 0,36%.

- Madrid (63,2%), Cataluña (62,0%), Baleares (60,9%) e Canarias (60,6%) tiveron en 2023 as taxas máis altas, mentres que as máis baixas foron en Asturias (50,1%) e Galicia (52,9%).

CADRO 4.16. TAXAS DE ACTIVIDADE DA POBOACIÓN. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2015-2023

	Taxa de actividade									Variación da taxa en puntos porcentuais							
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	58,4	57,5	56,9	56,6	56,6	56,7	57,6	56,4	56,9	-0,93	-0,53	-0,34	0,03	0,06	0,91	-1,23	0,57
Aragón	58,6	59,2	58,5	59,1	59,3	58,4	58,7	58,4	59,0	0,61	-0,74	0,65	0,20	-0,90	0,27	-0,28	0,64
Asturias	51,8	50,9	50,7	50,3	50,8	50,2	49,8	49,7	50,1	-0,90	-0,23	-0,40	0,50	-0,59	-0,43	-0,01	0,31
Baleares	64,3	62,5	61,6	62,9	62,4	61,8	61,3	60,9	60,9	-1,84	-0,91	1,29	-0,51	-0,58	-0,53	-0,40	0,07
Canarias	61,8	60,9	60,9	61,0	60,7	57,4	59,5	59,1	60,6	-0,90	-0,01	0,04	-0,31	-3,22	2,10	-0,43	1,45
Cantabria	55,8	56,2	55,9	54,3	55,7	54,1	55,0	54,2	54,5	0,43	-0,35	-1,56	1,44	-1,61	0,84	-0,81	0,30
C. A Mancha	54,9	55,0	54,4	54,5	55,3	54,2	53,5	54,1	53,9	0,12	-0,58	0,09	0,84	-1,12	-0,67	0,51	-0,14
C. León	58,7	58,8	59,5	59,1	58,5	58,6	58,4	58,9	57,9	0,16	0,66	-0,44	-0,52	0,05	-0,17	0,51	-1,08
Cataluña	62,0	61,6	61,7	61,7	61,6	61,2	61,2	60,7	62,0	-0,40	0,08	-0,05	-0,10	-0,41	0,03	-0,48	1,26
C. Valenciana	59,2	59,5	59,3	58,1	58,5	57,6	58,2	59,4	59,5	0,31	-0,20	-1,23	0,42	-0,93	0,62	1,23	0,09
Estremadura	55,0	54,9	54,8	55,3	55,7	54,9	54,5	54,9	55,3	-0,03	-0,16	0,52	0,37	-0,74	-0,38	0,33	0,40
Galicia	**53,3**	**53,4**	**53,0**	**53,0**	**53,1**	**52,3**	**52,3**	**52,5**	**52,9**	**0,04**	**-0,39**	**0,01**	**0,14**	**-0,83**	**0,03**	**0,21**	**0,36**
Madrid	64,8	63,2	63,3	62,9	63,4	63,3	63,0	63,2	63,2	-1,57	0,14	-0,38	0,46	-0,07	-0,31	0,13	0,04
Murcia	59,3	59,1	59,3	59,6	59,6	58,8	59,8	59,6	59,3	-0,23	0,26	0,22	0,08	-0,83	1,03	-0,27	-0,31
Navarra	58,7	58,9	58,9	59,3	58,6	58,1	58,5	59,1	58,8	0,24	-0,06	0,48	-0,69	-0,57	0,41	0,66	-0,30
País Vasco	56,8	56,7	56,3	56,4	55,8	55,5	57,1	56,5	57,3	-0,10	-0,34	0,03	-0,55	-0,30	1,56	-0,60	0,84
A Rioxa	59,4	58,8	58,9	59,3	59,2	59,4	59,6	59,4	58,1	-0,58	0,12	0,39	-0,12	0,22	0,21	-0,24	-1,28
Ceuta	55,9	55,3	57,0	55,4	58,8	56,1	55,9	62,2	59,9	-0,60	1,66	-1,55	3,42	-2,77	-0,18	6,31	-2,29
Melilla	55,8	59,9	60,7	62,0	58,1	65,5	61,9	55,2	56,3	4,07	0,87	1,31	-3,95	7,46	-3,66	-6,66	1,08
España	**59,4**	**59,0**	**58,8**	**58,6**	**58,7**	**58,2**	**58,5**	**58,4**	**58,8**	**-0,48**	**-0,15**	**-0,19**	**0,13**	**-0,55**	**0,34**	**-0,13**	**0,43**

Da poboación de 16 a 64 anos.
Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

En derradeiro lugar, o cadro 4.17 diferencia por sexos a taxa de actividade por CC.AA. e do total español para o período 2015-2023. En Galicia, a taxa de actividade dos homes en 2023 foi do 61,1%, cun aumento de 5,01 puntos porcentuais respecto a 2022. Este incremento é notable, xa que a tendencia xeral noutras comunidades non mostra subidas tan pronunciadas. A nivel estatal, a taxa de actividade dos homes en 2023 foi do 60,5%, o que representa unha diminución de 3,25 puntos porcentuais en comparación con 2022, contrastando co incremento observado en Galicia. No que se refire ás mulleres, a súa taxa de actividade en 2023 foi do 49,6%, cun aumento de 0,31 puntos porcentuais respecto ao ano anterior. En España, a taxa de actividade das mulleres baixou 1,44 puntos porcentuais respecto a 2022.

Obsérvase tamén que a taxa de actividade masculina en Galicia (61,1%) é lixeiramente superior á media española (60,5%), mentres que a feminina (49,6%) está por debaixo da media (52,0%). A pesar do incremento observado en 2023, Galicia aínda mostra unha menor participación feminina no mercado laboral en comparación coa media estatal.

CADRO 4.17. TAXA DE ACTIVIDADE. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SEXO.
2015-2023

	Taxa de actividade									Variación da taxa en puntos porcentuais								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
	HOMES																	
Andalucía	65,0	64,6	64,0	64,0	63,3	63,5	63,7	62,2	63,8	0,82	-0,42	-0,65	0,01	-0,65	0,14	0,26	-1,50	1,57
Aragón	64,9	65,3	64,4	65,0	65,2	63,5	63,4	63,9	62,6	0,81	0,45	-0,97	0,64	0,17	-1,72	-0,10	0,59	-1,30
Asturias	55,8	55,7	54,9	54,2	55,0	54,7	55,3	54,1	63,3	-0,79	-0,15	-0,75	-0,74	0,82	-0,27	0,57	-1,21	9,21
Baleares	69,2	67,6	67,6	68,9	67,9	66,2	64,7	66,7	53,4	-1,28	-1,64	0,07	1,28	-1,03	-1,73	-1,41	1,97	-13,32
Canarias	68,4	65,7	65,6	65,8	65,7	61,1	63,6	64,8	66,2	-0,77	-2,70	-0,06	0,19	-0,14	-4,53	2,47	1,23	1,40
Cantabria	61,8	61,7	61,0	61,3	60,7	58,7	61,4	58,6	64,9	-0,25	-0,10	-0,68	0,27	-0,59	-1,99	2,68	-2,75	6,27
Castela-A Mancha	60,9	61,1	60,2	60,5	60,9	59,4	58,9	58,9	59,0	0,65	0,15	-0,86	0,29	0,44	-1,56	-0,43	0,00	0,07
Castela e León	65,6	66,6	66,7	65,9	65,2	65,3	65,3	65,8	59,1	-0,79	0,94	0,11	-0,74	-0,76	0,12	0,00	0,51	-6,72
Cataluña	67,6	66,8	67,0	66,8	66,5	65,7	65,5	65,6	64,3	-0,12	-0,77	0,15	-0,17	-0,33	-0,81	-0,19	0,15	-1,37
C. Valenciana	65,1	64,6	65,1	64,4	64,7	62,6	63,8	65,0	66,7	0,14	-0,47	0,50	-0,66	0,29	-2,07	1,13	1,20	1,71
Estremadura	62,5	62,3	62,2	62,1	62,1	59,8	61,5	60,8	64,3	2,02	-0,16	-0,14	-0,03	0,00	-2,36	1,73	-0,76	3,58
Galicia	**58,2**	**58,4**	**57,6**	**57,4**	**57,6**	**56,9**	**57,0**	**56,1**	**61,1**	**-0,15**	**0,21**	**-0,84**	**-0,14**	**0,16**	**-0,67**	**0,13**	**-0,93**	**5,01**
Madrid	70,1	68,5	68,2	68,3	68,1	67,6	68,1	67,6	57,1	1,20	-1,65	-0,23	0,05	-0,24	-0,43	0,45	-0,48	-10,54
Murcia	67,1	66,4	66,7	66,4	66,7	66,2	67,6	66,6	67,6	-0,24	-0,69	0,31	-0,31	0,29	-0,52	1,41	-1,02	1,08
Navarra	63,1	63,7	63,8	62,9	63,3	62,7	63,0	64,4	66,0	0,37	0,63	0,15	-0,94	0,39	-0,56	0,23	1,42	1,59
País Vasco	62,3	62,6	61,8	61,0	59,8	59,2	61,3	62,5	63,3	0,23	0,29	-0,77	-0,84	-1,19	-0,59	2,06	1,28	0,78
A Rioxa	66,3	64,3	65,1	63,4	63,6	64,4	64,0	64,8	61,7	-0,04	-2,01	0,72	-1,64	0,19	0,84	-0,44	0,77	-3,11
Ceuta	67,2	63,7	64,7	63,9	68,4	62,6	61,9	67,5	63,9	2,34	-3,52	0,99	-0,83	4,52	-5,82	-0,67	5,64	-3,69
Melilla	67,2	71,1	70,5	69,5	63,6	72,9	67,9	62,9	63,2	-6,44	3,87	-0,60	-1,03	-5,86	9,31	-5,05	-4,93	0,27
España	**65,4**	**64,8**	**64,6**	**64,5**	**64,2**	**63,3**	**63,8**	**63,7**	**60,5**	**0,28**	**-0,57**	**-0,23**	**-0,12**	**-0,21**	**-0,94**	**0,49**	**-0,09**	**-3,25**

	Taxa de actividade									Variación da taxa en puntos porcentuais								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	52,0	50,6	50,2	49,5	50,2	50,2	51,8	50,8	54,2	0,69	-1,43	-0,40	-0,67	0,70	-0,02	1,53	-0,96	3,36
Aragón	52,5	53,3	52,8	53,4	53,7	53,5	54,2	53,1	51,5	-0,31	0,80	-0,52	0,68	0,22	-0,12	0,61	-1,08	-1,56
Asturias	48,2	46,6	46,9	46,8	47,0	46,1	44,8	45,9	54,9	0,76	-1,56	0,23	-0,08	0,21	-0,89	-1,29	1,07	9,07
Baleares	59,6	57,5	55,7	56,9	56,9	57,5	57,9	55,2	47,1	1,14	-2,02	-1,89	1,29	-0,01	0,56	0,36	-2,70	-8,10
Canarias	55,5	56,3	56,4	56,3	55,8	53,9	55,6	53,6	55,8	-0,22	0,85	0,05	-0,09	-0,48	-1,94	1,77	-2,02	2,14
Cantabria	50,1	51,1	51,0	47,8	51,1	49,9	49,0	50,0	56,4	-0,71	0,94	-0,03	-3,26	3,35	-1,26	-0,85	1,01	6,36
Castela-A Mancha	49,0	49,1	48,8	48,7	49,9	49,2	48,3	49,4	50,2	0,29	0,09	-0,31	-0,09	1,23	-0,71	-0,87	1,03	0,87
Castela e León	51,7	51,1	52,3	52,2	51,9	51,9	51,6	52,1	49,0	-0,12	-0,63	1,23	-0,14	-0,27	-0,04	-0,29	0,52	-3,15
Cataluña	56,8	56,8	56,8	56,8	57,0	56,9	57,1	56,0	51,5	0,08	-0,04	0,02	0,05	0,12	-0,04	0,21	-1,08	-4,58
C. Valenciana	53,6	54,6	53,8	52,0	52,5	52,7	52,8	54,1	57,5	-1,01	1,07	-0,86	-1,76	0,53	0,18	0,12	1,24	3,40
Estremadura	47,6	47,7	47,5	48,6	49,3	50,2	47,8	49,2	54,9	-0,92	0,10	-0,16	1,05	0,75	0,84	-2,37	1,39	5,71
Galicia	**48,9**	**48,8**	**48,8**	**48,9**	**49,1**	**48,1**	**48,0**	**49,3**	**49,6**	**-0,24**	**-0,11**	**0,04**	**0,14**	**0,13**	**-0,99**	**-0,04**	**1,26**	**0,31**
Madrid	59,9	58,4	58,9	58,1	59,2	59,5	58,5	59,2	49,1	1,29	-1,49	0,48	-0,76	1,07	0,27	-0,99	0,68	-10,05
Murcia	51,6	51,9	52,1	52,8	52,7	51,6	52,2	52,7	59,2	0,77	0,25	0,22	0,76	-0,13	-1,15	0,67	0,43	6,55
Navarra	54,4	54,3	54,0	55,9	54,1	53,6	54,1	54,1	52,6	0,90	-0,12	-0,25	1,85	-1,73	-0,58	0,55	-0,05	-1,43
País Vasco	51,6	51,2	51,3	52,1	52,1	52,1	53,2	50,8	54,5	1,30	-0,44	0,05	0,83	0,05	-0,03	1,07	-2,35	3,68
A Rioxa	52,7	53,5	53,0	55,4	55,0	54,6	55,4	54,2	53,2	-2,73	0,81	-0,45	2,35	-0,42	-0,37	0,81	-1,21	-0,95
Ceuta	44,4	46,6	49,4	47,3	48,9	49,6	50,0	56,4	52,6	-2,69	2,19	2,81	-2,11	1,58	0,72	0,39	6,38	-3,77
Melilla	44,2	48,8	50,5	54,1	52,8	58,2	55,8	48,3	56,8	2,66	4,64	1,70	3,60	-1,37	5,40	-2,40	-7,49	8,48
España	**53,8**	**53,4**	**53,3**	**53,1**	**53,5**	**53,4**	**53,6**	**53,4**	**52,0**	**0,29**	**-0,38**	**-0,08**	**-0,25**	**0,45**	**-0,18**	**0,21**	**-0,17**	**-1,44**

Da poboación de 16 a 64 anos.
Fonte: INE. EPA, datos do 4º trimestre de cada ano.

4.4. POBOACIÓN OCUPADA. TAXA DE OCUPACIÓN

Este apartado analiza a poboación ocupada no período 2015-2023. En primeiro lugar, estúdase a súa evolución nos últimos anos por CC.AA; despois faise o mesmo coa taxa de ocupación, para situar os resultados no contexto estatal e da UE. Posteriormente, o foco ponse na distribución por sexos, provincias, sectores económicos, situación profesional e tipos de contrato.

4.4.1. Poboación ocupada

O cadro 4.18 recolle os datos da poboación ocupada en cada unha das CC.AA. no cuarto trimestre entre 2015-2023, así como a porcentaxe que cada comunidade representa no emprego total español e máis a variación que presentou cada unha delas. Salientar que:

- Galicia pechou 2023 con 1.136.000 persoas ocupadas, tras un incremento do emprego no último ano (31.000 postos de traballo).
- O incremento porcentual da poboación ocupada de Galicia en 2023 (2,8%) foi lixeiramente inferior á do conxunto do Estado (3,6%).
- O emprego aumentou no ano 2022 en todas as CC.AA, salvo en Castela e León (-0,6%), Melilla (-2,2%), A Rioxa (-2,4%) e Ceuta (-3,3%). A maior porcentaxe de incremento da ocupación rexistrouse no País Vasco (5,9%), Cataluña (5,7%) e Cantabria (4,7%).
- A participación de Galicia no total de ocupación española en 2023 (5,3%) foi lixeiramente menor que no ano anterior (5,4%).

CADRO 4.18. POBOACIÓN OCUPADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2015-2023

	Miles									Distribución porcentual								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	2.819	2.845	2.972	3.090	3.136	3.083	3.261	3.280	3.402	15,6	15,4	15,6	15,8	15,7	15,9	16,1	15,9	15,9
Aragón	548	561	566	577	591	568	600	600	621	3,0	3,0	3,0	2,9	3,0	2,9	3,0	2,9	2,9
Asturias	375	394	388	391	392	385	396	379	396	2,1	2,1	2,0	2,0	2,0	2,0	2,0	1,8	1,8
Baleares	502	512	520	556	570	524	521	554	564	2,8	2,8	2,7	2,8	2,9	2,7	2,6	2,7	2,6
Canarias	813	826	872	913	940	827	904	960	986	4,5	4,5	4,6	4,7	4,7	4,3	4,5	4,7	4,6
Cantabria	226	241	238	242	245	237	243	244	256	1,2	1,3	1,3	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2
Castela e León	944	973	966	991	1.004	977	989	1.019	1.013	5,2	5,3	5,1	5,1	5,0	5,0	4,9	4,9	4,7
Castela-A Mancha	742	770	799	830	824	822	872	878	900	4,1	4,2	4,2	4,2	4,1	4,2	4,3	4,3	4,2
Cataluña	3.102	3.203	3.316	3.391	3.478	3.341	3.556	3.596	3.801	17,1	17,3	17,5	17,3	17,4	17,3	17,5	17,4	17,8
C. Valenciana	1.906	1.974	2.036	2.063	2.106	2.034	2.135	2.255	2.333	10,5	10,7	10,7	10,5	10,5	10,5	10,5	10,9	10,9
Estremadura	360	358	369	381	381	386	398	408	418	2,0	1,9	1,9	1,9	1,9	2,0	2,0	2,0	2,0
Galicia	**1.033**	**1.050**	**1.056**	**1.088**	**1.096**	**1.081**	**1.093**	**1.105**	**1.136**	**5,7**	**5,7**	**5,6**	**5,6**	**5,5**	**5,6**	**5,4**	**5,4**	**5,3**
Madrid	2.846	2.861	2.927	3.036	3.175	3.068	3.192	3.235	3.362	15,7	15,5	15,4	15,5	15,9	15,9	15,7	15,7	15,7
Murcia	536	572	586	605	612	614	651	661	679	3,0	3,1	3,1	3,1	3,1	3,2	3,2	3,2	3,2
Navarra	264	277	280	285	288	278	291	298	303	1,5	1,5	1,5	1,5	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4
País Vasco	895	902	916	931	933	920	975	968	1.024	4,9	4,9	4,8	4,8	4,7	4,8	4,8	4,7	4,8
A Rioxa	132	136	135	139	141	141	144	148	144	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7
Ceuta	28	28	28	28	28	27	25	27	26	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
Melilla	23	27	29	30	27	31	29	27	26	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,1
España	**18.094**	**18.508**	**18.998**	**19.565**	**19.967**	**19.344**	**20.275**	**20.641**	**21.390**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano.

CONTINÚA EN PÁXINA SEGUINTE >

	Variación anual																		
	Miles									%									
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	110,8	25,9	126,3	118,7	45,7	-53,0	177,8	19,5	122,0	4,3	0,9	4,4	4,0	1,5	-1,7	5,8	0,6	3,7
Aragón	10,8	12,5	4,9	11,3	14,2	-23,1	32,2	-0,1	20,3	2,1	2,3	0,9	2,0	2,5	-3,9	5,7	0,0	3,4
Asturias	-1,0	18,4	-5,4	2,2	1,4	-7,3	11,5	-16,9	16,4	-0,3	4,9	-1,4	0,6	0,4	-1,9	3,0	-4,3	4,3
Baleares	23,7	10,1	8,7	35,8	14,0	-46,3	-3,2	33,7	9,9	5,2	2,0	1,7	6,9	2,5	-8,1	-0,6	6,5	1,8
Canarias	20,0	13,0	45,5	41,6	26,9	-112,9	76,6	56,3	26,1	2,7	1,6	5,5	4,8	2,9	-12,0	9,3	6,2	2,7
Cantabria	0,6	14,8	-3,2	4,0	3,1	-7,4	5,9	1,2	11,6	0,3	6,5	-1,3	1,7	1,3	-3,0	2,5	0,5	4,7
Castela e León	12,0	29,0	-7,1	25,0	13,1	-27,3	12,7	29,8	-5,9	1,3	3,1	-0,7	2,6	1,3	-2,7	1,3	3,0	-0,6
Castela-A Mancha	-6,1	28,4	29,0	31,0	-5,9	-2,3	50,5	5,2	22,5	-0,9	3,8	3,8	3,9	-0,7	-0,3	6,1	0,6	2,6
Cataluña	49,3	100,7	113,6	74,9	87,0	-137,5	215,1	39,8	205,3	1,6	3,2	3,5	2,3	2,6	-4,0	6,4	1,1	5,7
C. Valenciana	61,9	68,2	62,0	26,9	43,7	-72,5	101,3	119,3	78,4	3,5	3,6	3,1	1,3	2,1	-3,4	5,0	5,6	3,5
Estremadura	12,4	-2,0	11,3	11,8	-0,2	5,5	11,1	10,1	10,2	3,6	-0,6	3,2	3,2	-0,1	1,4	2,9	2,5	2,5
Galicia	**-2,2**	**17,1**	**6,2**	**32,3**	**7,9**	**-15,1**	**12,2**	**11,7**	**31,1**	**-0,2**	**1,7**	**0,6**	**3,1**	**0,7**	**-1,4**	**1,1**	**1,1**	**2,8**
Madrid	122,6	15,1	66,2	108,6	138,9	-107,0	124,0	43,6	126,4	4,6	0,5	2,3	3,7	4,6	-3,4	4,0	1,4	3,9
Murcia	6,9	35,3	14,8	18,2	7,3	2,2	36,7	9,7	18,0	1,3	6,6	2,6	3,1	1,2	0,4	6,0	1,5	2,7
Navarra	5,0	12,9	2,9	4,6	2,9	-9,3	12,7	6,6	5,1	1,9	4,9	1,0	1,6	1,0	-3,2	4,6	2,3	1,7
País Vasco	2,5	7,2	13,8	14,7	2,7	-13,2	55,0	-7,6	56,7	0,3	0,8	1,5	1,6	0,3	-1,4	6,0	-0,8	5,9
A Rioxa	2,0	3,5	-0,5	3,5	1,8	0,4	2,6	4,4	-3,6	1,6	2,6	-0,4	2,6	1,3	0,3	1,8	3,1	-2,4
Ceuta	3,0	0,1	-0,3	0,1	0,3	-0,9	-2,3	2,3	-0,9	2,6	0,4	-1,1	0,4	1,1	-3,2	-8,5	9,3	-3,3
Melilla	2,6	3,7	1,6	1,1	-2,8	4,4	-1,9	-2,5	-0,6	5,4	15,9	5,9	3,8	-9,4	16,4	-6,1	-8,5	-2,2
España	**433,9**	**413,9**	**490,3**	**566,2**	**402,3**	**-622,6**	**930,5**	**365,9**	**749,0**	**2,5**	**2,3**	**2,6**	**3,0**	**2,1**	**-3,1**	**4,8**	**1,8**	**3,6**

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano.

4.4.2. TAXA DE OCUPACIÓN

O cadro 4.19 recolle as taxas de ocupación da poboación de 16 a 64 anos nas distintas CC.AA. no cuarto trimestre do período 2015-2023. Así mesmo, de novo é necesario lembrar o indicado anteriormente respecto ao cambio metodolóxico na EPA.

- A taxa galega en 2023 aumentou respecto ao ano pasado en 1,1 puntos porcentuais, o mesmo que a media estatal.
- Galicia pechou 2023 cunha taxa de ocupación do 48,0%, 3,9 puntos por baixo da media estatal (51,9 %), a sexta con menor taxa de ocupación.
- No cuarto trimestre de 2023 as CC.AA. con maiores taxas de ocupación foron Madrid, Cataluña, Aragón, Baleares, País Vasco e Navarra, todas por riba do 53%, mentres que as menores se atopan nas dúas cidades autónomas (Melilla con 39,7% e Ceuta con 40,3%), Asturias (44,2%), Estremadura (46,3%) e Andalucía (46,9%).

CADRO 4.19. TAXAS DE OCUPACIÓN. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2015-2023

	Taxa de ocupación									Variación da taxa en puntos porcentuais								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	41,0	41,2	43,0	44,6	44,9	43,8	45,9	45,6	46,9	1,9	0,3	1,8	1,5	0,3	-1,1	2,1	-0,3	1,3
Aragón	50,0	51,2	51,8	52,6	53,4	51,1	53,3	52,8	54,2	1,7	1,2	0,6	0,7	0,9	-2,3	2,2	-0,5	1,4
Asturias	41,3	43,5	43,3	43,8	44,1	43,4	44,7	42,7	44,2	1,1	2,2	-0,2	0,6	0,3	-0,7	1,3	-2,0	1,5
Baleares	53,4	53,9	53,8	56,0	56,2	51,1	52,3	54,4	54,1	2,8	0,5	-0,1	2,2	0,2	-5,1	1,3	2,0	-0,2
Canarias	45,3	45,8	47,5	48,8	49,3	43,0	48,1	50,3	50,8	1,1	0,5	1,7	1,3	0,5	-6,3	5,1	2,2	0,5
Cantabria	45,9	49,0	48,3	49,0	49,5	47,7	48,6	48,4	50,4	0,6	3,1	-0,6	0,7	0,5	-1,8	0,9	-0,2	2,0
Castela e León	45,2	46,8	46,9	48,4	49,1	47,9	48,0	49,2	48,7	1,7	1,6	0,1	1,4	0,8	-1,2	0,0	1,3	-0,5
Castela- A Mancha	44,0	45,8	47,8	49,5	48,9	48,4	50,6	50,2	50,7	0,1	1,8	2,0	1,8	-0,7	-0,5	2,2	-0,4	0,5
Cataluña	51,0	52,5	53,9	54,4	55,1	52,7	55,0	54,4	56,3	1,6	1,5	1,4	0,5	0,7	-2,5	2,3	-0,5	1,9
C. Valenciana	46,5	48,1	49,4	49,8	50,2	48,1	49,7	51,3	51,8	2,4	1,6	1,3	0,4	0,4	-2,1	1,6	1,6	0,5
Estremadura	39,5	39,4	41,0	42,5	42,6	43,2	44,0	45,3	46,3	2,1	-0,2	1,6	1,5	0,1	0,6	0,8	1,3	1,1
Galicia	**43,9**	**44,7**	**45,2**	**46,6**	**46,9**	**46,2**	**46,6**	**47,0**	**48,0**	**0,6**	**0,8**	**0,5**	**1,4**	**0,3**	**-0,7**	**0,4**	**0,4**	**1,1**
Madrid	54,1	54,0	54,6	55,7	57,1	54,8	56,6	56,0	57,1	2,9	-0,1	0,7	1,1	1,4	-2,3	1,9	-0,6	1,1
Murcia	45,4	48,1	49,1	50,1	50,1	49,8	52,0	51,8	52,5	1,1	2,7	1,0	1,0	-0,1	-0,3	2,2	-0,1	0,6
Navarra	50,7	53,0	53,2	53,4	53,4	51,3	52,7	53,1	53,4	1,6	2,3	0,2	0,2	0,0	-2,1	1,4	0,5	0,3
País Vasco	49,4	49,7	50,4	51,0	50,7	50,0	51,9	51,4	53,6	0,6	0,3	0,6	0,6	-0,2	-0,8	1,9	-0,5	2,2
A Rioxa	51,1	52,4	52,1	53,2	53,3	53,3	53,3	54,3	52,5	1,2	1,3	-0,3	1,1	0,1	-0,1	0,1	1,0	-1,9
Ceuta	42,9	42,9	42,1	42,1	42,6	41,1	38,5	41,5	40,3	3,2	0,0	-0,8	0,0	0,5	-1,5	-2,6	3,0	-1,1
Melilla	37,6	43,5	45,8	47,2	42,5	49,9	45,5	40,8	39,7	1,4	5,9	2,3	1,5	-4,7	7,4	-4,5	-4,7	-1,1
España	**47,0**	**48,0**	**49,1**	**50,1**	**50,6**	**48,8**	**50,7**	**50,8**	**51,9**	**1,7**	**1,0**	**1,1**	**1,1**	**0,5**	**-1,8**	**1,9**	**0,1**	**1,1**

Da poboación de 16 a 64 anos.
Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano.

O cadro 4.20 desagrega por sexos as taxas de emprego das distintas CC.AA. no período 2015-2023. A taxa de emprego masculina en Galicia (52,3%) está por baixo da media estatal (57,1%), ao igual que a feminina (44,2% e 46,9%, respectivamente). No contexto estatal, as comunidades autónomas con maiores taxas de emprego para homes en 2023 foron Madrid (61,6%), Cataluña (61,0%) e Murcia (59,6%). Para mulleres, as maiores taxas rexistráronse en Madrid (53,1%), Cataluña (51,8%) e País Vasco (49,6%).

CADRO 4.20. TAXAS DE EMPREGO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SEXOS. 2015-2023

HOMES

	Taxa de ocupación								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	47,3	48,0	50,1	52,5	52,0	51,4	52,6	51,9	53,2
Aragón	57,3	57,9	58,7	58,6	59,5	57,1	58,1	59,1	59,4
Asturias	44,1	47,3	47,2	47,9	48,0	47,7	50,0	46,3	47,4
Baleares	57,2	58,8	58,3	61,1	61,5	55,2	55,7	60,1	59,1
Canarias	50,6	50,3	52,5	53,2	54,2	46,9	52,1	56,4	55,8
Cantabria	51,2	53,9	53,0	56,1	54,4	52,2	54,8	53,8	55,4
Castela-A Mancha	51,8	53,0	53,4	54,6	55,0	53,9	53,6	54,3	54,4
Castela e León	51,7	54,2	56,3	58,1	57,1	57,3	59,1	58,2	58,2
Cataluña	56,4	57,5	59,0	59,5	59,9	57,2	59,6	59,0	61,0
C. Valenciana	51,8	53,3	55,5	56,3	57,0	53,4	55,6	57,3	57,0
Estremadura	47,7	47,2	49,0	50,6	50,2	49,5	51,3	52,0	52,5
Galicia	**48,3**	**49,3**	**49,4**	**50,9**	**51,7**	**51,1**	**51,4**	**50,7**	**52,3**
Madrid	58,7	58,8	59,4	60,7	61,7	59,0	61,7	61,3	61,6
Murcia	53,3	56,0	56,7	58,4	58,1	57,8	60,3	59,2	59,6
Navarra	55,5	57,8	58,8	57,2	58,2	55,6	55,8	58,1	58,4
País Vasco	54,6	55,1	55,3	55,3	54,7	54,1	55,3	57,2	58,0
A Rioxa	56,9	58,4	58,9	57,5	57,0	59,4	57,7	59,7	58,0
Ceuta	55,2	51,7	51,7	51,8	51,1	47,7	45,4	48,0	47,4
Melilla	47,7	55,6	56,1	55,0	50,0	58,2	52,4	50,8	43,9
España	**52,6**	**53,6**	**54,9**	**56,2**	**56,4**	**54,3**	**56,2**	**56,4**	**57,1**

	Variación da taxa en puntos porcentuais								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	2,4	0,7	2,1	2,4	-0,5	-0,6	1,2	-0,7	1,3
Aragón	4,4	0,6	0,9	-0,1	0,9	-2,4	1,0	1,1	0,3
Asturias	0,2	3,3	-0,1	0,7	0,1	-0,3	2,3	-3,7	1,1
Baleares	2,7	1,6	-0,5	2,8	0,4	-6,3	0,6	4,4	-1,0
Canarias	2,7	-0,4	2,2	0,7	1,0	-7,3	5,3	4,3	-0,5
Cantabria	-0,8	2,7	-0,9	3,1	-1,7	-2,2	2,6	-1,0	1,6
Castela-A Mancha	2,6	1,2	0,4	1,2	0,4	-1,2	-0,2	0,7	0,1
Castela e León	0,8	2,5	2,2	1,8	-0,9	0,1	1,9	-1,0	0,0
Cataluña	1,7	1,1	1,5	0,5	0,3	-2,6	2,4	-0,6	2,0
C. Valenciana	3,1	1,5	2,2	0,9	0,7	-3,6	2,2	1,7	-0,3
Estremadura	3,2	-0,5	1,8	1,6	-0,4	-0,7	1,8	0,7	0,4
Galicia	**1,3**	**1,0**	**0,1**	**1,6**	**0,7**	**-0,6**	**0,4**	**-0,8**	**1,6**
Madrid	1,8	0,1	0,6	1,4	0,9	-2,6	2,7	-0,4	0,3
Murcia	1,7	2,7	0,6	1,7	-0,3	-0,2	2,4	-1,0	0,4
Navarra	0,7	2,4	1,0	-1,7	1,0	-2,5	0,2	2,3	0,3
País Vasco	0,0	0,5	0,2	0,0	-0,7	-0,6	1,2	1,9	0,8
A Rioxa	3,5	1,5	0,5	-1,4	-0,5	2,4	-1,6	2,0	-1,7
Ceuta	4,9	-3,5	0,0	0,1	-0,6	-3,4	-2,3	2,6	-0,6
Melilla	5,1	7,9	0,5	-1,1	-5,0	8,1	-5,7	-1,6	-6,9
España	**2,0**	**1,0**	**1,3**	**1,2**	**0,2**	**-2,1**	**1,9**	**0,2**	**0,7**

CONTINÚA EN PÁXINA SEGUINTE >

MULLERES

	Taxa de ocupación								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	34,9	34,7	36,2	37,0	38,0	36,5	39,5	39,6	40,9
Aragón	43,0	44,8	45,2	46,7	47,6	45,4	48,7	46,7	49,2
Asturias	38,7	40,0	39,7	40,1	40,6	39,6	40,0	39,5	41,4
Baleares	49,6	49,0	49,4	51,0	51,0	47,1	49,0	48,8	49,3
Canarias	40,1	41,4	42,7	44,5	44,5	39,2	44,2	44,5	46,0
Cantabria	40,9	44,3	43,9	42,4	44,9	43,6	42,8	43,5	45,8
Castela-A Mancha	38,8	40,9	40,7	42,4	43,5	42,2	42,5	44,4	43,3
Castela e León	36,3	37,4	39,2	40,9	40,5	39,5	42,2	42,3	43,3
Cataluña	46,0	47,7	49,1	49,6	50,7	48,4	50,5	50,1	51,8
C. Valenciana	41,4	43,2	43,5	43,5	43,7	43,1	44,1	45,5	46,9
Estremadura	31,6	31,7	33,2	34,6	35,2	37,1	36,9	38,7	40,4
Galicia	**39,8**	**40,5**	**41,4**	**42,7**	**42,5**	**41,7**	**42,2**	**43,6**	**44,2**
Madrid	49,9	49,6	50,3	51,1	52,9	50,9	52,0	51,2	53,1
Murcia	37,5	40,3	41,7	42,0	42,2	41,8	43,8	44,5	45,4
Navarra	46,1	48,4	47,7	49,7	48,7	47,1	49,6	48,3	48,5
País Vasco	44,7	44,7	45,8	46,9	47,1	46,2	48,7	46,0	49,6
A Rioxa	45,5	46,6	45,6	49,1	49,8	47,4	49,1	49,1	47,1
Ceuta	30,5	33,9	32,8	32,9	33,7	34,5	31,7	34,4	33,6
Melilla	27,3	31,6	35,0	39,0	35,3	41,7	38,4	31,7	35,2
España	**41,7**	**42,6**	**43,5**	**44,5**	**45,2**	**43,6**	**45,5**	**45,5**	**46,9**

	Variación da taxa en puntos porcentuais								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	1,4	-0,2	1,5	0,7	1,0	-1,5	3,0	0,2	1,3
Aragón	-1,2	1,7	0,4	1,6	0,8	-2,2	3,3	-1,9	2,5
Asturias	2,1	1,3	-0,3	0,4	0,5	-1,0	0,5	-0,5	1,9
Baleares	2,9	-0,6	0,4	1,6	-0,1	-3,9	2,0	-0,2	0,5
Canarias	-0,5	1,3	1,3	1,9	-0,1	-5,3	5,0	0,3	1,5
Cantabria	2,0	3,4	-0,4	-1,5	2,5	-1,4	-0,8	0,7	2,4
Castela-A Mancha	0,7	2,1	-0,2	1,7	1,1	-1,3	0,3	1,9	-1,2
Castela e León	-0,7	1,1	1,8	1,8	-0,4	-1,0	2,7	0,1	1,0
Cataluña	1,5	1,8	1,4	0,5	1,1	-2,3	2,1	-0,4	1,7
C. Valenciana	1,8	1,8	0,4	0,0	0,2	-0,6	0,9	1,4	1,4
Estremadura	1,0	0,2	1,5	1,4	0,6	1,9	-0,2	1,8	1,7
Galicia	**0,0**	**0,7**	**0,9**	**1,3**	**-0,1**	**-0,8**	**0,5**	**1,4**	**0,6**
Madrid	3,9	-0,3	0,7	0,8	1,8	-2,0	1,1	-0,8	1,8
Murcia	0,6	2,8	1,4	0,3	0,2	-0,4	2,0	0,7	0,9
Navarra	2,7	2,2	-0,6	2,0	-1,0	-1,6	2,5	-1,3	0,2
País Vasco	1,2	0,1	1,1	1,1	0,2	-0,9	2,5	-2,7	3,6
A Rioxa	-1,1	1,1	-1,0	3,5	0,7	-2,4	1,7	0,0	-2,0
Ceuta	1,2	3,4	-1,1	0,0	0,9	0,8	-2,9	2,7	-0,7
Melilla	-2,3	4,3	3,5	4,0	-3,7	6,4	-3,3	-6,6	3,4
España	**1,4**	**0,9**	**0,9**	**0,9**	**0,8**	**-1,6**	**1,9**	**0,1**	**1,4**

Da poboación de 16 a 64 anos.
Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano.

O cadro 4.21 presenta, en medias anuais, as taxas de ocupación da poboación de 16 a 64 años en España e no conxunto da UE27, en 2001 e entre 2011 a 2023.

A taxa de ocupación en España mostra unha mellora constante dende o ano 2013, cando acadou o seu mínimo durante a crise económica. Este incremento foi particularmente notable a partir de 2014. A diferenza entre as taxas de ocupación de España e da UE27 tamén se foi reducindo progresivamente dende 2013. Aínda que o impacto da COVID-19 en 2020 ampliou temporalmente esta diferenza, a tendencia de redución retomouse en 2021. En 2023, a taxa de ocupación en España sitúase en 65,3%, un incremento significativo respecto aos anos anteriores, e a diferenza coa UE27 redúcese a 5,1 puntos porcentuais, o que reflicte unha mellora na converxencia co mercado laboral europeo.

CADRO 4.21. TAXAS DE OCUPACIÓN DA POBOACIÓN 15-64 ANOS. ESPAÑA/UE. 2001/2011-2023

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016
España	57,8	58,0	55,8	54,8	56,0	57,8	59,5
UE27	62,6	62,8	62,6	62,5	63,2	64,1	65,2
Diferencial España-UE27	-4,8	-4,8	-6,8	-7,7	-7,2	-6,3	-5,7

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
España	61,1	62,4	63,3	60,9	62,6	64,3	65,3
UE27	66,4	67,3	68,1	67,0	68,3	69,8	70,4
Diferencial España-UE27	-5,3	-4,9	-4,8	-6,1	-5,7	-5,5	-5,1

Elaboración propia.
Datos en miles, en medias anuais.
Fonte: Eurostat.

No cadro 4.22 preséntanse as taxas de ocupación das sete maiores cidades de Galicia para o período 2015-2023. Agás Ferrol, as cidades melloran nas taxas entre 2022 e 2023. As maiores subas rexístranse na Coruña (1,7 puntos porcentuais) e Santiago de Compostela (1,4 puntos porcentuais).

CADRO 4.22. TAXAS DE OCUPACIÓN DAS SETE MAIORES CIDADES DE GALICIA. 2015-2023

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
A Coruña	45,7	46,8	48,2	47,7	49,3	46,3	45,4	48,8	50,5
Lugo	51,4	52,2	53,7	54,8	55,5	53,6	53,3	53,4	53,8
Ourense	45,3	45,2	48,5	49,5	48,4	48,6	48,3	48,6	49,8
Pontevedra	45,4	49,5	47,7	49,5	47,2	46,8	47,2	44,7	44,9
Santiago de Compostela	54,2	52,9	55,5	56,6	58,3	53,9	52,2	50,5	51,9
Vigo	46,0	45,1	46,9	48,4	49,2	48,2	47,8	47,9	49,1
Ferrol	34,5	32,5	35,9	41,4	42,6	36,9	38,6	39,8	36,9
Galicia	**43,1**	**44,3**	**45,0**	**46,2**	**46,9**	**45,9**	**46,4**	**47,0**	**47,8**

Fonte: IGE, INE (EPA).

O cadro 4.23 procede á desagregación por sexos e provincias das taxas de actividade para o período 2015-2023. En 2023, a taxa de ocupación en Galicia foi do 47,8%, cunha diferenza de 8,1 puntos entre homes (52,1%) e mulleres (44,0%). Por provincias, A Coruña acadou un 48,5% de ocupación, Lugo un 48,1%, Ourense un 44,2% e Pontevedra un 48,2%. Observouse un aumento en todas as provincias en comparación con 2022, sendo o incremento máis destacado en Ourense (1,3 puntos porcentuais) e Pontevedra (1,1 puntos porcentuais). As taxas de ocupación melloraron en todas as provincias galegas tanto para homes como para mulleres entre 2022 e 2023, con incrementos máis destacados en Ourense e Pontevedra. A taxa de ocupación das mulleres mostrou un maior aumento en comparación coa dos homes en todas as provincias, especialmente en Ourense, onde a diferenza foi de 2,0 puntos porcentuais.

CADRO 4.23. TAXA DE OCUPACIÓN. POR SEXO E PROVINCIA. 2015-2023

	Total	Homes	Mulleres
Galicia			
2015	43,1	47,7	39,0
2016	44,3	48,8	40,1
2017	45,0	49,2	41,1
2018	46,2	50,4	42,3
2019	46,9	51,4	42,8
2020	45,9	50,9	41,4
2021	46,4	51,2	42,0
2022	47,0	51,2	43,1
2023	**47,8**	**52,1**	**44,0**
A Coruña			
2015	45,2	49,9	40,9
2016	46,4	51,1	42,1
2017	47,0	51,3	43,1
2018	48,1	52,2	44,4
2019	49,2	54,0	44,9
2020	47,0	51,7	42,8
2021	47,1	51,9	42,8
2022	48,0	52,4	44,1
2023	**48,5**	**52,9**	**44,5**
Lugo			
2015	43,6	47,7	39,8
2016	44,4	48,7	40,4
2017	45,1	50,4	40,2
2018	46,9	51,4	42,8
2019	46,5	50,5	42,8
2020	46,7	51,1	42,6
2021	47,6	50,9	44,6
2022	47,0	49,4	44,7
2023	**48,1**	**50,5**	**45,9**
Ourense			
2015	38,0	40,7	35,5
2016	38,6	41,7	35,7
2017	40,0	44,0	36,3
2018	41,4	45,2	37,9
2019	41,5	45,2	38,1
2020	41,8	46,4	37,6
2021	42,9	47,2	39,0
2022	42,9	46,0	40,1
2023	**44,2**	**46,4**	**42,1**
Pontevedra			
2015	42,2	47,4	37,5
2016	43,7	48,5	39,2
2017	44,1	48,0	40,5
2018	45,2	49,7	41,0
2019	46,1	50,8	41,7
2020	45,7	51,3	40,5
2021	46,2	51,7	41,1
2022	47,1	52,3	42,2
2023	**48,2**	**53,5**	**43,3**

Medias anuais.
INE, Enquisa de poboación activa.

4.4.3. Distribución da poboación ocupada por sexos, sectores económicos, grupo de idade, situacións profesionais e tipo de contrato

Dende 2015 ata 2023, a poboación ocupada en Galicia experimentou incrementos significativos en varios sectores económicos. O sector servizos destacou cun aumento do 12,3%, consolidándose como a columna vertebral do emprego en Galicia ao concentrar preto do 71,7% do emprego total en 2023. O sector agrícola tamén experimentou un notable crecemento do 19,7%, mentres que a industria e a construción aumentaron en 5,5% e

5,1%, respectivamente. A pesca e acuicultura rexistraron un incremento do 7,7% no mesmo período. En total, a poboación ocupada en Galicia subiu preto dun 11% dende 2015, reflectindo unha tendencia positiva no mercado laboral galego.

No período máis recente, de 2022 a 2023, observamos tamén incrementos importantes en varios sectores. O sector servizos continuou a súa expansión cun aumento do 2,2%, mentres que a industria creceu nun 1,5%. A agricultura, gandaría, caza e silvicultura rexistrou un notable incremento do 7,9%, e a construción aumentou en 0,5%. A pesca e acuicultura tamén viu un lixeiro aumento do 3,2% (Cadro 4.24).

CADRO 4.24. POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR ECONÓMICO. GALICIA. 2015-2023

Total sectores		Industria	
2015	1.017,2	2015	159,5
2016	1.040,6	2016	161,9
2017	1.052,7	2017	171,2
2018	1.077,6	2018	169,0
2019	1.095,2	2019	179,4
2020	1.074,2	2020	182,4
2021	1.087,1	2021	171,0
2022	1.103,5	2022	165,8
2023	**1.128,5**	**2023**	**168,2**
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura		**Construción**	
2015	45,6	2015	73,6
2016	49,2	2016	71,8
2017	55,4	2017	66,6
2018	52,3	2018	67,3
2019	49,9	2019	70,1
2020	49,4	2020	75,1
2021	48,5	2021	75,7
2022	50,6	2022	76,9
2023	**54,6**	**2023**	**77,3**
Pesca e acuicultura		**Servizos**	
2015	18,1	2015	720,4
2016	22,2	2016	735,5
2017	19,8	2017	739,7
2018	15,7	2018	773,3
2019	16,8	2019	778,9
2020	19,7	2020	747,7
2021	20,2	2021	771,6
2022	18,9	2022	791,3
2023	**19,5**	**2023**	**809,0**

Datos en medias anuais.
Fonte: IGE, INE (EPA).

Os datos do cadro 4.25 reflicten as diferenzas na distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos entre Galicia e España en 2023. A poboación ocupada no sector agro-pesqueiro en Galicia (6,6%) é significativamente maior que a media estatal (3,6%), subliñando a importancia deste sector na economía galega. Na industria, Galicia tamén supera a media estatal cun 14,9% fronte ao 13,3% de España. No sector da construción, a proporción de poboación ocupada é semellante entre Galicia (6,8%) e España (6,6%). Finalmente, o sector servizos representa unha porcentaxe menor en Galicia (71,7%) en comparación co 76,5% a nivel estatal, evidenciando unha dependencia lixeiramente menor deste sector na economía galega.

CADRO 4.25. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN OCUPADA POR SECTORES ECONÓMICOS. GALICIA/ESPAÑA. 2023

	Agro-Pesqueiro	Industria	Construción	Servizos
Galicia	6,6	14,9	6,8	71,7
España	3,6	13,3	6,6	76,5

Fonte: INE, EPA, media anual.

O cadro 4.26 sintetiza a información sobre as situacións profesionais da poboación ocupada no período 2015-2023. O conxunto da poboación asalariada de Galicia en 2023, que inclúe o persoal asalariado do sector privado e do sector público, ascende a 918.400 persoas, representando un 81,3% da poboación ocupada. Esta porcentaxe é lixeiramente superior á de 2022, que foi do 81,2%. Destaca o incremento no volume de persoal asalariado no sector privado, que acadou as 722.300 persoas en 2023, o que supón un aumento de 17.000 persoas respecto ao ano anterior. Pola súa banda, a poboación empregada no sector público aumentou en 4.900 persoas entre 2022 e 2023.

O segundo grupo con maior achega ao emprego constitúeno as persoas traballadoras independentes ou empresariado sen persoal asalariado, con 142.000 persoas en 2023, un incremento de 8.700 persoas respecto ao 2022. En contraste, o empresariado con persoal asalariado reduciuse en 3.600 persoas, situándose en 63.800 en 2023. Finalmente, as persoas que traballan axudando na empresa ou negocio familiar diminuíron de 4.400 en 2022 a 2.500 en 2023.

CADRO 4.26. POBOACIÓN OCUPADA POR SITUACIÓN PROFESIONAL. GALICIA. 2015-2023

Total poboación ocupada		Persoal asalariado do sector privado	
2015	1.017,2	2015	619,2
2016	1.040,6	2016	635,1
2017	1.052,7	2017	645,6
2018	1.077,6	2018	671,6
2019	1.095,2	2019	691,0
2020	1.074,2	2020	673,4
2021	1.087,1	2021	679,6
2022	1.103,5	2022	705,3
2023	**1.128,5**	**2023**	**722,3**
Empresariado con persoal asalariado		**Axuda na empresa ou negocio familiar**	
2015	68,9	2015	7,0
2016	64,7	2016	5,7
2017	67,4	2017	6,9
2018	68,3	2018	5,8
2019	65,7	2019	5,5
2020	63,4	2020	4,5
2021	67,6	2021	5,6
2022	67,4	2022	4,4
2023	**63,8**	**2023**	**2,5**

CONTINÚA EN PÁXINA SEGUINTE >

P.traballadora independente ou empresariado sen persoal asalariado		Persoa membro dunha cooperativa	
2015	139,9	2015	1,0
2016	150,1	2016	1,7
2017	149,1	2017	1,6
2018	139,3	2018	1,6
2019	143,6	2019	1,8
2020	135,9	2020	1,5
2021	134,3	2021	1,4
2022	133,3	2022	1,8
2023	**142,0**	**2023**	**1,7**
Persoal asalariado do sector público		**Outra situación**	
2015	181,0	2015	0,2
2016	182,8	2016	0,5
2017	181,7	2017	0,4
2018	190,8	2018	0,2
2019	187,4	2019	0,2
2020	195,2	2020	0,3
2021	198,1	2021	0,5
2022	191,2	2022	0,1
2023	**196,1**	**2023**	**0,1**

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: INE, EPA.

O cadro 4.27 desagrega a poboación asalariada segundo o seu contrato, distinguindo os que teñen duración determinada (contrato temporal) ou non (indefinido). De 2015 a 2023 aumentou en Galicia o número de contratos indefinidos en 168.500, o que representa un incremento do 28,2%. Durante o mesmo período, reduciuse a contratación temporal en 50.300, un 24,7%. A taxa de temporalidade foi en 2022 en Galicia dun 19,4%, mantendo o mesmo valor que en 2022. En consecuencia, a contratación indefinida en 2023 representou o 83,3% do total de contratacións, comparado co 80,6% en 2022.

CADRO 4.27. CONTRATACIÓN INDEFINIDA E TEMPORAL. GALICIA. 2015-2023

	Contratación indefinida									Contratación temporal								
	2015	**2016**	**2017**	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**	**2022**	**2023**	**2015**	**2016**	**2017**	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**	**2022**	**2023**
Galicia	596,7	603,4	604,0	633,3	645,8	659,9	663,3	722,4	**765,2**	203,5	214,4	223,3	229,0	232,5	208,7	214,4	174,1	**153,2**

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: INE, EPA.

O cadro 4.28 amosa a duración dos contratos temporais en Galicia para 2023. Do total, 8.900 (5,8%) son de duración inferior a un mes e 21.400 (14,0%) de 1 a 3 meses. A análise conxunta amosa que a maior parte dos contratos temporais son de curta duración, cun 49,6% dos contratos de duración inferior a 6 meses. Ademais, unha proporción considerable de traballadores temporais (72.700 das persoas contratadas, un 47,5% do total) non ten claridade sobre a duración do seu contrato, o que indica unha alta inestabilidade e falta de previsibilidade no emprego temporal.

CADRO 4.28. DURACIÓN DOS CONTRATOS TEMPORAIS.
GALICIA. 2023

	< 1 mes	De 1 a 3 meses	De 4 a 6 meses	De 7 a 11 meses	Entre 1 e 2 anos	Entre 2 e 3 anos	De 3 anos ou mais	Non saben duración do contrato		
								Non saben duración	pero > 1 mes	pero < 1 mes
Galicia	8,9	21,4	19,3	7,3	13,6	2,9	7,1	4,4	65,7	2,6

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: IGE, INE (EPA).

O cadro 4.29 amosa a distribución da poboación asalariada entre a que traballa a tempo completo e a que o fai a tempo parcial para o período 2015-2023. Dende 2015, obsérvase un aumento constante no número de persoas con contratos a xornada completa. Así, o número de contratos a tempo completo en 2015 era de 673.800, mentres que en 2023 a cifra ascende a 781.600 (107.800 contratos máis, un incremento do 16%). No caso dos contratos a tempo parcial, a cifra pasou de 126.400 en 2015 a 136.800 en 2023, o que supón un incremento de 10.400 contratos (8,2%).

En termos máis recentes, entre 2022 e 2023, o número de contratos a xornada completa medrou en 19.800 empregos, un incremento do 2,6%. Pola súa banda, a contratación a tempo parcial incrementouse en 2.100 empregos, o que representa un aumento do 1,6%. Estes datos indican unha tendencia positiva na creación de emprego, tanto a tempo completo como parcial, cun maior incremento relativo nos contratos a xornada completa que reflicten unha mellora na capacidade das empresas para ofrecer contratos máis sólidos e a longo prazo.

Por outra banda, a contratación no sector privado incrementouse notablemente dende 2015 (cadro 4.30). Nomeadamente, o número de empregados no sector privado medrou un 16,7%, duplicando o incremento rexistrado no sector público (8,3%). Entre 2022 e 2023 a contratación no sector privado experimentou un aumento do 2,4%, cifra similar á rexistrada no sector privado (2,6%). En 2023 o 78,6% da poboación asalariada en Galicia traballa no sector privado, na liña do año precedente (78,7%).

CADRO 4.29. PERSOAL ASALARIADO POR TIPO DE XORNADA.
GALICIA. 2015-2023

	TOTAL	
	Completa	Parcial
2015	673,8	126,4
2016	694,6	123,3
2017	703,6	123,7
2018	732,4	130,0
2019	740,4	138,0
2020	743,7	124,9
2021	749,9	127,8
2022	761,8	134,7
2023	**781,6**	**136,8**

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: IGE, INE (EPA).

CADRO 4.30. PERSOAL ASALARIADO. SECTOR PÚBLICO E PRIVADO.
GALICIA. 2015-2023

	Sector público									Sector privado								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Galicia	181	182,8	181,7	190,8	187,4	195,2	198,1	191,2	**196,1**	619,2	635,1	645,6	671,6	691,0	673,4	679,6	705,3	**722,3**

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: INE (EPA).

4.5. POBOACIÓN DESEMPREGADA E TAXA DE PARO

4.5.1. Poboación desempregada

En 2023 houbo en Galicia unha importante redución de persoas en paro (16.700). A diminución porcentual do desemprego de Galicia en 2023 (-12,7 %) é máis de seis veces a rexistrada en 2022 (cadro 4.31) e está moi por riba da media nacional (-7,2%). O desemprego, en termos porcentuais, reduciuse especialmente en Cantabria (-29,2%) e País Vasco (-26,8%). Pola contra, aumentou na Rioxa (12,3%), Canarias (12,5%) e Melilla (15,8%).

CADRO 4.31. POBOACIÓN DESEMPREGADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. GALICIA. 2015-2023

	Miles								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	1198	1120	961	834	824	907	831	772	727
Aragón	94	88	73	72	65	81	61	64	55
Asturias	96	67	67	58	59	60	45	63	52
Baleares	103	82	75	68	63	110	89	66	71
Canarias	297	274	246	228	217	279	215	168	189
Cantabria	49	36	37	26	31	32	32	29	20
Castela e León	201	169	153	125	127	128	116	100	108
Castela-A Mancha	247	219	197	160	164	173	134	153	127
Cataluña	669	559	479	451	406	538	404	414	383
C. Valenciana	520	467	410	344	347	398	364	358	346
Estremadura	141	141	124	114	117	105	95	87	81
Galicia	**223**	**204**	**182**	**149**	**146**	**143**	**134**	**132**	**115**
Madrid	563	489	467	396	352	480	362	413	359
Murcia	165	131	122	114	117	112	99	99	88
Navarra	41	31	30	32	29	37	32	34	31
País Vasco	133	126	108	99	93	102	98	95	70
A Rioxa	22	17	18	16	15	16	17	14	16
Ceuta	8	8	10	9	11	10	11	14	13
Melilla	11	10	9	9	10	10	11	10	11
España	**4.780**	**4.238**	**3.767**	**3.304**	**3.192**	**3.720**	**3.149**	**3.082**	**2.861**

	Distribución porcentual								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	25,1	26,4	25,5	25,2	25,8	24,4	26,4	25,1	25,4
Aragón	2,0	2,1	1,9	2,2	2,0	2,2	1,9	2,1	1,9
Asturias	2,0	1,6	1,8	1,7	1,9	1,6	1,4	2,0	1,8
Baleares	2,2	1,9	2,0	2,1	2,0	3,0	2,8	2,2	2,5
Canarias	6,2	6,5	6,5	6,9	6,8	7,5	6,8	5,4	6,6
Cantabria	1,0	0,8	1,0	0,8	1,0	0,9	1,0	0,9	0,7
Castela e León	4,2	4,0	4,1	3,8	4,0	3,4	3,7	3,2	3,8
Castela-A Mancha	5,2	5,2	5,2	4,8	5,1	4,7	4,3	5,0	4,4
Cataluña	14,0	13,2	12,7	13,7	12,7	14,5	12,8	13,4	13,4
C. Valenciana	10,9	11,0	10,9	10,4	10,9	10,7	11,6	11,6	12,1
Estremadura	2,9	3,3	3,3	3,5	3,7	2,8	3,0	2,8	2,8
Galicia	**4,7**	**4,8**	**4,8**	**4,5**	**4,6**	**3,8**	**4,3**	**4,3**	**4,0**
Madrid	11,8	11,5	12,4	12,0	11,0	12,9	11,5	13,4	12,5
Murcia	3,5	3,1	3,2	3,4	3,7	3,0	3,1	3,2	3,1
Navarra	0,9	0,7	0,8	1,0	0,9	1,0	1,0	1,1	1,1
País Vasco	2,8	3,0	2,9	3,0	2,9	2,7	3,1	3,1	2,4
A Rioxa	0,4	0,4	0,5	0,5	0,5	0,4	0,5	0,4	0,5
Ceuta	0,2	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3	0,4	0,4	0,4
Melilla	0,2	0,2	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3	0,4
España	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**	**100**

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano.

CONTINÚA EN PÁXINA SEGUINTE >

	Variacións anuais Miles								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	-66,8	-78,0	-159,7	-126,3	-10,4	83,3	-76,3	-58,9	-44,6
Aragón	-13,0	-5,9	-15,2	-0,5	-6,9	15,9	-20,4	2,9	-8,4
Asturias	-9,5	-28,5	-0,7	-9,0	1,7	0,7	-15,5	18,2	-10,7
Baleares	-22,3	-20,9	-6,8	-7,0	-5,4	47,2	-21,1	-22,4	4,5
Canarias	-23,1	-23,1	-27,6	-18,2	-10,8	61,6	-63,8	-47,5	21,0
Cantabria	-4,7	-12,9	1,3	-11,1	4,9	0,9	0,1	-3,0	-8,4
Castela e León	-22,4	-32,3	-15,7	-28,3	1,5	1,7	-12,8	-15,9	7,9
Castela-A Mancha	-9,3	-27,8	-22,5	-36,5	3,6	9,4	-38,9	18,5	-26,0
Cataluña	-83,0	-110,1	-79,3	-27,8	-45,6	132,1	-133,7	9,6	-30,5
C. Valenciana	-98,9	-53,0	-57,4	-65,9	2,6	51,3	-33,9	-6,1	-11,6
Estremadura	-12,3	0,8	-17,4	-9,5	2,5	-12,2	-9,4	-8,6	-5,8
Galicia	**-17,1**	**-18,5**	**-22,1**	**-33,2**	**-3,1**	**-3,2**	**-8,3**	**-2,7**	**-16,7**
Madrid	-73,2	-73,7	-22,6	-70,3	-43,9	127,7	-118,4	51,8	-54,7
Murcia	-9,7	-34,4	-8,6	-8,2	3,5	-5,5	-12,8	-0,1	-11,0
Navarra	-4,6	-10,6	-0,9	1,7	-3,1	8,2	-4,5	1,5	-2,8
País Vasco	0,8	-6,3	-17,9	-9,6	-5,4	8,5	-4,1	-2,4	-25,5
A Rioxa	-5,5	-4,9	1,0	-1,7	-0,5	0,9	0,6	-3,1	1,7
Ceuta	-1,3	-0,4	1,7	-0,9	1,9	-0,8	1,3	2,3	-0,8
Melilla	-2,2	-1,1	-0,9	0,0	0,5	0,0	0,8	-1,1	1,5
España	**-477,9**	**-541,7**	**-471,1**	**-462,4**	**-112,4**	**527,9**	**-571,1**	**-67,1**	**-220,8**

	Variacións anuais %								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	-4,6	-6,51	-14,26	-13,15	-1,25	10,11	-8,41	-7,09	-5,78
Aragón	-9,7	-6,30	-17,31	-0,69	-9,57	24,39	-25,15	4,78	-13,21
Asturias	-8,8	-29,75	-1,04	-13,51	2,95	1,18	-25,83	40,90	-17,07
Baleares	-16,7	-20,33	-8,30	-9,32	-7,93	75,28	-19,20	-25,23	6,78
Canarias	-6,3	-7,78	-10,07	-7,39	-4,73	28,33	-22,87	-22,07	12,52
Cantabria	-8,4	-26,54	3,64	-30,00	18,92	2,92	0,32	-9,43	-29,17
Castela e León	-8,7	-16,04	-9,28	-18,45	1,20	1,34	-9,98	-13,77	7,93
Castela-A Mancha	-3,2	-11,26	-10,27	-18,58	2,25	5,75	-22,49	13,80	-17,04
Cataluña	-9,9	-16,47	-14,20	-5,80	-10,10	32,55	-24,86	2,38	-7,37
C. Valenciana	-14,8	-10,18	-12,28	-16,07	0,76	14,80	-8,52	-1,68	-3,24
Estremadura	-7,5	0,57	-12,31	-7,67	2,19	-10,44	-8,98	-9,02	-6,69
Galicia	**-6,09**	**-8,31**	**-10,82**	**-18,23**	**-2,08**	**-2,19**	**-5,82**	**-2,01**	**-12,7**
Madrid	-10,7	-13,10	-4,62	-15,07	-11,08	36,25	-24,67	14,33	-13,23
Murcia	-4,7	-20,86	-6,59	-6,73	3,08	-4,69	-11,46	-0,10	-11,13
Navarra	-9,0	-25,60	-2,92	5,69	-9,81	28,77	-12,26	4,66	-8,31
País Vasco	0,5	-4,75	-14,18	-8,86	-5,47	9,11	-4,03	-2,46	-26,76
A Rioxa	-17,2	-22,79	6,02	-9,66	-3,14	5,84	3,68	-18,34	12,32
Ceuta	-9,2	-4,76	21,25	-9,28	21,59	-7,48	13,13	20,54	-5,93
Melilla	-17,9	-9,73	-8,82	0,00	5,38	0,00	8,16	-10,38	15,79
España	**-8,1**	**-11,3**	**-11,1**	**-12,3**	**-3,4**	**16,5**	**-15,4**	**-2,1**	**-7,2**

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano.

4.5.2. Taxa de desemprego

O cadro 4.32 compara as taxas de paro por CC.AA. no cuarto trimestre de cada ano. A taxa de paro en Galicia foi en 2023 dun 9,2% en Galicia (2,6 puntos porcentuais menos que en 2022). As maiores reducións da taxa de desemprego producíronse en Cantabria (-3,1 puntos porcentuais), País Vasco e Asturias (ambas con -2,6 puntos porcentuais).

Entre 2022 e 2023, a taxa de desemprego en Galicia diminuíu en 1,5 puntos porcentuais, pasando do 10,7% ao 9,2%. En 2023, Galicia presenta unha das taxas de desemprego máis baixas entre as comunidades autónomas de España, só superada polo País Vasco (6,4%), Cantabria (7,4%) e Aragón (8,2%). En contraste, as comunidades autónomas con maiores taxas de desemprego son Ceuta (32,7%) e Melilla (29,6%), destacándose así a mellora relativa da situación laboral en Galicia en comparación coas rexións con maiores dificultades de emprego.

CADRO 4.32. TAXAS DE DESEMPREGO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. GALICIA. 2015-2023

	Taxa de desemprego								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	29,8	28,3	24,4	21,3	20,8	22,7	20,3	19,1	17,6
Aragón	14,6	13,5	11,4	11,1	9,9	12,5	9,2	9,6	8,2
Asturias	20,3	14,6	14,6	12,9	13,1	13,5	10,1	14,2	11,6
Baleares	17,0	13,8	12,6	10,9	9,9	17,3	14,6	10,7	11,2
Canarias	26,8	24,9	22,0	20,0	18,8	25,2	19,2	14,9	16,1
Cantabria	17,7	12,9	13,5	9,7	11,2	11,8	11,6	10,5	7,4
Castela e León	17,6	14,8	13,7	11,2	11,2	11,6	10,5	8,9	9,6
Castela-A Mancha	25,0	22,1	19,7	16,2	16,6	17,4	13,3	14,8	12,3
Cataluña	17,7	14,9	12,6	11,8	10,5	13,9	10,2	10,3	9,2
C. Valenciana	21,5	19,2	16,8	14,3	14,1	16,4	14,6	13,7	12,9
Estremadura	28,1	28,3	25,1	23,1	23,5	21,3	19,3	17,6	16,2
Galicia	**17,7**	**16,3**	**14,7**	**12,0**	**11,7**	**11,7**	**10,9**	**10,7**	**9,2**
Madrid	16,5	14,6	13,8	11,5	10,0	13,5	10,2	11,3	9,6
Murcia	23,5	18,6	17,2	15,8	16,1	15,4	13,2	13,0	11,5
Navarra	13,5	10,0	9,6	10,0	9,0	11,7	10,0	10,2	9,3
País Vasco	12,9	12,3	10,6	9,6	9,1	10,0	9,1	9,0	6,4
A Rioxa	14,0	10,9	11,5	10,3	9,9	10,4	10,5	8,5	9,7
Ceuta	23,3	22,4	26,0	24,0	27,6	26,7	31,2	33,3	32,7
Melilla	32,6	27,4	24,6	23,9	26,8	23,8	26,5	26,2	29,6
España	**20,9**	**18,6**	**16,6**	**14,5**	**13,8**	**16,1**	**13,4**	**13,0**	**11,8**

	Variación da taxa en puntos porcentuais								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	-2,0	-1,6	-3,8	-3,2	-0,5	1,9	-2,4	-1,3	-1,4
Aragón	-1,9	-1,1	-2,2	-0,3	-1,2	2,6	-3,3	0,4	-1,4
Asturias	-1,5	-5,7	0,1	-1,8	0,3	0,4	-3,4	4,1	-2,6
Baleares	-3,8	-3,2	-1,2	-1,7	-1,0	7,4	-2,8	-3,9	0,5
Canarias	-2,0	-1,9	-2,9	-2,1	-1,2	6,4	-6,0	-4,4	1,2
Cantabria	-1,4	-4,8	0,6	-3,8	1,5	0,6	-0,2	-1,1	-3,1
Castela e León	-1,7	-2,8	-1,1	-2,5	0,0	0,4	-1,2	-1,6	0,7
Castela-A Mancha	-0,5	-2,8	-2,4	-3,6	0,4	0,8	-4,1	1,5	-2,5
Cataluña	-2,0	-2,9	-2,2	-0,9	-1,3	3,4	-3,7	0,1	-1,2
C. Valenciana	-3,7	-2,3	-2,4	-2,5	-0,2	2,2	-1,8	-0,9	-0,8
Estremadura	-2,4	0,2	-3,2	-2,0	0,4	-2,2	-2,0	-1,8	-1,3
Galicia	**-1,0**	**-1,5**	**-1,6**	**-2,7**	**-0,3**	**-0,1**	**-0,7**	**-0,3**	**-1,5**
Madrid	-2,5	-1,9	-0,9	-2,2	-1,6	3,5	-3,4	1,2	-1,7
Murcia	-1,2	-4,9	-1,4	-1,4	0,2	-0,7	-2,2	-0,2	-1,6
Navarra	-1,5	-3,5	-0,4	0,4	-1,0	2,6	-1,7	0,2	-0,9
País Vasco	0,0	-0,6	-1,7	-1,0	-0,5	0,9	-0,9	-0,1	-2,6
A Rioxa	-3,1	-3,1	0,6	-1,2	-0,4	0,5	0,2	-2,0	1,2
Ceuta	-4,3	-0,9	3,6	-2,0	3,6	-0,8	4,4	2,2	-0,7
Melilla	-4,3	-5,3	-2,8	-0,8	3,0	-3,0	2,7	-0,4	3,4
España	**-2,0**	**-2,3**	**-2,1**	**-2,1**	**-0,7**	**2,4**	**-2,7**	**-0,4**	**-1,2**

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano.

No cadro 4.33 preséntanse, por sexo e para o período 2015-2023, as taxas de paro das CC.AA. A análise das taxas de desemprego entre 2022 e 2023 revela unha tendencia xeral de redución tanto para homes como para mulleres en Galicia. A taxa de desemprego masculina en Galicia diminuíu de 9,7% en 2022 a 8,4% en 2023, 1,3 puntos porcentuais. A feminina tamén experimentou unha redución, pasando de 11,6% en 2022 a 10,1% en 2023 (1,5 puntos porcentuais). A tendencia observada en Galicia reflicte unha dinámica similar a nivel estatal, onde tanto a taxa de desemprego masculina como feminina mostran sinais de mellora. Nomeadamente, a taxa de desemprego masculina a nivel nacional reduciuse de 11,4% en 2022 a 10,4% en 2023, unha baixada de 1 punto porcentual. A diminución foi algo superior na taxa de desemprego feminina, 1,4 puntos porcentuais. Porén, a taxa de desemprego entre as mulleres segue sendo máis alta que a dos homes.

Ademais de Galicia, outras comunidades tamén amosaron melloras significativas nas súas taxas de desemprego. En Asturias, a taxa de desemprego masculina baixou de 14,5% en 2022 a 11,2% en 2023, unha das maiores reducións a nivel nacional con 3,3 puntos porcentuais. A taxa de desemprego feminina en Asturias tamén se reduciu notablemente, pasando de 13,9% a 12,0% no mesmo período, unha baixada de 1,9 puntos porcentuais. No País Vasco, a situación tamén mellorou significativamente. A taxa de desemprego masculina diminuíu en 2,7 puntos porcentuais, posicionando esta comunidade cunha das taxas de desemprego máis baixas de España. As mulleres no País Vasco tamén experimentaron unha importante mellora, cunha diminución da súa taxa de desemprego de 9,4% en 2022 a 6,9% en 2023, unha baixada de 2,5 puntos porcentuais. Na mesma liña, a taxa de desemprego masculina en Cantabria pasou de 8,2% en 2022 a 6,1% en 2023, unha redución de 2,1 puntos porcentuais. As mulleres cántabras viron unha baixada aínda máis drástica na taxa de desemprego, de 13,1% en 2022 a 8,8% en 2023, 4,3 puntos porcentuais, o que representa unha das maiores melloras en toda España.

Porén, non todas as comunidades experimentaron melloras. En Canarias, a taxa de desemprego masculina aumentou lixeiramente de 13,0% en 2022 a 14,0% en 2023, mentres que a taxa feminina subiu de 17,0% a 18,4% no mesmo período, aumentos que contrastan coa tendencia xeral de mellora observada noutras comunidades.

CADRO 4.33. TAXA DE DESEMPREGO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SEXOS. 2015-2023

	Taxa de desemprego									Variación da taxa en puntos porcentuais								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
HOMES																		
Andalucía	27,3	25,7	21,6	17,9	17,8	19,0	17,4	16,6	15,1	-2,4	-1,6	-4,1	-3,7	-0,1	1,2	-1,6	-0,9	-1,5
Aragón	11,8	11,5	8,8	9,9	8,7	10,0	8,4	7,6	6,2	-4,6	-0,3	-2,7	1,1	-1,2	1,3	-1,7	-0,8	-1,4
Asturias	21,0	15,0	14,0	11,6	12,7	12,8	9,6	14,5	11,2	-1,1	-6,1	-1,0	-2,4	1,2	0,1	-3,2	4,9	-3,2
Baleares	17,3	13,0	13,8	11,4	9,4	16,6	13,9	10,0	10,8	-4,5	-4,3	0,8	-2,4	-2,0	7,2	-2,7	-4,0	0,8
Canarias	25,9	23,5	20,0	19,2	17,5	23,4	18,0	13,0	14,0	-4,0	-2,5	-3,4	-0,8	-1,8	5,9	-5,3	-5,0	0,9
Cantabria	17,2	12,6	13,1	8,4	10,3	11,1	10,7	8,2	6,1	0,8	-4,5	0,4	-4,7	2,0	0,7	-0,4	-2,5	-2,1
Castela e León	15,0	13,3	11,3	9,8	9,7	9,3	9,0	7,9	7,9	-2,6	-1,7	-2,0	-1,5	-0,1	-0,4	-0,3	-1,2	0,0
Castela-A Mancha	21,2	18,6	15,5	11,9	12,3	12,3	9,4	11,6	9,4	-1,7	-2,6	-3,1	-3,6	0,4	0,0	-2,9	2,2	-2,2
Cataluña	16,5	13,9	11,9	10,9	10,0	12,9	9,0	10,1	8,6	-2,2	-2,6	-2,1	-0,9	-0,9	2,9	-3,9	1,2	-1,6
C. Valenciana	20,3	17,5	14,8	12,6	11,9	14,7	12,8	11,8	11,4	-3,7	-2,8	-2,7	-2,2	-0,7	2,8	-1,9	-1,0	-0,4
Estremadura	23,7	24,3	21,2	18,6	19,3	17,2	16,6	14,4	14,2	-2,3	0,6	-3,1	-2,7	0,7	-2,0	-0,6	-2,2	-0,2
Galicia	**17,0**	**15,6**	**14,3**	**11,3**	**10,3**	**10,3**	**9,8**	**9,7**	**8,4**	**-1,8**	**-1,4**	**-1,4**	**-2,9**	**-1,0**	**0,0**	**-0,4**	**-0,1**	**-1,4**
Madrid	16,4	14,2	13,0	11,1	9,4	12,7	9,3	9,3	8,9	-1,0	-2,2	-1,2	-1,9	-1,7	3,3	-3,4	0,0	-0,4
Murcia	20,6	15,6	15,1	12,1	13,0	12,6	10,8	11,0	9,7	-2,3	-4,9	-0,6	-3,0	0,9	-0,4	-1,8	0,2	-1,3
Navarra	12,1	9,2	7,8	9,1	8,1	11,3	11,4	9,8	7,7	-0,4	-2,8	-1,4	1,3	-1,0	3,2	0,1	-1,6	-2,1
País Vasco	12,3	12,0	10,5	9,2	8,6	8,6	9,7	8,6	5,9	0,2	-0,4	-1,4	-1,3	-0,6	0,1	1,1	-1,2	-2,6
A Rioxa	14,2	9,2	9,5	9,4	10,4	7,9	9,8	7,8	9,1	-4,3	-5,0	0,3	-0,1	1,0	-2,5	1,9	-2,0	1,3
Ceuta	18,0	18,9	20,1	19,0	25,3	23,8	26,6	29,0	25,0	-4,2	0,9	1,2	-1,2	6,3	-1,5	2,8	2,4	-4,0
Melilla	29,0	21,8	20,5	20,8	21,3	20,2	22,7	19,2	27,3	-12,8	-7,2	-1,4	0,3	0,5	-1,1	2,5	-3,5	8,1
España	**19,5**	**17,2**	**15,0**	**12,9**	**12,2**	**14,2**	**11,9**	**11,4**	**10,4**	**-2,3**	**-2,3**	**-2,3**	**-2,1**	**-0,6**	**1,9**	**-2,2**	**-0,5**	**-1,0**
MULLERES																		
Andalucía	32,9	31,4	27,9	25,4	24,4	27,3	23,7	22,0	20,5	-1,5	-1,5	-3,5	-2,5	-1,0	2,9	-3,6	-1,8	-1,4
Aragón	18,0	16,0	14,4	12,5	11,4	15,3	10,1	11,9	10,4	1,3	-2,0	-1,6	-1,9	-1,2	3,9	-5,2	1,8	-1,5
Asturias	19,6	14,2	15,3	14,2	13,6	14,2	10,7	13,9	12,0	-2,2	-5,4	1,1	-1,1	-0,6	0,6	-3,5	3,3	-1,9
Baleares	16,7	14,8	11,2	10,4	10,5	18,2	15,3	11,6	11,6	-2,8	-2,0	-3,5	-0,9	0,1	7,7	-2,9	-3,7	0,1
Canarias	27,8	26,6	24,3	20,9	20,3	27,3	20,6	17,0	18,4	0,5	-1,2	-2,2	-3,5	-0,6	7,0	-6,7	-3,6	1,4
Cantabria	18,4	13,2	14,0	11,3	12,1	12,6	12,6	13,1	8,8	-3,9	-5,2	0,8	-2,7	0,9	0,5	0,0	0,5	-4,3
Castela e León	20,8	16,7	16,6	12,9	13,0	14,3	12,1	10,1	11,6	-0,7	-4,1	-0,1	-3,7	0,0	1,4	-2,2	-2,1	1,6
Castela-A Mancha	29,8	26,8	25,1	21,6	21,9	23,8	18,3	18,9	15,9	1,0	-3,0	-1,6	-3,6	0,4	1,9	-5,6	0,6	-2,9
Cataluña	19,1	15,9	13,5	12,7	11,0	15,0	11,6	10,6	9,8	-1,9	-3,2	-2,4	-0,8	-1,7	4,0	-3,4	-1,0	-0,7
C. Valenciana	22,8	21,0	19,1	16,4	16,8	18,3	16,6	16,0	14,7	-3,7	-1,7	-2,0	-2,7	0,5	1,5	-1,6	-0,7	-1,3
Estremadura	33,7	33,5	30,1	28,8	28,7	26,1	22,8	21,3	18,7	-2,5	-0,2	-3,4	-1,3	-0,1	-2,6	-3,3	-1,4	-2,7
Galicia	**18,6**	**17,0**	**15,2**	**12,8**	**13,3**	**13,2**	**12,1**	**11,6**	**10,1**	**-0,3**	**-1,6**	**-1,8**	**-2,4**	**0,5**	**-0,1**	**-1,0**	**-0,5**	**-1,6**
Madrid	16,7	15,1	14,5	12,1	10,6	14,4	11,1	13,4	10,4	-3,8	-1,6	-0,6	-2,5	-1,5	3,8	-3,3	2,3	-3,0
Murcia	27,3	22,3	19,9	20,5	20,0	18,9	16,2	15,5	13,7	-0,1	-5,0	-2,4	0,6	-0,5	-1,0	-2,7	-0,7	-1,8
Navarra	15,2	10,9	11,7	11,0	10,0	12,0	8,3	10,6	11,0	-2,7	-4,3	0,8	-0,7	-0,9	2,0	-3,7	2,3	0,4
País Vasco	13,5	12,6	10,6	10,0	9,6	11,4	8,5	9,4	6,9	-0,2	-0,9	-2,0	-0,7	-0,4	1,7	-2,9	1,0	-2,6
A Rioxa	13,7	12,9	13,9	11,3	9,3	13,2	11,3	9,3	10,4	-1,4	-0,8	1,1	-2,6	-2,0	3,8	-1,8	-2,0	1,1
Ceuta	31,3	27,3	33,5	30,5	31,0	30,4	36,7	39,0	40,7	-4,7	-4,1	6,3	-3,0	0,4	-0,6	6,3	2,3	1,7
Melilla	38,2	35,3	30,7	28,0	33,2	28,3	31,2	34,3	32,3	7,0	-2,9	-4,7	-2,7	5,2	-4,9	2,9	3,1	-2,0
España	**22,5**	**20,3**	**18,4**	**16,3**	**15,6**	**18,3**	**15,2**	**14,7**	**13,3**	**-1,8**	**-2,3**	**-1,9**	**-2,1**	**-0,7**	**2,8**	**-3,2**	**-0,4**	**-1,4**

Da poboación de 16 a 64 anos.
Fonte: INE. EPA, datos do 4º trimestre de cada ano.

No ano 2023, as taxas de desemprego nos sete maiores concellos de Galicia mostran unha tendencia xeral de mellora respecto ao ano anterior (cadro 4.34). Santiago de Compostela pecha o ano coa menor taxa de desemprego, situándose no 8,3%, mentres que Ferrol presenta a taxa máis elevada, cun 14,0%. A diminución en 2023 foi especialmente notable en Ferrol, onde a taxa de desemprego se reduciu en 3,6 puntos porcentuais. Ourense tamén rexistrou unha mellora significativa, cunha baixada de 3,1 puntos porcentuais, pasando de 12,4% a 9,3%.

Ademais das melloras en Ferrol e Ourense, outras cidades galegas tamén experimentaron diminucións nas súas taxas de desemprego. A Coruña, por exemplo, reduciu a súa taxa de desemprego de 11,6% en 2022 a 9,0% en 2023, unha baixada de 2,6 puntos porcentuais. Vigo, cunha diminución de 1,5 puntos porcentuais, situou a súa taxa de desemprego en 11,8% en 2023, fronte ao 13,3% do ano anterior. Pola súa banda, Pontevedra tamén experimentou unha mellora, aínda que máis moderada, cunha redución de 1 punto porcentual. Pola contra, Lugo incrementou lixeiramente a súa taxa de desemprego, subindo de 9,0% en 2022 a 9,7% en 2023, un aumento de 0,7 puntos porcentuais.

CADRO 4.34. TAXAS DE DESEMPREGO DOS SETE MAIORES CONCELLOS DE GALICIA. 2015-2023

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
A Coruña	15,5	15,4	14,8	12,9	10,8	12,2	13,1	11,6	9,0
Lugo	16,7	15,5	12,3	9,6	7,8	9,3	9,8	9,0	9,7
Ourense	19,3	16,1	15,1	15,1	13,4	10,4	11,3	12,4	9,3
Pontevedra	22,4	17,6	17,5	15,7	15,5	13,4	14,5	12,8	11,8
Santiago de Compostela	16,7	14,3	13,5	9,8	7,2	9,5	7,6	10,6	8,3
Vigo	21,5	19,8	18,1	15,6	15,0	14,0	14,0	13,3	11,8
Ferrol	26,2	25,3	21,3	17,6	15,0	17,6	17,1	17,6	14,0
Galicia	**17,9**	**16,4**	**14,9**	**12,1**	**11,9**	**11,8**	**11,0**	**10,6**	**9,7**

4º trimestre de cada ano
Fonte: IGE, INE, EPA.

Especialmente preocupante é a problemática social das persoas desempregadas de longa duración (cadro 4.35). En 2023, a taxa de desemprego de longa duración en Galicia descendeu ao 3,4%, o que representa unha diminución de 8 décimas respecto ao 4,2% rexistrado en 2022. Para os homes, a taxa foi do 3,3%, mentres que para as mulleres situouse no 3,6%. A mellora máis significativa no desemprego de longa duración produciuse entre 2015 e 2019, onde a taxa global se reduciu de 10,6% a 4,6%, unha baixada de 6 puntos porcentuais en só catro anos. Esta tendencia continuou a pesar das perturbacións económicas causadas pola pandemia de COVID-19, cunha lixeira subida en 2021 ao 4,7%, pero retomando a senda de mellora en 2022 e 2023.

CADRO 4.35. TAXA DE DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN. POR SEXO. GALICIA. 2015-2023

	Total	Homes	Mulleres
2015	10,6	10,5	10,7
2016	8,9	8,6	9,2
2017	7,9	7,6	8,2
2018	5,9	5,2	6,5
2019	4,6	3,9	5,3
2020	4,1	3,5	4,7
2021	4,7	4,0	5,4
2022	4,2	3,7	4,7
2023	**3,4**	**3,3**	**3,6**

4º trimestre de cada ano
Fonte: IGE, INE, EPA.

4.5.3. Desemprego dos fogares. Tempo na procura de emprego

En 2023, a situación dos fogares galegos respecto ao desemprego presentou variacións en comparación co ano anterior (cadro 4.37). Neste ano había un total de 1.115.600 fogares en Galicia, un descenso do 0,9% respecto dos rexistrados en 2022. Os fogares con polo menos unha persoa activa baixaron preto dun 1% en comparación co ano anterior. Dentro deste grupo, os fogares onde todas as persoas activas están empregadas descenderon en 24.000 unidades, situándose en 635.900, un 3,6% menos que o ano pasado. Pola contra, os fogares onde todas as persoas activas están desempregadas aumentaron en 5.500, alcanzando un total de 52.100 fogares, o que representa un incremento do 11,8%.

Os fogares con persoas tanto empregadas como desempregadas tamén experimentaron un importante aumento, alcanzando en 2023 un total de 69.900 (un 19,1% máis que en 2022). Pola contra, os fogares nos que non hai ningunha persoa activa experimentaron unha caída do 0,7% respecto ao ano pasado.

CADRO 4.36. DESEMPREGO NOS FOGARES. GALICIA. 2023

	Dato do trimestre actual (miles de vivendas)	Variación absoluta respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (miles de vivendas)	Variación relativa respecto ao mesmo trimestre do ano pasado (%)
Total	**1.115,6**	**-9,7**	**-0,9**
Fogares con polo menos unha persoa activa	758,0	-7,2	-0,9
Todas as persoas activas son ocupadas	635,9	-24,0	-3,6
Todas as persoas activas son paradas	52,1	5,5	11,8
Con persoas ocupadas e paradas	69,9	11,2	19,1
Fogares nos que non hai ningunha persoa activa	357,6	-2,5	-0,7

Miles de vivendas. 4º Trimestre de 2023.
Fonte: IGE, INE, EPA.

Os datos do cadro 4.37 indican unha mellora xeral na situación do desemprego en Galicia, cunha redución notable no número total de desempregados e, especialmente, unha caída significativa no número de persoas desempregadas de longa duración. En 2023, as persoas desempregadas que levaban buscando emprego menos de 6 meses foron 41.300, lixeiramente por debaixo das 45.600 rexistradas en 2022. Por outra banda, o grupo de desempregados que levaban entre 6 meses e menos de 1 ano en busca de emprego tamén experimentou cambios. En 2023, este grupo estaba composto por 14.900 persoas, un incremento de 800 persoas respecto a 2022. As persoas desempregadas que buscaron emprego durante 1 ano a menos de 2 anos diminuíron a 15.700 en 2023, ao igual que o grupo de desempregados de longa duración (2 anos ou máis). Este grupo, que representa o 26,5% do total de desempregados en 2023, experimentou unha redución de 8.200 persoas respecto ao ano anterior.

En canto ás persoas que atoparon traballo, en 2023 había 9.700 persoas que deixaron de estar desempregadas porque atoparon un emprego. Este dato reflicte unha lixeira diminución en comparación coas 10.000 persoas que atoparon traballo en 2022.

CADRO 4.37. POBOACIÓN DESEMPREGADA QUE TRABALLOU ANTERIORMENTE. POR TEMPO DE BÚSQUEDA DE EMPREGO. GALICIA. 2015-2023

Total poboación desempregada		De 1 ano a < 2 anos	
2015	220,3	2015	38,1
2016	196,0	2016	28,9
2017	177,4	2017	25,2
2018	149,8	2018	22,0
2019	133,9	2019	17,9
2020	136,8	2020	19,7
2021	130,0	2021	26,8
2022	124,9	2022	17,1
2023	**111,0**	**2023**	**15,7**
Menos de 6 meses		**De 2 anos ou mais**	
2015	47,8	2015	96,0
2016	48,1	2016	85,4
2017	47,3	2017	73,1
2018	44,0	2018	53,9
2019	42,9	2019	42,6
2020	47,0	2020	32,7
2021	42,1	2021	33,4
2022	45,6	2022	38,1
2023	**41,3**	**2023**	**29,4**
De 6 meses a < 1 ano		**Xa atopou traballo**	
2015	25,9	2015	12,5
2016	23,0	2016	10,6
2017	18,7	2017	13,0
2018	17,6	2018	12,2
2019	16,2	2019	14,4
2020	21,7	2020	15,8
2021	20,2	2021	7,5
2022	14,1	2022	10,0
2023	**14,9**	**2023**	**9,7**

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: IGE; INE, EPA.

4.6. O PARO REXISTRADO

En Galicia, o número de parados rexistrados en decembro de 2023 foi de 129.504 persoas (cadro 4.38), unha redución de 12.718 respecto ao ano anterior. Esta caída é maior que a do ano 2022, cando a redución foi de 10.362 persoas. A nivel estatal, España experimentou unha redución de 130.197 persoas rexistradas como paradas en 2023, unha cifra inferior á redución de 268.252 persoas en 2022. Andalucía destaca como a comunidade autónoma con maior redución en termos absolutos, con 32.157 parados menos. Canarias tamén amosou unha notable diminución, con 15.315 parados menos. Outras comunidades autónomas, como Castela-A Mancha e a Comunidade Valenciana, tamén rexistraron reducións no número de parados, con 8.419 e 13.722 persoas menos, respectivamente. Pola súa banda, Madrid tivo unha redución menor, de 1.924 persoas.

CADRO 4.38. PARO REXISTRADO. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2023

	Parados decembro 2023	Variación anual absoluta
Andalucía	694.940	-32.157
Aragón	52.782	-5.526
Asturias	57.372	-4.515
Baleares	31.709	-4.142
Canarias	167.845	-15.315
Cantabria	31.809	-1.676
Castela-A Mancha	134.806	-8.419
Castela e León	112.623	-9.376
Cataluña	343.381	-2.957
C. Valenciana	324.521	-13.722
Estremadura	76.965	-5.569
Galicia	**129.504**	**-12.718**
Madrid	295.865	-1.924
Murcia	83.879	-6.083
Navarra	29.988	-1.622
País Vasco	107.779	-3.019
A Rioxa	13.315	-1.033
Ceuta	9.842	-16
Melilla	8.531	-408
España	**2.707.456**	**-130.197**

Fonte: SEPE.

O cadro 4.39 representa a evolución do paro rexistrado dende 2015 a 2023 para Galicia. Entre 2015 e 2023, as taxas de variación do paro rexistrado en Galicia amosan unha tendencia xeral de diminución, aínda que con excepcións. No período entre 2015 e 2019 concatenáronse sucesivas reducións no número de persoas paradas, con valores próximos ao 10% (2015-2017) e máis moderados entre 2018 e 2019 (2,35%). Porén, entre 2019 e 2020, observouse un aumento do 14,7% no número de persoas paradas, algo que mudou en 2021, cunha notable redución do 19,6%. A mellora continuou entre 2021 e 2022, cunha diminución do 6,8%, e entre 2022 e 2023, cun descenso próximo ao 9% no número de parados.

CADRO 4.39. EVOLUCIÓN DO PARO REXISTRADO. GALICIA. 2015-2023

	Nº Parados/as
2015	228.808
2016	205.914
2017	185.013
2018	169.295
2019	165.308
2020	189.587
2021	152.584
2022	142.222
2023	**129.504**

Datos de decembro de cada ano.
Fonte: SEPE.

En 2023, a provincia da Coruña rexistra o maior número de persoas paradas (cadro 4.40), 51.867, seguida de preto por Pontevedra (50.232). Ourense e Lugo teñen un número sensiblemente inferior de parados. No total de Galicia, o paro rexistrado ascende a 129.504 persoas, cunha distribución de 5.379 menores de 25 anos (4,2%) e 124.125 maiores de 25 anos (95,8%). Esta distribución revela unha maior incidencia do desemprego entre as persoas maiores de 25 anos en todas as provincias galegas, que presentan valores próximos á dita distribución.

CADRO 4.40. PARO REXISTRADO. POR PROVINCIAS E IDADES. GALICIA. 2023

	Paro	<25	>25
A Coruña	51.867	2.172	49.695
Lugo	12.385	548	11.837
Ourense	15.020	714	14.306
Pontevedra	50.232	1.945	48.287
Galicia	**129.504**	**5.379**	**124.125**

Datos de decembro de 2023.
Fonte: SEPE.

En decembro de 2023 (cadro 4.41) as mulleres representaban preto do 58% do total de persoas inscritas no paro en Galicia. As mulleres teñen unha maior incidencia de desemprego en xeral, especialmente entre os maiores de 25 anos (58,21%). En contraste, entre os menores de 25 anos, a distribución de desemprego está máis equilibrada, cunha lixeira maior porcentaxe de homes desempregados (52,7%).

CADRO 4.41. PARO REXISTRADO POR IDADES E SEXOS. GALICIA. 2023

	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos
Homes	2.837	51.874
Mulleres	2.542	72.251

Datos de decembro de 2023.
Fonte: SEPE.

A distribución por sectores do paro rexistrado (cadro 4.42) reflicte para 2023 que o sector servizos segue a ser o que máis persoas desempregadas rexistra (91.675), superando notablemente a suma dos outros tres sectores produtivos: agricultura e pesca (4.386), industria (13.080), construción (8.958) e o colectivo de sen emprego anterior (11.405). En todos os casos, prodúcese unha redución do paro rexistrado, especialmente no sector servizos (8.648 persoas paradas menos). Cómpre destacar que a industria tamén presenta unha importante redución do desemprego (2.027 persoas), seguida pola construción (1.308 persoas menos). A agricultura e pesca, aínda que cunha menor cantidade total de desempregados, tamén experimenta unha diminución de 432 persoas entre 2022 e 2023. Finalmente, o colectivo de sen emprego anterior rexistra unha redución de 303 persoas, indicando unha mellora xeral no mercado laboral.

CADRO 4.42. PARO REXISTRADO. POR SECTORES. GALICIA. 2023

	Parados/as	Variación Anual
Agricultura e pesca	4.386	-432
Industria	13.080	-2.027
Construción	8.958	-1.308
Servizos	91.675	-8.648
Sen emprego anterior	11.405	-303

Datos de decembro de 2023.
Fonte: SEPE.

En 2023, o paro rexistrado en Galicia revela unha clara predominancia de desempregados con estudos secundarios de educación xeral (cadro 4.43), sendo este grupo o que rexistra o maior número de persoas desempregadas (46,5%), sendo o segundo grupo máis afectado o composto por persoas con estudos primarios completos (10,3%). Estes datos confirman as tendencias detectadas previamente.

A provincia da Coruña lidera en número de desempregados en case todos os niveis académicos. Pontevedra tamén presenta cifras elevadas, sobre todo nos desempregados con estudos primarios completos e secundarios de educación xeral. Por outra banda, Lugo rexistra o menor número de desempregados en comparación coas outras provincias, destacando entre aqueles con estudos primarios incompletos e secundarios de educación xeral. Ourense, aínda que con cifras inferiores á Coruña e Pontevedra, mostra un número importante de desempregados nos mesmos niveis académicos.

CADRO 4.43. PARO REXISTRADO. POR NIVEL ACADÉMICO E PROVINCIAS. 2023

	Sen estudos	Estudos primarios incompletos	Estudos primarios completos	Est. Secundarios		Estudos postsecundarios			
				Programa F.P.	Educ. xeral	Téc. prof. Sup.	1º ciclo	2º e 3º ciclo	Outros
A Coruña	6.997	4.408	3.238	3.664	22.172	4.788	1.611	4.945	44
Lugo	2.690	612	1.341	780	4.700	997	377	881	7
Ourense	239	1.286	2.351	1.089	7.576	1.028	402	1.035	14
Pontevedra	783	3.520	6.421	3.815	25.730	4.589	1.415	3.937	22
Galicia	**10.709**	**9.826**	**13.351**	**9.348**	**60.178**	**11.402**	**3.805**	**10.798**	**87**

Datos de decembro de 2023.
Fonte: SEPE.

4.7. A POBOACIÓN INACTIVA

A análise destes datos entre 2015 e 2023 (cadro 4.44) mostra varias tendencias destacadas. A poboación inactiva total experimentou unha redución de 200 persoas durante este período, especialmente notable en Lugo, onde a poboación inactiva diminuíu en 2.400 persoas. En contraste, A Coruña viu un incremento de 3.900 persoas inactivas.

Ao observar a distribución por grupos, máis da metade da poboación inactiva pertence ao grupo de "retirados, xubilados e pensionistas", o 61,4% do total. O segundo grupo máis numeroso é o de "estudantes", que alcanza o 16,0% da poboación inactiva. Finalmente, o grupo de "labores da casa" representa o 15,0% da poboación inactiva. Aínda que este grupo segue sendo significativo, a súa proporción é menor en comparación cos previamente referidos.

CADRO 4.44. POBLACIÓN INACTIVA POR TIPO DE INACTIVIDADE. GALICIA-PROVINCIAS. 2015-2023

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
	Total								
A Coruña	440,6	438,4	437,9	437,5	437,8	456,9	459,5	454,1	458,0
Lugo	143,5	142,0	142,4	140,7	141,9	140,5	137,3	138,6	136,2
Ourense	145,8	143,8	142,5	141,0	141,3	141,9	139,2	138,5	137,6
Pontevedra	367,6	369,5	370,8	371,4	373,3	378,7	379,5	377,5	377,0
Galicia	**1.097,5**	**1.093,7**	**1.093,6**	**1.090,5**	**1.094,2**	**1.118,1**	**1.115,5**	**1.108,6**	**1.108,8**
	Estudantes								
A Coruña	59,9	57,1	58,9	62,7	64,1	71,9	79,8	72,2	72,8
Lugo	15,6	16,8	17,6	17,5	15,2	16,9	18,7	20,6	19,6
Ourense	15,3	15,2	14,6	14,7	14,8	16,0	16,1	17,7	18,2
Pontevedra	53,2	53,2	53,0	56,8	58,6	59,3	66,1	66,7	67,0
Galicia	**144,0**	**142,2**	**144,0**	**151,7**	**152,8**	**164,1**	**180,7**	**177,2**	**177,7**
	Retirados, xubilados e pensionistas								
A Coruña	251,0	255,0	252,0	252,3	249,7	252,0	263,2	271,9	278,3
Lugo	92,7	91,3	92,1	92,5	92,2	91,3	89,7	92,3	92,7
Ourense	89,3	89,2	91,0	88,8	88,7	87,6	91,8	95,4	93,6
Pontevedra	197,1	200,4	198,9	196,4	201,7	202,7	210,0	215,3	216,4
Galicia	**630,1**	**635,9**	**634,0**	**630,1**	**632,2**	**633,6**	**654,9**	**674,9**	**681,0**
	Labores da casa								
A Coruña	88,3	86,4	86,5	83,6	83,7	90,7	73,8	76,7	73,9
Lugo	20,1	21,9	19,3	17,7	19,4	19,3	15,1	15,7	13,8
Ourense	25,2	24,0	23,2	21,8	22,0	22,9	19,1	17,0	15,3
Pontevedra	79,8	80,4	80,7	78,5	72,7	79,0	69,1	65,2	63,2
Galicia	**213,4**	**212,6**	**209,7**	**201,5**	**197,8**	**211,9**	**177,1**	**174,6**	**166,2**
	Outra situación								
A Coruña	39,3	38,2	37,4	34,4	35,9	36,1	38,1	28,7	28,6
Lugo	13,9	11,1	12,2	11,6	13,4	11,4	12,4	8,7	8,7
Ourense	15,5	14,9	12,7	14,5	14,8	14,5	11,4	7,5	9,0
Pontevedra	33,3	33,5	35,3	35,8	35,6	34,0	31,3	26,7	24,5
Galicia	**102,0**	**97,8**	**97,5**	**96,4**	**99,8**	**96,0**	**93,2**	**71,6**	**70,7**
	Non sabe. Non refire estado de inactividade								
A Coruña	2,3	1,8	3,1	4,5	4,3	6,2	4,6	4,5	4,5
Lugo	1,2	1,0	1,2	1,4	1,7	1,7	1,4	1,4	1,2
Ourense	0,5	0,5	1,1	1,1	1,1	0,9	0,7	0,9	1,5
Pontevedra	4,1	2,0	2,9	3,9	4,6	3,7	3,0	3,6	5,9
Galicia	**8,0**	**5,3**	**8,4**	**10,9**	**11,7**	**12,5**	**9,6**	**10,4**	**13,1**

Datos en miles
Fonte: IGE, INE. EPA.

Para rematar este apartado, realízase unha breve análise da situación da poboación inactiva no resto das CC.AA. no cuarto trimestre de 2023 (cadros 4.45 e 4.46). Galicia segue a ser a comunidade con maior porcentaxe de persoas inactivas no grupo de "xubilados e prexubilados" (47,9%), seguida de Cataluña (47,4%). A media estatal é de 41,3%.

No grupo de "estudantes" a porcentaxe de Galicia (16,5%) é inferior ao resto das CC.AA, despois de Asturias (14,3%), namentres o indicador para España é do 19,8%.

No grupo de "labores do fogar" Galicia cun 14,5% presenta a porcentaxe máis baixa do Estado (19,7%).

En derradeiro lugar, no ano 2023 a porcentaxe de "incapacidade permanente" é do 5,1% en Galicia, lixeiramente inferior a media estatal (5,4%).

CADRO 4.45. POBOACIÓN INACTIVA POR SITUACIÓN DE INACTIVIDADE E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023

	Total	Estudante	Xubilado ou prexubilado	Labores do fogar	Incapacidade permanente	Perceptor de pension distinta de xubilación ou prexubilacion	Outras situacións(1)
Andalucía	3.123,3	650,3	1.086,8	694,4	230,9	346,1	114,7
Aragón	468,9	89,1	217,4	80,6	23,7	50,7	7,3
Asturias	446,9	64,0	205,0	83,4	25,8	57,5	11,3
Baleares	407,3	82,5	150,5	104,7	15,4	32,3	21,8
Canarias	765,6	147,2	250,4	182,8	61,4	96,3	27,6
Cantabria	231,2	45,7	94,7	43,9	12,3	30,2	4,5
Castela e León	958,0	156,5	431,7	199,8	37,0	111,9	21,1
Castela- A Mancha	748,0	160,9	263,4	181,5	34,4	87,7	20,1
Cataluña	2.567,8	455,6	1.217,9	433,2	119,8	254,8	86,5
C. Valenciana	1.823,8	370,6	789,1	339,9	114,6	153,9	55,8
Estremadura	403,6	79,4	152,4	84,0	24,8	55,9	7,0
Galicia	**1.113,6**	**183,8**	**533,1**	**161,9**	**56,5**	**147,4**	**30,9**
Madrid	2.166,7	497,5	892,5	421,4	82,7	207,2	65,4
Murcia	526,8	125,5	184,9	121,6	27,7	55,9	11,1
Navarra	233,5	54,4	103,3	37,6	10,1	23,4	4,7
País Vasco	815,2	161,6	375,8	139,1	38,2	89,0	11,5
A Rioxa	115,3	23,7	52,9	19,7	4,4	11,1	3,6
Ceuta	26,0	7,2	5,7	7,2	2,7	2,6	0,8
Melilla	28,9	7,5	5,9	7,4	2,2	3,8	2,1
Total	**16.970,5**	**3.362,9**	**7.013,4**	**3.343,9**	**924,5**	**1.817,8**	**507,9**

(1) A categoría "Outras situacións" inclúe as persoas inactivas que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar. Datos en miles.
Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de 2023.

CADRO 4.46. POBOACIÓN INACTIVA POR CLASE PRINCIPAL DE INACTIVIDADE E COMUNIDADE AUTÓNOMA. PORCENTAXE RESPECTO DO TOTAL DE CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/a	Labores do fogar	Incapacidade permanente	Perceptor/a de pensión distinta da de xub. ou prexub.	Outras situacións(1)
Andalucía	100	20,8	34,8	22,2	7,4	11,1	3,7
Aragón	100	19,0	46,4	17,2	5,1	10,8	1,6
Asturias	100	14,3	45,9	18,7	5,8	12,9	2,5
Baleares	100	20,3	37,0	25,7	3,8	7,9	5,4
Canarias	100	19,2	32,7	23,9	8,0	12,6	3,6
Cantabria	100	19,8	41,0	19,0	5,3	13,1	1,9
Castela e León	100	16,3	45,1	20,9	3,9	11,7	2,2
Castela-A Mancha	100	21,5	35,2	24,3	4,6	11,7	2,7
Cataluña	100	17,7	47,4	16,9	4,7	9,9	3,4
C. Valenciana	100	20,3	43,3	18,6	6,3	8,4	3,1
Estremadura	100	19,7	37,8	20,8	6,1	13,9	1,7
Galicia	**100**	**16,5**	**47,9**	**14,5**	**5,1**	**13,2**	**2,8**
Madrid	100	23,0	41,2	19,4	3,8	9,6	3,0
Murcia	100	23,8	35,1	23,1	5,3	10,6	2,1
Navarra	100	23,3	44,2	16,1	4,3	10,0	2,0
País Vasco	100	19,8	46,1	17,1	4,7	10,9	1,4
A Rioxa	100	20,6	45,9	17,1	3,8	9,6	3,1
Ceuta	100	27,7	21,9	27,7	10,4	10,0	3,1
Melilla	100	26,0	20,4	25,6	7,6	13,1	7,3
Total	**100**	**19,8**	**41,3**	**19,7**	**5,4**	**10,7**	**3,0**

(1) A categoría "Outras situacións" inclúe as persoas inactivas que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar. Datos en miles.
Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de 2023.

Na clasificación por idades (cadro 4.47) destaca que a maior porcentaxe de persoas inactivas en Galicia para o cuarto trimestre de 2023 dáse nas maiores de 65 anos co 61,2% (55,2% en España). Castela-A Mancha é a comunidade autónoma coa porcentaxe máis alta neste tramo de idade (63,5%) e a cidade autónoma de Ceuta é a que a ten máis baixa (35,6%). Séguenlle as pertencentes ao grupo de idade de 55 a 64 anos co 12,6% en Galicia (12,9% en España). Canarias é a comunidade autónoma que conta cun maior número de persoas inactivas neste tramo de idade (16,2%) e o País Vasco a que menos (10,8%).

En Galicia, a menor porcentaxe de persoas inactivas por grupo de idade encóntrase no intervalo de 35 a 44 anos co 3,2% (4,1% en España). Aragón (2,9%) e a comunidade autónoma cunha porcentaxe máis baixa neste tramo e a cidade autónoma de Ceuta é a que ten a porcentaxe máis elevada (9,5%).

Estes datos reflicten que a poboación inactiva en Galicia está dominada principalmente polos maiores de 65 anos, seguida polo grupo de 55 a 64 anos, sendo a menor proporción as persoas no grupo de idade de 35 a 44 anos. Estas tendencias reflicten o envellecemento da poboación en Galicia, así como unha menor inactividade nos grupos de idade intermedios en comparación coa media nacional.

CADRO 4.47. POBOACIÓN INACTIVA POR GRUPOS DE IDADE E COMUNIDADE AUTÓNOMA. PORCENTAXES RESPECTO DO TOTAL DE CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023

	Total	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 e anos máis anos
Andalucía	100	11,0	7,5	4,6	4,7	7,7	15,5	49,1
Aragón	100	10,3	6,3	3,3	2,9	4,4	12,0	60,7
Asturias	100	7,2	5,5	2,7	3,4	6,4	14,6	60,0
Baleares	100	10,8	7,9	8,0	7,2	7,8	11,6	46,6
Canarias	100	9,7	7,6	3,8	5,3	8,1	16,2	49,3
Cantabria	100	9,1	7,1	3,6	3,0	5,9	13,9	57,5
Castela-A Mancha	100	8,3	6,0	2,8	3,0	4,5	11,9	63,5
Castela e León	100	11,2	7,0	5,3	4,4	6,4	13,2	52,4
Cataluña	100	10,9	5,6	4,3	4,1	6,1	11,6	57,5
C. Valenciana	100	11,4	6,4	3,7	4,2	6,4	12,3	55,5
Estremadura	100	9,2	7,5	3,4	3,1	6,2	14,9	55,7
Galicia	**100**	**8,2**	**5,6**	**3,4**	**3,2**	**5,9**	**12,6**	**61,2**
Madrid	100	12,0	8,1	4,1	3,6	5,2	10,9	56,1
Murcia	100	12,7	9,0	6,6	5,7	6,0	13,0	47,0
Navarra	100	11,5	8,2	4,0	4,3	4,0	11,3	56,7
País Vasco	100	10,4	6,0	2,6	3,7	4,6	10,8	61,9
A Rioxa	100	10,3	8,0	3,8	4,0	4,4	11,4	58,1
Ceuta	100	17,0	8,2	3,9	9,5	9,6	16,2	35,6
Melilla	100	13,1	10,1	7,3	8,2	8,6	13,3	39,4
Total	**100**	**10,6**	**6,8**	**4,1**	**4,1**	**6,2**	**12,9**	**55,2**

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de 2023.

4.8. O SUBSISTEMA DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO

4.8.1. Introdución. Antecedentes

A formación profesional que imos tratar neste capítulo non é o ensino profesional regrado impartido dentro do sistema educativo, senón a coñecida como formación ocupacional para o emprego que abarca tanto a dirixida a persoas ocupadas co obxecto de mellorar a súa cualificación profesional (formación continua) como a destinada a persoas desempregadas (formación ocupacional) coa finalidade de adquirir as habilidades que lle permitan integrarse no mercado laboral.

A actual normativa, Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, sinala que o seu obxecto é regular no marco xeral do Sistema Nacional das Cualificacións e Formación Profesional, a planificación e financiamento do sistema, a programación e execución das accións formativas, o control, o seguimento e o réxime sancionador, así como a avaliación e o control da calidade.

Pero con anterioridade a esta Lei xorden os Acordos sobre o subsistema de formación continua, como importantes fitos do diálogo social e negociación colectiva no ámbito da formación ocupacional.

O seu obxectivo fundamental foi implantar e estender en empresas e persoal traballador unha cultura de formación permanente, creando un sistema de axudas á formación continua.

Ata 1993, o Sistema de Formación Profesional estaba integrado por dous subsistemas: a formación regrada, enmarcada no ámbito da Administración laboral e dirixida a persoas desempregadas a través do Plan de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP).

A formación continua era unha actividade residual que só realizaban as grandes empresas.

Foi neste marco do I Acordo Nacional de Formación Continua onde se comezou a regular a formación continua coa participación das organizacións empresariais, sindicais e Goberno. Destinouse unha parte da cota de formación profesional ao financiamento da formación continua. Este modelo foi materializado no FORCEM.

En 1996 asínase o II Acordo Nacional de Formación Continua e no 2000 os III ANFC.

En 2001 créase a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

En 2002 promúlgase a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

En 2003, o Real decreto 1046/2003, que regula o subsistema de formación continua, inscribe a súa regulación no ámbito da lexislación laboral.

En 2006, os Acordos Nacionais de Formación integraron a formación ocupacional e a formación continua nun único subsistema de formación profesional para o emprego recollido no RD 395/2007.

A conciencia acerca do valor da formación foise implantando ao longo destes anos e converténdose nunha realidade.

4.8.2. Regulación actual do Sistema de Formación Profesional para o emprego

4.8.2.1. LEI 30/2015 DO 9 DE SETEMBRO, POLA QUE SE REGULA O SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO NO ÁMBITO LABORAL

A lei conta con catro obxectivos estratéxicos:

- Garantir o exercicio do dereito á formación de persoas traballadoras, empregadas e desempregadas.
- Posibilitar a contribución efectiva da formación á competitividade das empresas.
- Fortalecer a negociación colectiva na adecuación da oferta formativa.
- Asegurar a eficacia e transparencia na xestión dos recursos públicos.

4.8.2.2. REAL DECRETO 694/2017, DO 3 DE XULLO, POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 30/2015, DO 9 DE SETEMBRO, POLA QUE SE REGULA O SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO NO ÁMBITO LABORAL

Consta de seis capítulos.

CAPÍTULO I: Disposicións xerais

Nel recóllense aspectos relacionados coa planificación plurianual (3 anos) na que participan as organizacións empresariais e sindicais máis representativas.
Establécense as modalidades formativas e as persoas destinatarias, así como os límites e porcentaxes de participación.

CAPÍTULO II: Formación programada polas empresas

Establécese que a programación e xestión das accións formativas poderá realizarse polas empresas con flexibilidade nos contidos e momentos de impartición, sendo beneficiarias calquera empresa ou entidade pública calquera que sexa o seu tamaño, sector e localización, informando os representantes legais.

CAPÍTULO III: Oferta formativa para as persoas ocupadas

Tomando como base o informe anual de prospección e detección de necesidades formativas prográmanse accións de formación sectorial, transversal e de cualificación e recoñecemento profesional.
Tamén se levará a cabo formación para traballadores e traballadoras autónomas e de economía social.

CAPÍTULO IV: Oferta formativa para persoas desempregadas

Apostarase por sectores innovadores e dando prioridade ao baixo nivel de cualificación, a necesidades educativas especiais ou con dificultade para a súa inserción ou recualificación.
Tamén se crean programas formativos que inclúen compromisos de contratación.

CAPÍTULO V: Outras iniciativas de formación

Neste capítulo recóllense os permisos individuais de formación, a formación en alternancia co emprego e a formación do persoal ao servizo da Administración pública.

CAPÍTULO VI: Réxime de funcionamento

As CC. AA. son competentes na programación, xestión, control e avaliación da formación profesional para o emprego no seu ámbito territorial e naqueles programas que transcendan ese ámbito requirirán unha actuación coordinada e homoxénea por parte do SEPE.

4.8.2.3. REAL DECRETO-LEI 36/2020 POLO QUE SE APROBAN AS MEDIDAS URXENTES PARA A MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E A EXECUCIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

Ten como eixes fundamentais:

- Competencias dixitais para o emprego
- Emprego xuvenil
- Emprego muller e transversalidade de xénero nas políticas públicas de apoio á activación para o emprego
- Adquisición de novas competencias para a transformación dixital, verde e produtiva
- Novos proxectos territoriais para o reequilibrio e a equidade
- Gobernanza e impulso ás políticas de apoio á activación para o emprego

4.8.3. formación de demanda

Regulada polo Real decreto 395/2007 nos anos 2016 e 2017. A partir de xaneiro de 2018 pasa a regularse no marco da Lei 30/2015 e denomínase "Formación programada polas empresas".

Características da formación de demanda:

- Responder ás necesidades de formación de cada empresa e de quen traballa nelas. Inclúe tanto as accións formativas como os permisos individuais de formación. Este permiso individual é o que as empresas autorizan para realizar unha actividade formativa para a obtención dun título oficial ou certificado de profesionalidade, sen ter que estar relacionado coa actividade da empresa e cunha duración máxima de 200 horas.
- Correspóndelle á empresa a planificación e xestión das accións formativas, sendo a duración mínima de 6 horas.
- A formación irá destinada ao persoal asalariado de empresas ou entidades públicas non incluídas no ámbito das administracións públicas, con relación laboral fixa descontinua en períodos de ocupación, que accedan ao desemprego cando estean en período formativo ou acollidos a ERE en períodos de suspensión de emprego.

As empresas dispoñen dun crédito de formación e a Lei de orzamentos xerais do Estado establecerá un mínimo crédito en función do número de persoas que a empresa teña no seu cadro de persoal.

As empresas poderán organizar a formación por si mesmas con medios propios ou externos. Poderán optar por encomendar a organización a unha entidade externa e as de menos de 100 persoas poderán agruparse con criterios territoriais ou sectoriais.

Se analizamos os principais indicadores do ámbito estatal constatamos que en 2023 prodúcese un aumento de todos os indicadores, superando os cinco millóns e medio de participantes. O resto dos indicadores aumentan da seguinte forma: o número de empresas formadoras sube en 240, o número de participantes (5,6% de aumento), neste indicador o aumento e similar a ano 2022 que alcanzou o 5,8% de aumento. O número de mulleres participantes (46,5%) segue sendo inferior ao de homes (53.5%), pero acortando distancias de ano en ano.

CADRO 4.48. FORMACIÓN DE DEMANDA. EVOLUCION DOS PRINCIPAIS INDICADORES. ÁMBITO ESTATAL. 2019-2023

	2019	2020	2021	2022	2023
Empresas formadoras	339.846	299.727	322.767	343.677	343.917
Cobertura empresas (1)	19,8%	17,4%	19,4%	20,4%	20,2%
Crédito asignado	1.178.000.000	n. d,	974.432.316	1.042.000.000	1.102.909
Crédito disposto	547.237.762	414.972.425	513.575.058	573.100.000	606.600
Ratio disposto	6250,0%	n.d.	53,0%	55,0%	55,0%
Participantes	4.419.905	3.853.854	4.841.385	5.327.278	5.629.518
Cobertura participantes (2)	3420,0%	19,2%	36,7%	38,7%	39,4%
Horas de formación	66.099.507	53.367.120	94.890.000	71.955.326	73.374.354
Duración media	14,0	13,5	13,4	18,0	13,0
PIF finalizados	5.621	4.317	4.331	5.036	5.480

n.d.: dato non dispoñible.
(1) Porcentaxe de empresas formadoras sobre empresas do sector privado de alta en TXSS.
(2) Porcentaxe de participantes formados/as sobre persoas asalariadas do sector privado EPA.
Fonte: elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

En Galicia cos datos dispoñibles apréciase diferencias co conxunto do Estado:

- Diminución das empresas formadoras, 1.811 empresas menos (-7.5%%)
- Aumento das persoas formadas (0,5%)
- A duración media dos cursos mantense igual que no 2022.

CADRO 4.49. FORMACIÓN DE DEMANDA. EVOLUCION DE LOS PRINCIPALES INDICADORES. GALICIA. 2019-2023

	2019	2020	2021	2022	2023
Empresas formadoras	25.284	22.420	23.551	24.127	22.316
Cobertura empresas (1)	27,9%	28,1%	25,1%	25,6%	0
Crédito asignado			44.037.724	46.608.944	46.780.288
Crédito disposto	24.483.747	20.866.329	24.997.357	26.244.941	25.733.402
Ratio disposto			57	56	55
Participantes	223.278	188.995	230.213	256.586	257.852
Cobertura participantes (2)	32,3%	19,4%	34,0%	36,3%	0
Horas de formación	3.450.803	3.004.361	3.173.365	3.728.991	3.729.974
Duración media	15,50	15,90	15,30	14,50	15
PIF finalizados	216	143	128	143	156


n.d.: dato non dispoñible.
(1) Porcentaxe de empresas formadoras sobre empresas do sector privado de alta en TXSS.
(2) Porcentaxe de participantes formados/as sobre persoas asalariadas do sector privado EPA.
Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España como en Galicia, concéntrase maioritariamente no sector servizos, chegando ao 67,6% en Galicia e ao 73,3% no conxunto do Estado. Datos lixeiramente superiores aos de 2022, que supoñen un reflexo das ocupacións máis demandadas.

No sector industrial destaca Galicia, que destina unha porcentaxe superior de horas de formación en comparación coas destinadas polo resto do Estado.

CADRO 4.50. FORMACIÓN DE DEMANDA. DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DAS HORAS DE FORMACIÓN. GALICIA/ESPAÑA. 2020-2023

	2020				2021				2022				2023			
	Galicia	%	España	%	Galicia	%	España	%	Galicia	%	España	%	Galicia	%	España	%
Agricultura	61.580	2,05	799.268	1,50	77.523	2,20	952.500	1,50	82.644	2,22	1.398.176	1,94	74.010	1,98	1.225.156	1,67
Industria	636.755	21,19	9.371.473	17,56	788.416	22,42	12.067.372	18,60	84.688	2,27	12.786.623	17,77	787.764	21,12	12.973.005	17,68
Construción	330.892	11,01	4.260.926	7,98	376.658	10,71	5.069.520	7,81	391.294	10,49	5.492.908	7,63	344.635	9,20	5.352.411	7,29
Comercio	511.436	17,02	8.021.461	15,03	585.044	16,64	9.823.618	15,14	621.290	16,66	11.085.586	15,41	652.468	17,50	11.417.670	15,56
Hostalaría	208.206	6,93	3.611.898	6,77	243.661	6,93	4.146.764	6,39	262.035	7,03	5.061.566	7,03	281.885	7,50	5.435.888	7,41
Outros servizos	1.255.492	41,79	27.302.103	51,16	1.445.367	41,10	32.824.422	50,59	1.531.085	41,06	36.130.467	50,21	1.589.212	42,60	36.970.224	50,39
Total sectores	**3.004.361**	**100,00**	**53.367.129**	**100,00**	**3.516.669**	**100,00**	**64.884.146**	**100,00**	**3.728.991**	**100,00**	**71.955.326**	**100,00**	**3.729.974**	**100,00**	**73.374.354**	**100,00**




Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.


A nivel provincial, destaca Pontevedra co maior número de empresas formadoras, seguida da Coruña. Non así de persoas formadas, estando A Coruña á cabeza e seguida de Pontevedra.

CADRO 4.51. FORMACIÓN DE DEMANDA. PRINCIPALES INDICADORES POR PROVINCIAS. GALICIA 2023

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Empresas formadoras	8.200	3.080	2.731	8.305	**22.316**
% Provincia	38,0%	13,6%	1,4%	37,0%	**100,0%**
Persoas formadas	111.034	30.740	23.606	92.472	**257.852**
% Provincia	44,0%	10,9%	8,4%	36,8%	**100,0%**
% Provincia mulleres	44,7%	41,7%	445,2%	46,1%	
% Provincia homes	55,3%	58,3%	54,8%	53,9%	

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.





No cadro 4.52 reflíctese o perfil das persoas participantes, sendo a franxa de idade de 36 a 45 anos no grupo de mulleres, a que maior número de participantes concentra. e a de 46 a 55 anos no caso dos homes. A franxa de idade entre 36 a 55 anos supón máis da metade das persoas formadas.

CADRO 4.52. FORMACIÓN DE DEMANDA. PERFIL DAS PERSOAS FORMADAS POR IDADE. GALICIA 2023

	HOMES			MULLERES		
ANOS	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media
De 16 a 25	7.936	5,3	20,5	6.541	5,1	23,5
De 26 a 35	28.636	19,2	18,7	27.062	21,1	24,1
De 36 a 45	47.544	31,8	17,4	41.778	32,6	21,3
De 46 a 55	47.748	32,0	16,2	40.880	31,9	18,8
Maiores de 55	17.450	11,7	16,5	11.874	9,3	17,4
Sen datos	22	0,0	15,7	11	0,0	33,9
Total	149.336	100	17,5	128.146	100,0	23,2

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Segundo o nivel de estudos, son os homes con estudos primarios (EGB ou equivalente) os que concentran o maior número de participantes, seguidos dos homes con estudos secundarios (formación profesional, bacharelato, BUP ou equivalente). Estes dous niveis concentran en torno ao 67,5% dos homes.


No grupo de mulleres son as de estudos terciarios as que maior número de participantes presentan, case o 39,3%, seguido do grupo de mulleres con estudos secundarios con o 31,5%.


A duración media das horas de formación no colectivo feminino é maior no nivel de estudos terciarios (arquitectura, enxeñaría, licenciatura...) con 24 horas, mentres que no masculino alcanzan as 20 horas. Tanto en mulleres como en homes a menor duración media tena o grupo de estudos primarios.

CADRO 4.53. FORMACIÓN DE DEMANDA. PERFIL DAS PERSOAS FORMADAS POR NIVEL DE ESTUDOS. GALICIA 2023

NIVEL DE ESTUDOS	HOMES			MULLERES		
	Participantes formados	%	Duración media	Participantes formadas	%	Duración media
Estudos primarios	53.275	35,7	15,5	32.017	25,0	16,9
Estudos secundarios	47.505	31,8	16,5	40.303	31,5	19,0
Estudos terciarios	43.958	29,4	20,0	50.316	39,3	24,0
Outras titulacións	3.890	2,6	18,6	4.443	3,5	18,2
Sin datos	708	0,50	40,00	1.067	0,80	72,70

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.





Se é o tamaño da empresa a variable a ter en conta, son as de máis de 4.999 persoas traballadoras as que reúnen o maior número de participantes formados no grupo de homes, seguido das de entre 10 e 49. No de mulleres son as empresas de máis de 4.999 persoas, seguidas das empresas de entre 1.000 e 4.999, as que maior número de participantes contan.

En canto á duración media, non é directamente proporcional ao número de persoas traballadoras; nalgúns tramos, a menor número, maiores son as horas de formación. Como exemplo, en 2023 no colectivo feminino e en empresas de 1 a 5 persoas dedicáronse unha media de 47 horas e nos homes a media alcanzou 38,8 horas de formación.

O sector de actividade que concentra maior número de mulleres formadas é o de "outros servizos" seguida do comercio, mentres que no grupo de homes é "outros servizos" seguida de industria.

CADRO 4.54. FORMACIÓN DE DEMANDA. PERFIL DAS PERSOAS FORMADAS POR TAMAÑO DA EMPRESA E SECTOR DE ACTIVIDADE. GALICIA 2023

	HOMES			MULLERES		
	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media
TAMAÑO DA EMPRESA						
De 1 a 5	8.160	5,70	38,08	8.196	7,70	47,00
De 6 a 9	5.115	3,60	27,60	3.592	3,20	35,00
De 10 a 49	27.297	19,20	17,90	14.112	12,10	23,40
De 50 a 99	13.067	9,20	12,90	9.267	7,60	13,70
De 100 a 249	19.003	13,40	11,50	12.039	8,30	12,00
De 250 a 499	10.324	7,30	10,50	7.631	6,10	12,60
De 500 a 999	12.299	8,70	9,40	7.568	7,90	9,60
De 1.000 a 4.999	17.051	12,00	10,40	15.736	13,30	9,60
Más de 4.999	29.745	20,90	9,80	37.650	33,80	7,30
Otras	0	0,00	0,00	0	0,00	0,00
SECTOR DE ACTIVIDADE						
Agricultura	3.224	2,19	28,80	973	0,78	30,70
Industria	47.848	32,60	13,60	16.422	13,24	17,50
Comercio	19.710	13,43	17,20	25.251	20,36	17,00
Construción	16.539	11,27	18,00	1.796	1,44	32,30
Hostalaría	4.574	3,11	31,80	10.001	8,06	31,20
Outros servizos	54.897	37,42	15,00	69.522	56,08	16,80
Total	**146.792**	**100,02**		**123.965**	**99,96**	


Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Con respecto á modalidade de formación, a presencial experimentou un lixeiro descenso pasando do 61,2% de persoas participantes ao 56,5%. Tras a fin da COVID-19 volveuse á formación presencial, mentres que a teleformación sube tras o descenso do 2021, quedando no 42,3% (37,3% en 2022), e a mixta baixa lixeiramente ata o 1,1%. A duración media é inversamente proporcional ao número de participantes, xa que a modalidade presencial só tivo unha media de duración de 10,1 horas, fronte á modalidade mixta que foi de 42,5 horas e 30,2 en teleformación. En todas as modalidades sube a duración media dos cursos.

CADRO 4.55. FORMACIÓN DE DEMANDA. PERSOAS FORMADAS SEGUNDO TIPOLOXÍA DE FORMACIÓN. GALICIA 2021-2023

MODALIDADE DE IMPARTICIÓN	Totais 2021			Totais 2022			Totais 2023		
	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media
Presencial	153.641	60,40	13,10	157.056	61,20	9,70	156.872	56,50	10,10
Mixta	5.990	2,40	47,60	3.768	1,50	37,30	3.126	1,10	42,50
Teleformación	94.760	37,20	28,50	95.762	37,30	21,50	117.484	42,30	30,20

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.



Se a variable de referencia son as familias profesionais, aprécianse diferenzas segundo sexan homes ou mulleres os participantes. No primeiro caso é a de "seguridade e medio ambiente" a de maior presencia co 35,4%, seguida de "administración e xestión" co 19,7%. No caso das mulleres o primeiro lugar ocúpao "administración e xestión" co 29,2%, seguida de "seguridade e medio ambiente" co 17,5%.

Existen familias profesionais con apenas representación, tanto en homes como en mulleres, como e a agraria, industrias extractivas ou imaxe persoal.

CADRO 4.56. FORMACIÓN DE DEMANDA. PERSOAS FORMADAS SEGUNDO FAMILIA PROFESIONAL. GALICIA 2023

FAMILIA PROFESIONAL (1)	HOMES			MULLERES		
	Participantes	%	Duración media	Participantes	%	Duración media
Actividades físicas e deportivas	290	0,200	13,60	258	0,22	14,80
Adminsitración e xestión	28.041	19,74	10,80	33.801	29,19	11,90
Agraria	440	0,31	21,00	90	0,08	30,30
Artes gráficas	445	0,31	25,00	148	0,13	35,20
Comercio e marketing	9.481	6,67	12,20	9.006	7,78	11,90
Edificación e obra civil	3.380	2,38	15,40	286	0,25	29,90
Electricidade e electrónica	766	0,54	18,10	157	0,14	16,50
Enerxía e auga	1.921	1,35	14,70	245	0,21	15,60
Fabricación mecánica	1.642	1,16	27,10	394	0,34	43,80
Hostalaría e turismo	1.164	0,82	22,50	1.703	1,47	18,10
Imaxe persoal	18	0,01	16,10	437	0,38	22,30
Industrias alimentarias	5.659	3,98	12,40	10.724	9,26	12,50
Industrias extractivas	420	0,30	9,40	35	0,03	8,30
Informática e comunicacións	5.443	3,83	20,20	4.924	4,25	18,80
Instalación e mantemento	1.945	1,37	18,00	275	0,24	13,70
Sanidade	2.164	1,52	10,50	5.467	4,72	16,10
Seguridade e medio ambiente	50.338	35,43	11,30	20.257	17,49	11,90
Servizos socioculturais e á comunidade	8.272	5,82	20,00	13.873	11,98	17,10
Transporte e mantemento de vehículos	7.355	5,18	24,70	652	0,56	21,00
Formación complementaria	12.173	8,57	19,90	12.662	10,94	22,90

(1) Por familia profesional enténdese o conxunto de cualificacións en que se estructura no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, atendendo a criterios de afinidade da competencia profesional. Hai 26 familias profesionais. Neste cadro téñense en conta tan só aquelas familias profesionais máis representativas.
A porcentaxe refírese ao tanto por cento de todos as persoas formadas en todas as familias profesionais.
Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

4.8.4. Formación de oferta

As accións formativas subvencionadas están dirixidas a cubrir as necesidades non cubertas pola formación programada polas empresas para o seu persoal.

A formación de oferta abarca accións formativas das administracións laborais e comprenden as seguintes iniciativas:

4.8.4.1. Oferta formativa para persoas ocupadas:

- Programas formativos sectoriais.
- Programas formativos transversais.
- Programas formativos intersectoriais/ transversais de economía social.
- Programas formativos intersectoriais/ transversais de autónomos.

Esta oferta atende as necesidades formativas non cubertas polas empresas e desenvólvese de forma complementaria.

Poderán participar ademais das persoas ocupadas, as desempregadas nas porcentaxes que se establezan.

O obxecto desta oferta é atender os requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás necesidades de adaptación aos cambios no sistema produtivo, do mesmo xeito que ás necesidades de promoción, desenvolvemento persoal e mellora da empregabilidade.

As actividades de formación que se levaron a cabo durante o 2023 son dos plans de formación dos anos 2021, 2022 e 2023. A nivel estatal o 55,5% das persoas participantes son da convocatoria Programa de formación 2022, 57,8% en Galicia; o 15,8% en España e o 16% en Galicia son da convocatoria de Turismo 2021; e o 7,4% en todo o territorio nacional e o 9,3% en Galicia son do Programas de Formación TIC.

Das persoas participantes comunicadas, o 82,1% son ocupadas e un 17,9% desempregadas. A taxa media de cobertura formativa nacional é do 1,4% entre a poboación ocupada (1,7% en Galicia) e do 2% entre a desempregada (2,9% en Galicia). A taxa de cobertura aumenta en todos os grupos, ocupados e desempregados, e a nivel nacional e de Galicia.

CADRO 4.57. FORMACIÓN SUBVENCIONADA. INDICACIÓNS GLOBAIS. GALICIA/ESPAÑA. 2023

CONVOCATORIA	PARTICIPANTES		HORAS FORMACION		DURACION MEDIA	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Programa de Formación 2022	169.840	11.350	12.095.122	838.875	71,2	73,9
Turismo 2021	48.684	3.142	3.117.504	182.278	64,0	58,0
Programas formación Tic 2021	22.693	1.829	2.589.107	204.587	114,1	111,9
DS e negociación coletiva 2021	16.618	896	975.405	67.834	58,7	75,7
Ertes 2022-2023 (Prazo1)	11.582	548	1.199.886	81.120	103,6	148,0
Ertes 2022-2023 (Prazo2)	12.261	579	1.338.707	90.763	109,2	156,8
Turismo 2023	11.786	399	692.313	22.722	58,7	56,9
DS e negociación coletiva 2023	11.737	879	381.674	37.999	103,6	43,2
Programas Ceuta e Melilla 2019	140		11.600		82,9	
Compromiso contratación 2022-2023 (Prazo2)	640	7	189.033	1.900	295,4	271,4
Compromisos contratación 2022-2023 (prazo1)	105	1	21.320	120	203,0	120,0
Compromiso contratación 2022-2023 (Prazo3)	79		32.390		410,0	
Compromiso contratación 2022-2023 (Prazo4)	67		13.040		194,6	
Total	**306.232**	**19.630**	**22.657.101**	**1.528.198**	**74**	**77,90**

Elaboración propia con datos da FUNDAE.

CADRO 4.58. FORMACIÓN SUBVENCIONADA. INDICACIÓNS GLOBAIS POR MODALIDADE E NIVEL DE ESTUDOS E SEXO. GALICIA/ESPAÑA. 2023

	España	Galicia
PARTICIPANTES POR MODALIDADE		
Teleformación	**201.887,0**	**16.706,0**
Presencial	**37.857,0**	**2.105,0**
Mixta	**6.488,0**	**819,0**
NIVEL DE ESTUDOS		
Primarios	**84.774,0**	**4.367,0**
Secundarios	**83.140,0**	**5.253,0**
Terciarios	**109.469,0**	**8.206,0**
Outras titulacións	**488,0**	**29,0**
Sin datos	**28.361,0**	**1.775,0**
XÉNERO		
Home	**119.106,0**	**7.275,0**
Muller	**187.126,0**	**12.355,0**

Elaboración propia con datos da FUNDAE.

En relación coa modalidade de formación, a teleformación é a que conta con maior número de participantes, seguida da presencial a moita distancia.

Segundo o nivel de estudos, tanto en España como en Galicia, son as persoas con estudos terciarios as que acumulan maior porcentaxe de participantes. E como en anos anteriores hai maior presenza feminina, 63% en Galicia e 61% en España, fronte a 37% de homes en Galicia e 39% en España.

4.8.4.2. Oferta formativa para persoas desempregadas

No momento do peche deste capítulo non estaban dispoñibles os datos facilitados polas administracións encargadas da súa execución.

Os últimos datos dispoñibles son do 2022 nos que se realizaron 1.041 accións formativas, nas que participaron 9.381 persoas (4.505 homes e 4.876 mulleres).

Nos dous grupos son as persoas de 35 o máis anos as que concentran o maior número de participantes.

4.8.5. Outras iniciativas de formación

4.8.5.1. Permisos individuais de formación (PIF)

Cando a empresa conceda un PIF, entenderase cumprido o dereito ao permiso retribuído de 20 horas anuais de formación.

En Galicia é maior o número de participantes homes e en consecuencia maior o número de horas de permiso de formación, mentres que en España é maior o número de mulleres, pero non así o número de horas de permiso de formación, que é maior en homes. Con relación a 2022 en Galicia prodúcese un leve ascenso de participantes mulleres, así como de horas de permiso de formación, que aumentan. No caso dos homes no se experimentan cambios importantes con relación ao ano 2022. En España aumentan tanto o número de horas de formación como o número de participantes.

CADRO 4.59. PERMISOS INDIVIDUAIS DE FORMACIÓN. PARTICIPANTES E HORAS DE PERMISO. GALICIA/ESPAÑA. 2023

	Participantes	Horas de formación
GALICIA		
Homes	80	7.773
Mulleres	75	5.997
Total	**155**	**13.770**
ESPAÑA		
Homes	2.529	204.460
Mulleres	2.905	192.861
Total	**5.434**	**397.321**

Elaboración propia con datos da FUNDAE.

4.8.5.2. Formación en alternancia co emprego

Está integrada polos programas públicos de emprego-formación, que inclúen os programas de escolas-obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación e emprego.

As escolas-obradoiro e casas de oficios son programas públicos de emprego-formación que teñen como finalidade a inserción laboral de mozas e mozos sen emprego menores de 25 anos a través de formación en alternancia co emprego, a práctica profesional en ocupacións relacionadas coa recuperación patrimonial do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural.

Os obradoiros de emprego combinan formación e emprego dirixidos a desempregadas e desempregados de 25 ou máis anos, con dificultades de inserción laboral (persoas desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, persoas con discapacidade...). Participan en obras ou servizos de utilidade pública recibindo unha formación relacionada coa actividade e cunha duración mínima de 6 meses e máxima dun ano.

Do mesmo xeito que no caso da formación para persoas desempregadas, na data de peche deste capítulo no estaban dispoñibles os datos facilitados polas administracións encargadas da súa execución.

CGRL.GAL/ES

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023

— CAPÍTULO 5 —

A MULLER NO MUNDO LABORAL

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

MARTA PUEBLA VILARIÑO

XEFA DE SECCIÓN DE PRESTACIÓNS DA DIRECCIÓN PROVINCIAL
DO SEPE DA CORUÑA

ÍNDICE CAPÍTULO 5

MENÚ PRINCIPAL

INTRODUCIÓN

5.1. A MULLER NA POBOACIÓN GALEGA

CADRO 5.1. POBOACIÓN DE GALICIA E ESPAÑA. POR SEXO E PROVINCIAS. PADRÓN MUNICIPAL A 1 DE XANEIRO DE 2024. PERÍODO 2020-2023

CADRO 5.2. POBOACIÓN ESPAÑA E UE. PORCENTAXE DE MULLERES. 2020-2023

CADRO 5.3. POBOACIÓN E ÍNDICE DE FEMINEIDADE. 1996-2023

CADRO 5.4. POBOACIÓN DE GALICIA. POR IDADE E SEXO. 2020-2023

CADRO 5.5. NACEMENTO SEGUNDO O SEXO DO/A NACIDO/A. 1984-2022. GALICIA

CADRO 5.6. POBOACIÓN ESTRANXEIRA. PORCENTAXE DE MULLERES. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2020-2023

5.2. MULLER E ACTIVIDADE ECONÓMICA DE MERCADO

5.2.1. INTRODUCIÓN

CADRO 5.7. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS. POLA RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA. POR SEXO E PROVINCIA. 2020-2023

5.2.2. ACTIVIDADE E INACTIVIDADE

CADRO 5.8. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2020-2023

CADRO 5.9. POR CLASE DE INACTIVIDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023

CADRO 5.10. POBOACIÓN INACTIVA POR GRUPO DE IDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. VALORES ABSOLUTOS. UNIDADE: MILES. GALICIA 2021-2023

5.2.3. EMPREGO E DESEMPREGO

CADRO 5.11. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR ECONÓMICO. COMUNIDADE AUTÓNOMA E SEXO. 2023

CADRO 5.12. TAXAS DE DESEMPREGO. POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2020-2023

CADRO 5.13. POBOACIÓN DESEMPREGO. POR SEXOS. 2020-2023

5.3. DEMANDAS DE EMPREGO E PARO REXISTRADO

CADRO 5.14. PARO REXISTRADO. POR IDADE E XÉNERO. GALICIA. 2023

CADRO 5.15. NÚMERO DE DEMANDANTES DE EMPREGO. POR NIVEL DE FORMACIÓN E SEXO. GALICIA. 2023

CADRO 5.16. DEMANDAS DE EMPREGO PENDENTES DE DEMANDANTES EN PARO. SEGUNDO GRUPO PRINCIPAL DE OCUPACIÓN. GALICIA. DECEMBRO 2023

CADRO 5.17. POBOACIÓN DESEMPREGADA. POR SECTOR ECONÓMICO E SEXO. GALICIA. 2023

CADRO 5.18. DEMANDAS DE EMPREGO PENDENTES DE DEMANDANTES EN PARO. SEGUNDO IDADE E DURACIÓN DA DEMANDA E SEXO. GALICIA. DECEMBRO 2023

CADRO 5.19. BAIXAS DE DEMANDAS DE EMPREGO. SEGUNDO CAUSA DA BAIXA. POR SEXO E PROVINCIAS. GALICIA. DECEMBRO 2023

5.4. CONTRATOS DE TRABALLO

CADRO 5.20. CONTRATOS REXISTRADOS SEGUNDO XÉNERO E MODALIDADE DO CONTRATO DO NIVEL DE FORMACIÓN. GALICIA. 2020-2023

CADRO 5.21. CONTRATOS REXISTRADOS NOS CATRO GRANDES SECTORES DE ACTIVIDAE DES ECONÓMICAS (CLASIFICACIÓN CNAE 2009) POR SEXO. GALICIA. 2020-2023

CADRO 5.22. CONTRATOS SECTORIAIS POR SECCIÓNS (CLASIFICACIÓN CNAE) E SEXO. GALICIA. 2022-2023

CADRO 5.23. TIPOLOXÍA CONTRACTUAL POR SEXO. GALICIA. 2021-2023

5.5. FORMACIÓN

CADRO 5.24. ALUMNADO MATRICULADO EN CICLO FORMATIVO DE FP GRAO SUPERIOR, POR SEXO.GALICIA. CURSO 2021/2023

CADRO 5.25. ENSINO NON UNIVERSITARIO. ALUMNADO MATRICULADO EN BACHARELATO, POR SEXO. GALICIA. CURSO 2021/2023

CADRO 5.26. ABANDONO EDUCATIVO TEMPERÁN. POBOACIÓN ENTRE 18 E 24 ANOS (AMBOS INCLUSIVE) QUE NON COMPLETOU O NIVEL DE EDUCACIÓN SECUNDARIA SEGUNDA ETAPA E NON SEGUE NINGÚN TIPO DE FORMACIÓN (REGRADA OU NON REGRADA). GALICIA 2013-2023

CADRO 5.27. ALUMNADO MATRICULADO EN ENSINO UNIVERSITARIO, SEGUNDO RAMA DE COÑECEMENTO E SEXO. GALICIA. CURSO 2023

CADRO 5.28. ESTUDANTES TITULADOS/AS NAS UNIVERSIDADES GALEGAS POR SEXO. GALICIA. CURSO 2023

5.6. PODER E TOMA DE DECISIÓNS

CADRO 5.29. DISTRIBUCIÓN POR SEXO DE ALTOS CARGOS DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO EN PORCENTAXE DE MULLERES. CURSO 2020-2023

CADRO 5.30. MULLERES NO GOBERNO EN %

CADRO 5.31. COMPOSICIÓN DOS PARLAMENTOS AUTONÓMICOS. 2020-2023 (1)

CADRO 5.32. PARTICIPACIÓN DA MULLER NA COMISIÓN EUROPEA. 2020-2023

CADRO 5.33. MULLERES NOS PARLAMENTOS NACIONAIS DOS PAISES EUROPEOS. 2020-2023

CADRO 5.34. REPRESENTACIÓN DE MULLERES EN DIVERSOS ÓRGANOS CONSTITUCIONAIS. ESPAÑA 2023

5.7. CONCILIACIÓN ENTRE A VIDA LABORAL E FAMILIAR

CADRO 5.35. EXCEDENCIA POR COIDADOS FAMILIARES. GALICIA/ESPAÑA. 2022-2023

CADRO 5.36. NÚCLEOS FAMILIARES MONOPARENTAIS. POR SEXO EN MILES. 2015-2021

CADRO 5.37. EXCEDENCIAS POR COIDADO DE FILLAS E/OU FILLOS. GALICIA/ESPAÑA. 2011-2023

CADRO 5.38. POBOACIÓN OCUPADA A TEMPO PARCIAL POR MOTIVO DA XORNADA PARCIAL. ESPAÑA. 2020-2023

5.8. SALARIOS

CADRO 5.39. POBOACIÓN ASALARIADA POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMAS. 2021-2022

CADRO 5.40. SALARIOS MEDIOS POR SECTOR DE ACTIVIDADE ECONÓMICA E SEXO. GALIC CIA/ESPAÑA. 2022

CADRO 5.41. POBOACIÓN ASALARIADA POR TRAMOS DE SALARIO E SEXO. GALICIA. 2020-2022

CADRO 5.42. SALARIO BRUTO ANUAL POR TIPO DE CONTRATO (EUROS). POR SEXO E COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021

5.9. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

CADRO 5.43. PRESTACIÓN MEDIA ANUAL. SEGUNDO SEXO E IDADE. ESPAÑA. 2019-2022

CADRO 5.44. PERCEPCIÓNS MEDIAS DE PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO. POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA DA PERSOA PERCEPTORA. GALICIA/ESPAÑA. 2021-2022

CADRO 5.45. POBOACIÓN DESEMPREGADA E PRESTACIÓNS MEDIAS POR NACIONALIDADE E SEXO DA PERSOA PERCEPTORA. GALICIA/ESPAÑA. 2021-2022

5.10. PENSIÓNS

CADRO 5.46. PENSIÓN CONTRIBUTIVAS E IMPORTE MEDIO E PENSIONISTAS SEGUNDO CLASE, POR SEXO. GALICIA. 2022-2023

CADRO 5.47. PENSIONISTAS, PERCEPCIÓNS DE PENSIÓNS MEDIAS POR SEXO E TRAMO DE PENSIÓN. ESPAÑA. 2021

CADRO 5.48. PENSIÓN MEDIA ANUAL POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SEXO. EXERN CICIO 2021-2022

INTRODUCIÓN

Na exposición de motivos da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, dise: " O articulo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda o articulo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais ou efectivos".

A igualdade é así mesmo un principio fundamental na UE no que se refire ao acceso ao emprego, formación, promoción profesional e condicións de traballo. A violencia de xénero, a discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, social, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar, mostran que a igualdade plena e efectiva aínda non se conseguiu.

O Titulo IV da citada Lei orgánica ocúpase do dereito ao traballo en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no acceso ao emprego, na formación profesional e nas condicións de traballo e contempla especificamente o de negociar plans de igualdade nas empresas de máis de 151 e ata 250 persoas traballadoras dende 07/03/2020 e ata 07/03/2021, do 07/03/2021 e ata 06/03/2022 será obrigatorio en empresas entre 101 e 150 persoas traballadoras e dende 07/03/2022 serao para empresas de entre 50 e 100 persoas traballadoras.

Avanzando no camiño iniciado pola Lei 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, aprobouse o proxecto de lei orgánica de representación paritaria y presencia equilibrada de mulleres e homes. Esta Lei pretende garantir a representación efectiva das mulleres na vida política e económica, sendo aprobada definitivamente coa lei 2/2024, do 1 de agosto de representación paritaria e presencia equilibrada de mulleres e homes.

Incorpora o principio de representación equilibrada no ámbito empresarial. Coa nova norma, os consellos de administración das sociedades cotizadas e entidades de interese público, deben ter un número de mulleres non inferior ao 40% e que non supere o 49%.

As recomendacións que se fan a España están orientadas a aumentar os incentivos para que as mulleres participen no mercado de traballo e incrementar a dispoñibilidade e accesibilidade dos servizos para o coidado de fillas e fillos e doutras persoas dependentes.

A situación de desigualdade da muller segue sendo palpable non só en España e Europa, senón no resto do mundo. A OIT puxo a voz de alarma sobre a feminización da pobreza, resultado, en parte, das diferenzas de xénero no ámbito laboral. Aumenta o número de mulleres que acceden ao emprego, pero tamén aumenta o número de mulleres no paro. A taxa de actividade das mulleres españolas está por debaixo das europeas e a taxa de emprego feminino, aínda que mellorou moito nos últimos anos, aínda é máis baixa que a das mulleres europeas. A taxa de paro feminino, que tende a reducir distancias coa masculina, segue sendo elevada.

As diferenzas salariais entre homes e mulleres na media da UE fóronse reducindo progresivamente. En España a evolución foi mínima, non só se manteñen unhas grandes diferenzas salariais por razón de sexo, senón que a porcentaxe de mulleres con ingresos anuais superiores a 30.000 euros é moi reducida.

Ao longo deste capitulo queremos deixar reflexo da necesidade de adoptar medidas que reduzan as dificultades da muller para acceder e manter o emprego, a temporalidade, a precariedade, a desigualdade salarial e dificultades para conciliar a vida familiar, laboral e persoal. A estes elementos debe unirse a importante segregación ocupacional por sexos, o emprego feminino céntrase en determinadas ramas de actividade (segregación horizontal) e en determinadas categorías profesionais (segregación vertical).

Máis complicado parece que desapareza o "teito de cristal" ou "chan pegañento": barreira invisible formada por unha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas por homes, que impiden que as mulleres accedan a postos de gran responsabilidade e recoñecemento social, e que en moitos casos crean que o elixiron elas libremente. Así como o chamado "pacto entre homes", polo cal se son os homes (por ocupar postos de responsabilidade) os encargados de seleccionar as persoas traballadoras é máis probable que seleccionen un igual e polo tanto un home.

5.1. A MULLER NA POBOACIÓN GALEGA

Neste capítulo atenderemos ao mercado de traballo de Galicia dende a perspectiva da posición que nel ocupan as mulleres. Comezaremos este achegamento á problemática da muller no mercado de traballo galego analizando a participación relativa da muller na poboación galega.

As mulleres son maioría na poboación galega (así como na de cada unha das súas provincias) e na española, como se comproba co cadro 5.1.

En Galicia en 2023 por cada 100 homes hai 107,2 mulleres; o dato na Coruña é de 107,8 en Lugo de 108,7; en Ourense de 112,3 e en Pontevedra de 108,2 (todos por enriba da media española: 104).

CADRO 5.1. POBOACIÓN DE GALICIA E ESPAÑA. POR SEXO E PROVINCIAS. PADRÓN MUNICIPAL A 1 DE XANEIRO DE 2024
PERÍODO 2020-2023

	2020			2021			2022			2023		
	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres	Ambos sexos	Varóns	Mulleres
España	**47.344.649**	**24.140.758**	**23.203.891**	**47.435.597**	**23.146.007**	**24.189.590**	**48.059.777**	**23.542.333**	**24.517.444**	**48.085.361**	**23.565.593**	**24.519.768**
Galicia	**2.694.245**	**1.296.603**	**1.397.643**	**2.689.152**	**1.294.060**	**1.395.092**	**2.699.716**	**1.298.966**	**1.400.750**	**2.699.424**	**1.299.064**	**1.400.360**
A Coruña	**1.119.545**	536.707	582.839	**1.118.601**	536.277	582.324	**1.123.367**	538.056	585.311	**1.123.884**	538.523	585.361
Lugo	**325.851**	157.826	168.025	**323.830**	156.895	166.935	**323.904**	157.089	166.815	**324.267**	157.332	166.935
Ourense	**304.910**	146.326	158.584	**303.984**	145.914	158.070	**304.819**	146.316	158.503	**304.563**	146.271	158.292
Pontevedra	**943.939**	455.744	488.194	**942.737**	454.974	487.763	**947.626**	457.505	490.121	**946.710**	456.938	489.772

Fonte: INE, Padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2024.

No cadro 5.2 constatamos que no ano 2023 había na Unión Europea aproximadamente 51,12% de poboación feminina.

CADRO 5.2. POBOACIÓN ESPAÑA E UE. PORCENTAXE DE MULLERES.
2020-2023

	2020	2021	2022	2023
EU 27	51,1	51,13	51,12	51,12
España	**50,98**	**51**	**51**	**50,99**


Fonte: Eurostat.

A porcentaxe de mulleres sobre a poboación total dende 1996 figura no cadro 5.3.

CADRO 5.3. POBOACIÓN E ÍNDICE DE FEMINEIDADE.
1996-2023

ANO	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Indice de femineidade
2023	**48.085.361**	**24.519.768**	**23.565.593**	**104,00**
2022	48.059.777	24.517.444	23.542.333	104,14
2021	47.344.649	24.189.590	23.246.007	104,03
2020	47.344.649	24.140.758	23.203.891	104,03
2019	47.026.208	23.983.780	23.042.428	104,08
2018	47.022.572	23.776.565	22.881.882	103,91
2017	46.621.153	23.739.271	22.832.861	103,97
2016	46.546.259	23.713.398	22.843.610	103,81
2015	46.577.609	23.733.999	22.890.383	103,69
2014	47.771.341	23.785.665	22.985.676	103,48
2013	47.129.783	23.933.397	23.196.386	103,18
2012	47.265.321	23.966.965	23.298.356	102,87
2011	47.190.493	23.907.306	23.283.187	102,68
2010	47.021.031	23.794.846	23.226.185	102,45
2009	46.745.807	23.628.819	23.116.988	102,21
2008	46.157.822	23.310.085	22.847.737	102,02
2007	45.200.737	22.860.775	22.339.962	102,33
2006	44.708.964	22.608.498	22.100.466	102,30
2005	44.108.530	22.327.661	21.780.869	102,51
2004	43.197.684	21.912.437	21.285.247	102,95
2003	42.717.064	21.682.738	21.034.326	103,08
2002	41.837.894	21.273.805	20.564.089	103,45
2001	41.116.842	20.951.328	20.165.514	103,90
2000	40.499.791	20.678.407	19.821.384	104,32
1999	40.202.160	20.531.518	19.670.642	104,32
1998	39.852.651	20.364.186	19.488.465	104,49
1996	39.669.394	20.269.845	19.399.549	104,49

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.



A distribución por sexo de cada un dos grupos de idade en Galicia pode verse no cadro 5.4, que pon de manifesto que:

- Os homes son maioría no grupo de idade de 0 a 15 anos e case igual no grupo de 16 a 64 anos.

- As mulleres son maioría no outro grupo de idade e a diferenza a favor das mulleres vaise abrindo progresivamente á medida que avanzamos na idade.

A maior esperanza de vida das mulleres e a maior emigración dos homes están, sen dúbida, entre os factores explicativos.

CADRO 5.4. POBOACIÓN DE GALICIA. POR IDADE E SEXO.
2020-2023

Idade	Galicia 2020			Galicia 2021			Galicia 2022			Galicia 2023		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
0-15 anos	**333.250**	171.542	161.708	**333.678**	171.770	161.908	**327.964**	168.958	159.006	**325.553**	167.675	157.878
16-64 anos	**1.666.962**	827.750	839.212	**1.667.827**	828.175	839.652	**1.659.870**	824.481	835.389	**1.663.869**	826.187	837.682
65 e mais	**694.033**	297.310	396.723	**694.140**	297.357	396.784	**702.630**	301.269	401.361	**710.002**	305.202	404.800
Total	**2.694.245**	**1.296.602**	**1.397.643**	**2.695.645**	**1.297.302**	**1.398.344**	**2.690.464**	**1.294.708**	**1.395.756**	**2.699.424**	**1.299.064**	**1.400.360**

Fonte: INE, Padrón municipal de habitantes.

Para ver se a primacía numérica da muller en Galicia se asenta en motivos biolóxicos ou hai unha causalidade social, pode observarse no cadro 5.5 que nos últimos 40 anos en todos e cada un dos anos naceron en Galicia máis homes que mulleres. Destacaremos os seguintes aspectos:


- O importante descenso dos nacementos tocou fondo en 1998, ano no que o total de nacementos non chegou á metade dos de 1980 (quedou no 47,3%).

- No ano 2003 recuperouse o nivel dos 20.000 nacementos (por vez primeira dende 1993) e en 2008 chegouse aos 23.281 nacementos, para volver diminuír a partir dese ano.

- Da diferenza entre homes e mulleres do ano 1980 (1.384 persoas) pasouse na actualidade a 374 nenos máis que nenas en 2021 e 259 en 2022 (último dato dispoñible).

CADRO 5.5. NACEMENTO SEGUNDO O SEXO DO/A NACIDO/A.
1984-2022. GALICIA

Ano	Homes	Mulleres	Ano	Homes	Mulleres
1984	15.702	14.835	2004	10.652	9.969
1985	14.682	13.745	2005	10.867	10.230
1986	13.517	12.661	2006	11.075	10.317
1987	13.360	12.464	2007	11.173	10.497
1988	12.671	11.887	2008	12.036	11.245
1989	12.146	11.446	2009	11.644	11.002
1990	11.552	10.949	2010	11.443	10.507
1991	11.331	10.596	2011	11.544	10.608
1992	11.149	10.484	2012	10.990	10.099
1993	10.956	10.328	2013	10.990	10.099
1994	10.113	9.570	2014	10.316	9.427
1995	9.702	9.097	2015	10.032	9.395
1996	9.529	9.068	2016	9.773	9.289
1997	9.647	9.036	2017	9.471	8.974
1998	9.621	8.917	2018	9.265	8.702
1999	9.691	9.093	2019	8.118	7.483
2000	10.052	9.366	2020	7.730	7.482
2001	9.955	9.406	2021	7.579	7.205
2002	9.987	9.340	**2022**	**7.393**	**7.134**
2003	10.539	9.884			



Fonte: INE, Movemento natural de poboación.

No cadro 5.6 compróbase que Galicia é unha das comunidades autónomas na que a porcentaxe de mulleres estranxeiras sobre o total da poboación estranxeira supera a media estatal en máis de dos puntos.

CADRO 5.6. POBOACIÓN ESTRANXEIRA. PORCENTAXE DE MULLERES. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2020-2023

	2020	2021	2022	2023
España	**49,48**	**49,86**	**49,88**	**50,02**
Andalucía	49,53	49,40	49,41	49,53
Aragón	48,96	48,90	48,88	49,23
Asturias	53,75	53,90	53,87	53,94
Baleares	49,39	49,70	49,70	49,58
Canarias	50,55	50,50	50,58	50,54
Cantabria	52,39	52,10	52,12	52,59
Castela e León	51,09	50,90	50,90	51,03
Castela-A Mancha	49,12	49,00	49,03	48,78
Cataluña	48,24	48,30	48,34	48,52
C. Valenciana	49,71	49,90	49,91	50,30
Estremadura	51,82	51,70	51,78	52,41
Galicia	**52,11**	**51,90**	**51,97**	**52,14**
Madrid	52,72	52,60	52,62	52,56
Murcia	45,92	45,90	45,94	46,01
Navarra	49,52	49,50	49,52	49,63
País Vasco	49,87	49,70	49,67	49,83
A Rioxa	50,26	50,50	50,31	50,45
Ceuta	51,51	52,80	52,75	53,83
Melilla	51,20	52,50	52,57	53,30

Fonte: INE, explotación estatística do Padrón.

5.2. MULLER E ACTIVIDADE ECONÓMICA DE MERCADO

5.2.1. Introdución

Só nas últimas décadas a muller comezou a incorporarse maioritariamente en Galicia á actividade económica "de mercado", posto que tradicionalmente realizou un importante traballo, pero non retribuído senón ligado prioritariamente á esfera doméstica (incluíndo ademais dos labores do fogar o coidado dos nenos e nenas, das persoas con discapacidade etc.).

A invisibilidade deste traballo, que non computa na xeración do PIB, comezou a ceder no último cuarto de século por unha incorporación á vida activa similar á masculina nos grupos de idade máis novos, pero queda moito camiño por andar para que poidamos falar dun mercado laboral realmente equilibrado por sexos.

Xa vimos no apartado anterior que as mulleres, malia ser máis que os homes, son moitas menos na poboación activa (e moi especialmente na ocupada), mentres que son maioría na poboación desempregada e na inactiva.

Podemos complementar ese cadro co 5.7, que detalla para as provincias galegas a distribución porcentual da poboación. Destacaremos que:

- A taxa de actividade maior alcánzana os homes na provincia da Pontevedra (59,5%) e a menor é a das mulleres en Ourense (46,7%)
- A provincia con menor taxa de actividade masculina, Ourense (51,1 %), está por debaixo, en máis de 8 puntos porcentuais, da de Pontevedra. A que ten maior taxa de actividade feminina é Lugo 50,4%, seguida da Coruña 49,5%. A taxa máis baixa está en Ourense con 46,7%.
- A taxa de actividade en Galicia no grupo de mulleres só chega ao 49,2% (igual que no 2022) fronte ao 57,2% de homes.
- A taxa máis alta de desemprego no colectivo feminino e masculino encontrámola en Pontevedra tanto no grupo de homes (10,1%) coma no de mulleres 12% (14,4% en 2022).
- A taxa de desemprego máis baixa tanto en homes (7,6%) coma en mulleres (8,9%) é a de Lugo.

CADRO 5.7. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS. POLA RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA. POR SEXO E PROVINCIA. 2020-2023

	Taxas de actividade				Taxas de desemprego			
	2020	2021	2022	2023	2020	2021	2022	2023
Homes								
A Coruña	57,60	57,70	53,60	57,60	10,30	10,00	9,40	8,20
Lugo	55,20	56,20	51,80	54,60	7,50	9,40	8,80	7,60
Ourense	52,00	52,40	48,60	51,10	10,70	10,30	10,40	9,30
Pontevedra	58,80	58,20	54,00	59,50	12,70	11,70	11,20	10,10
Galicia	**57,10**	**57,10**	**57,00**	**57,20**	**10,90**	**10,60**	**10,10**	**8,90**
Mulleres								
A Coruña	48,70	48,30	49,90	49,50	12,20	11,30	10,80	10,00
Lugo	47,50	48,70	49,40	50,40	10,20	8,60	8,90	8,90
Ourense	43,20	44,30	46,10	46,70	12,80	11,90	12,50	9,80
Pontevedra	48,10	49,40	49,50	49,20	15,70	16,30	14,40	12,00
Galicia	**47,70**	**48,30**	**49,20**	**49,20**	**13,20**	**12,80**	**12,00**	**10,50**

Fonte: IGE-INE, EPA 28-04-2023.





5.2.2. Actividade e inactividade

A moito menor taxa de actividade das mulleres en Galicia (e en cada unha das súas provincias) en relación coa dos homes xa foi obxecto de estudo no capítulo 4; para completar esa análise presentamos no cadro 5.8 as taxas de actividade de homes e mulleres en cada unha das CC.AA. Destacaremos que:

- A taxa de actividade feminina está en Galicia case 5 puntos porcentuais por baixo da media española.
- A taxa de actividade masculina en Galicia supera en 8 puntos á feminina, pero está case 7 puntos por debaixo da media estatal para o grupo de homes.

CADRO 5.8. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2020-2023

	Varóns				Mulleres			
	2020	2021	2022	2023	2020	2021	2022	2023
España	**63,30**	**63,65**	**63,53**	**63,95**	**53,35**	**53,93**	**53,79**	**54,04**
Andalucía	63,45	63,51	62,02	62,82	50,22	51,85	51,02	51,96
Aragón	63,45	63,03	63,59	63,38	53,54	54,81	53,46	53,97
Asturias	54,71	55,42	54,76	53,50	46,09	45,14	46,56	47,02
Baleares	66,15	64,80	66,98	68,21	57,49	58,08	55,25	59,12
Canarias	61,12	63,40	64,35	64,85	53,86	56,11	54,05	54,95
Cantabria	58,67	65,72	58,75	59,47	49,86	49,13	50,04	50,50
Castela-A Mancha	65,28	59,31	66,10	65,17	51,87	52,43	52,80	52,02
Castela e León	59,36	65,72	59,23	59,36	49,21	49,46	50,40	48,86
Cataluña	65,67	65,13	65,03	66,38	56,91	57,64	56,64	56,87
C. Valenciana	62,64	63,54	64,68	64,52	52,72	53,09	54,34	54,13
Estremadura	59,78	61,68	61,11	61,75	50,18	48,28	49,93	49,87
Galicia	**56,91**	**56,98**	**56,17**	**57,18**	**48,07**	**48,19**	**49,49**	**49,18**
Madrid	67,62	67,88	67,54	67,72	59,48	58,72	59,31	59,22
Murcia	66,16	67,27	66,32	66,14	51,55	52,85	53,07	53,10
Navarra	62,73	63,24	64,12	63,49	53,55	54,59	54,70	54,23
País Vasco	59,19	60,85	62,15	61,71	52,10	53,15	51,25	52,34
A Rioxa	64,44	63,79	64,40	64,45	54,59	55,85	55,23	53,68
Ceuta	62,57	63,73	70,45	66,33	49,60	49,27	57,17	57,43
Melilla	72,91	67,25	63,40	61,57	58,17	60,24	54,16	49,74

Unidades: Porcentaxe.
Fonte: INE, EPA 4o trimestre de 2023.

Focalizando o estudo na perspectiva de xénero o cadro 5.9 pon de manifesto que:

- A principal situación de inactividade da muller galega deixa de ser "labores do fogar" co 23,1% (23,5% en 2022, 24,4% en 2021 e 27% en 2020) e pasa ao primeiro posto "xubilación ou prexubilación" con 37,2% (36,1% en 2022).
- A principal situación de inactividade dos homes en Galicia é a de "xubilación ou prexubilación" (co 62% da poboación inactiva), mentres que nas mulleres é de 37,2%. A pequena proporción de mulleres que realizaron en décadas anteriores un traballo retribuído é a explicación principal deste importante desaxuste, que contribúe a que ser muller de idade avanzada constitúa hoxe un dos principais factores de risco para formar parte das bolsas de pobreza.
- O 15,1% das inactivas galegas son estudantes e a porcentaxe ascende ao 17,2% entre os homes.
- O cobramento das pensións de viuvez prioritariamente por mulleres (xa que en décadas anteriores as persoas cotizantes á Seguridade Social eran en proporción moi maioritaria homes) explica que a porcentaxe de mulleres perceptoras de pensións diferentes ás ligadas á xubilación é máis de 13 puntos maior que nos homes.

CADRO 5.9. POR CLASE DE INACTIVIDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/a	Labores do fogar	Incapacitado/a permanente	Perceptor/a pensión distinta da xubilación (ou prexubilación)	Outras situacións[1]
Homes							
España	**100**	**21,4**	**57,4**	**6,2**	**6,9**	**3,9**	**4,2**
Andalucía	100	22,4	51,8	7,1	9,5	3,7	5,5
Aragón	100	19,7	64,9	4,6	5,6	2,5	2,8
Asturias	100	15,5	65,4	4,4	6,8	4,5	3,4
Baleares	100	22,2	52,1	11,8	4,0	4,1	5,7
Canarias	100	20,8	49,9	9,5	9,9	5,1	4,9
Cantabria	100	22,1	59,0	5,0	6,2	4,3	3,4
Castela e León	100	16,5	68,4	4,9	4,6	3,1	2,4
Castela-A Mancha	100	21,7	58,5	5,6	6,5	4,0	3,6
Cataluña	100	20,4	58,1	6,2	5,8	4,2	5,2
C. Valenciana	100	21,0	57,2	6,9	7,4	3,4	4,1
Estremadura	100	20,7	58,4	5,1	8,4	4,6	2,8
Galicia	**100**	**17,2**	**62,0**	**4,4**	**6,1**	**6,1**	**4,2**
Madrid	100	26,2	56,2	5,5	5,4	3,1	3,6
Murcia	100	26,0	51,1	5,9	7,8	5,5	3,8
Navarra	100	23,3	61,3	4,8	5,5	2,6	2,5
País Vasco	100	21,6	61,7	5,8	6,1	2,2	2,7
A Rioxa	100	20,2	63,0	5,9	4,8	2,9	3,2
Ceuta	101	34,9	37,8	7,8	12,7	2,8	4,9
Melilla	107	31,2	44,9	6,6	7,9	6,9	9,7
Mulleres							
España	**100**	**18,0**	**29,0**	**30,7**	**4,2**	**16,1**	**2,0**
Andalucía	100	19,1	22,2	34,3	5,9	16,5	1,9
Aragón	100	17,7	30,6	28,6	4,0	17,7	1,4
Asturias	100	11,9	31,5	30,5	4,2	19,9	1,9
Baleares	100	18,2	30,2	33,3	3,1	12,4	2,8
Canarias	100	19,3	18,9	36,7	6,8	16,0	2,3
Cantabria	100	16,3	28,3	30,2	4,2	19,5	1,5
Castela e León	100	15,8	27,4	33,4	3,2	18,6	1,7
Castela-A Mancha	100	18,9	18,8	39,9	3,6	17,1	1,7
Cataluña	100	15,9	37,8	26,1	3,8	13,8	2,6
C. Valenciana	100	19,4	31,7	28,0	4,9	13,7	2,4
Estremadura	100	17,7	21,6	33,8	4,1	21,2	1,7
Galicia	**100**	**15,1**	**37,2**	**23,1**	**3,8**	**19,1**	**1,6**
Madrid	100	20,1	30,5	30,5	2,6	14,3	2,0
Murcia	100	21,3	22,5	36,2	3,2	15,6	1,2
Navarra	100	20,4	31,0	28,1	2,9	15,8	1,8
País Vasco	100	17,3	31,6	26,7	3,6	19,4	1,4
A Rioxa	100	19,0	33,0	27,4	2,6	15,8	2,1
Ceuta	100	23,9	9,3	48,1	6,7	11,4	0,7
Melilla	100	25,9	9,6	36,3	5,9	16,4	6,0

(1) A categoría "Outras situacións" inclúe aos inactivos/as que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.
Datos en porcentaxes, respecto da poboación inactiva total de cada comunidade autónoma.
Fonte: INE, EPA 4o trimestre.

A desagregación por grupos de idade do cadro 5.10 permítenos constatar que no tramo de 16-19 anos as mulleres inactivas son menos que os homes inactivos en 2.400 persoas, mentres que a medida que avanzamos en idade tamén son máis as mulleres inactivas, ata chegar a unha diferenza de 21.100 (17.200 en 2022) inactivas máis no grupo de 55 a 64 anos e a 95.700 no tramo de >65 anos.

Evidentemente, a incorporación máis igualitaria da muller ao mundo do traballo retribuído vaise producindo nos estratos de poboación máis novos.

CADRO 5.10. POBOACIÓN INACTIVA POR GRUPO DE IDADE, SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. VALORES ABSOLUTOS. UNIDADE: MILES. GALICIA 2021-2023

	Total			De 16 a 19 anos			De 20 a 24 anos			De 25 a 34 anos		
	2021	2022	2023	2021	2022	2023	2021	2022	2023	2021	2022	2023
Homes	**481,0**	**491,8**	**481,5**	43,5	45,5	29,4	31,1	32,6	29,4	19,1	20,4	16,2
Mulleres	**631,7**	**617,9**	**627,3**	42,4	42,6	31,8	35,5	33,0	31,8	22,8	24,5	20,0
Galicia	**1.112,7**	**1.109,7**	**1.108,8**	**85,9**	**88,1**	**61,2**	**66,6**	**65,6**	**61,2**	**41,9**	**44,9**	**36,2**

	De 35 a 44 anos			De 45 a 54 anos			De 55 a 64 anos			De 65 e máis anos		
	2021	2022	2023	2021	2022	2023	2021	2022	2023	2021	2022	2023
Homes	13,2	13,8	13,3	24,6	26,3	26,5	64,4	65,4	59,6	285,3	289,0	292,4
Mulleres	26,0	18,7	22,8	44,2	36,3	40,9	85,8	82,6	80,7	377,4	382,0	388,1
Galicia	**39,2**	**32,5**	**36,1**	**68,8**	**62,6**	**67,4**	**150,2**	**148,0**	**140,3**	**662,7**	**671,0**	**680,5**

Fonte: INE 4T.

5.2.3. Emprego e desemprego

Dentro da poboación activa inclúese tanto a que está a traballar (poboación ocupada) coma a que busca emprego activamente (poboación desempregada).

A distribución porcentual da poboación ocupada por sexos e sectores económicos en cada unha das CC.AA. figura no cadro 5.11. Nel destacaremos, no referido a Galicia e o total español, que:

- O 85% das mulleres con emprego en Galicia traballan no sector servizos (en España alcanza o 88,9%).
- A porcentaxe de mulleres que traballan en Galicia no sector agrario supera o dobre da media española de mulleres.
- A subrepresentación da muller por sectores económicos é especialmente rechamante na construción, actividade na que só chega ao 1,2% de ocupación, igual que a media estatal (1,2%). A presenza da muller na industria (9,5%) e levemente superior a media estatal (7,9%)
- No capítulo 4 pode comprobarse que a taxa de ocupación da muller en Galicia continúa estando moi por baixo da masculina, cunha distancia de 8 puntos.


As taxas de paro en cada unha das comunidades españolas e a desagregación por sexos figuran no cadro 5.12, que mostra que:


- A taxa de paro das mulleres (10,54%) é case de 2 puntos superior á dos homes (8.93%) en Galicia e con máis de 3 puntos de diferenza por debaixo da media española (13,87%).
- As taxas de desemprego feminino son especialmente altas en Ceuta, Melilla, Andalucía e Estremadura.
- A taxa de desemprego feminino máis baixa tena Pais Vasco, co 8,59%, e Cataluña 9,79% e Cantabria 9,97%.

No grupo de homes as que teñen as taxas máis altas son Melilla 26,62% e Ceuta 24,55% e as máis baixas Aragón 6,41% e Cantabria 6,45%.

CADRO 5.11. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DA POBOACIÓN OCUPADA POR SECTOR ECONÓMICO. COMUNIDADE AUTÓNOMA E SEXO. 2023

	Total	Agricultura	Industria	Construción	Servizos
Andalucía					
Homes	100,0	9,3	12,6	10,9	67,2
Mulleres	100,0	4,3	4,5	1,2	90,0
Aragón					
Homes	100,0	8,1	26,7	8,8	56,3
Mulleres	100,0	2,7	12,3	1,5	83,5
Asturias					
Homes	100,0	3,9	23,0	12,5	60,6
Mulleres	100,0	2,7	5,3	1,3	90,7
Baleares					
Homes	100,0	0,8	8,8	16,4	73,9
Mulleres	100,0	0,1	3,3	1,5	95,1
Canarias					
Homes	100,0	3,0	6,6	10,8	79,6
Mulleres	100,0	1,2	3,2	0,9	94,7
Cantabria					
Homes	100,0	2,8	23,0	14,0	60,2
Mulleres	100,0	1,5	7,9	1,9	88,7
C. León					
Homes	100,0	9,8	22,0	11,5	56,7
Mulleres	100,0	2,7	8,8	1,4	87,1
C. A Mancha					
Homes	100,0	8,3	19,6	13,4	58,7
Mulleres	100,0	2,8	10,2	1,1	85,9
Cataluña					
Homes	100,0	2,1	21,7	10,8	65,5
Mulleres	100,0	0,4	11,4	0,9	87,3
C. Valenciana					
Homes	100,0	3,0	20,9	12,6	63,5
Mulleres	100,0	1,3	9,8	1,4	87,5
Estremadura					
Homes	100,0	13,4	15,8	11,2	59,6
Mulleres	100,0	3,8	5,0	1,0	90,2
Galicia					
Homes	**100,0**	**8,6**	**19,9**	**12,1**	**59,3**
Mulleres	**100,0**	**4,3**	**9,5**	**1,2**	**85,0**
Madrid					
Homes	100,0	0,5	12,3	10,2	77,0
Mulleres	100,0	0,3	5,8	1,5	92,4
Murcia					
Homes	100,0	15,2	15,0	10,3	59,5
Mulleres	100,0	6,1	6,4	1,7	85,8
Navarra					
Homes	100,0	5,7	33,4	9,9	51,0
Mulleres	100,0	0,9	15,4	1,0	82,7
País Vasco					
Homes	100,0	1,5	30,2	9,3	59,0
Mulleres	100,0	0,6	8,8	1,5	89,0
A Rioxa					
Homes	100,0	7,3	33,8	13,8	45,1
Mulleres	100,0	2,8	19,8	1,6	75,8
Ceuta					
Homes	100,0		5,5	6,5	87,9
Mulleres	100,0		0,6		99,4
Melilla					
Homes	100,0	0,4	3,7	5,4	90,5
Mulleres	100,0		0,6	0,6	98,8
España					
Homes	**100,0**	**5,1**	**17,9**	**11,2**	**65,8**
Mulleres	**100,0**	**1,9**	**7,9**	**1,2**	**88,9**





Datos en porcentaxe.
Fonte: INE, EPA. 4o trimestre.

CADRO 5.12. TAXAS DE DESEMPREGO. POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2020-2023

	2023		2022		2021		2020	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
España	**10,66**	**13,87**	**11,32**	**14,61**	**13,05**	**16,71**	**13,87**	**17,43**
Andalucía	**15,63**	**21,25**	16,45	21,96	18,50	25,44	18,82	26,53
Aragón	**6,41**	**11,03**	7,48	11,60	8,49	12,03	10,09	13,56
Asturias	**11,39**	**12,89**	14,39	14,39	11,40	13,74	13,86	14,40
Baleares	**9,92**	**10,77**	10,23	11,70	13,58	16,13	14,97	17,49
Canarias	**14,03**	**15,40**	12,88	16,51	22,17	24,27	21,45	23,94
Cantabria	**6,45**	**9,97**	8,11	12,79	10,09	13,00	11,69	12,66
Castela e León	**8,05**	**11,58**	7,79	10,02	9,44	13,70	10,61	13,79
Castela-A Mancha	**10,18**	**16,99**	11,09	18,50	11,55	20,81	13,62	22,95
Cataluña	**8,92**	**9,79**	9,70	10,14	10,37	12,85	11,91	13,42
C. Valenciana	**10,97**	**14,87**	11,56	15,77	14,00	18,11	14,33	18,37
Estremadura	**14,34**	**20,99**	14,17	21,72	15,25	24,75	18,03	26,29
Galicia	**8,93**	**10,54**	**9,81**	**11,49**	**10,60**	**12,80**	**10,89**	**13,25**
Madrid	**8,70**	**11,25**	9,57	13,49	10,66	12,47	11,57	13,45
Murcia	**10,94**	**15,04**	10,91	15,35	11,97	17,18	13,60	19,47
Navarra	**9,16**	**10,83**	9,66	10,58	11,41	9,69	9,99	10,14
País Vasco	**6,94**	**8,59**	8,11	9,27	9,65	10,01	8,68	10,45
A Rioxa	**7,86**	**11,13**	7,86	9,42	8,63	14,74	9,26	12,57
Ceuta	**24,55**	**36,28**	25,76	36,73	21,85	32,29	21,77	28,29
Melilla	**26,62**	**26,63**	15,59	27,27	17,97	22,11	20,69	27,22


Fonte: INE, EPA, media dos catro trimestres do ano.


A desagregación por sexo da poboación desempregada de Galicia reflíctese no cadro 5.13.

CADRO 5.13. POBOACIÓN DESEMPREGO. POR SEXOS. 2020-2023

	2022	2023
Homes	59.848	54.711
Mulleres	82.374	74.793
	142.222	**129.504**

Datos xuño 2023. Fonte: SEPE.





5.3. DEMANDAS DE EMPREGO E PARO REXISTRADO

Demandantes son as persoas que se inscriben nos servizos públicos de emprego para a busca dun emprego ou mellorar o que posúen, para recibir outros servizos alleos ao emprego (orientación para o autoemprego, formación ocupacional...) ou pola obrigatoriedade de inscribirse para recibir unha prestación por desemprego, subsidio, renda activa de inserción ou calquera tipo de prestación ou axuda.

As persoas demandantes de emprego clasifícanse en determinados colectivos de pertenza e así se calcula por exclusión a cifra de paro rexistrado, ao poder reunir a demanda dunha persoa dúas ou máis situacións. Estableceuse a seguinte orde de preferencia contabilizándose cada demandante no primeiro colectivo que aparece:

- Persoas demandantes inscritas sen dispoñibilidade
- Persoas demandantes de emprego non paradas:
  - Demandantes con baixa dispoñibilidade para o emprego
  - Demandantes ocupados/as ou con relación laboral
  - Demandantes dun emprego específico
  - Outras persoas demandantes sen emprego/non ocupadas
- Demandantes de emprego en paro

As demandas de emprego pendentes de demandantes en paro a decembro 2023 foron 129.504 segundo a información do SEPE. Delas, o 42,2% correspondía ao colectivo de homes (España 40,3%) e o 57,7% ao de mulleres (España 59,7%).

Por tramos de idade segundo o SEPE, tanto no grupo de homes coma no de mulleres, son os tramos de máis idade (maiores de 59 y 55-59) os que concentran maior paro rexistrado.

CADRO 5.14. PARO REXISTRADO. POR IDADE E XÉNERO. GALICIA. 2023

	Mulleres	Homes	Total
16 a 19	363	551	**914**
20 a 24	2.179	2.286	**4.465**
25 a 29	4.710	4.219	**8.929**
30 a 34	6.134	4.708	**10.842**
35 a 39	7.225	4.566	**11.791**
40 a 44	8.632	5.268	**13.900**
45 a 49	9.865	6.678	**16.543**
50 a 54	10.631	7.162	**17.793**
55 a 59	12.079	9.029	**21.108**
Mayor 59	12.975	10.244	**23.219**
Total	**74.793**	**54.711**	**129.504**

Datos: Miles de persoas.
Fonte: SEPE 2023.

Centrándonos no nivel de estudos nos dous grupos é o colectivo de estudos secundarios de primeira e segunda etapa, o que acumula o maior número de demandas pendentes. As mulleres 56,9% e os homes 62,4%. As diferenzas máis apreciables danse na educación superior, xa que as mulleres con educación superior teñen un peor comportamento chegando ao 38% de demandas de emprego pendentes, fronte ao 28% de homes. Os dous grupos empeoran sobre o ano anterior.

CADRO 5.15. NÚMERO DE DEMANDANTES DE EMPREGO. POR NIVEL DE FORMACIÓN E SEXO. GALICIA. 2023

	Homes	Mulleres
Analfabetos	0,5	0,1
Estudos primarios	5,0	3,1
Estudos secundarios. Primeira etapa	20,3	17,8
Estudos secundarios. Segunda etapa	15,5	18,6
Educación superior	16,1	24,3
Total Galicia	**57,4**	**64,0**

Datos: Miles de persoas.
Fonte: SEPE 2023.

Por grupo principal de ocupación segundo os datos do SEPE, as mulleres demandantes de emprego paradas solicitan en maior número as seguintes ocupacións:

- Traballadoras de servizos de restauración e comercio (26,9%).
- Traballadoras non cualificadas de servizos (17,7%).
- Traballadoras de servizos de saúde, con 10,6% demandas de emprego pendentes.
- Empregadas de oficina que non atenden ao público, con 10% demandas de emprego pendentes.
- No colectivo masculino a profesión máis demandada segue sendo peóns agrícolas e de construción, seguida de técnicos profesionais de apoio e traballadores cualificados da construción. Estas seguen sendo profesións reservadas aos homes.

CADRO 5.16. DEMANDAS DE EMPREGO PENDENTES DE DEMANDANTES EN PARO. SEGUNDO GRUPO PRINCIPAL DE OCUPACIÓN. GALICIA. DECEMBRO 2023

		Homes	Mulleres
A	Directores/directoras e xerentes	694	336
B	Persoal técnico e profesionais saúde e ensino	817	2.880
C	Outro persoal técnico e profesionais ciéntificos e intelectuais	3.653	4.968
D	Persoal técnico; profesionais de apoio	6.936	5.568
E	Persoas empregadas oficina que non atenden público	2.516	7.556
F	Persoas empregadas oficina que atenden público	673	2.568
G	Persoas traballadoras servizos restauración e comercio	5.278	20.149
H	Persoas traballadoras servizos saúde e coidado persoas	1.106	7.940
I	Persoas traballadoras servizos protección e seguridade	1.066	164
J	Persoas traballadoras cualificadas sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	1.963	819
K	Persoas traballadoras cualificadas construción, agás operadores máquinas	6.918	111
L	Persoas traballadoras cualificadas ind. manufactureiras, agás operadores instalacións e máquinas	5.511	1.942
M	Operadores/as instalacións e maquinaria fixas	1.072	2.129
N	Conductores/as e operadores/as maquinaria móbil	3.926	316
O	Persoas traballadoras non cualificadas en servizos (agás transportes)	2.223	13.219
P	Peóns agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes	10.307	4.104
Q	Ocupacións militares	52	24
	Total	**54.711**	**74.793**

Fonte: SEPE.

En canto á sección da actividade económica, segundo datos do SEPE, hai que destacar o comercio como a máis demandada, seguida de hostalaría, actividades administrativas e servizos auxiliares e comercio. En España en primeiro lugar aparece o comercio, seguida da hostalaría e actividades administrativas.

Ao igual que vimos coas ocupacións máis demandadas, é a construción a sección de actividade económica onde o colectivo de homes concentra en maior medida as súas expectativas laborais, seguido de actividade de industrias manufactureiras e comercio.

Aínda que se aprecian actividades económicas igualmente demandadas por homes e mulleres, seguen existindo outras reservadas case exclusivamente ás mulleres, como actividades sanitarias e de servizos sociais, hostalaría, educación e persoal doméstico.

CADRO 5.17. POBOACIÓN DESEMPREGADA. POR SECTOR ECONÓMICO E SEXO. GALICIA. 2023

	Homes	Mulleres	Total
A Agricultura e pesca	2.980	1.416	**4.396**
B Industria	7.181	6.469	**13.650**
C Construción	8.038	1.212	**9.250**
D Servizos	33.302	62.099	**95.401**
E Sen emprego anterior	4.029	7.742	**11.771**
Total	**55.530**	**78.938**	**134.468**

Fonte: IGE. Xuño 2024.

As mulleres maiores de 25 anos representan o 96,7% das demandas pendentes de mulleres demandantes en paro fronte ao 95% dos homes na mesma situación. O 52% das mulleres maiores de 25 anos permanecen máis dun ano como demandantes de emprego (48% en homes), o que volve a reforzar as dificultades de inserción laboral das mulleres.

CADRO 5.18. DEMANDAS DE EMPREGO PENDENTES DE DEMANDANTES EN PARO. SEGUNDO IDADE E DURACIÓN DA DEMANDA E SEXO. GALICIA. DECEMBRO 2023

	Menores de 25 anos			Maiores de 25 anos		
Galicia	**Homes**	**Mulleres**	**Total**	**Homes**	**Mulleres**	**Total**
< 1 mes	675	608	**1.283**	5.483	7.141	**12.624**
De 1 a <= 6 meses	1.314	1.178	**2.492**	13.986	18.230	**32.216**
De > 6 meses a <= 1 ano	383	378	**761**	7.970	11.197	**19.167**
De máis de 1 ano	363	447	**810**	25.356	39.760	**65.116**
Total	**2.735**	**2.611**	**5.346**	**52.795**	**76.328**	**129.123**

Fonte: IGE.

Para finalizar, faremos unha referencia ás baixas na demanda de emprego. Do total das baixas por colocación (301.941) o 55,9% o representan o grupo de mulleres, fronte ao 44,1% dos homes, sendo este o cuarto ano onde as baixas por colocación das mulleres superan en porcentaxe ás dos homes.

CADRO 5.19. BAIXAS DE DEMANDAS DE EMPREGO. SEGUNDO CAUSA DA BAIXA. POR SEXO E PROVINCIAS. GALICIA. DECEMBRO 2023

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Homes					
Por colocación	**49.913**	**13.691**	**13.395**	**56.175**	**133.174**
Con oferta previa	451	199	258	674	**1.582**
Sen oferta previa	13.369	3.771	4.045	13.595	**34.780**
Outras colocacións	36.093	9.721	9.092	41.906	**96.812**
Non renovación	**12.599**	**3.150**	**4.172**	**16.141**	**36.062**
Outras causas	**5.191**	**1.445**	**1.083**	**6.125**	**13.844**
Mulleres					
Por colocación	**64.428**	**18.523**	**17.191**	**68.625**	**168.767**
Con oferta previa	617	194	231	641	**1.683**
Sen oferta previa	14.843	3.911	4.180	14.373	**37.307**
Outras colocacións	48.968	14.418	12.780	53.611	**129.777**
Non renovación	**12.875**	**3.315**	**4.330**	**14.038**	**34.558**
Outras causas	**6.220**	**1.835**	**1.403**	**8.431**	**17.889**

Fonte: IGE.

5.4. CONTRATOS DE TRABALLO

No capítulo 7, dedicado á contratación, móstranse os datos facilitados polo SEPE por tipos de contratos e sexo, que servirán como información complementaria para este capítulo.

No ano 2023 a contratación feminina supuxo o 48,5% do total da contratación, manténdose con respecto ao ano 2022, tanto de contratos iniciais, coma de conversión en indefinidos. Se o desagregamos, os contratos iniciais supuxeron o 49% e as conversións o 45,4% do total de ambos os dous sexos, sempre por debaixo da contratación masculina, e manténdose en relación a os anos anteriores.

Se facemos unha análise por nivel de formación, observamos que a contratación feminina é inferior á masculina en todos os niveis agás no de estudos superiores, chegando ao 55,3%.

CADRO 5.20. CONTRATOS REXISTRADOS SEGUNDO XÉNERO E MODALIDADE DO CONTRATO DO NIVEL DE FORMACIÓN. GALICIA. 2020-2023

	2020		2021		2022		2023	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
TOTAL CONTRATOS								
Total contratos rexistrados	351.886	397.331	481.070	437.144	414.110	431.133	**351.413**	**372.992**
Total contratos iniciais	337.223	379.290	455.196	417.231	380.757	392.221	**329.945**	**342.127**
Conversións a indefinidos			25.874	19.913	31.634	36.547	**12.046**	**14.489**
ANALFABETOS								
Total contratos rexistrados	8.540	15.911	18.069	11.876	9.433	10.298	**8.626**	**9.939**
Total contratos iniciais	8.309	15.549	17.368	11.445	8.809	9.579	**7.986**	**9.203**
Conversións a indefinidos			431	701	576	647	**180**	**193**
ESTUDOS PRIMARIOS								
Total contratos rexistrados	77.061	98.743	120.093	97.157	95.204	111.556	**84.715**	**99.086**
Total contratos iniciais	73.914	93.974	112.683	92.642	87.200	99.708	**80.665**	**91.862**
Conversións a indefinidos			4.515	7.410	7.687	11.036	**2.811**	**3.926**
ESTUDOS SECUNDARIOS								
Total contratos rexistrados	202.574	232.820	279.595	251.859	235.040	249.761	**195.600**	**214.180**
Total contratos iniciais	194.848	222.791	265.538	241.544	217.710	229.169	**184.772**	**196.771**
Conversións a indefinidos			10.315	14.057	16.848	19.698	**5.906**	**7.474**
ESTUDOS SUPERIORES								
Total contratos rexistrados	62.956	49.813	63.258	75.298	73.258	59.433	**61.511**	**49.728**
Total contratos iniciais	59.397	46.932	59.552	70.646	65.863	59.680	**55.561**	**44.232**
Conversións a indefinidos			4.652	3.706	6.523	5.166	**3.149**	**2.896**
SEN CLASIFICAR								
Total contratos rexistrados	755	44	55	954	1.175	85	**961**	**59**
Total contratos iniciais	755	44	55	954	1.175	85	**961**	**59**
Conversións a indefinidos			0	0	0	0	**0**	**0**

Fonte: Conselleria de Economía, Emprego e Industria. Xaneiro 2024.


Outra característica dos contratos concertados con mulleres é que son maioritariamente no sector servizos.


Segundo o seguinte cadro, o 85,7% (85% en 2022) das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión no sector servizos. O segundo sector de importancia é a industria, onde traballa o 11,9% (12,9% en 2022) e a agricultura co 1,6% (1,4% en 2022). Na construción a representación feminina é moi escasa, non alcanza, como no ano 2022, o 1%, quedase no 0,6%.

CADRO 5.21. CONTRATOS REXISTRADOS NOS CATRO GRANDES SECTORES DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (CLASIFICACIÓN CNAE 2009) POR SEXO. GALICIA. 2020-2023

	Mulleres		Homes	
	2022	2023	2022	2023
Agricultura	5.803	5.677	22.262	19.646
Industria	53.750	42.077	82.164	65.056
Construcción	2.515	2.200	33.194	27.353
Servizos	352.042	301.459	293.513	260.937
Total	**414.110**	**351.413**	**431.133**	**372.992**

Fonte: Conselleria de Economía, Emprego e Industria. Xaneiro 2024.





O sector servizos é o único onde a contratación feminina supera a masculina representando un 54,5% do total dos contratos realizados neste sector. Dentro deste sector, as actividades de comercio e hostalaría concentran o maior número de mulleres traballadoras do total do sector servizos.

CADRO 5.22. CONTRATOS SECTORIAIS POR SECCIÓNS (CLASIFICACIÓN CNAE) E SEXO. GALICIA. 2022-2023

	2022			2023		
	Mulleres	Homes	Total	Mulleres	Homes	Total
A Agricultura, gandaría, caza e silvicultura e pesca	5.416	20.482	**25.898**	5.527	18.983	**24.510**
B Industrias extractivas	33	512	**545**	31	528	**559**
C Industrias manufactureira	48.923	69.622	**118.545**	39.349	57.162	**96.511**
D Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	96	239	**335**	119	264	**383**
E Subministración de auga, saneamento, residuos descontaminación	1.322	3.672	**4.994**	1.122	3.310	**4.432**
F Construción	1.981	26.888	**28.869**	2.013	24.983	**26.996**
G Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehiculos motor	54.372	36.774	**91.146**	47.939	33.695	**81.634**
H Transporte e almacenamento	18.528	64.393	**82.921**	14.202	53.671	**67.873**
I Hostalaría	80.635	60.049	**140.684**	75.959	59.084	**135.043**
J Información e comunicacións	11.158	15.167	**26.325**	9.980	13.872	**23.852**
K Actividades financieiras e de seguros	2.385	1.117	**3.502**	1.869	1.091	**2.960**
L Actividades inmobiliarias	578	293	**871**	581	344	**925**
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	10.685	9.512	**20.197**	10.094	8.562	**18.656**
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	37.959	25.940	**63.899**	34.944	25.698	**60.642**
O Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	12.347	7.510	**19.857**	9.635	7.158	**16.793**
P Educación	17.756	9.043	**26.799**	15.255	7.330	**22.585**
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	37.008	6.858	**43.866**	33.265	6.207	**39.472**
R Actividades artísticas recreativas e de entretemento	20.884	31.584	**52.468**	20.231	31.356	**51.587**
S Outros servizos	9.446	4.334	**13.780**	8.356	4.608	**12.964**
T Actividades dos fogares e uso propio	10.883	540	**11.423**	8.844	522	**9.366**
U Organismos extraterritoriais	78	60	**138**	69	58	**127**
Total	**382.473**	**394.589**	**777.062**	**339.384**	**358.486**	**697.870**

Fonte: SEPE.

De acordo á información do SEPE, a distribución do emprego feminino está moi ligada ás ocupacións que desempeñan, por iso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Se ben é certo que hai pouca representación de mulleres en postos de dirección de empresas, só o 32,6% (38,8% en 2022) fronte ao 67,4% de homes, as porcentaxes de mulleres aumentan en técnicas e profesionais de saúde e do ensino 77,9% (69,5% en 2022) e traballadoras de servizos de saúde e coidado de persoas (87,8%). O maior número de mulleres con formación superior ou universitaria está a ter reflexo no mercado de traballo, exemplo disto e o porcentaxe de mulleres en postos técnicos científico e intelectuais que supera lixeiramente aos homes cun 57,6%. A medio ou longo prazo ten que repercutir en que pasen a ocupar postos de dirección e, polo tanto, tamén repercutan nos niveis salariais.

Outro grupo de ocupación con gran representación feminina é o das empregadas en servizos de restauración e comercio, 79% (60,9% en 2022) do total das persoas contratadas.

Entre as persoas traballadoras cualificadas da construción a presenza da muller é moi escasa e no grupo de persoas traballadoras cualificadas de agricultura a representación masculina tamén é moi superior á feminina.

Podemos concluír que, no referente aos grupos de ocupación, existen dúas tendencias:

- Un grupo maioritario que desempeña as súas funcións como empregada administrativa ou como traballadora de servizos de restauración, persoais e do comercio.
- Un grupo minoritario que, grazas á obtención dun título universitario, ocupa postos técnicos e profesionais en saúde e ensino e outros técnicos científicos e intelectuais.

Como expuxemos ao inicio deste apartado, a contratación masculina foi superior á feminina e foino especialmente nos contratos de obra e servizo e nos eventuais por circunstancias de produción.

A contratación segundo modalidade e sexo pódese consultar nos cadros do capítulo 7.

Hai determinadas modalidades de contratación con maior peso feminino e outras onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacan os contratos de interinidade, 66%, e os que se realizan a tempo parcial, tanto indefinidos coma temporais.

Este ano os contratos para a formación realizados a mulleres, 48,2% (49,4% en 2022), non superan os concertados con homes, descendendo respecto de anos anteriores, e os de prácticas mantéñense e chegan ao 42% (43,9% en 2022) despois de varios anos de superioridade feminina.

Os contratos temporais, tanto a xornada completa coma parcial, alcanzan no colectivo feminino o 66% (69% en 2022) da contratación a mulleres, afastándose do colectivo masculino, que chega ao 62%. Mellor nos dous grupos debido ao incremento dos fixos descontinuos.

Os contratos indefinidos, tanto a xornada completa coma parcial, supuxeron o 29% (23% no 2022) nas mulleres e o 32% (24% en 2022) nos homes e as conversións en indefinidos distáncianse do grupo de homes chegando só ao 45% do total para o colectivo feminino.


Mantense a tendencia dos últimos anos, onde a contratación feminina está caracterizada por un maior uso do contrato a tempo parcial, o 64% fronte ao 36% no grupo de homes.

A contratación indefinida tamén e inferior no grupo de mulleres, o 48,5% fronte ao 51,5% no grupo de homes, pero a melloría vese ano a ano.

CADRO 5.23. TIPOLOXÍA CONTRACTUAL POR SEXO.
GALICIA. 2021-2023

	2021		2022		2023	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Indefinido (bonif./ non bonif.)	20.648	23.540	96.494	104.535	96.628	110.643
Obra ou servizo	114.147	161.163	17.354	24.316	0	0
Eventual circunstancias da produción	219.669	237.678	202.146	220.558	182.911	200.204
Interinidade	56.726	23.910	54.535	26.405	44.691	22.944
Prácticas	1.779	2.303	1.752	2.233	1.232	1.690
Formación	1.665	1.766	1.506	1.468	1.492	1.601
Outros	2.597	4.836	6.970	12.706	2.991	5.045
Conversión a indefinidos	19.913	25.874	31.634	36.547	12.046	14.489
Total	**437.144**	**481.070**	**412.391**	**428.768**	**341.991**	**356.616**

Fonte: IGE.



5.5. FORMACIÓN

Outro factor importante a ter en conta na inserción da muller no mundo do traballo é, sen dúbida, a formación académica á que accede o alumnado feminino como fase previa ao seu acceso ao mercado laboral.

Neste apartado imos tratar a formación regrada. Dentro da formación regrada centrarémonos nos ciclos formativos de grao superior, bacharelato e titulacións universitarias, por consideralos máis significativos, e para iso imos utilizar os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).


No alumnado matriculado nos ciclos formativos de grao superior observamos que o 43,8% eran mulleres, mantendo a tendencia dos últimos anos.

O alumnado matriculado en bacharelato, segundo o IGE, mostra que as mulleres matriculadas representan en Galicia o 53,4%, case 7 puntos mais sobre a media masculina do 46,6%, confirmándose novamente a necesidade dunha maior formación do colectivo feminino para enfrontarse ao mundo do traballo.

CADRO 5.24. ALUMNADO MATRICULADO EN CICLO FORMATIVO DE FP GRAO SUPERIOR, POR SEXO. GALICIA. CURSO 2021/2023

	2023			2022			2021		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	19.076	10.727	8.349	19.097	10.847	8.250	18.061	4.698	4.749


Unidade: no de alumnas e alumnos.
Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



CADRO 5.25. ENSINO NON UNIVERSITARIO. ALUMNADO MATRICULADO EN BACHARELATO, POR SEXO. GALICIA. CURSO 2021/2023

	2023			2022			2021		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	33.074	15.415	17.659	33.433	15.594	17.839	32.874	15.241	17.633

Unidades: no de alumnas e alumnos.
Fonte: IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.




O abandono educativo temperán das persoas que non completaron o nivel de educación secundaria e non seguen ningunha formación é sensiblemente superior nos homes, superando en máis de 5 puntos ás mulleres, 7 en 2020 e 5 en 2021 e 3 en 2022. Tal vez as dificultades que ten a muller para iniciarse no mercado laboral sexa unha das razóns para que persistan na súa formación académica.

CADRO 5.26. ABANDONO EDUCATIVO TEMPERÁN. POBOACIÓN ENTRE 18 E 24 ANOS (AMBOS INCLUSIVE) QUE NON COMPLETOU O NIVEL DE EDUCACIÓN SECUNDARIA SEGUNDA ETAPA E NON SEGUE NINGÚN TIPO DE FORMACIÓN (REGRADA OU NON REGRADA). GALICIA 2013-2023

	Total	Homes	Mulleres
2013	20,4	25,0	15,4
2014	18.5	21,7	15,2
2015	17,0	21,9	11,9
2016	15,2	19,1	11,2
2017	14,9	17,9	11,8
2018	14,3	17,0	11,4
2019	12,60	16,70	8,20
2020	12,00	15,50	8,20
2021	8,10	10,60	5,50
2022	9,90	11,40	8,40
2023	**9,1**	**11,7**	**6,1**

Unidades: Porcentaxes.
Fonte: IGE-INE, Enquisa de poboación activa.



Segundo o IGE, no ensino universitario en Galicia para o curso 2023, o alumnado feminino era superior ao masculino, chegando ao 56,1%.

A porcentaxe media do 56,1% varía moito segundo a especialidade elixida.

As especialidades nas que é significativamente maior o número de mulleres son:

- Ciencias da saúde
- Arte e humanidades
- Ciencias sociais e xurídicas


As especialidades con máis baixa representación feminina son as de enxeñaría e arquitectura.

Como pode observarse, seguen existindo titulacións e especialidades reservadas case exclusivamente ás mulleres, aínda que parece que pouco a pouco vanse producindo movementos cara a outras áreas.

CADRO 5.27. ALUMNADO MATRICULADO EN ENSINO UNIVERSITARIO, SEGUNDO RAMA DE COÑECEMENTO E SEXO. GALICIA. CURSO 2023

	Total	Mulleres	% de mulleres
Total	**61.727**	**34.602**	**56,1**
Ciencias da saúde	10.475	7.800	74,5
Ciencias	6.160	3.250	52,8
Ciencias Sociais e Xurídicas	26.164	16.018	61,2
Enxeñería e Arquitectura	13.140	3.639	27,7
Artes e Humanidades	5.788	3.895	67,3

Unidades: no de alumnas e alumnos.
Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



É moi significativo constatar que do alumnado que finaliza os seus estudos universitarios no ano 2023 o 61.1% son mulleres.

É de destacar que se ben o 56.1% das persoas matriculadas eran mulleres, do total das persoas que finalizaron os seus estudos o colectivo feminino supuxo o 61.1%, fronte ao 38.9% de homes. Porcentaxe que aumentou sobre o ano anterior.

CADRO 5.28. ESTUDANTES TITULADOS/AS NAS UNIVERSIDADES GALEGAS POR SEXO. GALICIA. CURSO 2023

	Total	Mulleres	% de mulleres
Tituladas e titulados universitarios	11.370	6.950	61,10

Unidades: no de alumnas e alumnos.
Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5.6. PODER E TOMA DE DECISIÓNS

A idea de participación equilibrada de homes e mulleres nos procesos de toma de decisións incorporouse progresivamente en recomendacións de Nacións Unidas, Unión Europea e Consello de Europa. Este último adoptou a recomendación dunha participación feminina non inferior ao 40% en calquera órgano de decisións para alcanzar o equilibrio e esa porcentaxe foi establecida como mínimo na lexislación nacional, por medio da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, para alcanzar unha composición equitativa en todos os ámbitos claves da toma de decisións.

En 2023 a representatividade que teñen as mulleres nos altos cargos da Administración do Estado chegou ao 41.81% (48,4% en 2022), reducíndose a representación con relación a o ano anterior despois de varios anos de subida pero chegando as recomendacións do 40%.

CADRO 5.29. DISTRIBUCIÓN POR SEXO DE ALTOS CARGOS DA ADMINISTRACIÓN DO ESTADO EN PORCENTAXE DE MULLERES. CURSO 2020-2023

	2023	2022	2021	2020
Total Ambos sexos	**397,00**	**312,00**	**295,00**	**301,00**
Presidencia do Goberno, Vicepresidencia e Ministerios	**52,17**	60,87	60,87	47,83
Secretarías de Estado	**40,74**	37,04	34,62	46,15
Subsecretarias e Secretarías Xerais	**46,43**	46,67	40,79	40,79
Direcións Xerais e Secretarías Xerais Técnicas	**40,41**	49,20	44,12	43,75
Total en porcentaxe %	**41,81**	**48,40**	**43,73**	**43,52**

Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres, a partir dos datos facilitados polo Ministerio de Facenda e Función Pública.

Outra mostra do papel da muller no poder e toma de decisións é a súa presenza no Goberno. Neste cadro pódese ver a evolución da representación da muller dende 2002, pasando de cero ata alcanzar o 52,94% en 2008 e 2009. No ano 2011 produciuse unha redución, quedando a participación feminina nun 30,77% e en 2018 prodúcese un aumento e chega ata o 61,11%. No 2019 continúa a mesma tendencia chegando a 62,5% en novembro de 2019, pero en 2020 prodúcese un retroceso quedando en 47,8% e subindo de novo en xullo 2021 cun 60,87%, manténdose hasta marzo 2023.

CADRO 5.30. MULLERES NO GOBERNO EN %

	Dec. 23	Nov. 23	Dec. 22/ marzo 23	Xullo 21	Marzo 21/ xullo 21	Xan. 20/ xan. 21	XIV lexislatura	XIII lexislatura	2018 (xuño)	2018 (mar.)	2016	2015	2011	2010	2009	2008	2007	2006	2005	2004
Partido no Goberno	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE 2020	PSOE 2019	PSOE	PP	PP	PP	PP	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE	PSOE
Ambos os sexos	23	23	23	23	23	23	18	16	18	14	14	14	13	15	17	17	16	16	16	16
% de mulleres	47,83	52,17	60,87	60,87	52,17	47,83	44,44	62,5	61,11	35,71	35,71	28,47	30,77	46,67	52,94	52,94	43,75	50	50	50

Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres a partir dos datos publicados na web do Goberno de España.

A representación da muller nos Parlamentos autonómicos alcanzou en 2023 unha media do 47,01%.

En 2023 a maior presenza feminina dáse en Galicia cun 56% (53,3% en 2022 e 52% en 2021), e en Comunidade Valenciana cun 52,53%, e a menor en Castela-León cun 37,04% e Castela-A Mancha cun 39,39%

En Galicia a representación aumenta de 2,7 puntos sobre o ano anterior. E destacable o aumento progresivo dos últimos anos.

CADRO 5.31. COMPOSICIÓN DOS PARLAMENTOS AUTONÓMICOS. 2020-2023 (1)

	2020	2021	2022	2023
Total	**46,34**	**47,18**	**47,43**	**47,01**
Andalucía	45,87	45,87	50,46	48,62
Aragón	49,25	49,25	49,25	41,79
Asturias	44,44	44,44	44,44	47,73
Baleares	47,46	46,55	45,76	50,85
Canarias	44,29	44,29	44,29	48,57
Cantabria	42,86	42,86	42,86	40,00
Castela e León	43,21	43,21	38,27	37,04
Castela-A Mancha	42,42	42,42	42,42	39,39
Cataluña	42,96	46,67	47,41	51,11
C. Valenciana	48,48	49,49	51,52	52,53
Estremadura	43,08	43,08	43,08	43,08
Galicia	**53,33**	**52,00**	**53,33**	**56,00**
Madrid	46,21	48,23	47,79	45,19
Murcia	48,89	48,89	48,89	42,50
Navarra	52,00	52,00	52,00	48,00
País Vasco	50,67	48,48	50,67	49,33
A Rioxa	48,48	50,67	48,48	45,45
Ceuta	40,00	44,00	44,00	47,83
Melilla	40,00	48,00	46,43	40,00

(1) En porcentaxe de mulleres.
Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres a partir das páxinas web dos Parlamentos autonómicos.

A participación das mulleres na Comisión Europea mantense como no ano 2022, co 47,37% de comisarias, e unha media do 48,15% de participación. As vicepresidentas que no ano anterior estaban por debaixo da media cun 37,5%, no 2023 alcanzan o 42,86%.

CADRO 5.32. PARTICIPACIÓN DA MULLER NA COMISIÓN EUROPEA. 2020-2023

	2023	2022	2021	2020
% de mulleres	**46,15**	**48,15**	**48,15**	**48,15**
Presidenta	100,00	100,00	100	100,00
Vicepresidentas	42,86	37,50	37,5	37,50
Vicepresidentas primera				
Alta representante				
Vicepresidentas				
Comisarias	47,37	47,06	50	50,00

Fonte: Instituto das Mulleres.

O cadro 5.33 sobre a participación da muller nos Parlamentos nacionais dos países membros da Unión Europea pon de manifesto en 2023 que non se chega ao mínimo do 40% a nivel total (32,99%), existindo grandes diferenzas segundo os países. Os mellores datos tenos Suecia (46,55%) e Finlandia (46%) e os peores Hungría 14,14% e Chipre con 14,29%.

En España en 2023 a representación da muller no Parlamento alcanzou o 44,15%, por encima da media.

Os datos ofrecidos nalgúns dos cadros anteriores e seguintes non están desagregados por CC.AA, pero aínda así os seus resultados son significativos e extrapolables, aínda que con particularidades, á situación galega.

Segundo información, datos de xullo/22, últimos dispoñibles, do Boletín estatístico do persoal ao servizo das administracións públicas do rexistro central de persoal do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, aínda que a porcentaxe de mulleres a o servizo da administración pública (58,88% en España e 61% en Galicia) é superior á de funcionarios, a medida que ascendemos no complemento de destino o número de mulleres diminúe.

So nas Forzas Armadas e Corpos de Seguridade a porcentaxe de homes supera á de mulleres (13,4%).

A presencia das mulleres na administración autonómica, Xunta de Galicia, sube ata o 71% fronte ao 29% de homes.

A representación feminina en órganos constitucionais como o Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Valedor do Pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo menor que a dos homes, pero vanse acortando distancias.

En 2023 a participación máis baixa obsérvase no Consello Económico e Social 28,57% (28,81% en 2022). No Consello de Estado 35,48% igual que en 2022, no Tribunal de Contas 42,86% mesmo porcentaxe que en 2022 e na Xunta Electoral Central cun 40% fronte a o 46,67% do 2022.


CADRO 5.33. MULLERES NOS PARLAMENTOS NACIONAIS DOS PAISES EUROPEOS. 2020-2023

	% mulleres			
	2023	2022	2021	2020
UE-27	**32,99**	**32,40**	**33,17**	**32,70**
Alemaña	35,32	34,82	34,65	31,50
Austria	40,44	40,98	40,44	39,30
Bélxica	42,67	42,00	42,00	41,30
Bulgaria	24,79	23,75	24,58	27,10
Chipre	14,29	14,29	14,29	20,00
Croacia	33,11	32,45	31,79	31,10
Dinamarca	44,13	42,46	41,34	39,70
Eslovaquia	22	22,00	21,33	22,70
Eslovenia	37,78	37,78	27,78	26,70
España	**44,15**	**42,41**	**43,27**	**43,70**
Estonia	29,70	27,72	26,73	28,70
Finlandia	46,00	45,50	46,00	46,00
Francia	37,95	37,78	41,58	41,20
Grecia	21,33	19,00	21,33	21,70
Hungria	14,14	13,07	13,07	12,10
Irlanda	23,46	23,60	23,13	22,50
Italia	32,25	32,25	36,25	35,90
Letonia	32,00	30,30	28,00	31,00
Lituania	29,08	27,66	28,37	24,30
Luxemburgo	30,00	35,00	35,00	31,70
Malta	27,85	27,85	13,43	12,10
Países Baixos	38,51	38,00	40,67	32,70
Polonia	29,13	28,26	28,26	28,10
Portugal	36,09	35,65	40,87	40,00
R. Checa	27,50	25,13	24,50	23,00
Reino Unido				33,85
Romanía	19,70	20,61	20,61	22,00
Suecia	46,55	46,42	47,56	47,90

Fonte: Instituto Europeo da Igualdade de Xénero.

CADRO 5.34. REPRESENTACIÓN DE MULLERES EN DIVERSOS ÓRGANOS CONSTITUCIONAIS. ESPAÑA 2023

	Ambos sexos	% de mulleres
TOTAL	**138**	
Consello de Estado	31	35,48
Consello Xeral do Poder Xudicial	21	42,86
Tribunal de Contas	14	42,86
Defensor do Pobo	1	0,00
Xunta Electoral Central	15	40,00
Consello Económico e Social	56	28,57



Fonte: Elaboración do Instituto das Mulleres a partir de datos publicados en páxinas web. Novembro 2023

5.7. CONCILIACIÓN ENTRE A VIDA LABORAL E FAMILIAR

Talvez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicionantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen a recaer sobre as mulleres: a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para atender a nenas e nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

O cadro 5.35, móstranos a nivel de toda España que o 70,5%, 78,62,% en 2022, das excedencias para o coidado de familiares son solicitadas por mulleres e a nivel de Galicia alcanzouse o 74,9%, 73,55% en 2022, mellorando sobre anos anteriores a nivel estatal, non así en Galicia.

CADRO 5.35. EXCEDENCIA POR COIDADOS FAMILIARES. GALICIA/ESPAÑA. 2022-2023

	Ambos os sexos		Mulleres	
	2022	2023	2022	2023
Galicia	344	424	253	299
España	10.443	9.741	8.210	7.301


Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social.

O cadro 5.36 serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos e fillas, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas, 80,70 en 2021, último dispoñible (81,35% en 2020), fronte ao 19,3% de monoparentais masculinas.

CADRO 5.36. NÚCLEOS FAMILIARES MONOPARENTAIS. POR SEXO EN MILES. 2015-2021

	Ambos os sexos	Porcentaxe monoparentais femininos
2021	**1.937,45**	**80,7**
2020	1.944,80	81,35
2019	1.887,50	81,09
2018	1.878,50	81,88
2017	1.842,40	83,04
2016	1.964,90	80,98
2015	1.897,40	81,25

Fonte: Instituto das Mulleres.



As excedencias por coidado de fillas e fillos en Galicia, móstrannos que o 86,53%, 87,1% en 2022, das excedencias eran solicitadas por mulleres e o 13,47% de homes. A tendencia dos últimos anos reflicte un leve aumento nas solicitudes de homes. Nese ano en España o 86,9%, 88% en 2022, destas excedencias concedéronse a mulleres.

CADRO 5.37. EXCEDENCIAS POR COIDADO DE FILLAS E/OU FILLOS. GALICIA/ESPAÑA. 2011-2023

	España		Galicia	
	Total	% nais	Total	% nais
2011	34.128	95,52	555	93,69
2012	29.651	94,98	536	94,22
2013	28.038	94,50	537	94,23
2014	31.435	94,02	556	92,63
2015	36.195	93,33	683	90,92
2016	40.517	92,63	910	91,65
2017	43.899	92,34	935	92,30
2018	45.249	91,28	1066	90,15
2019	47.388	90,93	1154	91,85
2020	43.226	88,99	1216	88,32
2021	37.354	87,39	1008	88,00
2022	37.012	88,02	868	87,10
2023	**36.282**	**86,91**	**958**	**86,53**

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre "Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial" do Instituto das Mulleres sobre datos da EPA.

Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, parece significativo que do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos, nenas ou persoas adultas enfermas, incapacitadas ou maiores, o 92,59 (92,94% en 2022) sexan mulleres e o 79,22% (85,54% en 2022) do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais tamén sexan mulleres. Houbo unha lixeira mellora.

Destaca, igualmente, que sexan mulleres o 74,10% (72,6% en 2022) das persoas que non puideron encontrar traballo a xornada completa, empeorando sobre anos anteriores, e que tamén o sexan o 80,39% (80,55% en 2022) das que non queren traballar a xornada completa, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles.

CADRO 5.38. POBOACIÓN OCUPADA A TEMPO PARCIAL POR MOTIVO DA XORNADA PARCIAL. ESPAÑA. 2020-2023

		2020	2021	2022	2023
Ambos sexos	**Total**	**2799,1**	**2.738,00**	**2.781,70**	**2.869,30**
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	196,2	267,1	288,7	357,3
	Enfermidade ou incapacidade propia	41,2	47,7	54,5	54
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos,incapacitados ou maiores	293,1	355,2	358,5	380,6
	Outras obrigas familiares ou persoais	150,2	157,4	164,6	195,4
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	1494,8	1399,2	1380,4	1356,2
	Non querer traballo de xornada completa	268	220,2	225,7	234,1
	Outros motivos	347,1	281,3	297,5	282,9
	Non sabe o motivo	8,7	9,8	11,7	8,8
% Mulleres	**Total**	**74,37**	**75,62**	**73,54**	**73,92**
	Seguir cursos de ensinanza ou formación	56,37	63,87	56,46	55,92
	Enfermidade ou incapacidade propia	70,39	66,04	60,55	67,78
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos,incapacitados ou maiores	93,93	94,96	92,94	92,59
	Outras obrigas familiares ou persoais	94,67	84,43	85,54	79,22
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	72,64	74,69	72,62	74,1
	Non querer traballo de xornada completa	79,78	78,84	80,55	80,39
	Outros motivos	63,44	61,46	61,11	63,17
	Non sabe o motivo	55,17	66,33	81,2	62,5

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social.
Unidade: Miles de persoas. 2024

5.8. SALARIOS

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2022" reflicte que as mulleres galegas percibiron un salario medio anual de 19.666 euros fronte aos 24.185 dos homes, o que supón que as mulleres percibiron un 18,7% menos que os homes polo traballo realizado, similar a o ano 2021 (19,1% en 2020, 20,5% en 2019 e 21,4% en 2018).

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 20.138 en 2022 (19.011 euros 2021), fronte aos 25.137 (23.724 en 2021) dos homes, percibindo o colectivo feminino un 19,9% menos que os homes, similar a o ano 2021 (20,3% en 2020).

A muller galega cobra menos que a media feminina estatal e que a media no conxunto do Estado.

A evolución é lenta dende o ano 2000, chegando ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. Pero dende o ano 2008 as diferenzas diminúen e mantéñense en valores similares nos anos 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013. En 2014 vólvese producir unha pequena redución nas diferenzas salariais que permanecen en 2015, 2016, 2017, 2018 , 2019, 2020, 2021 e 2022.

CADRO 5.39. POBOACIÓN ASALARIADA POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMAS. 2021-2022

	2021				2022			
	Total		Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%(*)	Salario medio anual	Salario medio anual	Salario medio anual	%(*)	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	17.468	79,22	15.292	19.302	18.503	78,98	16.182	20.490
Aragón	21.698	77,96	18.831	24.156	22.731	78,18	19.779	25.299
Asturias	22.286	76,37	19.183	25.118	23.405	76,33	20.157	26.408
Baleares	19.791	85,95	18.234	21.214	21.765	85,94	20.067	23.350
Canarias	17.925	89,63	16.907	18.863	19.598	89,84	18.514	20.608
Cantabria	20.893	78,62	18.283	23.255	22.036	78,70	19.317	24.544
Castela-A Mancha	20.729	80,06	18.308	22.868	21.773	80,14	19.263	24.036
Castela e León	19.220	81,07	16.995	20.963	20.222	80,93	17.885	22.099
Cataluña	24.168	79,91	21.356	26.726	25.514	80,24	22.604	28.172
C. Valenciana	19.699	80,42	17.419	21.661	21.076	80,24	18.630	23.218
Estremadura	16.427	84,27	14.921	17.706	17.319	83,61	15.674	18.747
Galicia	**20.786**	**81,43**	**18.580**	**22.818**	**21.999**	**81,51**	**19.666**	**24.128**
Madrid	27.981	76,22	24.074	31.585	29.447	76,06	25.324	33.295
Murcia	18.696	81,93	16.641	20.312	19.469	82,02	17.354	21.157
A Rioxa	20.341	80,86	18.088	22.370	21.257	81,18	18.971	23.370
Ceuta	23.545	77,74	20.198	25.981	23.841	79,46	20.699	26.049
Melilla	22.311	85,48	20.301	23.750	22.354	86,60	20.492	23.662
Total	**21.519**	**80,13**	**19.011**	**23.724**	**22.781**	**80,11**	**20.138**	**25.137**

(*) Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.
Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2022.

No cadro 5.40 apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na ramas de servizos a empresas cun 26,26% menos que os homes, e comercio cun 26,15% menos.

As menores diferenzas encontrámolas en construción e servizos inmobiliarios, onde a muller percibe o 90,% do salario masculino, probablemente porque as poucas mulleres que traballan neste sector fano como tituladas superiores; e en servizos sociais con 83,15%.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida porque a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos e fillas ou de persoas dependentes.

CADRO 5.40. SALARIOS MEDIOS POR SECTOR DE ACTIVIDADE ECONÓMICA E SEXO. GALICIA/ESPAÑA. 2022

	España		Galicia		
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	%(*)
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	7.212	10.914	14.521	18.675	77,76
Industria extractiva, enerxía e auga	28.291	33.353	26.660	32.135	82,96
Industria	22.453	28.456	20.280	26.359	76,94
Construción e servizos inmobiliarios	20.368	21.351	19.423	21.576	90,02
Comercio, reparacións e transporte	17.405	23.997	17.591	23.820	73,85
Información e comunicacións	30.135	38.231	23.560	30.044	78,42
Entidades financeiras e aseguradoras	37.897	53.810	30.845	41.455	74,41
Servizos ás empresas	16.852	23.792	14.574	19.763	73,74
Servizos sociais	26.005	32.095	26.152	31.450	83,15
Outros servizos persoais e de ocio	10.881	14.810	9.842	12.883	76,40

(*) Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia.
Fonte: Elaboración propia cos datos do informe "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2022".

A partir dos datos facilitados pola Axencia Tributaria observamos que en 2022 o 19% das mulleres (20,7% en 2021) tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% do salario mínimo interprofesional (SMI) e o 21% (21,7% en 2021) tivéronos entre o 50% e o 100%. Isto supón que o 40% (42,4% en 2021) das mulleres tiveron en 2022 ingresos non superiores ao SMI. Os homes con salarios inferiores ao 50% do SMI foron o 14% (15% en 2021) e con salarios entre o 50% e o 100% foron o 13% (14% en 2021), mellores datos que no grupo de mulleres.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos. Só 421 mulleres tiveron salarios 10 veces superiores ao SMI, fronte a 1.831 homes.

CADRO 5.41. POBOACIÓN ASALARIADA POR TRAMOS DE SALARIO E SEXO. GALICIA. 2020-2022

	2022		2021		2020	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	78.851	98.637	81.205	103.463	89.801	113.805
De 0,5 a 1 SMI	72.418	108.931	76.276	108.410	84.158	114.405
De 1 a 1,5 SMI	141.629	132.306	133.487	115.664	131.502	100.643
De 1,5 a 2 SMI	104.171	66.827	100.795	64.536	90.325	58.387
De 2 a 2,5 SMI	51.812	36.595	49.821	34.813	44.617	32.886
De 2,5 a 3 SMI	38.889	31.354	37.879	31.092	35.338	28.829
De 3 a 3,5 SMI	22.175	18.151	22.133	18.135	21.254	17.650
De 3,5 a 4 SMI	13.322	8.615	13.246	9.091	12.185	7.927
De 4 a 4,5 SMI	7.897	4.540	8.055	4.321	7.700	4.046
De 4,5 a 5 SMI	5.356	3.119	5.356	3.277	5.023	3.029
De 5 a 7,5 SMI	10.739	6.286	10.733	6.096	10.247	5.575
De 7,5 a 10 SMI	2.185	768	2.187	749	1.959	606
Máis de 10 SMI	1.831	421	1.649	344	1.520	325
Total	**551.275**	**516.550**	**542.822**	**499.991**	**535.629**	**488.113**

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2022.

A Enquisa anual de estrutura salarial do ano 2021 do INE, última dispoñible, confirma os datos anteriores.

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2021 do colectivo feminino foi de 20.904,37 € (20.446,53 € en 2020). Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 21.572,56 euros para os contratos indefinidos e 18.199,98 euros para os de duración determinada e no colectivo masculino foi de 25.794,19 euros, distribuídos en 27.143,19 euros para os contratos indefinidos e 19.164.46 euros para os de duración determinada. Isto supón que as mulleres galegas en 2021 percibiron unhas retribucións un 18,9% menores que as dos homes (19,10 en 2020), diferenza que no caso dos contratos indefinidos alcanza o 20,5% (20,1% en 2019). A pesar de ser altas as diferenzas o dato positivo é que se acortan as distancias.

En España a media salarial bruta das mulleres en 2021 foi de 23.175,95 euros, fronte aos 28.388,69 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 18,3%. Nas contratacións indefinidas, esta diferenza desfavorable para as mulleres chega ao 19,9%.

CADRO 5.42. SALARIO BRUTO ANUAL POR TIPO DE CONTRATO (EUROS). POR SEXO E COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2021

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada	Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	25.464,78	27.027,06	20.212,51	Andalucía	20.427,80	21.351,20	17.587,75
Aragón	27.389,18	28.976,80	18.879,71	Aragón	22.283,81	23.031,66	18.598,16
Asturias	28.399,51	29.838,45	22.012,51	Asturias	21.808,96	23.023,08	16.423,36
Baleares	25.898,51	27.414,95	19.374,45	Baleares	22.344,76	22.847,54	20.142,90
Canarias	23.619,76	24.457,30	20.130,37	Canarias	21.178,57	21.162,48	21.244,56
Cantabria	27.233,75	28.831,44	18.604,28	Cantabria	21.532,96	22.064,74	19.532,77
Castela e León	26.263,49	27.767,07	19.187,21	Castela e León	20.795,39	21.015,04	19.985,18
Castela-A Mancha	24.897,33	25.926,13	20.980,36	Castela-A Mancha	21.154,58	21.362,27	20.508,00
Cataluña	31.212,67	32.977,68	20.842,07	Cataluña	25.015,94	25.876,44	20.466,96
C. Valenciana	25.914,86	27.325,77	19.754,44	C. Valenciana	20.670,50	21.752,59	15.877,41
Estremadura	22.794,52	24.433,62	16.897,61	Estremadura	19.833,03	21.658,93	14.463,23
Galicia	**25.794,19**	**27.143,19**	**19.164,46**	**Galicia**	**20.904,37**	**21.572,56**	**18.199,98**
Madrid	32.213,88	34.023,20	20.426,78	Madrid	26.578,07	27.711,53	20.037,91
Murcia	25.674,66	26.741,64	21.559,84	Murcia	20.189,83	20.637,67	18.675,66
Navarra	31.643,22	33.496,26	22.103,54	Navarra	24.809,14	25.463,64	22.795,95
País Vasco	33.706,34	35.416,96	24.350,03	País Vasco	28.084,16	28.432,08	26.503,37
A Rioxa	26.488,06	27.520,52	20.968,58	A Rioxa	21.135,77	21.335,10	20.289,25
España	**28.388,69**	**30.063,89**	**20.374,70**	**España**	**23.175,95**	**24.073,79**	**19.309,77**

Fonte: INE, Enquisa anual de estrutura salarial.

5.9. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

Os datos proporcionados polo Ministerio de Traballo e Economía Social (MITES) para a elaboración deste apartado non están desagregados por CC.AA, polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas, imos utilizar tamén o informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2022".

O número de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de estatísticas laborais e de asuntos sociais do MITES, foi lixeiramente superior ao dos homes no nivel contributivo e no asistencial, existindo moita máis diferenza en renda activa de inserción, máis mulleres que homes.

En 2023 percibiron prestación de nivel contributivo 409.268 mulleres, o que supón o 51% del total, fronte a 391.823 homes. É destacable a melloría nos datos das perceptoras de prestación contributiva polo que supón da súa orixe como traballadoras e cotizantes, non é unha prestación asistencial que non requira de cotizacións.

En 2023 percibiron prestacións de nivel asistencial 506.648 mulleres (500.852 en 2022), fronte a 369.321 homes (381.733 en 2022).


Neste mesmo ano 68.081 (72.080 en 2022) mulleres percibiron a renda activa de inserción, fronte a 29.393 homes (34.023 en 2022). Esta e a prestación con maior diferencia por xénero.


Segundo O informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2022" e tendo en conta todas as CC.AA. o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 3.274 (3.462 euros en 2021) fronte aos 3.516 (3.692 en 2021) dos homes. En Galicia a media anual chegou en 2022 aos 3.187 euros para as mulleres e aos 3.482 euros para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 295 euros anuais como media, baixando lixeiramente a distancia entre os dous colectivos.

CADRO 5.43. PRESTACIÓN MEDIA ANUAL. SEGUNDO SEXO E IDADE. ESPAÑA. 2019-2022

	2019		2020		2021		2022
Homes		**Homes**		**Homes**		**Homes**	
menor de 26 años	2.246	menor de 26 años	2.728	menor de 26 años	2.460	menor de 26 años	2.419
26 a 35 anos	2.818	26 a 35 anos	3.402	26 a 35 anos	3.154	26 a 35 anos	3.006
36 a 45 anos	3.146	36 a 45 anos	3.655	36 a 45 anos	3.603	36 a 45 anos	3.337
46 a 55 anos	3.227	46 a 55 anos	3.776	46 a 55 anos	3.805	46 a 55 anos	3.476
55 e máis anos	4.085	55 e máis anos	4.342	55 e máis anos	4.567	55 e máis anos	4.481
Total	**3.226**	**Total**	**3.674**	**Total**	**3.692**	**Total**	**3.516**
Mulleres		**Mulleres**		**Mulleres**		**Mulleres**	
menor de 26 años	2.133	menor de 26 años	2.540	menor de 26 años	2.262	menor de 26 años	2.217
26 a 35 anos	2.788	26 a 35 anos	3.350	26 a 35 anos	3.056	26 a 35 anos	2.904
36 a 45 anos	3.013	36 a 45 anos	3.607	36 a 45 anos	3.483	36 a 45 anos	3.182
46 a 55 anos	2.911	46 a 55 anos	3.536	46 a 55 anos	3.531	46 a 55 anos	3.181
55 e máis anos	3.664	55 e máis anos	3.990	55 e máis anos	4.167	55 e máis anos	4.079
Total	**3.000**	**Total**	**3.503**	**Total**	**3.462**	**Total**	**3.274**

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias: 2022.





Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego co total do colectivo feminino, as mulleres galegas percibiron 87€ (439 en 2021) euros menos en 2022 que a media de España, mellorando a súa posición con respecto a outros anos. No caso dos homes galegos a diferenza coa media dos homes España é de 34 euros menos.

Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 93% das prestacións (91,5% en 2021), comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 7% menos, mellorando en comparación ao 2021.

CADRO 5.44. PERCEPCIÓNS MEDIAS DE PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO. POR SEXO E COMUNIDADE AUTÓNOMA DA PERSOA PERCEPTORA. GALICIA/ESPAÑA. 2021-2022

	Prestación media anual					
	2022			2021		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	3.265	3.341	3.196	3.329	3.418	3.246
Aragón	3.302	3.367	3.241	3.306	3.305	3.307
Asturias	3.378	3.550	3.207	3.331	3.564	3.111
Baleares	3.365	3.389	3.342	4.765	4.702	4.825
Canarias	3.222	3.426	3.038	4.112	4.289	3.941
Cantabria	3.196	3.324	3.074	3.292	3.449	3.139
Castela e León	3.273	3.376	3.172	3.343	3.454	3.238
Castela-A Mancha	3.338	3.525	3.172	3.292	3.424	3.170
Cataluña	3.661	3.830	3.500	3.820	3.957	3.687
C. Valenciana	3.268	3.397	3.149	3.302	3.449	3.166
Estremadura	3.210	3.285	3.146	3.110	3.153	3.072
Galicia	**3.330**	**3.482**	**3.187**	**3.345**	**3.500**	**3.203**
Madrid	3.831	4.025	3.666	4.037	4.176	3.911
Murcia	3.155	3.258	3.051	3.038	3.167	2.908
A Rioxa	3.321	3.416	3.230	3.128	3.259	3.012
Ceuta	3.525	3.735	3.341	3.420	3.720	3.151
Melilla	3.222	3.518	2.966	3.316	3.719	2.925
España	**3.390**	**3.516**	**3.274**	**3.573**	**3.692**	**3.642**

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2022

Facendo unha análise da nacionalidade das persoas perceptoras en Galicia, observamos que cando a nacionalidade é española a diferenza nas percepcións das mulleres con respecto aos varóns é superior, chegando a percibir un 8,5% menos, mentres que, se a orixe é estranxeira, a diferenza aumenta ata un 11,2% menos.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe e no sexo, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións inferiores ás dos homes galegos (15,2% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás mulleres galegas, teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 17,6% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación..., o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

CADRO 5.45. POBOACIÓN DESEMPREGADA E PRESTACIÓNS MEDIAS POR NACIONALIDADE E SEXO DA PERSOA PERCEPTORA. GALICIA/ESPAÑA. 2021-2022

	2022						2021					
	Poboación desempregada			Prestación media anual			Poboación desempregada			Prestación media anual		
	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes	Ambos sexos	Mulleres	Homes	Media total	Mulleres	Homes
España												
Española	3.699.917	1.976.876	1.723.041	3.435	3.323	3.565	4.740.048	2.488.726	2.251.322	3.582	3.467	3.709
Estranxeira	649.648	288.533	361.115	3.130	2.938	3.283	846.943	387.992	458.951	3.526	3.432	3.605
Galicia												
Española	206.568	106.822	99.746	3.364	3.219	3.520	269.282	141.365	127.917	3.371	3.223	3.533
Estranxeira	14.021	6.536	7.485	2.830	2.651	2.986	17.803	8.651	9.152	2.956	2.863	3.043

Fonte: Axencia Tributaria, Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

5.10. PENSIÓNS

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo MITES nas súas estatísticas do 2023.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

No cadro 6.9 ofrécese a cuantificación dos contratos rexistrados de persoas estranxeiras en Galicia, segundo o tipo de contrato, podéndose observar que, tanto nas comunitarias como nas extracomunitarias, son moi superiores os contratos temporais fronte aos indefinidos, tanto iniciais como convertidos nos dous anos analizados. En 2017 prodúcese un notable incremento na contratación de persoas estranxeiras respecto do ano anterior (55.584 fronte a 48.068). O incremento prodúcese nas catro provincias galegas. Este incremento sube en intensidade no ano 2018, tamén nas catro provincias galegas ata as 67.523 persoas, e continúa en 2019 ata chegar a 70.379 persoas estranxeiras contratadas. Coa situación vivida por mor da pandemia e todas as continxencias e medidas vencelladas con ela, cae a contratación de persoas estranxeiras en 2020 respecto do ano anterior un 15,4% ata as 59.602 persoas, e medra substancialmente en 2021 ata as 79.813 persoas. No ano 2022 segue a tendencia imparable de subida ata 83.759 persoas estranxeiras, e segue en 2023 chegando ata 85.751 persoas estranxeiras.

CADRO 6.9. CONTRATOS A PERSOAS ESTRANXEIRAS SEGUNDO TIPO DE CONTRATO POR PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	TOTAL	persoas traballadoras comunitarias				persoas traballadoras extracomunitarias			
		Total	Indefinidos Iniciais	Convertidos indefinidos	Temporais	Total	Indefinidos Iniciais	Convertidos indefinidos	Temporais
A Coruña	37.343	5.414	2.361	241	2.812	31.929	14.115	1.006	16.808
Lugo	12.912	2.393	1.309	68	1.016	10.519	5.435	292	4.792
Ourense	9.528	2.228	973	145	1.110	7.300	3.348	288	3.664
Pontevedra	25.968	5.770	2.440	238	3.092	20.198	8.886	659	10.653
Galicia	**85.751**	**15.805**	**7.083**	**692**	**8.030**	**69.946**	**31.784**	**2.245**	**35.917**

Fonte: SEPE. Datos a 31 de decembro de 2023.

Segundo o sector de actividade e desagregados por provincias, ponse de manifesto que o sector servizos segue a ser o que, con gran diferenza, rexistra o maior número de contratos. Baixan estes en todos os sectores en 2020 en relación co ano anterior e volven a subir todos eles en 2021. Especialmente intenso é o incremento no sector servizos (con 15.858 contratacións máis), seguido da industria, construción e agrario. No ano 2022 suben no total en 3.946 persoas, baixando en case 200 no sector agrario, baixando tamén na industria e subindo lixeiramente na construción, e subindo en 4.363 persoas no sector servizos. En 2023 son 63.045 os contratos rexistrados en servizos, 5.791 en construción, 10.067 en industria, baixando neste último lixeiramente e 6.848 no sector agrario.

CADRO 6.10. CONTRATOS REXISTRADOS DE PERSOAS ESTRANXEIRAS, SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE POR PROVINCIA. GALICIA. 2022-2023

	Total		Agrario		Industria		Construción		Servizos	
	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023
A Coruña	35.136	37.343	1.967	2.218	3.930	3.815	2.731	2.995	26.508	28.315
Lugo	12.836	12.912	2.430	2.419	1.271	933	587	634	8.548	8.926
Ourense	9.049	9.528	787	836	1.456	1.598	523	633	6.283	6.461
Pontevedra	26.738	25.968	1.414	1.375	4.249	3.721	1.378	1.529	19.697	19.343
Galicia	**83.759**	**85.751**	**6.598**	**6.848**	**10.906**	**10.067**	**5.219**	**5.791**	**61.036**	**63.045**

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

No cadro 6.11 reflíctense os datos das persoas estranxeiras afiliadas en alta laboral en 2023. O maior número corresponde á provincia da Coruña, seguida por esta orde por Pontevedra, Lugo e Ourense.

CADRO 6.11. PERSOAS ESTRANXEIRAS AFILIADAS Á SEGURIDADE SOCIAL EN ALTA LABORAL, SEGUNDO PROVINCIA. GALICIA. 2023

2023	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	56.695	22.606	8.386	7.316	18.387

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

Nos cadros seguintes reflíctense as autorizacións concedidas a persoas estranxeiras segundo a dependencia, clase de autorización, sector e sexo.

CADRO 6.12. AUTORIZACIÓNS DE TRABALLO CONCEDIDAS A PERSOAS ESTRANXEIRAS SEGUNDO DEPENDENCIA LABORAL. GALICIA/ESPAÑA. 2023

	Total	Conta allea	Conta propia
Galicia	7.334	6.786	106
España	245.786	200.522	4.119

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

CADRO 6.13. AUTORIZACIÓNS DE TRABALLO A PERSOAS ESTRANXEIRAS CONCEDIDAS, SEGUNDO CLASE DE AUTORIZACIÓN, POR COMUNIDADE AUTÓNOMA E PROVINCIA DO CENTRO DE TRABALLO. 2023

	Total	Autorización de residencia temporal e traballo	Autorizacións por arraigo e outras circunstancias excepcionais	Autorizacións para traballar	Autorizacións Lei 14/2013 (permiso único)
A Coruña	3.076	1.851	971	18	233
Lugo	1.493	1.012	448	3	22
Ourense	745	520	198	8	11
Pontevedra	2.020	1.204	675	24	112
Galicia	**7.334**	**4.587**	**2.292**	**53**	**378**

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

CADRO 6.14. AUTORIZACIÓNS DE TRABALLO A PERSOAS EXTRANXEIRAS CONCEDIDAS, SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE, POR COMUNIDADE AUTÓNOMA E PROVINCIA DO CENTRO DE TRABALLO. 2023

	Total	Agrario	Industria	Construción	Servizos	Non clasificables
A Coruña	3.076	352	121	528	1.797	278
Lugo	1.493	457	81	93	762	100
Ourense	745	59	86	136	414	50
Pontevedra	2.020	194	131	284	1.241	170
Galicia	**7.334**	**1.062**	**419**	**1.041**	**4.214**	**598**

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

CADRO 6.15. AUTORIZACIÓNS DE TRABALLO A PERSOAS EXTRANXEIRAS CONCEDIDAS, SEGUNDO SEXO, POR COMUNIDADE AUTÓNOMA E PROVINCIA DO CENTRO DE TRABALLO. 2023

	Ambos sexos	Varóns	Mulleres
A Coruña	3.076	1.785	1.291
Lugo	1.493	922	571
Ourense	745	448	297
Pontevedra	2.020	1.117	903
Galicia	**7.334**	**4.272**	**3.062**

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

No último ano é lixeiramente maior o número de autorizacións concedidas a varóns que a mulleres. O sector para o que se concederon a meirande parte das autorizacións, con notable diferencia, é o sector servizos, seguido do sector agrario. Finalmente, a maior parte das autorizacións son para desenvolver traballos por conta allea, fronte ás de traballo por conta propia.

CGRL.GAL/ES

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME ANUAL 2023

— CAPÍTULO 7 —

CONTRATACIÓN

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

DEMETRIO FERNÁNDEZ LÓPEZ
INSPECTOR DE TRABALLO E DA SEGURIDADE SOCIAL

7.1. INTRODUCIÓN

CONTRATOS INICIAIS: CONTRATOS CONC
VERTIDOS EN INDEFINIDOS. PRÓRROGAS

CADRO 7.1. CONTRATOS DE TRABALLO, CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS E ADSCRIPCIÓNS COLABORACIÓN SOCIAL. GALICIA/ESPAÑA. 2022-2023

CADRO 7.2. TOTAL CONTRATOS DE TRABALLO. POR PROVINCIAS. GALICIA. 2022-2023

CADRO 7.3. CONTRATO DE TRABALLO POR TIPO E POR SECTOR. GALICIA. 2023

CADRO 7.4. CONTRATOS DE TRABALLO INICIAIS SEGUNDO ACTIVIDADE ECONÓMICA. POR PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.5. CONTRATOS DE TRABALLO INICIAIS SEGUNDO GRUPO PRINCIPAL DE OCUPACIÓN DO POSTO. POR PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2. MODALIDADES CONTRACTUAIS

7.2.1. CONTRATO POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCIÓN

CADRO 7.6. CONTRATOS POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN. SEGUNDO SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.7. CONTRATOS POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCIÓN. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.8. CONTRATOS POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCIÓN. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. DECEMBRO 2023

CADRO 7.9. CONTRATOS DEMELLORA DA OCUPABILIDADE. POR SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.10. CONTRATOS DE MELLORA DA OCUPABILIDADE. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.11. CONTRATOS DE MELLORA DA OCUPABILIDADE. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.3 CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN

CADRO 7.12. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.13. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.14. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. DECEMBRO 2023

7.2.4. CONTRATO PARA A FORMACIÓN EN ALTERNANCIA

CADRO 7.15. CONTRATOS DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.16. CONTRATOS DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.5. CONTRATO PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA

CADRO 7.17. CONTRATOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.18. CONTRATOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.19. CONTRATOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.6. CONTRATACIÓN EN SUBSTITUCIÓN POR ANTICIPACIÓN DA IDADE DE XUBILACIÓN

CADRO 7.20. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN POR XUBILACIÓN AOS 64 ANOS. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.21. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN POR XUBILACIÓN AOS 64 ANOS. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.7. CONTRATO DE RELEVO E XUBILACIÓN PARCIAL

CADRO 7.22. CONTRATOS DE RELEVO. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.23. CONTRATOS DE RELEVO. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.24. CONTRATOS DE RELEVO. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.25. CONTRATOS POR XUBILACIÓN PARCIAL. POR SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.26. CONTRATOS POR XUBILACIÓN PARCIAL. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.8. CONTRATOS NON CONTEMPLADOS ANTERIORMENTE

CADRO 7.27. OUTROS CONTRATOS NON CONTEMPLADOS ANTERIORMENTE. POR SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.28. OUTROS CONTRATOS NON CONTEMPLADOS ANTERIORMENTE. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.29. OUTROS CONTRATOS NON CONTEMPLADOS ANTERIORMENTE. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.30. CONTRATOS TEMPORAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. POR SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.31. CONTRATOS TEMPORAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.32. CONTRATOS TEMPORAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. SEGUNDO SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.9. CONTRATOS INDEFINIDOS ORDINARIOS (BONIFICADOS E NON BONIFICADOS)

CADRO 7.33. CONTRATOS INDEFINIDOS ORDINARIOS. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.34. CONTRATOS INDEFINIDOS ORDINARIOS. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.10. CONTRATOS INDEFINIDOS BONIFICADOS

CADRO 7.35. CONTRATOS INDEFINIDOS BONIFICADOS. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.36. CONTRATOS INDEFINIDOS BONIFICADOS SEGUNDO COLECTIVO DE BONIFICACIÓN. POR SEXO E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.11. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS

CADRO 7.37. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. AMBOS OS DOUS SEXOS. GALICIA. 2023

CADRO 7.38. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. HOMES. GALICIA. 2023

CADRO 7.39. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. MULLERES. GALICIA. 2023

CADRO 7.40. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.41. CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.12. CONTRATOS INDEFINIDOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

CADRO 7.42. CONTRATOS INDEFINIDOS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.43. CONTRATOS INDEFINIDOS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.13. CONTRATACIÓNS A COLECTIVOS ESPECIAIS

CADRO 7.44. CONTRATACIÓNS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.45. CONTRATACIÓNS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN CEE. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.46. CONTRATACIÓNS DE INVESTIGADOR DOUTOR. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2022

CADRO 7.47. CONTRATOS DE INVESTIGADOR PREDOUTORAL. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.14. ADSCRICIÓNS EN COLABORACIÓN SOCIAL

CADRO 7.48. ADSCRICIÓNS TEMPORAIS EN COLABORACIÓN SOCIAL. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.49. ADSCRICIÓNS TEMPORAIS EN COLABORACIÓN SOCIAL.POR SEXOS, SECTORES DE ACTIVIDADE ECONÓMICA E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.2.15. PRÓRROGAS

CADRO 7.50. PRÓRROGAS. POR TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.51. PRÓRROGAS. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

CADRO 7.52. PRÓRROGAS. POR SEXOS, IDADE, SECTOR DE ACTIVIDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

7.3. CONTRATACIÓN A PERSOAS TRABALLADORAS ESTRANXEIRAS

CADRO 7.53. CONTRATOS A PERSOAS ESTRANXEIRAS SEGUNDO TIPO DE CONTRATO E PROVINCIAS. GALICIA. DECEMBRO 2023

CADRO 7.54. CONTRATOS A PERSOAS ESTRANXEIRAS SEGUNDO SEXO, IDADE E SECTORES POR PROVINCIAS. GALICIA. DECEMBRO 2023

CONCLUSIÓNS DA CONTRATACIÓN

CADRO 7.55. ROTACIÓN DO PERSOAL ASALARIADO CON CONTRATO TEMPORAL. GALICIA/ESPAÑA. 2023/2022

CADRO 7.56. PERSOAL ASALARIADO SECTOR PÚBLICO E PRIVADO. POR TIPO DE CONTRATO E SEXO. GALICIA. 2023- 2022

CADRO 7.57. PERSOAL ASALARIADO SECTOR PÚBLICO E PRIVADO. POR TIPO DE CONTRATO E SEXO. ESPAÑA. 2023-2022

7.4. EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL

CADRO 7.58. EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL, CESIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS E CONTRATOS DE POSTA A DISPOSICIÓN, SEGUNDO SUPOSTOS DE UTILIZACIÓN, POR PROVINCIA DO CENTRO DE TRABALLO DA EMPRESA DE TRABALLO TEMPORAL. GALICIA. 2023

CADRO 7.59. EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL, CESIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS E CONTRATOS DE POSTA A DISPOSICIÓN, SEGUNDO SUPOSTOS DE UTILIZACIÓN, POR COMUNIDADE AUTÓNOMA DO CENTRO DE TRABALLO DA EMPRESA DE TRABALLO TEMPORAL. 2023

CADRO 7.60. CONTRATOS DE POSTA A DISPOSICIÓN POR SECTOR E DIVISIÓN DA ACTIVIDADE DO CENTRO DE TRABALLO DA EMPRESA USUARIA. ESPAÑA. 2023

CADRO 7.61. PERSOAS TRABALLADORAS POSTAS A DISPOSICIÓN POLAS EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL AUTORIZADAS POLA AUTORIDADE LABORAL DE GALICIA, SEGUNDO ÁMBITO DE ACTUACIÓN. 2023

CADRO 7.62. CONTRATOS DE POSTA A DISPOSICIÓN REALIZADOS NAS EMPRESAS AUTORIZADAS POLA AUTORIDADE LABORAL DE GALICIA, SEGUNDO O ÁMBITO DE ACTUACIÓN E A MODALIDADE DE CONTRATACIÓN. 2023

CADRO 7.63. CONTRATOS DE POSTA A DISPOSICIÓN REALIZADOS NAS EMPRESAS AUTORIZADAS POLA AUTORIDADE LABORAL DE GALICIA. EVOLUCIÓN 2014-2024

CADRO 7.64. CONTRATOS DE POSTA Á DISPOSICIÓN NAS EMPRESAS AUTORIZADAS POLA AUTORIDADE LABORAL DE GALICIA. EVOLUCIÓN 2014-2023

CAPÍTULO 7. CONTRATACIÓN

7.1. INTRODUCIÓN

Logo da entrada en vigor no ano 2022 do RDL 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, con efectos na regulación da contratación temporal e no reforzo da presunción de indefinición dos contratos laborais, no ano 2023 consolidou plenamente os seus efectos.

Basicamente, desaparece o contrato por obra ou servizo determinado, introdúcese o contrato por circunstancias da produción (que ven substituír o tradicional contrato eventual); o contrato de interinidade vese substituído polo contrato de substitución e reformúlanse unha vez máis os contratos formativos. Emerxe tamén, moi renovado e potenciado, o contrato de traballadores fixos descontinuos.

Se logo da crise motivada pola COVID 19, o ano 2021 supuxo unha certa recuperación da normalidade, que se reflectía en todas as variables e de xeito particularmente intenso en materia de contratación, no ano 2022 prodúcese unha recuperación total e aprécianse os efectos da muda na regulación e esa tendencia continúa no ano 2023.

Se no ano 2022 baixa o número de contratos totais, pero se multiplica por cinco o número de contratos indefinidos, no caso do Estado ata os 5.675.962, e no caso de Galicia ata os 201.029, no ano 2023 continúa esta tendencia froito da reforma normativa. Baixa no Estado en máis de dous millóns o número de contratos, mentres que en Galicia baixa en case 80.000 contratos, e seguen a subir os indefinidos en case medio millón no estado e máis de 6.000 en Galicia.

Mención especial merece que se concertaron en Galicia 52.800 contratos fixos descontinuos en 2023 e 59.138 contratos fixos descontinuos en 2022, sendo o 65,04% das contratacións en mulleres.

Se atendemos ás empresas de traballo temporal, experimentan un ascenso na súa actividade cunha suba de case dez mil contratos de posta a disposición celebrados en Galicia. En canto ao número de persoas traballadoras con contratos rexistrados nos servizos públicos de emprego por ETT autorizadas en Galicia, cae a 11.031 no noso pais.

O contrato de traballo constitúe o núcleo esencial da relación laboral. Asinado entre a empresa e a persoa traballadora, en virtude del, a persoa traballadora comprométese a prestar uns servizos, por conta da empresa, baixo a súa dirección, percibindo a cambio unha retribución.

Dentro da regulación da contratación, o Estatuto dos traballadores (ET) establece no seu artigo 16 que as empresas están obrigadas a comunicar á Oficina de Emprego o contido dos contratos de traballo celebrados ou as prórrogas destes, deban ou non se formalizar por escrito, nos dez días seguintes á súa concertación. Se existe obriga de formalización escrita presentarase copia do contrato para o seu rexistro e, se non existe a devandita obriga, presentarase comunicación da contratación. No ámbito da Comunidade Autónoma Galega a comunicación realízase na rede de oficinas de Emprego do Servizo de Emprego Autonómico da Xunta de Galicia ou a través de Internet (Contrat@).

O rexistro no Servizo Público de Emprego non supón ningún pronunciamento sobre o contido do contrato, o feito de que o contrato teña asignado un número de rexistro non implica que reúna todos os requisitos nin se axuste á legalidade.

As distintas modalidades de contratación que aparecen nas táboas estatísticas agrúpanse en: contratos iniciais, cando se formaliza a relación laboral por primeira vez, conversión en indefinidos doutros contratos xa existentes de duración temporal, ou en prorrogas de contratos que finalizaron a duración inicial.

CONTRATOS INICIAIS:

1-Indefinido (bonificados/non bonificados): é o contrato concertado sen establecer límites de tempo á prestación de servizos con xornada a tempo completo, parcial ou fixo descontinuo (Lei 12/2001, Lei 43/2006, Lei 35/2010, Real decreto-lei 10/2011, Real decreto-lei 1/2011, Real decreto lexislativo 2/2015, Real decreto-lei 32/2021).

2-Indefinido para persoas con discapacidade: contrato de duración indefinida dirixido á integración laboral de persoas con discapacidade e que pode ser de xornada completa ou a tempo parcial (RD 1451/1983, modificado por RD 4/1999, Lei 12/2001 e Lei 43/2006).

3-Obra ou servizo: son os concertados para a realización de obras ou servizos determinados, en xornada completa ou parcial, na actividade da empresa e cuxa duración é temporal. Desde o 30 de marzo de 2022 non se poden celebrar de este tipo, (RDL 32/2021), razón pola que non poden xa como contratos iniciais, manténdose para caracterizar este contrato na transformación en indefinidos e nas prorrogas. de contratos (art. 15 do ET, RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010, Lei 3/2012, Real decreto-lei 32/2021).

4-Circunstancias da produción: contratos de duración temporal, en xornada completa ou parcial, poderase concertar polo incremento ocasional e imprevisible da actividade e as oscilacións, que aínda tratándose da actividade normal da empresa, xeran un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible e o que se require, sempre que non respondan aos supostos incluídos no artigo 16.1.

Entre as oscilacións a que se refire o parágrafo anterior entenderanse incluídas aquelas que derivan das vacacións anuais.

Cando o contrato de duración determinada obedeza a estas circunstancias da produción, a súa duración no poderá ser superior a seis meses. Por convenio colectivo de ámbito sectorial poderase ampliar a duración máxima do contrato ata un ano. No caso de que o contrato se concertase por unha duración inferior á máxima legal ou convencionalmente establecida, poderá prorrogarse, mediante acordo das partes, por unha única vez, sen que a duración total do contrato poida exceder da dita duración máxima.

Igualmente, as empresas poderán formalizar contratos por circunstancias da produción para atender situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada nos termos previstos neste parágrafo. As empresas solo poderán utilizar este contrato un máximo de noventa días no ano natural, independentemente das persoas traballadoras que sexan necesarias para atender en cada un dos ditos días as concretas situacións, que deberán estar debidamente identificadas no contrato (art. 15 do ET, Lei 35/2010, Lei 3/2012, Real decreto-lei 32/2021).

5- Substitución: contrato de duración temporal para substituír unha persoa con dereito a reserva de posto, en xornada completa ou parcial. O contrato de substitución poderá realizarse para a substitución dunha persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo, sempre que se especifique no contrato o nome da persoa substituída e a causa da substitución. En tal suposto, a prestación de servizos poderá iniciarse antes de que se produza a ausencia da persoa substituída, coincidindo no desenvolvemento das funcións o tempo imprescindible para garantir o desempeño axeitado do posto e, como máximo, durante quince días.

Así mesmo, o contrato de substitución poderá concertarse para completar a xornada reducida por outra persoa traballadora, cando a dita redución se ampare en causas legalmente establecidas ou reguladas no convenio colectivo e se especifique no contrato o nome da persoa substituída e a causa da substitución.

O contrato de substitución poderá ser tamén celebrado para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva mediante contrato fixo, sen que a súa duración poida ser neste caso superior a tres meses, ou o prazo inferior recollido en convenio colectivo, nin poida celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada a dita duración máxima. (art. 15 do ET, Real decreto-lei 11/1998, RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei orgánica 3/2007, Real decreto-lei 32/2021).

6-Temporal para persoas con discapacidade: contrato temporal de doce meses a tres anos, con xornada completa ou parcial, para persoas con discapacidade (RD 1451/1983 e Lei 43/2006).

7-Relevo: contrato de duración indefinida ou ata o momento da xubilación da persoa traballadora á que substitúe por xubilación parcial, con xornada parcial ou completa (Lei 14/2000, Lei 3/2012).

8-Xubilación parcial: contrato de duración determinada e xornada parcial, complementario do de relevo, que se asina con quen se xubila parcialmente (Lei 12/2001, Lei 40/2007).

9-Contrato de substitución por xubilación aos 64 anos: para persoas traballadoras desempregadas que substitúan outras que anticipan a idade de xubilación nun ano (RD 1194/1985, Lei 14/2000, Lei 12/2001, Lei 27/2011, Lei 3/2012).

10-Contrato para a obtención da práctica profesional: destinado a completar a formación de persoas traballadoras con títulos universitarios ou de formación profesional. Son contratos de duración temporal, con xornada a tempo parcial ou completa, indistintamente O contrato de traballo para a obtención da práctica profesional poderase concertar con aqueles que estean en posesión de título universitario ou de formación profesional de grao medio ou superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, ou de certificado de profesionalidade de acordo co previsto na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, que habiliten para o exercicio profesional, dentro dos cinco anos, ou de sete anos, cando o contrato se concerte cunha persoa con discapacidade, seguintes á terminación dos correspondentes estudos (art. 11 do ET, RD 488/1998, Lei 35/2010, Lei 3/2012, Real decreto-lei 32/2021).

11-Contrato de formación en alternancia: destinado a compatibilizar a actividade laboral retribuída cos correspondentes procesos formativos no ámbito da formación profesional, os estudos universitarios ou do catálogo de especialidades formativas do sistema nacional de emprego, neste último caso só a menores de 30 anos. Levarán asociado un plan formativo individual asociado ao contrato. Substitúe o contrato de formación e aprendizaxe (art. 11 do ET, Lei 3/2012, RD 1529/2012, Real decreto-lei 32/2021).

12-Outros contratos: son os rexistrados pertencentes a modalidades non especificadas anteriormente e/ou pertencentes a réximes especiais de contratación, tales como os de artistas, servizo doméstico, mercantís etc. Inclúense tamén os contratos que, pertencendo ou presentándose segundo as modalidades existentes, teñen algún defecto formal ou incumpren algún requisito básico no momento da súa introdución na base de datos, permanecendo neste apartado estatisticamente aínda que con posterioridade fosen emendados os seus defectos de forma.

Contratos convertidos en indefinidos

Son aqueles que, ao abeiro da normativa en vigor, son transformados en indefinidos. Estas transformacións non se suman aos contratos a cuxa modalidade corresponden porque nese caso produciríase unha duplicidade, dado que o contrato de orixe xa foi contabilizado no seu día. Estes contratos son:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal para persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Outros contratos

Prórrogas

Algúns contratos de duración temporal, unha vez finalizada a súa duración inicial, poden prorrogarse. O número de prórrogas que admite un contrato depende da súa tipoloxía. Son os seguintes:

- De obra ou servizo determinado
- Eventual por circunstancias da produción
- De interinidade
- Temporal para persoas con discapacidade
- De substitución por xubilación aos 64 anos
- En prácticas
- De relevo
- De formación
- Xubilación parcial

No cadro 7.1, que recolle os contratos de traballo e os contratos convertidos en indefinidos Galicia/España 2022-2023, pódese observar que o número total de contratos en 2023 descende respecto do ano anterior. Este descenso obsérvase, no caso de Galicia, en case todas as modalidades contractuais temporais, (agás relevo, xubilación parcial e formación en alternancia), subindo, iso si, por segundo ano os contratos indefinidos.

CADRO 7.1. CONTRATOS DE TRABALLO, CONTRATOS CONVERTIDOS EN INDEFINIDOS E ADSCRIPCIÓNS COLABORACIÓN SOCIAL. GALICIA/ESPAÑA. 2022-2023

	Total España 2023	%	Total Galicia 2023	%	Total España 2022	%	Total Galicia 2022	%
Indefinido ordinario (bonif./ non bonif.)	6.113.022	40,88	207.271	29,70	5.675.962	33,43	201.029	25,87
Persoas con discapacidade	17.167	0,11	1.303	0,19	18.284	0,11	1.310	0,17
Obra ou servizo					1.305.148	7,69	41.670	5,36
Circunstancias produción	6.484.917	43,37	382.675	54,83	7.746.692	45,63	422.454	54,36
Interinidade/ substitución	1.366.257	9,14	67.635	9,69	1.510.437	8,90	80.940	10,36
Temporal persoas con discapacidade	21.346	0,14	1.086	0,16	25.425	0,15	1.498	0,19
Relevo	8.383	0,06	230	0,03	8.391	0,05	166	0,02
Xubilación parcial	24.073	0,16	1.029	0,15	25.240	0,15	1.022	0,13
Substitución xubilación 64 anos	122	0,00	0	0,00	111	0,00	1	0,00
Obtención práctica prof.	48.902	0,33	2.922	0,42	63.875	0,38	3.985	0,51
Formación en alternancia	50.049	0,33	3.093	0,56	40.298	0,24	2.974	0,38
Outros	819.173	5,48	30.626	4,27	331.960	1,95	15.929	2,05
Total contratos iniciais	**14.953.411**	**100,00**	**697.870**	**100,00**	**16.977.429**	**100,00**	**777.062**	**100,00**
Convertidos en indefinidos	490.794		26.535		1.332.914		68.181	
Adscricións en colaboración social					1.024			
Total contratos e adscricións	**15.444.205**		**724.405**		**18.311.367**		**845.243**	

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.


Nunha primeira observación podemos apreciar que, rachada en 2022 a tendencia de anos anteriores dunha gran rotación da poboación asalariada con contratos temporais, segue a tendencia á baixa en 2023. Por provincias, Pontevedra é a provincia na que máis baixa a contratación, seguida da Coruña. Nas catro provincias baixa a contratación temporal e sube a indefinida ordinaria en todas tamén, agás Pontevedra.

CADRO 7.2. TOTAL CONTRATOS DE TRABALLO. POR PROVINCIAS.
GALICIA. 2022-2023


Tipo de contrato	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022
Duración temporal:										
Obra		19.932		3.610		2.942		15.186		41.670
circunstacias produción	158.669	173.901	33.243	38.032	29.787	30.692	160.976	179.829	382.675	422.454
Interinidade/substitución	28.811	34.523	8.020	9.663	6.859	7.624	23.945	29.130	67.635	80.940
Temporal persoas discapacidade	481	657	88	146	75	118	442	577	1.086	1.498
Relevo	117	87	6	6	27	7	80	66	230	166
Xubilación parcial	436	392	103	123	91	58	399	449	1.029	1.022
Substitución		1		0		0		0		1
Obtención práctica profesional	1.200	1.853	332	355	266	304	1.124	1.473	2.922	3.985
Formación	1.020	934	595	582	626	707	852	751	3.093	2.974
Outros	16.949	10.854	2.605	1.747	2.145	523	8.927	2.805	30.626	15.929
Duración indefinida:										
Indefinido ordinario	89.229	85.497	24.865	23.537	18.512	17.092	74.665	74.903	207.271	201.029
Persoas con discapacidade	487	514	149	171	127	133	540	492	1.303	1.310
Total contratos	**297.399**	**329.145**	**70.006**	**77.972**	**58.515**	**60.200**	**271.950**	**305.661**	**697.870**	**772.978**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.

Distribución do total de contratos en Galicia. 2023




Evolución do total de contratos en Galicia



Se tomamos o sector económico como punto de comparación observamos, como é de esperar, que é o sector servizos o que concentra a maior parte das contratacións, seguido a moita distancia pola industria, a construción, e no último lugar de volume de contratos rexistrados encontramos á agricultura e pesca.

CADRO 7.3. CONTRATO DE TRABALLO POR TIPO E POR SECTOR.
GALICIA. 2023

	Agricultura	Industria	Construción	Servizos	Total
Indefinido ordinario	11.969	19.760	18.612	156.930	**207.271**
Indefinido persoas con discapacidade	43	135	112	1.013	**1.303**
Obra ou servizo	0	0	0	0	**0**
Circunstancias produción	11.118	73.519	6.999	291.039	**382.675**
Interinidade/susbtitución	1.019	7.177	791	58.648	**67.635**
Temporal persoas con discapacidade	11	126	37	912	**1.086**
Relevo	0	93	15	122	**230**
Xubilación parcial	3	464	40	522	**1.029**
Substitución xubilación 64 anos	0	0	0	0	**0**
Obtención práctica profesional	7	466	187	2.262	**2.922**
Formación	21	123	160	2.789	**3.093**
Outros contratos	319	22	43	30.242	**30.626**
Galicia	**24.510**	**101.885**	**26.996**	**544.479**	**697.870**



Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.

Por actividade económica, a hostalaría e a industria manufactureira son as dúas actividades nas que máis contratación se produce, o que se corresponde co dato de que foran as que máis tiveran tamén nos dous anos anteriores. Por grupo principal de ocupación, o maior volume de contratación dáse no grupo de persoas traballadoras dos servizos de restauración e comercio, seguido de peóns. No caso da hostalaría, hai unha tendencia á baixa, pasando de 143.954 contratos en 2021 a 140.684 en 2022 e 135.043 en 2023.

CADRO 7.4. CONTRATOS DE TRABALLO INICIAIS SEGUNDO ACTIVIDADE ECONÓMICA. POR PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	8.294	4.692	2.678	8.846	**24.510**
B. industrias extractivas	64	104	265	126	**559**
C. Industria manufactureira	30.350	5.945	10.729	49.487	**96.511**
D. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	254	9	19	101	**383**
E. Fornecemento de auga, actividades saneamento, xestión residuos e descontaminación	2.894	316	233	989	**4.432**
F. Construción	13.158	2.419	2.521	8.898	**26.996**
G. Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	37.208	8.365	6.712	29.349	**81.634**
H. Transporte e almacenamento	18.612	5.318	3.572	40.371	**67.873**
I. Hostalaría	55.665	17.374	11.026	50.978	**135.043**
J. Información e comunicacións	18.649	471	516	4.216	**23.852**
K. Actividades financieiras e seguros	1.310	311	256	1.083	**2.960**
L. Actividades inmobiliarias	473	89	36	327	**925**
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	9.827	1.322	983	6.524	**18.656**
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	31.864	5.743	4.056	18.979	**60.642**
O. Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	6.036	3.395	2.549	4.813	**16.793**
P. Educación	10.577	1.505	2.334	8.169	**22.585**
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	17.488	5.039	4.749	12.196	**39.472**
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	25.028	5.493	2.826	18.240	**51.587**
S. Outros servizos	5.110	987	1.195	5.672	**12.964**
T. Act. fogares como empregadores persoal doméstico, e como produtores bens e servizos uso propio	4.496	1.109	1.196	2.565	**9.366**
U. Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	42	0	64	21	**127**
Total	**297.399**	**70.006**	**58.515**	**271.950**	**697.870**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.

CADRO 7.5. CONTRATOS DE TRABALLO INICIAIS SEGUNDO GRUPO PRINCIPAL DE OCUPACIÓN DO POSTO. POR PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
A. Directivos e xerentes	1.240	178	202	564	**2.184**
B.Técnicos e profesionais da saúde e o ensino	8.377	2.038	1.869	8.477	**20.761**
C. Outros técnicos, científicos e intelectuais	29.263	3.240	2.326	13.892	**48.721**
D. Técnicos profesionais de apoio	26.227	4.266	3.555	26.524	**60.572**
E. Empregados oficina non públicos	8.531	1.802	1.671	6.495	**18.499**
F. Empregados oficina públicos	8.932	1.781	1.410	9.883	**22.006**
G.Traballadores dos servizos de restauración e comercio	73.693	20.684	14.183	60.038	**168.598**
H. Traballadores dos servizos de saúde	21.418	6.640	5.069	15.131	**48.258**
I. Traballadores dos servizos de protección e seguridade	3.421	1.006	861	2.844	**8.132**
J. Traballadores cualificados na agricultura e gandaría	2.756	1.779	523	2.440	**7.498**
K. Traballadores cualificados na construción	7.179	1.258	1.400	5.750	**15.587**
L. Traballadores cualificados das industrias manufactureras	19.563	3.956	2.765	18.472	**44.756**
M. Operadores de instalacións industriais de maquinaria	5.204	865	2.936	9.806	**18.811**
N. Condutores e operadores de maquinaria móbil	10.529	4.194	3.691	25.561	**43.975**
O. Traballadores non cualificados en servizos, agás transportes	36.878	8.650	6.592	25.949	**78.069**
P. Peóns de agricultura, pesca, construción, industria manufactureira	34.186	7.668	9.460	40.118	**91.432**
Q. Forzas armadas	2	1	2	6	**11**
Total	**297.399**	**70.006**	**58.515**	**271.950**	**697.870**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.

7.2. MODALIDADES CONTRACTUAIS

A continuación analizaremos o comportamento dos contratos tendo en conta o sexo, idade, duración do contrato e tipo de xornada.

7.2.1. CONTRATO POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCIÓN

En 2023 Rexistráronse en Galicia 382.675 contratos eventuais fronte aos 422.454 de 2022.

Esta modalidade contractual segue sendo a máis utilizada e representa no ano 2023 o 43,37% a nivel estatal e o 54,83% dos contratos iniciais subscritos en Galicia, fronte ao 45,63% a nivel estatal e o 54,36% dos contratos iniciais subscritos en Galicia en 2022.


Tendo en conta sexo e grupo de idade, os homes son os segundos máis contratados no grupo 30 a 39 anos (58.884 en 2022 e 51.739 en 2023) sendo o primeiro o tramo dos maiores de 45 anos (52.676), e no caso das mulleres dáse unha situación similar, 42.003 no grupo de 30 a 39 anos e 52.945 para as maiores de 45 anos.

CADRO 7.6. CONTRATOS POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN. SEGUNDO SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	18.185	11.767	19.406	9.612	20.662	18.724	11.781	17.140	9.599	21.793	**158.669**
Lugo	3.578	2.312	3.783	2.019	4.783	3.512	2.241	4.159	2.091	4.765	**33.243**
Ourense	3.169	2.428	4.220	1.648	4.244	2.787	2.116	3.230	1.927	4.018	**29.787**
Pontevedra	16.896	12.599	24.330	11.379	22.987	13.149	9.599	17.474	10.194	22.369	**160.976**
Galicia	**41.828**	**29.106**	**51.739**	**24.658**	**52.676**	**38.172**	**25.737**	**42.003**	**23.811**	**52.945**	**382.675**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos




Tendo en conta a duración, son os inferiores a 1 mes, con 280.765 contratos no 2023, os máis concertados, seguidos dos de 1 a 3 meses con 72.462, os de 3 a 6 meses, e por último con escasa representación, os concertados por un tempo superior a 6 meses con 2.629 en 2023. Estas cifras reflicten un descenso de maior entidade nos de duración inferior a 1 mes, quedando de manifesto a redución da rotación laboral que se produce na comunidade galega que aínda con iso, segue cunha elevada porcentaxe de contratos eventuais.

CADRO 7.7. CONTRATOS POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCIÓN. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	Duración en meses				Total
	<= 1	>1 a <=3	>3 a <=6	>6	
A Coruña	116.186	30.672	10.722	1.089	**158.669**
Lugo	23.907	6.515	2.556	265	**33.243**
Ourense	19.332	6.562	3.624	269	**29.787**
Pontevedra	121.340	28.713	9.917	1.006	**160.976**
Galicia	**280.765**	**72.462**	**26.819**	**2.629**	**382.675**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.





A variable xornada sen diferenciación por sexos mostra 247.142 contratos para a xornada completa e 135.503 para a xornada a tempo parcial. Se temos en conta a variable sexo, un 26,25% dos contratos efectuados a homes son a xornada parcial e un 45,43% dos efectuados a mulleres teñen a mesma xornada, sendo o undécimo ano consecutivo no que é maior o número de contratos parciais realizados a mulleres que os concertados con homes, mesmo incrementándose a diferenza. Se a xornada é completa, a contratación no caso dos homes foi do 73,75% e dun 54,57% no das mulleres, poñendo de manifesto un uso maior da parcialidade na contratación feminina.

CADRO 7.8. CONTRATOS POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCIÓN. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. DECEMBRO 2023

	Homes			Mulleres			Ambos os sexos		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	79.632	26.561	53.071	79.037	40.607	38.430	**158.669**	**67.168**	**91.501**
Lugo	16.475	4.695	11.780	16.768	8.102	8.666	**33.243**	**12.797**	**20.446**
Ourense	15.709	4.123	11.586	14.078	6.042	8.036	**29.787**	**10.165**	**19.622**
Pontevedra	88.191	17.124	71.067	72.785	28.249	44.536	**160.976**	**45.373**	**115.603**
Galicia	**200.007**	**52.503**	**147.504**	**182.668**	**83.000**	**99.668**	**382.675**	**135.503**	**247.172**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.





7.2.2. Contrato de obra ou servizo

É aquel que se concerta para a realización dunha obra ou a prestación dun servizo, en xornada completa ou parcial, con autonomía e substantividade propia dentro da actividade na empresa, aínda tratándose da actividade habitual, e cuxa duración, aínda que limitada no tempo, é incerta (art. 15.1 a ET, 2.1 RD 2720/1998, Lei 12/2001, Lei 35/2010 e Lei 3/2012, Real decreto-lei 32/2021). Desaparece en marzo de 2022 coa reforma laboral.

7.2.2. Bis. Contrato de mellora da ocupabilidade

O Real Decreto-lei 32/2021 modifica o texto refundido da Lei de emprego, respecto dos contratos vinculados a programas de activación para o emprego. O novo apartado 1 da disposición adicional novena do texto refundido da Lei de emprego queda redactado do seguinte xeito: "Disposición adicional novena. Contratos vinculados a programas de activación para o emprego. 1. As administracións públicas e, no seu caso, as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste texto refundido da Lei de emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses". De acordo coa letra desta disposición, a contratación de duración determinada vinculada aos programas de activación para o emprego poderá realizarse no marco dun contrato temporal de causa específica, distinta ás modalidades ás que fai referencia o artigo 15 do Estatuto dos traballadores.


En 2023 concertáronse en Galicia 4.374 contratos, sendo máis empregada esta modalidade nos homes que nas mulleres. Máis do 55% dos contratos concertados foi na franxa de maiores de 45 anos. No que atinxe á súa duración, dous mil oitocentos vinte seis contratos concertados tiveron una duración entre seis e doce meses. O 62,66% concertáronse a xornada completa e o 37,34% restante a tempo parcial.

CADRO 7.9. CONTRATOS DEMELLORA DA OCUPABILIDADE. POR SEXO, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	74	47	64	41	460	81	85	119	99	280	**1.350**
Lugo	38	31	33	31	181	17	40	64	34	88	**557**
Ourense	43	48	43	32	219	28	45	61	44	116	**679**
Pontevedra	51	60	102	90	665	72	91	143	98	416	**1.788**
Galicia	**206**	**186**	**242**	**194**	**1.525**	**198**	**261**	**387**	**275**	**900**	**4.374**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.

Distribución por grupos de idade en ambos sexos



CADRO 7.10. CONTRATOS DE MELLORA DA OCUPABILIDADE. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023


	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3	>3 a <=6	>6 a <=12	>12 a <=18	>18 a <=24	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	17	5	15	158	389	759	7	0	0	0	**1.350**
Lugo	3	0	1	93	53	404	2	1	0	0	**557**
Ourense	1	1	2	96	29	546	2	2	0	0	**679**
Pontevedra	6	4	21	149	490	1.117	1	0	0	0	**1.788**
Galicia	**27**	**10**	**39**	**496**	**961**	**2.826**	**12**	**3**	**0**	**0**	4.374


Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.

CADRO 7.11. CONTRATOS DE MELLORA DA OCUPABILIDADE. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	686	205	481	664	299	365	**1.350**	**504**	**846**
Lugo	314	74	240	243	116	127	**557**	**190**	**367**
Ourense	385	88	297	294	120	174	**679**	**208**	**471**
Pontevedra	968	331	637	820	400	420	**1.788**	**731**	**1.057**
Galicia	**2.353**	**698**	**1.655**	**2.021**	**935**	**1.086**	4.374	1.633	2.741

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.





7.2.3 Contrato de substitución


Este contrato ten por obxecto substituír unha persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo, en xornada completa e parcial, ou cubrir temporalmente un posto de traballo durante un proceso de selección ou promoción, para a súa cobertura definitiva (art. 15.1 c ET, art.4.1 de RD 2720/1998, Lei 39/1999, Lei 12/2001, Lei 45/2002 e Lei orgánica 3/2007, Real decreto-lei 32/2021).

En 2023 rexistráronse en Galicia 67.635 contratos de substitución fronte aos 80.940 de 2022. Hai polo tanto unha tendencia á baixa, xa iniciada o ano anterior respecto dos de interinidade.

Mantense a tendencia de anos anteriores onde a contratación feminina segue a ser superior en 2023.

CADRO 7.12. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	15.553	1.666	2.499	1.271	2.550	2.653	2.734	4.384	2.494	7.007	**28.811**
Lugo	440	393	758	279	727	653	662	1.275	684	2.149	**8.020**
Ourense	278	387	627	249	639	585	693	1.109	601	1.691	**6.859**
Pontevedra	1.361	1.471	2.347	1.109	2.320	2.142	2.172	3.851	1.983	5.189	**23.945**
Galicia	**17.632**	**3.917**	**6.231**	**2.908**	**6.236**	**6.033**	**6.261**	**10.619**	**5.762**	**16.036**	67.635



Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.

Ao descoñecerse en moitos casos a data de finalización da reserva de posto, duración do proceso de selección, o contrato concértase por unha duración indeterminada nun 81,29% dos casos en 2022 e nun 82,69% en 2023. Os contratos menores de 7 días supoñen en 2023 un 5,35% e os que duran entre 15 días e un mes, un 2,26%.

CADRO 7.13. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3	>3 a <=6	>6 a <=12	>12 a <=18	>18 a <=24	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	1.332	450	607	1.144	864	184	14	7	22	24.187	**28.811**
Lugo	511	166	227	332	272	64	6	4	6	6.432	**8.020**
Ourense	455	159	176	260	229	73	2	4	4	5.497	**6.859**
Pontevedra	1.323	369	519	962	710	209	12	10	21	19.810	**23.945**
Galicia	**3.621**	**1.144**	**1.529**	**2.698**	**2.075**	**530**	**34**	**25**	**53**	**55.926**	**67.635**


Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.


Tendo en conta a variable xornada, os celebrados a xornada completa supoñen un 64,68% en 2023 e un 35,32% os que foron a tempo parcial, cifras moi semellantes ás de 2022. Seguindo a tendencia da maior parte das contratacións, son as mulleres as que máis contratos celebran a tempo parcial, 19.123, fronte ao colectivo de homes, 4.767, aínda que se produce un descenso da parcialidade nos dous grupos.

CADRO 7.14. CONTRATOS DE SUBSTITUCIÓN. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. DECEMBRO 2023

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	9.539	2.213	7.326	19.272	8.542	10.730	**28.811**	**10.755**	**18.056**
Lugo	2.597	386	2.211	5.423	1.900	3.523	**8.020**	**2.286**	**5.734**
Ourense	2.180	355	1.825	4.679	1.645	3.034	**6.859**	**2.000**	**4.859**
Pontevedra	8.608	1.813	6.795	15.337	7.036	8.301	**23.945**	**8.849**	**15.096**
Galicia	**22.924**	**4.767**	**18.157**	**44.711**	**19.123**	**25.588**	**67.635**	**23.890**	**43.745**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.






7.2.4. Contrato para a formación en alternancia

O número de contratos de formación rexistrados en Galicia no 2022 foi de 2.974 e 3.093 en 2023.

Se estudamos a variable sexo, apreciamos que en 2023 un 51,76% destes contratos se concertan con homes e un 48,24% con mulleres, volvendo a unha tendencia ao aumento desta contratación no grupo de homes que se iniciara en 2019, e que se interrompera no pasado ano.

CADRO 7.15. CONTRATOS DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	216	81	28	15	140	198	119	36	25	162	**1.020**
Lugo	142	48	40	18	94	99	43	39	9	63	**595**
Ourense	110	39	37	24	156	69	41	35	16	99	**626**
Pontevedra	239	71	27	13	63	161	85	56	31	106	**852**
Galicia	**707**	**239**	**132**	**70**	**453**	**527**	**288**	**166**	**81**	**430**	**3.093**




Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.

Un 94,35% en 2022 e un 95,25% en 2023 concértanse por un tempo igual ou inferior a 12 meses.

CADRO 7.16. CONTRATOS DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	>24	
A Coruña	218	720	10	72	0	**1.020**
Lugo	106	471	7	11	0	**595**
Ourense	66	552	1	7	0	**626**
Pontevedra	170	643	4	35	0	**852**
Galicia	**560**	**2.386**	**22**	**125**	**0**	**3.093**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.



7.2.5. Contrato para a obtención de práctica

Este tipo de contrato alcanzou en 2023 os 2.922 concertos e 3.985 en 2022 (1.063 menos que o ano anterior, sendo o terceiro ano de baixada).


Tendo en conta o factor sexo, concertouse cun 57,84% de homes e cun 42,16% de mulleres en 2023 e cun 56,03% de homes e cun 43,97% de mulleres en 2022. É un dos poucos contratos, xunto a formación e interinidade, onde o número de concertos é moi parello en mulleres e en homes, e tendo en conta a incorporación masiva da muller á educación de grao medio e superior, e que é precisamente este colectivo o que en maior medida finaliza os estudos iniciados, parece ser esta a causa da maior presenza feminina.

Por grupos de idade, realizáronse maior numero de contratacións ao colectivo de menores de 25 anos con 1.736 contratos, seguido do colectivo entre 25 e 29 anos con 763 contratos.

CADRO 7.17. CONTRATOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA. POR SEXOS, IDADE E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	416	185	60	4	10	320	143	37	13	12	**1.200**
Lugo	124	43	17	3	3	78	39	16	4	5	**332**
Ourense	82	41	16	7	8	61	33	13	1	4	**266**
Pontevedra	410	166	59	17	19	245	113	46	23	26	**1.124**
Galicia	**1.032**	**435**	**152**	**31**	**40**	**704**	**328**	**112**	**41**	**47**	**2.922**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.




Segundo a duración do contrato, os de duración menor ou igual a seis meses son maioría. Aqueles que alcanzaron a duración superior a 12 meses seguen a supoñer, ao igual que en anos anteriores, unha porcentaxe moi pequena, practicamente irrisoria.

CADRO 7.18. CONTRATOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA. POR DURACIÓN E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	Duración en meses				
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <24	máis de 24
A Coruña	651	540	0	0	**9**
Lugo	194	138	0	0	**0**
Ourense	123	142	1	0	**0**
Pontevedra	584	539	1	0	**0**
Galicia	**1.552**	**1.359**	**2**	**0**	**9**

Fonte: SEPE, Estatística de contratos rexistrados. Decembro 2023.





Se tomamos como referencia o tipo de xornada, o 83,13% celebrouse a xornada completa e o 16,87% a parcial.

CADRO 7.19. CONTRATOS PARA A OBTENCIÓN DE PRÁCTICA. POR SEXO, TIPO DE XORNADA E PROVINCIAS. GALICIA. 2023

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	675	94	581	525	113	412	**1.200**	**207**	**993**
Lugo	190	14	176	142	22	120	**332**	**36**	**296**
Ourense	154	14	140	112	28	84	**266**	**42**	**224**
Pontevedra	671	97	574	453	111	342	**1.124**	**208**	**916**
Galicia	**1.690**	**219**	**1.471**	**1.232**	**274**	**958**	**2.922**	**493**	**2.429**

Considéranse folgas de ámbito provincial as que afectan só a unha provincia. Á hora de contabilizar as folgas provinciais, aténdese ao concepto folga provincial. Trátase dun concepto estatístico que ten por obxecto medir a incidencia ou a repercusión que a folga tivo en cada provincia, só dentro do seu respectivo ámbito territorial.

Nas folgas de ámbito autonómico, cada convocatoria de folga considérase un só conflito, independentemente do número de provincias ás que afecte.

Unha primeira panorámica xeral das folgas consideradas neste momento dende 2012 a 2023 a nivel estatal (cadro 10.1) permite observar que, aínda que existiu unha evolución crecente do número de folgas nos anos 2012 e 2013, diminúen en 2014 e continúa esta tendencia en 2015, apreciándose esta minoración significativa, tanto en número de folgas coma en participantes e xornadas non traballadas. No ano 2019 increméntase o número de folgas ata

898, pero resulta significativo que, en canto a participantes, baixa en 2019 a cifra en 74.217 logo de medrar en máis de 110.000 persoas en 2018, o mesmo que sucede coas xornadas non traballadas. No ano 2020, o impacto da pandemia reflíctese de forma moi intensa respecto do ano anterior. Cae o número de folgas case ata a metade (de 898 a 487), o número de participantes cae en 112.958 persoas e as xornadas non traballadas diminúen en 317.822 xornadas. A recuperación que se produce no ano 2021, en certa medida cunha recuperación de parámetros de normalidade en todos os eidos sociolaborais, maniféstase en que medra o número de folgas en 119 folgas máis, as persoas participantes en 47.530 persoas máis, e non obstante, caen as xornadas non traballadas en 117.764 xornadas menos. No ano 2022 hai 73 folgas máis, chegando a cifra ata as 679 folgas, medran en case 300.000 as xornadas non traballadas, pero hai 6.275 folguistas menos que no ano anterior. No ano 2023 hai 99 folgas máis, 102.009 participantes máis, 279.030 xornadas non traballadas máis e 21.876 centros convocados máis.

CADRO 10.1. EVOLUCIÓN DAS FOLGAS DESENVOLVIDAS SEGUNDO PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS. ESPAÑA. 2012-2023

	Folgas	Participantes	Xornadas non traballadas	Centros de traballo convocados	
				Número	Cadro de persoal (1)
2012	878	323.871	1.290.114	36.634	1.363.080
2013	992	448.024	1.098.480	45.832	1.633.924
2014	777	217.047	620.568	7.666	618.478
2015	615	170.528	497.483	4.939	588.359
2016	641	183.120	388.912	9.679	563.451
2017	730	225.723	594.253	24.441	1.284.776
2018	726	338.671	907.631	20.869	1.078.049
2019	898	264.454	858.401	16.000	1.108.466
2020	487	151.496	540.579	11.998	746.272
2021	606	199.026	422.815	15.848	791.106
2022	679	192.751	709.099	16.413	992.996
2023	**778**	**294.760**	**988.129**	**38.289**	**1.735.794**

(1) Datos en miles.
Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

Nos cadros 10.2, e 10.3 desagréganse os datos estatais por comunidades autónomas, segundo sector de actividade e ámbito territorial, podéndose observar que o maior número de participantes en moitas autonomías corresponde ao sector servizos, (exceptúanse unicamente Estremadura e Cantabria). No caso de Galicia, o sector servizos supera rotundamente ao resto de sectores en número de participantes (fronte ao ano 2022 que era superior a industria). En xornadas non traballadas é moi superior a cifra do sector servizos, que case multiplica por sete ás xornadas non traballadas na industria. Apréciase así mesmo unha grande diferenza de cifras das folgas provinciais fronte ás estatais.

CADRO 10.2. PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES E XORNADAS NON TRABALLADAS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE, POR REPERCUSIÓN TERRITORIAL DA FOLGA EN CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023

	Participantes				Xornadas non traballadas			
	Agrario	Industria	Construción	Servizos	Agrario	Industria	Construción	Servizos
Total	**462**	**37.573**	**10.827**	**245.898**	**6.047**	**124.765**	**31.455**	**825.862**
Andalucía	0	1.087	7	4.808	0	2.539	3	16.677
Aragón	261	1.909	0	3.328	783	7.934	0	23.529
Asturias	0	1.557	0	2.240	0	6.720	0	22.926
Baleares	0	0	0	283	0	0	0	645
Canarias	0	0	0	118	0	0	0	3.238
Cantabria	0	660	0	200	0	19.840	0	1.551
Castela-A Mancha	0	345	0	36.478	0	6	0	112.850
Castela e León	0	210	0	2.279	0	197	0	16.140
Cataluña	0	3.587	0	38.530	0	8.677	0	110.220
C. Valenciana	14	2.394	0	9.745	4	22.996	0	25.021
Estremadura	0	244	0	142	0	976	0	12.046
Galicia	**0**	**782**	**720**	**10.891**	**0**	**764**	**24**	**18.840**
Madrid	175	1.439	0	98.729	5.250	3.291	0	352.494
Murcia	0	0	0	6.308	0	0	0	9.303
Navarra	0	1.148	0	4.981	0	1.417	0	10.256
País Vasco	12	22.211	10.100	26.542	10	49.408	31.428	88.723
A Rioxa	0	0	0	121	0	0	0	953
Ceuta e Melilla	0	0	0	175	0	0	0	450

*Non inclúe datos de folgas xerais.
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

CADRO 10.3. PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES E XORNADAS NON TRABALLADAS SEGUNDO ÁMBITO TERRITORIAL, POR REPERCUSIÓN TERRITORIAL DA FOLGA EN CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023

	Participantes			Xornadas non traballadas		
	Provincial(1)	Autonómica	Estatal(2)	Provincial(1)	Autonómica	Estatal(2)
Total	**235.913**	**52.109**	**6.738**	**803.542**	**132.681**	**51.906**
Andalucía	4.346	0	1.556	8.300	0	10.919
Aragón	3.457	1.778	263	11.086	19.986	1.174
Asturias	3.700	0	97	28.100	0	1.546
Baleares	19	208	56	57	34	554
Canarias	0	0	118	0	0	3.238
Cantabria	825	0	35	20.665	0	726
Castela-A Mancha	36.717	0	106	110.717	0	2.139
Castela e León	1.750	0	739	12.968	0	3.369
Cataluña	18.696	22.595	826	66.534	46.788	5.575
C. Valenciana	10.898	829	426	40.467	2.399	5.155
Estremadura	249	69	68	1.388	10.340	1.294
Galicia	**11.842**	**0**	**551**	**15.621**	**0**	**4.007**
Madrid	99.018	0	1.325	355.236	0	5.799
Murcia	6.095	0	213	6.868	0	2.435
Navarra	6.104	0	25	11.158	0	515
País Vasco	31.945	26.630	290	114.256	53.134	2.179
A Rioxa	92	0	29	57	0	896
Ceuta e Melilla	160	0	15	64	0	386


*Non inclúe datos de folgas xerais.
(1) Inclúense as folgas con repercusión municipal e comarcal.
(2) Refírese á folga que afecta a provincias e comunidades autónomas distintas. Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

Si en Galicia durante 2021 foron realizadas 34 folgas, 33 provinciais e 1 autonómica, no ano 2022 sube o número a 46 folgas (33 provinciais e 13 autonómicas), pode verse nos cadros 10.4 e 10.5 que no ano 2023 segue a suba a 68 folgas (51 provinciais e 17 autonómicas), desagregándose por provincias as que foron de empresa ou de sector, e neste mesmo ano provincialmente crece tamén o número ata chegar a 51 folgas realizadas das 190 convocadas, case todas de empresa.

CADRO 10.4. FOLGAS DE ÁMBITO PROVINCIAL E AUTONÓMICO CONVOCADAS, REALIZADAS E NON REALIZADAS. GALICIA. 2023

	FOLGAS		
	Convocadas	Realizadas	Non realizadas
A Coruña	84	15	69
Lugo	22	18	4
Ourense			
Pontevedra	84	18	58
Autonómicas	24	17	7
Totais	**206**	**68**	**138**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e emigración.



CADRO 10.5. FOLGAS DE ÁMBITO PROVINCIAL E AUTONÓMICO DE EMPRESA E DE SECTOR. GALICIA. 2023

		Convocadas	Realizadas	Non realizadas
A Coruña	Empresa	84	15	69
	Sector			
	Total	**84**	**15**	**69**
Lugo	Empresa	17	13	4
	Sector	5	5	
	Total	**22**	**18**	**4**
Ourense	Empresa			
	Sector			
	Total			
Pontevedra	Empresa	76	18	58
	Sector	8	6	2,000
	Total	**84**	**24**	**60**
Autonómico	Empresa	11	8	3
	Sector	13	9	4
	Total	**24**	**17**	**7**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e emigración.

Respecto das razóns alegadas para convocar e desenvolver unha folga, os conflitos derivados do proceso de negociación colectiva e coincidintes no tempo, seguidos da causa de anuncio ou aplicación de medidas de política económica-social son os motivos específicos máis frecuentes das folgas realizadas en 2023.

CADRO 10.6.FOLGAS DE ÁMBITO PROVINCIAL E AUTONÓMICO REALIZADAS, SEGUNDO O MOTIVO OU A CAUSA DA CONVOCATORIA. GALICIA. 2023

	5	10	11	12	13	14	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	40	50	60	70	Total
A Coruña		11																	2		2	**15**
Lugo		17																	1			**18**
Ourense																						
Pontevedra		10																			8	**18**
Autonómico		16																			1	**17**
Total		**54**																	**3**		**11**	**68**

Conflitos derivados do proceso de negociación colectiva e coincidentes no tempo	Conflitos non derivados do proceso de negociación colectiva
(10) Conflitos do proceso de Neg col..coincidintes no tempo	(20).- Reconversión industrial
(12).- Presión pola negativa a revisar un convenio	(21).- Regulación de emprego (excluídos os de reconversión industrial)
(13).- Presión durante a negociación dun convenio	(22).- Organización/sistemas de traballo
(14).- Interpretación das cláusulas do convenio vixente	(23).- Accidente laboral, seguridade e hixiene
(30).- Conflitos relacionados con causas sindicais	(24).- Despedimentos, sancións ou outras medidas disciplinarias
(40).- Conflitos de solidariedade	(25).- Incumprimento de acordos ou normas legais
(50).- Outros conflitos motivados polo anuncio ou aplicación de medida de política económica-social	(26).- Falta de pagamento de salarios
	(27).- Melloras salariais e non salariais independentes do convenio
(60).- Conflitos por outras causas non laborais	(28).- Melloras salariais e non salariais de colectivos sen convenio
(70).- Medidas de política económica-social	(29).- Outras causas laborais

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e emigración.

Por último, como pode verse no cadro 10.7 con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social, ofrécese unha perspectiva bianual da incidencia das folgas nas provincias, con independencia do ámbito territorial de convocatoria, dato que non permite análise debido á disparidade que se aprecia nas cifras en relación coas anteriormente sinaladas. Recóllense ademais dos resultados das folgas cuxo ámbito territorial é a propia provincia, a repercusión que sobre estas tiveron as folgas autonómicas e estatais. Como ven sendo habitual, as provincias de Pontevedra e da Coruña, por esa orde, son as que maiores rexistros amosan.

CADRO 10.7. FOLGAS DESENVOLVIDAS, CENTROS E CADRO DE PERSOAL CONVOCADOS, PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES E XORNADAS NON TRABALLADAS, SEGUNDO CRITERIO DE REPERCUSIÓN(1). POR PROVINCIA. GALICIA. 2022-2023

	Folgas		Centros de traballo convocados		Cadro de persoal dos centros convocados		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023
A Coruña	27	11	28	13	12.530	2.579	9.392	1.079	39.522	2.869
Lugo	5	4	5	4	306	259	102	12	183	196
Orense	6	3	6	3	331	351	78	25	106	357
Pontevedra	20	23	26	1.031	1.663	15.732	909	11.277	1.731	16.206
Galicia	**41**	**30**	**65**	**1.051**	**14.830**	**18.921**	**10.481**	**12.393**	**41.542**	**19.628**

(1) Refírese a que a cada provincia se lle asignan, ademais dos resultados das folgas cuxo ámbito territorial fora esa provincia, a repercusión que nela tivesen as folgas da súa comunidade autónoma e as nacionais.
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

10.2. CONCILIACIÓNS COLECTIVAS E INDIVIDUAIS

Incorpóranse os cadros 10.8, 10.9 e 10.10, nos que, segundo datos facilitados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, aparecen reflectidos os conflitos colectivos e individuais nos que participaron en tarefas de conciliación as unidades administrativas da Xunta de Galicia, os coñecidos como SMAC, e o resultado obtido.

Nas conciliacións colectivas, resulta anecdótico o número de avinzas obtidas, (tan só 5 foron con avinza), pero ao ser varias sectoriais afectan a un número significativo de empresas, concretamente 567 empresas, o que contrasta coas cifras do AGA, como se verá máis adiante neste capítulo.

No que a conciliacións individuais se refire, resaltan as cifras de despedimentos, seguidas das sancións e en último lugar as reclamacións de cantidade sendo clara a alta actividade destas unidades en relación coas cantidades acordadas nas conciliacións individuais con avinza.

Nas conciliacións colectivas, na maioría delas non se alcanzou acordo entre as partes.

CADRO 10.8. CONCILIACIÓNS COLECTIVAS SEGUNDO TIPO DE RESOLUCIÓN E ASUNTO. ÁMBITO TERRITORIAL PROVINCIAL. 2023

		Número de conciliacións	Empresas afectadas	Nº persoas traballadoras
A Coruña (Unidades conciliadoras: A Coruña, Ferrol, Santiago)	Con avinza	4	217	4
	Sen avinza	51	5.870	61
	Resto(1)	10	436	10
Lugo	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	4	266	4
	Resto(1)	4	256	4
Ourense	Con avinza	0	0	0
	Sen avinza	4	599	4
	Resto(1)	1	37	1
Pontevedra (Unidades conciliadoras: Pontevedra e Vigo)	Con avinza	1	350	1
	Sen avinza	30	10.184	35
	Resto(1)	5	617	5
Galicia	**Con avinza**	**5**	**567**	**5**
	Sen avinza	**92**	**17.982**	**107**
	Resto(1)	**20**	**1.346**	**20**

(1) Resto: Intentadas sen efecto, tidas por non presentadas, desistidas e outras.
Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

CADRO 10.9. CONCILIACIÓNS INDIVIDUAIS POR PROVINCIAS, SEGUNDO MOTIVACIÓN E TIPO DE RESOLUCIÓN. 2022

		Despedimentos	Reclamacións de cantidade	Sancións	Total
A Coruña	Con avinza	2.600	383	162	3.145
	Sen avinza	1.534	1.837	1.182	4.553
	Intentadas sen efecto e resto(1)	869	1.683	517	3.069
	Total	5.003	3.903	1.861	10.767
	Suma de cantidades acordadas	15.934.616	1.013.655	891.499	17.839.770
Lugo	Con avinza	544	147	99	790
	Sen avinza	244	514	396	1.154
	Intentadas sen efecto e resto(1)	119	564	164	847
	Total	907	1.225	659	2.791
	Suma de cantidades acordadas	4.750.601	634.578	655.475	6.040.654
Ourense	Con avinza	516	108	25	649
	Sen avinza	347	484	144	975
	Intentadas sen efecto e resto(1)	200	463	59	722
	Total	1.063	1.055	228	2.346
	Suma de cantidades acordadas	6.145.800	386.808	108.142	6.640.749
Pontevedra	Con avinza	1.908	135	140	2.183
	Sen avinza	1.108	558	519	2.185
	Intentadas sen efecto e resto(1)	697	2.265	288	3.250
	Total	3.713	2.958	947	7.618
	Suma de cantidades acordadas	25.636.837	326.525	891.893	26.855.254
Galicia	**Con avinza**	**5.568**	**773**	**426**	**6.767**
	Sen avinza	**3.233**	**3.393**	**2.241**	**8.867**
	Intentadas sen efecto e resto(1)	**1.885**	**4.975**	**1.028**	**7.888**
	Total	**10.686**	**9.141**	**3.695**	**23.522**
	Suma de cantidades acordadas	**52.467.855**	**2.361.566**	**2.547.008**	**57.376.428**

(1) Resto: Intentadas sen efecto, tidas por non presentadas, desistidas e outras.
Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

CADRO 10.10. CONCILIACIÓNS INDIVIDUAIS POR SECTORES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. 2023

	Total
Agricultura	457
Industria	3.784
Construción	1.947
Servizos	15.736
Total sectores	**21.951**

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

10.3. XULGADOS DO SOCIAL

Se no conxunto do Estado se incrementaron os asuntos resoltos polos xulgados do Social, en 2019 respecto de 2018, en máis de 5.400 asuntos, no 2020 baixan en 56.955 asuntos respecto do ano anterior e no 2021 suben nada menos que 117.696 asuntos. Suben en toda a tipoloxía de conflitos. No ano 2022, prodúcese unha baixada de 26.475 asuntos. Séguese a mesma senda en 2023 con 32.537 asuntos menos.

En Galicia, baixan tamén os asuntos resoltos (4.891 menos en 2020, 7.994 máis en 2021, 5.241 menos en 2022 e 2.092 menos en 2023). A baixada prodúcese en conflitos individuais, Seguridade Social e conflitos colectivos. Este foi o guión que seguiron todas as provincias.

CADRO 10.11. ASUNTOS RESOLTOS, SEGUNDO MATERIA OBXECTO DA DEMANDA A NIVEL ESTATAL. POR COMUNIDADE AUTÓNOMA E PROVINCIA. 2022-2023

	Total		Conflitos colectivos		Conflitos Individuais		Seguridade social	
	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023
Total	**373.374**	**340.837**	**2.389**	**2.086**	**267.097**	**246.084**	**103.888**	**92.667**
Galicia	**28.428**	**26.336**	**139**	**157**	**16.299**	**15.520**	**11.990**	**10.659**
A Coruña	12.311	10.722	54	72	7.530	6.996	4.727	3.954
Lugo	3.667	3.290	25	25	2.258	2.034	1.384	1.231
Ourense	3.631	3.247	9	12	1.767	1.677	1.855	1.558
Pontevedra	8.819	9.077	51	48	4.744	2.113	4.024	3.916

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

Suben as cantidades acordadas en conflitos individuais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. En 2023 no conxunto do Estado o 53,53% das cantidades acordadas en materia de conflitos individuais (48,96% en 2022) foi establecido mediante conciliación, mentres que o restante 46,47% foi por sentenza. No caso de Galicia, o 51,36% das cantidades acordadas na materia foi establecido mediante conciliación, mentres que o 48,64% foi por sentenza. Por fin, e de novo no ámbito estatal, o 59,30% das cantidades acordadas en materia de reclamacións derivadas do contrato de traballo foi fixado por sentenza e o 40,70% restante pactado en conciliación.

CADRO 10.12. CONFLITOS INDIVIDUAIS. CANTIDADES ACORDADAS, SEGUNDO MATERIA OBXECTO DA DEMANDA E CLASE DE RESOLUCIÓN. POR COMUNIDADE AUTÓNOMA E PROVINCIA. 2023

	Cantidades acordadas en conflitos individuais. Miles de euros								
	Total conflitos individuais			Despedimentos			Reclamacións derivadas do contrato de traballo		
	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación
Total	**1.040.655,1**	**483.605,0**	**557.050,2**	**725.691,4**	**296.806,8**	**428.884,6**	**314.963,7**	**186.798,2**	**128.165,5**
Galicia	**60.972,3**	**29.654,0**	**31.318,3**	**36.568,2**	**16.735,6**	**19.832,6**	**24.404,1**	**12.918,4**	**11.485,7**
A Coruña	23.709,7	12.327,1	11.382,7	12.752,3	6.020,1	6.732,2	10.957,5	6.307,0	4.650,5
Lugo	9.093,8	3.628,3	5.465,5	4.905,7	2.323,9	2.581,8	4.188,1	1.304,4	2.883,7
Ourense	5.114,4	2.477,4	2.637,0	2.512,1	1.186,2	1.325,9	2.602,3	1.291,2	1.311,1
Pontevedra	23.054,4	11.221,2	11.833,1	16.398,0	7.205,4	9.192,7	6.656,3	4.015,9	2.640,4

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

No que atinxe aos asuntos resoltos en materia de despedimento, baixan no conxunto do Estado, pero suben en Galicia en 2023 respecto de 2022, descenso que no conxunto do Estado foi de 2.889 asuntos menos, mentres que en Galicia o ascenso foi de 266 asuntos. O ascenso tivo lugar na Coruña, Ourense e Pontevedra. O descenso foi, ademais, xeneralizado segundo a clase de resolución no conxunto do Estado, incluído por desistencia. En Galicia segue por cuarto ano a tendencia de baixar as resolucións con sentenza favorable á persoa traballadora.

En Galicia a conciliación foi tamén o mecanismo máis utilizado en 2023, se ben aquí iso ocorreu non só co conxunto dos conflitos individuais, senón tamén para cada unha das categorías en que eses conflitos se desagregan, isto é, os despedimentos e as reclamacións derivadas do contrato de traballo. Así, o 46,47% das cantidades acordadas no total de conflitos individuais en Galicia foi fixado mediante sentenza. Ao revés ocorreu no caso dos despedimentos (59,09% mediante conciliación, fronte ao 40,91% mediante sentenza) e das restantes reclamacións derivadas do contrato de traballo. Esa realidade deuse no conxunto de Galicia e tamén nas catro provincias galegas.

No conxunto do Estado en 2023 son máis as persoas obxecto de despedimento que pactaron este en conciliación, o 59,19%, mecanismo a través do cal se acordaron a maior parte das cantidades establecidas por tal motivo. Non obstante, a contía media das cantidades acordadas en materia de despedimentos foi máis alta no caso das fixadas por sentenza.

En Galicia ocorreu o mesmo, ao igual que o ano anterior. A maior parte das persoas traballadoras viron extinguido o seu contrato, por despedimento, a través de conciliación, pero segue a haber provincias en Galicia nas que as cantidades fixadas por sentenza foron tamén superiores fronte á conciliación; aínda que a contía media das cantidades fixadas por sentenza foi superior á contía media pactada en conciliación nos mesmos termos.

CADRO 10.13. ASUNTOS RESOLTOS EN MATERIA DE DESPEDIMENTOS, SEGUNDO CLASE DE RESOLUCIÓN. POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 2022-2023

	Total		Con sentenza favorable á persoa		Con sentenza favorable en parte á persoa traballadora		Con sentenza desfavorable á persoa traballadora		Por conciliación		Por desistencia		Por outras causas	
	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023
Total	**115.085**	**112.196**	**21.751**	**19.541**	**4.665**	**4.034**	**6.926**	**5.913**	**50.401**	**47.972**	**22.132**	**24.825**	**9.210**	**9.911**
Galicia	**4.940**	**5.206**	**1.167**	**1.143**	**324**	**321**	**446**	**442**	**2.222**	**2.463**	**568**	**683**	**213**	**154**
A Coruña	2.193	2.225	509	432	117	124	167	200	1.041	993	268	401	91	75
Lugo	576	548	173	144	31	25	57	40	209	262	63	50	43	27
Ourense	479	483	134	115	72	55	42	51	167	207	42	33	22	22
Pontevedra	1.692	1.950	351	452	104	117	180	151	805	1.001	195	199	57	30

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social.

CADRO 10.14. PERSOAS TRABALLADORAS DESPEDIDAS, CANTIDADES ACORDADAS E CONTÍAS MEDIAS, SEGUNDO CLASE DE RESOLUCIÓN. POR COMUNIDADE AUTÓNOMA E PROVINCIA. 2023

	Despedimentos								
	Persoas traballadoras despedidas[1]			Cantidades acordadas miles de euros			Contías medias en euros		
	Total	Sentenza[2]	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación	Total	Sentenza	Conciliación
Total	**78.476**	**27.220**	**51.256**	**725.691,4**	**296.806,8**	**428.884,6**	**9.247,3**	**10.904,0**	**8.367,5**
Galicia	**4.039**	**1.535**	**2.504**	**36.568,2**	**16.735,6**	**19.832,6**	**9.053,8**	**10.902,7**	**7.920,4**
A Coruña	1.572	564	1.008	12.752,3	6.020,1	6.732,2	8.112,1	10.673,9	6.678,8
Lugo	433	170	263	4.905,7	2.323,9	2.581,8	11.329,7	13.670,1	9.816,8
Ourense	417	210	207	2.512,1	1.186,2	1.325,9	6.024,2	5.648,6	6.405,3
Pontevedra	1.617	591	1.026	16.398,0	7.205,0	9.192,7	10.141,0	12.191,8	8.959,7

(1) Non inclúe as persoas traballadoras afectadas por asuntos "desistidos" e asuntos terminados "por outras causas". (2) Non inclúe as persoas traballadoras afectadas por sentenza desfavorable.
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social, Anuario de estatísticas laborais.

10.4. XESTIÓN DO ACORDO INTERPROFESIONAL GALEGO SOBRE PROCEDEMENTOS EXTRAXUDICIAIS DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS DE TRABALLO (AGA)

Os expedientes xestionados ao abeiro do AGA dende os seus comezos en xuño de 1992 ata o 31 de decembro de 2023 son 1.901, cun total de 1.482.600 persoas traballadoras afectadas (cadro 10.16).

No ano 2023 iniciáronse 164 expedientes, o maior número dende a posta en funcionamento do Acordo (23 expedientes por riba do ano anterior). Estes expedientes afectaron, con actuación rematada, a 16.558 empresas e 77.561 persoas traballadoras. Sobre o total de mediacións e arbitraxes levadas a cabo polo AGA, a efectividade acadada ao longo do ano 2023 foi do 73,15%, unha porcentaxe semellante ao ano anterior. O 98,73% destes procedementos foron conciliacións ou mediacións que afectaron a 77.268 persoas traballadoras e 16.556 empresas.

Tramitouse só unha arbitraxe, que afectou a unha empresa e a 63 persoas traballadoras.

CADRO 10.15. AGA. TOTAL EXPEDIENTES. 2022

Expedientes iniciados	164
Expedientes desistidos	2
Expedientes en tramitación	0
Expedientes rexeitados	53
Expedientes arquivados por solución previa	1
Expedientes tramitados	108
Conciliacións/Mediacións	107
Arbitraxes	1

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.


CADRO 10.15 BIS. ACTUACIÓNS DO AGA REMATADAS CON ACORDO. 2023

	Conflitos con resultado positivo	Empresas afectadas	Persoas traballadoras afectadas
Acordos por solución previa	1	1	230
Acordos por conciliación/mediación	77	16.556	77.268
Laudos arbitrais	1	1	63
	79	**16.558**	**77.561**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.

CADRO 10.16. AGA. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DOS CONFLITOS PRESENTADOS 01.06.1992-31.12.2023


	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	**198**	**853**	**181**	**71**	**598**	**1.901**
Traballadores/as afectados	**228.595**	**608.205**	**79.525**	**30.596**	**535.679**	**1.482.600**
Expedientes de conflitos de sector	61	64	16	17	84	**242**
Traballadores/as afectados conflitos sector	183.711	484.229	34.209	22.802	422.094	**1.147.045**
Expedientes de conflitos empresa	137	789	165	54	514	**1.659**
Traballadores/as afectados conflitos empresa	44.884	123.976	45.316	7.794	113.585	**335.555**



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.

CADRO 10.16 BIS. AGA. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DOS CONFLITOS PRESENTADOS 2023

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	**13**	**81**	**6**	**7**	**56**	**163**
Traballadores/as afectados	**20.695**	**50.712**	**2.065**	**386**	**66.042**	**139.900**
Expedientes de conflitos de sector	7	3	1	0	4	**15**
Traballadores/as afectados conflitos sector	17.809	40.985	1.800	0	54.190	**114.784**
Expedientes de conflitos empresa	6	78	5	7	52	**148**
Traballadores/as afectados conflitos empresa	2.886	9.727	265	386	11.852	**25.116**



Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.


Atendendo aos expedientes iniciados por sector de actividade da empresa ou sector, ao longo de 2023 o 61% dos expedientes presentados correspondían a empresas ou subsectores integrados no sector servizos, é dicir, preto de dous de cada tres expedientes corresponden a este sector de actividade. Dos restantes, case todos corresponden ao sector industrial, agás un na agricultura e tres na construción.

CADRO 10.17. AGA. EXPEDIENTES POR SECTORES ECONÓMICOS E PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS. 2023


	expedientes	persoas traballadoras
Agricultura	1	21
Pesca	1	221
Industria	59	60.306
Construción	3	141
Servizos	100	79.194
Total	**164**	**139.883**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.

Porcentaxe de expedientes de mediación ou arbitraxe presentados ao abeiro do AGA por sector de actividade. Galicia 2023



Porcentaxe de persoas traballadoras afectadas por procedementos de arbitraxe ou mediación ao abeiro do AGA por sector de actividade. Galicia 2023



A distribución destes expedientes segundo o ámbito xeográfico e diferenciando tamén os que corresponden a conflitos de empresa e de sector, indican que a metade dos procedementos iniciáronse na provincia da Coruña (81), seguida de Pontevedra con 56 expedientes.

O maior número de persoas afectadas polos expedientes presentados corresponde á provincia de Pontevedra con 66.042, seguido dos presentados na provincia da Coruña con 50.712.

Seguindo coa tendencia xeneralizada en anos anteriores a maioría dos conflitos presentados son de ámbito de empresa (90,8%).


No cadro 10.18 pódese apreciar o resultado obtido polos procedementos presentados ao abeiro do AGA durante este ano, predominando os resultados positivos.

CADRO 10.18. AGA. RESULTADO DOS EXPEDIENTES. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL. 2023

	C. Autónoma	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Expedientes iniciados	14	81	6	7	56	**164**
Expedientes desistidos	0	1	0	0	1	**2**
Expedientes rexeitados pola contraparte afectada	4	32	1	3	13	**53**
Conflitos resoltos por acordo previo	0	0	0	0	1	**1**
Expedientes tramitados	10	48	5	4	41	**108**
Expedientes con resultado positivo	10	30	4	1	33	**78**
Expedientes con resultado negativo	0	18	1	3	8	**30**
Expedientes en tramitación	0	0	0	0	0	**0**

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais.

CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE



Para finalizar, indicar que os procedementos de ámbito de sector iniciados neste ano foron, por orde cronolóxica, os sectores de centros especiais de emprego de Galicia, de empresas concesionarias de servizos municipais de estacionamento regulado en superficie e/ou retirada de vehículos da vía pública de Galicia, de axencias marítimas da provincia de Pontevedra, do comercio vario da provincia da Coruña, de panaderías da provincia da Coruña, do transporte de viaxeiros por estrada de Galicia, do sector de hospitalización privada e internamento da provincia de Pontevedra, do comercio de alimentación da provincia de Pontevedra, do transporte de persoas enfermas e accidentadas de Galicia, do metal da provincia de Pontevedra, de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, de asistencia e educación infantil de titularidade pública con xestión externa de Galicia, de limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo, da industria do siderometal da provincia da Coruña e o de salóns de peiteado de señoras, cabaleiros, unisex e salóns de beleza de Galicia.

CGRL.GAL/ES

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023

— CAPÍTULO 11 —

A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

MARTA PUEBLA VILARIÑO

XEFA DE SECCIÓN DE PRESTACIÓNS DA DIRECCIÓN PROVINCIAL DO SEPE DA CORUÑA

11.1. A REGULACIÓN DE EMPREGO

CADRO 11.1. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN E REDUCIÓN DE XORNADA E POR CAUSA ALEGADA. ESPAÑA. 2022-2023

CADRO 11.2. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE E REDUCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2023

CADRO 11.3. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2023

CADRO 11.4. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2023

CADRO 11.5. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. ESPAÑA. 2022/2023

CADRO 11.6. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2023

CADRO 11.7. TAXA DE COBERTURA DE PRESTACIÓNS DE DESEMPREGO. GALICIA. 2023. EN PORCENTAXE

11.2. FOGASA

CADRO 11.8. PERSOAS AFECTADAS POR RESOLUCIÓNS DO FOGASA. GALICIA. 2023

CADRO 11.9. IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS SEGUNDO SEXO. POR PROVINCIA. ESPAÑA/GALICIA. 2023

CADRO 11.10. IMPORTE DOS INDEMNIZACIONES. ESPAÑA/GALICIA. 2023

CADRO 11.11. IMPORTE DOS SALARIOS SEGÚN O MOTIVO. ESPAÑA/GALICIA. 2023

CADRO 11.12. IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS POR MOTIVO DA SOLICITUDE. POR PROVINCIAS. 2023

CAPÍTULO 11: A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

11.1. A REGULACIÓN DE EMPREGO

Neste apartado analizaranse os expedientes de regulación de emprego tramitados e as persoas traballadoras afectadas cos datos facilitados polo Ministerio de Traballo e Economía Social.

O Estatuto dos traballadores nos seus artigos 47 e 51 regula os despedimentos colectivos, suspensións do contrato ou reducións de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivados de forza maior.

No caso dos procedementos de extinción colectiva de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción por decisión da empresa, unha vez finalizado o período de consultas, con acordo ou sen el, a empresa poderá notificar os despedimentos de maneira individual ás persoas afectadas.

Aínda que non é necesaria autorización administrativa previa, si é necesaria a comunicación á autoridade laboral e o período de consultas.

Enténdese por redución de xornada a diminución temporal de entre un 10% e un 70% da xornada computada sobre a base dunha xornada diaria, con independencia do número de persoas traballadoras da empresa e do número de persoas afectadas, sempre que sexa por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

Igualmente o contrato de traballo poderá extinguirse, suspenderse ou reducir a súa xornada por causas de forza maior.

A existencia de forza maior que motive a extinción, suspensión ou redución de xornada, debe ser constatada pola autoridade laboral calquera que sexa o número de persoas afectadas.

Denomínanse procedementos pactados aqueles nos que se alcanza un acordo entre empresa e representantes legais. Os procedementos sen período de consultas son aqueles que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Tamén e de destacar o Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, polo que se reforma o Estatuto dos traballadores no seu art. 47 dos expedientes de regulación do emprego de causas económicas, técnicas, organizativas e de produción e os expedientes de forza maior.

Este mecanismo quedou regulado no apartado sete do artigo 3º do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro. Co acordo do Consello de Ministros do 29 de marzo 2022 declárase a activación do mecanismo RED de Flexibia lidade e Estabilización do emprego de conformidade co artigo 47 bis do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, para o sector das axencias de viaxes. Finalizado aquel, non está ningún en vigor en 2023.

No ano 2023 a nivel estatal víronse afectadas por procedementos de regulación de emprego 181.139 persoas, dos que o 7% eran de forza maior e o 93% por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, sendo esta última a que concentra o maior número de persoas cun 50,8%.

O máis destacado é a redución de persoas afectadas en 113.563 menos que en 2022, tras a gran subida dos anos 2020 e 2021, en 2022 iníciase o descenso.

O descenso dáse tanto en expedientes de suspensión/redución de xornada coma en despidos colectivos.

CADRO 11.1. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN E REDUCIÓN DE XORNADA E POR CAUSA ALEGADA.
ESPAÑA. 2022-2023

	Valores absolutos		Variación sobre ano anterior
	2022	2023	
Persoas traballadoras	**294.702**	**181.139**	**-113.563**
Despedimentos colectivos	24.215	36.505	12.290
Suspensión/redución	270.487	144.634	-125.853
Causas			
Forza maior	13.603	12.941	-662
Outras*	281.099	92.024	-189.075
Con acordo	200.246	137.544	-62.702
Sen acordo	26.787	17.490	-9.297
Non consta	67.669	26.105	-41.564

(*) No ano 2023 o maior número de "outras causas" acadaron nas causas de produción con 92.024 persoas.
Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Facendo unha análise dos tipos de medida, apréciase que son as suspensións de contratos as que teñen maior núh mero de persoas afectadas, seguidas das despedimentos colectivos. Se nos fixamos nas provincias é Pontevedra a que ten máis persoas afectadas, seguida da Coruña, e a que menos ten e Lugo.

CADRO 11.2. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE E REDUCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2023

	Despedimentos colectivos	Suspensión de contrato	Redución de xornada	Total acumulado
A Coruña	445	2.209	349	3.003
Lugo	43	159	9	211
Ourense	54	707	47	808
Pontevedra	836	9.828	166	10.830
Galicia	**1.378**	**12.903**	**571**	**14.852**

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

No cadro 11.3 podemos ver o total acumulado de xaneiro a decembro en Galicia e comparalo co mesmo período do ano anterior. Destaca a redución en 6.167 persoas. O que supón un 29% menos en termos globais. Se facemos a análise polo tipo de expediente, vemos que a redución dáse tanto nos expedientes de suspensión coma redución de xornada, pero aumentan nos despedimentos colectivos un 58,5%.

CADRO 11.3. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2023

	Valores Absolutos	Variación Ano anterior
Despedimentos colectivos	1.378	509
Suspensión de contratos/redución de xornada	13.474	-6.676
Total	**14.852**	**-6.167**

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Comparando as distintas CC. AA. vese que son Baleares, Cataluña e Castela-A Mancha as que máis redución tiveron. Entre as de menos redución están Asturias e Canarias.

CADRO 11.4. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2023

	TOTAL	Despedimentos colectivos	Suspensión de contrato	Redución de xornada
Total	**181.139**	**36.505**	**135.718**	**8.916**
Andalucia	**15.136**	3.731	10.661	744
Aragón	**8.180**	698	6.880	602
Asturias	**12.673**	389	12.145	139
Baleares	**1.007**	299	618	90
Canarias	**3.399**	1.153	2.136	110
Cantabria	**4.740**	351	4.268	121
Castela-A Mancha	**1.457**	349	846	262
Castela e León	**8.886**	666	7.635	585
Cataluña	**37.281**	9.463	25.367	2.451
Comunidade Valenciana	**29.670**	6.584	21.729	1.357
Estremadura	**946**	302	575	69
Galicia	**14.852**	**1.378**	**12.903**	**571**
Madrid	**15.595**	8.748	5.922	925
Murcia	**1.541**	431	1.008	102
Navarra	**14.773**	436	14.172	165
País Vasco	**10.323**	1.319	8.441	563
A Rioxa	**629**	166	405	58
Ceuta	**30**	22	7	1
Melilla	**21**	20		1

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Os expedientes segundo o sector de actividade e a medida adoptada, a nivel estatal quedan reflectidos no cadro 11.5, no que se confirma a tendencia á baixa en todos os sectores, excepto o agrario, especialmente no sector servizos, seguido do da industria. O que menor descenso tivo foi o sector da construción.

Analizando o tipo de ERE, a redución prodúcese tanto en suspensión coma redución de xornada nos sectores da industria, construción e servicios. A medida de despedimento colectivo diminúe nos sectores de industria e construción, pero sube no sector agrario e e nos servicios nun 58,2%.

CADRO 11.5. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA.
ESPAÑA. 2022/2023

SECTORES	Despedimentos colectivos		Suspensión de contrato		Redución de xornada		Total	
	2022	2023	2022	2023	2022	2023	2022	2023
Agrario	201	483	1.083	1.325	97	140	1.381	1.948
Industria	6.096	7.455	178.837	109.897	8.499	5.021	193.432	122.373
Construción	1.055	1.893	2.910	1.330	228	98	4.193	3.321
Servizos	16.863	26.674	53.484	23.166	25.349	3.657	95.696	53.497
Total	**24.215**	**36.505**	**236.314**	**135.718**	**34.173**	**8.916**	**294.702**	**181.139**

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social. Datos provisionais.

Unha análise máis detallada das secciones de actividade económica mostra que construción e transporte e almaa cenamento son das seccións máis afectadas polo descenso de persoas e comercio a que máis sube.

En termos absolutos, no 2023 foron as seccións de industrias manufactureiras, actividades administrativas e servizos auxiliares e transporte e almacenamento, as que concentraron máis persoas traballadoras afectadas polos ERE.

CADRO 11.6. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA.
GALICIA. 2023

SECCIÓNS TOTAL	TOTAL
	14.852
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	441
Industrias extractivas	14
Industria manufactureira	10.911
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	
Construción	249
Subministración de auga, saneamento, xestión de residuos	
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos a motor	740
Transporte e almacenamento	681
Hostalaría	202
Información e comunicacións	23
Actividades financeiras e de seguros	32
Actividades inmobiliarias	
Actividades profesionais, científicas e técnicas	121
Actividades administrativas e servizos auxiliares	1.146
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	
Educación	51
Actividades sanitarias e de servizos sociais	50
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	113
Outros servizos	78
Actividades fogares empregadores persoal doméstico, produtores de bens e servizos	
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	

Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social. Datos provisionais.

Cos datos facilitados polo SEPE, en primeiro lugar veremos que a taxa de cobertura a nivel estatal das prestación de desemprego é moi similar todos os meses do ano, cunha media anual do 68,3% de cobertura, superior á do ano 2022.

Se a análise a facemos en Galicia o comportamento e similar ao de España, chegando ao 67,4%, tamén superior a 2022.

Por sexos a taxa de cobertura a nivel estatal foi superior en homes co 75,7% en 2023 (76,7% en 2022) de media, fronte ao 63,3% (63,1% en 2022) das mulleres. En Galicia a taxa de cobertura por sexos foi 73,2% en homes e 63,2% en mulleres.

CADRO 11.7. TAXA DE COBERTURA DE PRESTACIÓNS DE DESEMPREGO. GALICIA. 2023. EN PORCENTAXE

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media anual
Xaneiro/decembro España	62,9	68,1	66,6	61,9	64,9	67,2	70,8	71,5	66,1	67,1	71,1	72,2	68,3
	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media anual
Xaneiro/decembro Galicia	68,0	67,1	66,0	64,9	64,1	65,2	68,1	68,8	64,2	66,4	71,2	73,6	67,4

Fonte: SEPE. Elaboración propia.

11.2. FOGASA

O Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) é un organismo autónomo pertencente ao Ministerio de Traballo e Econoe mía Social creado para garantir os créditos salariais en situacións de insolvencia da empresa.

O Fogasa regúlase polo Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, polo que se establece a súa natureza, organización e funcionamento.

Están protexidas polo Fogasa as persoas traballadoras contratadas laboralmente, con independencia do tipo de empresa e contrato ou da relación laboral especial. Está incluído o persoal de alta dirección e as persoas suxeitas a prestación de servizos de carácter transnacional. Tamén están amparadas as persoas socias traballadoras de sociedades laborais que conten cun número de socias e socios superior a 25.

Están fóra do seu ámbito de protección as persoas ao servizo do fogar e as que ostenten cargos de conselleiros/as e administradores/as de sociedades mercantís capitalistas que non posúan o control efectivo, cando desenvolvan funcións de dirección e xerencia e sexan retribuídas por iso ou pola súa condición de persoas traballadoras. Tampouco están no seu ámbito de cobertura as persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado ou explotación comunitaria da terra.

As prestacións económicas satisfeitas polo Fogasa teñen como finalidade:

▪ Garantir ás persoas traballadoras por conta allea o percibo dos salarios e as indemnizacións pendentes de pago como consecuencia de desequilibrios patrimoniais das empresas nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagos, quebra, forza maior ou concurso de acredores, derivadas de despedimento improcedente ou nulo, despedimento obxectivo ou extinción colectiva, extinción do contrato por vontade da persoa traballadora mediando causa xusta, así como extinción de contratos temporais nos casos que legalmente proceda.

Estas circunstancias deben ser recoñecidas por sentenza, auto, acta de conciliación xudicial ou resolución administrativa ou certificación da administración concursal, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación xudicial ou administrativa, resolución xudicial ou certificación da administración concursal, nos supostos de salarios.

- Pagar directamente as seguintes indemnizacións, sen necesidade de declaración de insolvencia ou concurso:

  - Empresas de menos de 25 persoas traballadoras, o 40% da indemnización legal, en caso de despedimento obxectivo ou extinción colectiva.

  - Expedientes de regulación de emprego por causa de forza maior, cando a autoridade laboral acorde o pago parcial ou total da indemnización.

Tanto no conxunto do Estado coma en Galicia diminuíron, con respecto ao ano 2022, o número de expedientes e de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa. A única leve subida foi no colectivo de homes con 24 homes máis en Galicia.

Esta diminución tamén se aprecia nas empresas afectadas en Galicia e en España, en Galicia 244 empresas menos e en España a diminución e de 3.810 empresas menos.

En Galicia a redución do número de persoas beneficiarias de prestacións do Fogasa foi en 2023 do 8%, con respecto a 2022.


A nivel estatal a redución alcanzou o 19,6% no 2023.

Comparando as provincias galegas, só se dá un incremento en Lugo con 74 persoas máis que en 2022 e en Ponteevedra con 123 persoas máis. A Coruña descende en 360 persoas e Ourense en 171.

CADRO 11.8. PERSOAS AFECTADAS POR RESOLUCIÓNS DO FOGASA. GALICIA. 2023

	Expedientes	Entidades	Persoas beneficiarias			
			Persoas beneficiarias ambos sexos[1]	Homes	Mulleres	Non constan
Galicia	**3.327,0**	**1.044,0**	**3.642,0**	**2.120,0**	**1.493,0**	**29,0**
A Coruña	1.489,0	507,0	1.623,0	1.047,0	569,0	7,0
Lugo	436,0	117,0	516,0	275,0	238,0	3,0
Ourense	137,0	83,0	142,0	77,0	52,0	13,0
Pontevedra	1.265,0	337,0	1.361,0	721,0	634,0	6,0

[1] a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social, avance Anuario de estatísticas 2023.



Como consecuencia da redución das persoas beneficiarias e empresas afectadas, hai tamén unha redución dos importes dos salarios acordados en España así coma en Galicia.

No conxunto do Estado a diminución foi:

2023: mulleres 19,3% e homes 23,9%

Mentres que en Galicia a redución foi:

2023: Mulleres 24% de descenso e homes 23,6%.

Tomando como referencia as catro provincias galegas, obsérvase o descenso na Coruña, Ourense e Pontevedra e aumenta en Lugo un 8%.

CADRO 11.9. IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS SEGUNDO SEXO. POR PROVINCIA. ESPAÑA/GALICIA. 2023

	Ambos sexos [1]	Homes	Mulleres
España	**155.548.424,74**	**100.494.732,20**	**50.495.594,23**
Galicia	**851.113.708,00**	**5.658.116,61**	**2.853.020,47**
A Coruña	4.458.380,72	3.017.925,54	1.433.225,93
Lugo	1.298.758,57	783.036,80	507.047,22
Ourense	348.724,92	218.038,63	103.169,03
Pontevedra	2.455.608,70	1.639.115,64	809.578,29

[1] a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social, avance Anuario de estatísticas 2023.

Seguindo a tendencia da redución do número de persoas beneficiarias e empresas en 2023, tamén se reducen os importes das indemnizacións acordadas a nivel estatal, mentres que en Galicia aumentan.

En España estas reducións foron:

2023: mulleres 10% e homes 9,6%

En Galicia o aumento foi tanto no colectivo feminino, coma no masculino:

2023: mulleres 13,5% e homes 92%

A nivel provincial e sen desagregar por sexo, o único descenso experimentouse en Ourense e o maior aumento en Lugo.

CADRO 11.10. IMPORTE DOS INDEMNIZACIONES.
ESPAÑA/GALICIA. 2023

	Ambos sexos [1]	Homes	Mulleres	Non consta
España	**300.028.195,70**	**181.078.131,53**	**111.564.985,45**	**7.385.078,72**
Galicia	**25.462.581,78**	**16.298.173,88**	**9.164.407,90**	
A Coruña	14.184.661,12	10.416.555,42	3.747.471,24	
Lugo	2.651.197,53	1.233.439,15	1.414.271,38	
Ourense	567.051,72	356.005,19	183.455,11	
Pontevedra	8.129.812,83	4.292.174,12	3.819.210,17	

[1] a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social, avance Anuario de estatísticas 2023.

Nos cadros 11.11 e 11.12 pódese apreciar, desagregados por tipoloxía de salarios e indemnizacións, execucións laborais ou procedementos concursais, os importes acordados.

CADRO 11.11. IMPORTE DOS SALARIOS SEGÚN O MOTIVO.
ESPAÑA/GALICIA. 2023

	Total	Execución	Procedimentos
España	**155.548.424,74**	**104.933.255,99**	**50.615.168,75**
Galicia	**8.561.472,00**	**4.095.594,22**	**2.818.394,29**
A Coruña	**4.458.379,81**	2.562.657,81	1.895.722,00
Lugo	**1.298.758,57**	629.079,93	669.678,64
Ourense	**348.724,92**	327.915,97	20.808,95
Pontevedra	**2.455.608,70**	1.532.936,41	922.672,29

Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Traballo e Economía Social, avance Anuario de estatísticas 2023.

CADRO 11.12. IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS POR MOTIVO DA SOLICITUDE.
POR PROVINCIAS. 2023

	INDEMNIZACIONS			
	Total	Por impago empresa		Responsabilidade Fogasa
		Execución	Procedimentos	
España	**300.028.195,70**	**157.462.134,21**	**142.476.223,91**	**89.837,58**
Galicia	**25.532.723,20**	**8.046.509,47**	**17.486.213,73**	**0,00**
A Coruña	14.184.661,12	3.740.532,91	10.444.128,21	0,00
Lugo	2.651.197,53	1.431.054,30	1.220.143,23	0,00
Ourense	567.051,72	517.363,96	49.687,76	0,00
Pontevedra	8.129.812,83	2.357.558,30	5.772.254,53	0,00

Elaboración propia.

CGRL.GAL/ES

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023

— CAPÍTULO 12 —

PROTECCIÓN SOCIAL

12

CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

María Bastida Domínguez
Santiago Lago Peñas
Alberto Vaquero García

MARÍA BASTIDA DOMÍNGUEZ

PROFESORA CONTRATADA DOUTORA NO DEPARTAMENTO DE ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E COMERCIALIZACIÓN NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO LAGO PEÑAS

CATEDRÁTICO DE ECONOMÍA APLICADA E DIRECTOR DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

ALBERTO VAQUERO GARCÍA

PROFESOR TITULAR DE ECONOMÍA APLICADA E MEMBRO DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

12.1. INTRODUCIÓN

12.2. A PROTECCIÓN SOCIAL NA UNIÓN EUROPEA. ANÁLISE XERAL

CADRO 12.1. INGRESOS DE PROTECCIÓN SOCIAL SOBRE O PIB NA UE. 2000-2021

CADRO 12.2. GASTOS DE PROTECCIÓN SOCIAL SOBRE O PIB NA UE. 2000-2021

12.3. PENSIÓNS CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL: ASPECTOS XERAIS

CADRO 12.3. EVOLUCIÓN DAS PENSIÓNS DO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL. POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 1985/1990/2000/2007-2023.

RELACIÓN ACTIVOS-PASIVOS

CADRO 12.4. RELACIÓN DE ACTIVOS/PASIVOS NA SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA/ESPAÑA. 1985/1990/2000/2007-2023.

ALTAS INICIAIS E BAIXAS

CADRO 12.5. ALTAS INICIAIS DE PENSIÓNS CONTRIBUTIVAS. POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 1992/2010-2023(1)

CADRO 12.6. BAIXAS DE PENSIÓNS CONTRIBUTIVAS. POR PROVINCIAS. GALICIA/ESPAÑA. 1992/2010-2023(1).

CADRO 12.7. PENSIÓNS DO SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 1990/2000/2010-2023

CADRO 12.8. EVOLUCIÓN DO IMPORTE MEDIO DAS PENSIÓNS DO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 1985/1989/2000-2023.

PENSIÓNS CON COMPLEMENTOS A MÍNIMOS

CADRO 12.9. PENSIÓNS CON COMPLEMENTOS A MÍNIMOS. GALICIA A DECEMBRO DE 2023

